PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE MONDARIZ

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN PROVISIONAL

INFORMACIÓN

TOMO I

MEMORIA INFORMATIVA

- ESTUDO DO MEDIO RURAL
- SISTEMA SOCIOPRODUCTIVO
- O SISTEMA URBANO-RELACIONAL
- MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

Consultora Galega, S.L.

Xullo 2.015

MEMORIA INFORMATIVA

ESTRUTURA DO DOCUMENTO

AS COMPONENTES DO SISTEMA TERRITORIAL

1. ESTUDO DO MEDIO RURAL (SISTEMA FÍSICO-AMBIENTAL)

2. SISTEMA SOCIOPRODUTIVO
   - 2.1. A POBOACIÓN
   - 2.2. O PARQUE SOCIORRESIDENCIAL
   - 2.3. O SISTEMA PRODUTIVO

3. SISTEMA URBANO-RELACIONAL
   - 3.1. OS SISTEMAS URBANÍSTICOS
   - 3.2. AS AFECCIÓNS.

4. MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

ESTUDO DO MEDIO RURAL

MEMORIA INFORMATIVA

ESTUDO DO MEDIO RURAL (SISTEMA FÍSICO-AMBIENTAL)

ÍNDICE **Pax**

1. INTRODUCIÓN....3

1.1. LOCALIZACIÓN.... 3

2. CLIMA....3

2.1. CARACTERÍSTICAS CLIMÁTICAS.... 3

3. XEOMORFOLOXÍA....5

3.1. UNIDADES DO RELEVO.... 5

3.2. ALTITUDES.... 5

3.3. PENDENTES.... 6

3.4. ORIENTACIÓNS.... 7

4. CARACTERÍSTICAS XEOLÓXICAS....8

4.1. LITOLOXÍA.... 8

4.2. AS CLASES AGROLÓXICAS.... 9

5. AS CARACTERÍSTICAS HIDROLÓXICAS....10

5.1. AS AUGAS SUPERFICIAIS.... 10

5.2. AS AUGAS SUBTERRÁNEAS.... 11

5.3. AS CUNCAS HIDROGRÁFICAS.... 12

6. CARACTERÍSTICAS DA VEXETACIÓN....14

6.1. O CONTEXTO BIOXEOGRÁFICO DA FLORA DO CONCELLO.... 14

6.2. AS UNIDADES DE VEXETACIÓN ACTUAL.... 14

6.2.1. VEXETACIÓN DE RIBEIRA.... 14

6.2.2. CARBALLEIRAS.... 15

6.2.3. MATOGUEIRAS.... 15

6.2.4. REPOBOACIÓNS FORESTAIS.... 15

6.2.5. REPOBOACIÓNS FORESTAIS.... 15

7. CARACTERÍSTICAS DA FAUNA....17

7.1. CARACTERÍSTICAS XERAIS.... 17

7.2. ESPECIES DE INTERESE PARA A CONSERVACIÓN.... 17

8. ESPAZOS NATURAIS....19

9. OS USOS ACTUAIS E POTENCIAIS DO SOLO....21

9.1. CLASES DE USOS E COBERTURAS.... 21

9.2. CORINE 22
9.3. OS ECOSISTEMAS DOMINANTES NO MEDIO. 25
9.3.1. USOS AGRARIOS. 25
9.3.2. USOS FORESTAIS. 25

10. RISCOS. 27

10.1. RISCOS XEOLÓXICOS. 27
10.1.1. AS INUNDACIÓNS. 28
10.1.2. OS ESVARAMENTOS DE TERRAS. 28
10.2. OUTROS RISCOS: INCENDIOS FORESTAIS. 28

11. OS RECURSOS AMBIENTAIS. 28

11.1. A CALIDADE AMBIENTAL E A PAISAXÍSTICA. 28
11.2. O MONTE COTO DA EIRA. 29
11.3. MONTE LANDÍN E O CASTELO DE SOBROSO. 29
11.4. A REDE HÍDRICA. 29
11.5. AS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS. 29
11.6. A VEXETACIÓN AUTÓCTONA. 29
11.7. ZONAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN DOS VALORES NATURAIS. 30
11.8. MONTES E OUTEIROS. 30
11.9. PARQUES E XARDÍNS E ARBORADO DE INTERESE. 30

12. ANÁLISE DAFO DO TERRITORIO. 31

13. CRITERIOS E PRIMEIRAS PROPOSTAS A LEVAR A CABO NO PLANEAMENTO. ... 32

1. INTRODUCIÓN.

1.1. LOCALIZACIÓN.

Mondariz é un concello enclavado ao pé da vertente suroccidental da Serra do Suído, vizoso en ríos e bosques.

Presenta unha extensión de 85,1 km cadrados e os seus 5354 habitantes están distribuídos polas parroquias de Frades, Gargamala, Lougares, Meirol, Mondariz, Mouriscados, Queimadelos, Riofrío, Sabaxáns, Toutón, Vilar e Vilasobroso.

Ao norte Mondariz limita cos municipios de Fornelos de Montes e Pazos de Borbén, ao leste con Covelo, ao sur coa Cañiza e Salvaterra de Miño e ao oeste cos concellos de Mondariz-Balneario, Ponteareas e Pazos de Borbén.

Mondariz pertence á comarca do Condado, comarca que limita ao norte e oeste coa área metropolitana de Vigo, polo leste coa comarca da Paradanta e polo sur co curso do río Miño que establece fronteira con Portugal. Comarca natural que se corresponde en liñas xerais co val do Tea, río que a percorre de nordeste a sur, onde xunta as súas augas ao Miño.

1.- Localización



2. CLIMA.

2.1. CARACTERÍSTICAS CLIMÁTICAS.

O clima do ámbito, en xeral, pódese dicir que está condicionado pola configuración do relevo. Os rebordos montañosos crean unha situación de abrigo térmico, favorecendo os cultivos hortícolas e dos viñedos nos vales, e á vez a serra do Suído, xunto coas veciñas serras do Candán e Faro de Avión, son os principais captadores de chuvia da comunidade autónoma, producíndose, nas ladeiras de barlovento poñente respecto aos fluxos oceánicos destas elevacións, as máximas precipitacións anuais acumuladas de toda a comunidade galega. E por tanto nas cabeceiras dos ríos pódense acadar os 2.000 mm precipitados anuais. Ademais nos cumios destas serras a nubosidade é moi regular e persistente ao longo de todo o ano. Por outra banda nos vales as precipitacións anuais son moito máis moderadas; estando as medias anuais mínimas no rango 1.200 – 1.400 mm. de chuvia precipitada ao ano.

Nos seguintes mapas obsérvanse os rangos, tanto de temperatura media como de precipitación media que se dan no territorio de Mondariz.

A temperatura varía desde os máis de 15º C no val ata os 12 -13ºC nos cumios das serras. E o mesmo ocorre coas precipitacións que son moderadas no val (1200-1400 mm) pero chegan ata as 1800 -2000 mm. de auga precipitada nos altos do concello e chegando aos 2000 mm na serra do Suído.

2.- Temperatura e precipitación medias anuais





En resumo, podemos dicir que Mondariz presenta un clima moi benigno nas zonas do val e un clima moito máis contrastado nas zonas altas, sobre todo o norte e nordeste nas cabeceiras do río Tea. Engadir que os pequenos vales pechados crean variedades microclimáticas, onde a radiación e as condicións térmicas poden diferir dunha vertente á outra, sobre todo respecto á súa contorna próxima.

Cómpre sinalar que no municipio se sitúa A Estación Queimadelos situada a 42,23º de latitude e -8,43º de lonxitude e a unha altitude de 371 metros. (dada de alta no ano 2001)

3. XEOMORFOLOXÍA.

3.1. UNIDADES DO RELEVO.

Mondariz, o mesmo que a comarca da que forma parte, sitúase na unidade do relevo denominada prelitoral[1] que comprende o espazo entre o litoral galego e as serras setentrionais e centrooccidentais; así podemos dicir que Mondariz é un conxunto de vales inscritos nas ladeiras suroccidentais das serras do Suído, e por tanto a antesala da Galicia interior.

3.2. ALTITUDES

O territorio presenta unha variación altitudinal forte que vai desde os 28 metros nas zonas baixas do val do Tea ata os 883 m do Coto Eira, monte que forma parte dos estribos montañosas da serra do Suído.

3.- Rangos de altitude cada 100 m



O concello está configurado polo río Tea que o atravesa de leste a oeste pola metade do territorio municipal e polas estribacións montañosas ao norte e ao sueste que enmarcan o val. Na marxe dereita o río Alén, o río Aboal e outros regatos forman vales profundos en dirección norte sur que morren no Tea, e na marxe esquerda o río Xabriña e o río Lougarios son os principais configuradores do relevo e separados as súas vertentes polo monte Pena Outa 379 m e cara ao sueste ascendemos cara aos estribos da serra.

[1] Galicia pode dividirse en cinco unidades do relevo diferenciadas, que conforman un conxunto extraordinariamente diverso: litoral, as serras setentrionais e centro occidentais, as serras orientais e surorientais, o prelitoral, a Galicia interior.

3.3. PENDENTES.

O territorio de Mondariz presenta áreas de pendentes moi variadas, asociadas ás maiores pendentes as ladeiras dos vales máis encaixados, sobre todo no nordeste e que orixinan vertentes moi fortes.

4.- Clases de pendentes



Así temos que aproximadamente o 18% do territorio presenta pendentes de moi moderadas a moderadas (pendentes menores do 10%); o 27% do territorio ten pendentes entre o 10 - 20 % que as podemos considerar medias; o 45 % ten pendentes fortes (maiores do 20%) e o 13% do territorio restante ten pendentes moi fortes e escarpadas (maiores do 45%).

As pendentes moderadas son idóneas para os cultivos herbáceos, prados e viñedos, mentres que con maior pendentes (10 - 20 %) xa se adoptan formas de cultivos especiais como cómaros e socalcos para evitar a erosión do solo.

Gráfico 1: Porcentaxe de clases de pendentes



3.4. ORIENTACIÓNS

Nos seguintes mapas obsérvanse as exposicións predominantes no territorio.

5.- Exposicións



6.- Orientacións norte sur



A exposición sur é predominante na metade norte, mentres que a exposición norte predomina na metade sur do territorio. Así, en liñas xerais podemos dicir que os territorios da marxe dereita do Tea están orientados ao sur, por tanto terán maior insolación anual que a marxe esquerda do Tea onde predominan as orientacións nortes.

4. CARACTERÍSTICAS XEOLÓXICAS.

4.1. LITOLOXÍA.

A litoloxía de Mondariz caracterízase por un predominio de rochas graníticas e por unha banda arredor do río Tea de sedimentos cuaternarios. No seguinte mapa obsérvanse os diferentes tipos litolóxicos, tamén se observa a falla norte sur que atravesa o extremo leste do territorio.

7.- Esquema litolóxico



4.2. AS CLASES AGROLÓXICAS.

A continuación determinaremos a capacidade produtiva do solo para o uso agrícola en Mondariz, seguindo a caracterización do mapa de clases agrolóxicas a escala 1:50000; sendo necesario sinalar que este mapa soamente serve como unha aproximación á capacidade agrolóxica, debido principalmente ao cambio de escala de traballo. Debéndose realizar un traballo de bordo das áreas mediante fotografía aérea, así como traballo de campo para poder limitar as clases agrolóxicas con precisión para unha escala de traballo de planeamento de 1:5000. Así, podemos dicir que o mapa de clases agrolóxicas a escala 1: 50000 teñen os bordos entre as diferentes clases difusas e por tanto non serve para o detalle do planeamento pero si serve como aproximación xeral ás clases agrolóxicas.

8.- Clases agrolóxicas



Ás clases 2 e 3 corresponden as mellores clases agrolóxicas do territorio, correspondendo á clase 4 os solos con capacidade produtiva media baixa de labor ocasional e ás clases 6, 7 e 8 os solos sen capacidade agrícola, asemade a clase 8 é improdutiva.

5. AS CARACTERÍSTICAS HIDROLÓXICAS.

5.1. AS AUGAS SUPERFICIAIS.

O auga doce ten unha enorme importancia dentro do conxunto dos recursos naturais, sendo os cursos fluviais, un dos principais elementos clave na biodiversidade dun territorio, e máis neste concello onde a rede fluvial do río Tea está incluída na Rede Natura 2000, rede que se vai configurar como unha rede ecolóxica europea de zonas especiais de conservación (ZEC), e está por tanto dentro da Rede Galega de Espazos Protexidos. A auga é tamén condicionante e formador da paisaxe da auga, da paisaxe cultural asociada á auga así como un recurso económico, recreativo, paisaxístico, cultural...

O sistema hidrolóxico da comarca do Condado organízase arredor da rede fluvial do Tea. A cunca fluvial do Tea é a máis importante do Baixo Miño, tanto pola súa lonxitude, como polo seu caudal absoluto e pola súa cunca.

O río Tea é o principal río de Mondariz, así como o principal afluente do Miño no Baixo Miño. Nace en dúas ramas: unha en Faro de Avión a 940 m e a outra que recolle as augas a 900 m da serra do Suído, preto do nacemento do Avia. Baixa encaixado, drenando coas súas cabeceiras as serras do Faro, os montes de Graña e o Couta Eira. Recibe pola dereita o río Alén, formando o val do Tiela, percorrendo a favor dunha fractura N/S. A unión do Alén co Tea, é o limite municipal augas arriba da unión co río Tea xa percorre polo veciño concello de Covelo e por outra banda o río Alén forma en boa parte de seu curso o límite leste do concello. O Tea desde a unión co Alén percorre en dirección L SO polo fondo do val de Mondariz, atravesando unha longa fractura e subministrando augas medicinais: Gándara, Troncoso e fonte do Val.

Na marxe dereita no territorio de Mondariz temos os regatos Aboal, Pequeno e Forabolla que forman pequenos vales onde se asentan varios núcleos de poboación. No termo municipal ademais do Alén o

segundo tributario en importancia é o Xabriña tributario pola esquerda do Tea. Outro tributario é o Lougariós.

Xa fóra do concello, augas abaixo de Mondariz o río Tea torce de súpeto cara unha vella fractura N/S, pasa ao pé da vila de Pontearéas e recibe pola esquerda o río Uma. Bótase o Miño por Salvaterra, formando un amplo val enchido polos propios aluvións e colmatado polas terrazas fluviais. A súa cunca abrangue 411 km^2 con certa asimetría pola presenza da subbacía do río Uma. O río ten 50.1 km de lonxitude.

9.- Curso do Tea



10: Rede Hídrica



5.2. AS AUGAS SUBTERRÁNEAS.

A cantidade de auga que se infiltra a capas subterráneas é o resultado do balance entre a precipitación e a evaporación e escorrenta que se produce. Se ben a precipitación na zona é ampla, na zona granítica é escasa permeabilidade de parte do substrato limita a infiltración e por conseguinte orixina unha importante escorrenta, e por outra banda tódalas zonas sedimentarias son moi permeables e a susceptibilidade por tanto dos acuíferos á contaminación é moi alta. (segundo o estudo sobre hidroloxía

de Galicia (Xunta 1991) que inclúe unha caracterización hidroxeolóxica dos materiais existentes, de acordo coa súa permeabilidade e estrutura de porosidade), sendo os materiais detríticos os que inclúen os acuíferos de maior interese.

En canto ás captacións non existen en Galicia unha estatística de captacións e explotacións de augas subterráneas para poder establecer cales son os seus usos reais, os seus tipos, características, calidade e deficiencias.

O que si podemos dicir que a extensa contaminación bacteriolóxica das augas subterráneas en todos os concellos de Galicia sendo necesario a protección da calidade das augas das fontes públicas. En moitos casos o problema de contaminación débese a un mal estado da captación (comunmente as captacións carecen dun selo que evite a entrada de augas de escorrenta. En xeral as captacións familiares non respectan as distancias mínimas ás fosas sépticas, o que facilita a contaminación das augas subterráneas coas augas residuais. Tampouco existen estudos da capacidade depuradora do terreo en Galicia

As augas subterráneas utilízanse na súa maioría para o aprovisionamento de núcleos pequenos, e vivendas unifamiliares. A subministración realizábase a partir de minas e mananciais.

Resulta de interese as augas mineromedicinais de Mondariz e Fonte do Val que teñen no veciño concello de Mondariz Balneario os puntos de extracción e en Mondariz a planta envasadora, a carón do río Tea, nun emprazamento desafortunado cunha afección paisaxística sobre o espazo protexido.

Asemade, no lugar de Ermelo hai unha suxestión de augas sulfurosas, quedando restos das instalacións de baños, hoxe totalmente abandonadas.

Segundo o mapa de permeabilidade do SITGA a escala 1:50000 que indica o grao de permeabilidade do terreo, sendo un territorio maioritariamente pouco permeable (3) e moi permeable (6) nas zonas de marxe do río Tea e doutros ríos, como se observa no seguinte mapa.



5.3. AS CUNCAS HIDROGRÁFICAS

Desde o punto de vista hidrográfico Mondariz pertence, na súa gran maioría, á bacía hidrográfica do Miño que pertence á Confederación Hidrográfica do Norte. A bacía do Miño é a chamada Norte I, estando na subbacía do río Tea. Unha pequena superficie no norte do territorio verte as súas augas cara ao complexo Verdugo Oitaven polo que pertence á bacía do Verdugo Oitaven e por tanto a Augas de Galicia.

11.- Cuncas hidrográficas



6. CARACTERÍSTICAS DA VEXETACIÓN.

6.1. O CONTEXTO BIOXEOGRÁFICO DA FLORA DO CONCELLO.

O termo municipal de Mondariz, desde o punto de vista corolóxico, atópase localizado na rexión Eurosiberiana, provincia Cántabro-Atlántica, Sector Galaico-Portugués.

12.- Clases de Vexetación



Os bosques característicos (os bosques climácicos) das terras, a occidente da Dorsal Galega seguindo o esquema sistémico da fitosocioloxía, son carballeiras galaico portuguesas con Quercus robur e Quercus pyrenaica, así como os bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior.

Ambos, as carballeiras e os bosques ribeiregos, teñen un carácter ecolóxico fundamental, e son hábitats necesitados de protección, tanto polo seu valor natural como pola biodiversidade animal e vexetal que se acubilla nestes bosques, como polas paisaxes tradicionais e culturais que estes bosques, bosquetes, sebes e alienacións de bordo crean no territorio.

6.2. AS UNIDADES DE VEXETACIÓN ACTUAL.

As comunidades vexetais presentes no territorio van desde repoboacións forestais de piñeiros, algo de eucalipto e acacias; así como carballeiras, castiñeiros e arborado de ribeira, no que se refire a comunidades vexetais arbóreas, tamén aparecen matogueiras e pasteiros asociados ás zonas altas das serras, así como todas as unidades de vexetación asociadas a praderías e cultivos.

As unidades de vexetación actual caracterizámolas segundo elementos estruturais de acordo co inventario forestal nacional: tipoloxía da masa forestal, especies arbóreas, distribución, estratificación, cuberta arbustiva, acorde coa clasificación europea da Directiva Hábitat 92/43/CEE, así como segundo os usos e coberturas do solo.

6.2.1. VEXETACIÓN DE RIBEIRA.

As ripisilvas son formacións leñosas, arbóreas ou arbustivas, que aparecen nas marxes do Tea, do Xabriña, do Alén…..Esta vexetación está relacionada coa presenza de auga, e por tanto adaptada a soportar grandes avenidas, ou pola contra períodos de seca. A árbore máis característica desta unidade é o amieiro (*Alnus glutinosa*), acompañado de salgueiros (*Salix atrocinerea*) e en menor medida freixos (*Fraxinus angustifolia*), bidueiros (*Betula alba*), pradairos (*Acer pseudoplatanus*) así coma algúns carballos (Quercus robur) e outras especies.

O denominado bosque de ribeira son formacións que axudan a regular o caudal dos regatos e ríos e reducir a erosión e as enchentes. Tamén proporcionan refuxio para a fauna e flora representada por fentos coma o fento real (*Osmunda regalis*), ciperaceas, plantas gabeadoras... O bosque de ribeira

ofrece tamén refuxio e alimento a unha variada fauna ornitolóxica, polo que estamos ante unha unidade vexetal cunha calidade ambiental moi alta. Así como a función de corredores de fauna que teñen os ríos vese incrementada canto mellor sexa o estado ecolóxico tanto da auga, como das marxes e da súa vexetación.

Aínda que cuantitativamente, a extensión destes bosques non é importante, son dos ecosistemas de maior valor ambiental e natural no territorio. Neste punto está a principal mancha de vexetación de ribeira inscrita en parte dentro do LIC Río Tea que está declarado[2] como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais que xunto coas sebes arboradas, as áreas arboradas nas ribeiras do resto da rede Hídrica conforman importantes manchas de arborado de ribeira e fragas e carballeira que ascenden polas ladeiras.

6.2.2. CARBALLEIRAS.

Asociadas en boa medida ás ripisilvas, atopamos carballeiras de Festín a Aboal na parroquia de Toutón ou a carballeira de Queimadelos onde se atopa un carballo de interese cultural que simboliza o mantemento das tradicións. No territorio atopamos tamén outras manchas de maior ou menor extensión mesturadas coa vexetación de ribeira, como sebes entre cultivos tradicionais ou mesturadas coas repoboacións forestais.

6.2.3. MATOGUEIRAS.

O termo mato abrangue un amplo grupo de plantas leñosas non arbóreas, cunha altura que vai desde algúns centímetros a varios metros. Os matos están compostos por plantas leñosas arbustivas que ocupan solos pobres ou pouco desenvolvidos, sobre pendentes fortes ou aparecen pola intervención humana: queimas, cortas, pastoreo, abandono de campos de cultivo, etc.

6.2.4. REPOBOACIÓNS FORESTAIS.

Os bosques de repoboación son fundamentalmente piñeirais e eucaliptais, así como algo de mimosa; cómpre sinalar que unha porcentaxe significativa das repoboacións forestais presentan como terceira especie o carballo ou outra frondosa autóctona.

6.2.5. REPOBOACIÓNS FORESTAIS.

Ademais destas unidades de vexetación de bosque e mato, no territorio aparecen, así como toda a vexetación ornamental e árbores singulares en parques e xardíns públicos. Salientando a alameda de Mondariz.

[2] Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.

13: Mapa de UNIDADES DE VEXETACIÓN, segundo o 3IFN



7. CARACTERÍSTICAS DA FAUNA.

7.1. CARACTERÍSTICAS XERAIS.

A comarca do Condado presenta unha gran riqueza de especies animais. Dos diversos e variados hábitats existentes no territorio son principalmente os hábitats fluviais e os asociados ás serras os que teñen un maior interese faunístico, aínda que sen descartar o interese faunístico asociado aos terreos de cultivo.

7.2. ESPECIES DE INTERESE PARA A CONSERVACIÓN.

Son especies de interese para a conservación todas aquelas plantas e animais incluídos en normativas de carácter comunitario (DC 79/409/CEE e DC92/43/CEE), estatal (Catálogo Nacional de Especies Ameazadas CNEA) ou autonómico (Orde do 10 de decembro de 1984 sobre protección do acibo na Comunidade Autónoma de Galicia e o Proxecto de Decreto do Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Para o espazo natural protexido xunto coas especies que se inclúan nos devanditos catálogos temos información elaborada polo IGADER Instituto de Biodiversidade agraria e desenvolvemento rural da Universidade de Santiago de Compostela, así como as listaxes de flora e fauna do EUNIS (European Nature Información System). Cómpre sinalar que estas especies atópanse en todo o espazo protexido polo que pode que non estivesen no territorio do concello, se ben é moi probable que estean.

Táboa 1.- Especies interese conservación río Tea

ESPECIE	GRUPO	CRIA	INV.	CON.	POB.	ILLA	GLO
Cerambyx cerdo	INVERTEB.			B	C	C	B
Elona quimperiana	INVERTEB.			B	C	C	B
Gomphus graslinii	INVERTEB.			A	A	A	A
Lucanus cervus	INVERTEB.			B	C	C	B
Macromia splendens	INVERTEB.			A	C	A	A
Oxygastra curtisii	INVERTEB.			A	C	A	A
Chondrostoma polylepis	PEIXES			B	C	C	B
Cobitis taenia	PEIXES			B	A	A	A
Petromyzon marinus	PEIXES	5000i		A	B	C	A
Rutilus arcasii	PEIXES			B	C	C	B
Salmo salar	PEIXES	10-20i		A	C	B	A
Chioglossa lusitanica	ANFIBIOS			B	C	A	B
Discoglossus galganoi	ANFIBIOS			B	C	A	B
Emys orbicularis	REPTLES			B	C	A	B
Lacerta schreiberi	REPTLES			B	C	A	B
Accipiter gentilis	PAXAROS			B	C	C	B
Accipiter nisus	PAXAROS			B	C	C	B
Alcedo atthis	PAXAROS			B	C	C	B
Anas platyrhynchos	PAXAROS		P	B	C	C	B
Ardea cinerea	PAXAROS		P	B	C	C	B
Caprimulgus europaeus	PAXAROS	P		B	C	C	B
Cinclus cinclus	PAXAROS			B	C	C	B
Falco subbuteo	PAXAROS	P		B	C	C	B
Hippolais polyglotta	PAXAROS	P		B	C	C	B
Lanius collurio	PAXAROS	P		B	C	C	B

ESPECIE	GRUPO	CRIA	INV.	CON.	POB.	ILLA	GLO
Lullula arborea	PAXAROS			B	C	C	B
Oriolus oriolus	PAXAROS	P		B	C	C	B
Riparia riparia	PAXAROS	R		B	C	C	B
Sylvia undata	PAXAROS			B	C	C	B
Galemys pyrenaicus	MAMIF.			B	C	C	B
Lutra lutra	MAMIF.			B	C	C	B
Myotis myotis	MAMF.F			B	C	C	B
Rhinolophus ferrumequinum	MAMIF.			B	C	C	B
Rhinolophus hipposideros	MAMIF.S			B	C	C	B
Narcissus cyclamineus	PLANTAS F				D		

Táboa 2.- Códigos

		A	B	C	D
CON	conservación	Excelente	bo	significativo	
POB	Poboación	p>15%	15%>p>2%	2%>p>0%	non significativa
AIL	Illamento	Illada	marxes da área	non illada	
ST	status global	excelente	bo	significativo	

Táboa 3.- Outras especies de interese

Nome	Grupo	MOTIVO	Definición
Discoglossus galganoi	ANFIBIOS	B	ENDÉMICA
Rana iberica	ANFIBIOS	B	ENDÉMICA
Pipistrellus pipistrellus	MAMÍFEROS	A	LISTA ROXA
Plecotus auritus	MAMÍFEROS	A	LISTA ROXA
Triturus boscai	ANFIBIOS	B	ENDÉMICA
Elaphe scalaris	RÉPTILES	A	LISTA ROXA
Natrix maura	RÉPTILES	A	LISTA ROXA
Natrix natrix	RÉPTILES	A	LISTA ROXA
Martes foina	MAMÍFEROS	A	LISTA ROXA
Mustela erminea	MAMÍFEROS	A	LISTA ROXA
Sorex granarius	MAMÍFEROS	A	LISTA ROXA
Talpa occidentalis	MAMÍFEROS	B	ENDÉMICA

8. ESPAZOS NATURAIS

O concello conta cun espazo natural posuidor dunha figura de protección ambiental: o río Tea. É un espazo incluído na Rede Natura 2000 como Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) e como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. Pertence á rexión bioclimática atlántica e caracterízase polos seus cursos fluviais cunha fraga ribeirá ben conservada con importantes poboacións piscícolas, entre as que destaca o salmón atlántico, a troita e a lamprea. A súa superficie é de 357 hectáreas repartidas nas marxes do Tea e algúns dos seus tributarios (O Alén, o Borbén, e o Xabriña), ao seu paso polos concellos de Covelo, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Mondariz, Mondariz-Balneario, Ponteareas e Salvaterra do Miño.

14.- Lic rio Tea



No espazo natural protexido río Tea identifícanse 11 hábitats de interese comunitario, dos cales 3 son prioritarios.

Táboa 4.- Tipos de Hábitats do Anexo I dá DC 9243CEE (abreviado) e superficie estimada

Nat-2000		Hábitats da ZEPVN Río Tea	Superficie (ha)	%
3		HÁBITATS DE AUGA DOCE		
32		Augas correntes-tramos de cursos de auga con dinámica natural e seminatural (leitos menores, medios e maiores) nos que a calidade da auga non presenta alteracións significativas		
3260		Ríos de piso de planicie a móntano con vexetación de Ranunculion fluitantis e de Callitricho-Batrachion	85,64	23,96
4		BREZAIS E MATOGUEIRAS DE ZONA TEMPRADA		
4030		Brezais secos europeos	6,33	1,76
6.		FORMACIÓNS HERBOSAS NATURAIS E SEMINATURAIS		
62.		Formacións herbosas secas seminaturais e facies de matorral		
6220	✶	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do Thero-Brachypodietea.	< 0,5	< 0,5
64		Prados húmidos seminaturais de herbas altas		
6410		Prados con molinias	< 0,5	< 0,5
6430		Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas chas	0,66	< 0,5
65.		Prados mesófilos		
6510		Prados pobres de sega de baixa altitude (Alopecuruspratensis e Sanguisorba officinalis)	2,35	0,64
8.		HÁBITATS ROCHOSOS E COVAS		
8220		Pendentes rochosas silíceas con vexetación casmofítica	< 0,5	< 0,5
8230		Rochedos silíceos con vexetación pioneira do Sedo Scleranthion ou do Sedo albi-Veronicion dellini	< 0,5	< 0,5
9.		BOSQUES		
91.		Bosques da Europa temperada		
9180	✶	Bosques de ladeiras, desprendementos ou barrancos do Tilio-Acerion	0,81	< 0,5
91E0	✶	Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior	57,18	16,00
92.		Bosques mediterráneos caducifolios		
9230		Carballeiras galaico-portugueses con Quercus robur e Quercus	55,99	15,68

9. OS USOS ACTUAIS E POTENCIAIS DO SOLO

9.1. CLASES DE USOS E COBERTURAS

As clases defínense no mapa de usos e coberturas (SITGA Xunta de Galicia) como unidades de superficie homoxéneas compostas por un ou varios usos –coberturas. Cada clase pretende definir unha situación concreta e única desde o punto de vista agrolóxico, medioambiental e socioeconómico. A lenda do mapa de usos e coberturas presenta unha organización xerárquica estruturada en niveis asimilables aos do mapa CORINE- land-cover. As clases defínense segundo o tipo de uso e cobertura, sendo uso a actividade que se realiza nun espazo determinado e cobertura a ocupación dunha superficie. Os datos para o concello de Mondariz amósanse na seguinte táboa.

15.- Clases Usos e Coberturas



Táboa 5.- Ha e porcentaxes de cada clase de usos e coberturas

CLASE25MIL	ha	%
ZONAS INDUSTRIAIS, COMERCIAIS E DE SERVIZOS	6	0,07
MINAS	14	0,17
USO IMPRODUTIVO	**21**	**0,24**
PRADOS E CULTIVOS ANUAIS	353	4,16
PRADOS, CULTIVOS ANUAIS E CADUCIFOLIAS	148	1,74
PRADOS, CULTIVOS ANUAIS E VIÑEDO	1.112	13,10
VIÑEDO E CULTIVOS ANUAIS	490	5,77
USO AGRICOLA	**2.102**	**24,77**
CADUCIFOLIAS	172	2,02
CADUCIFOLIAS E PIÑEIRO	11	0,13
EUCALIPTO	149	1,76
EUCALIPTO E PIÑEIRO	2.497	29,42
EUCALIPTO, PIÑEIRO E CADUCIFOLIAS	1.528	18,00
USO FORESTAL ARBORADO	**4.357**	**51,34**
MATO	340	4,01
MATO-PASTEIRO	644	7,58
MATO-PASTEIRO CON ROCHA	270	3,18
MATO E ESPECIES MADEREIRAS	754	8,88
USO FORESTAL DESARBORADO	**2.007**	**23,65**

9.2. CORINE

O proxecto CORINE (Coordination of Information on the Environment) Land Cover ten como obxectivo fundamental a captura de datos de tipo numérico e xeográfico para a creación dunha base de datos europea, a escala 1:100.000 sobre a cobertura e uso do territorio, mediante a interpretación a través das imaxes recollidas polos satélites Landsat e SPOT do plano Shape de Galicia, extraemos os datos de Mondariz para o ano 2000 e comparativa do ano 1990. A evolución na ocupación do solo é un indicador básico para avaliar os procesos territoriais que sufriu o territorio nos últimos anos.

Táboa 6.- Datos Corine Land cover e comparativa corine 1990 e corine 2000

LENDA	has	%	has	%
	COR 90		COR 00	
Bosque mixto	3.514,33	41,50	**4179,70**	49,35
Caducifolias e reboleiras	144,81	1,71	144,81	1,71
Landas e matorrales templado oceánicos	91,32	1,08	91,32	1,08
Mato de frondosas			183,69	2,17
Matorral boscoso de transición	**1.567,67**	18,51	718,60	8,49
Otros pastizales	969,14	11,44	969,14	11,44
Terreos principalmente agrícolas, pero con importantes espacios de vexetación natural	103,60	1,22	103,60	1,22
Mosaico de cultivos anuais con cultivos permanentes	1.772,24	20,93	1.772,24	20,93
Mosaico de cultivos anuais con pradeiras e/o pastizais	305,62	3,61	305,62	3,61
	8.468,73	**100,00**	**8468,73**	**100,00**

Na evolución obsérvase un aumento de bosque mixto que é un bosque de repoboación que na década anterior era un mato boscoso, evolución cara unha maior produtividade do monte, transformando máis da metade do mato de transición en bosque mixto (o que representa o 42% do mato boscoso de transición pasou a bosque mixto, isto é, transformouse nun uso forestal arborado produtivo), ademais o 11% do mato boscoso transfórmase en mato de frondosas coa conseguinte renaturalización e mellora da biodiversidade que presentan estes matos ao ter especies frondosas autóctonas.

16.- Corine 1990



17.- Corine 2000



18.- Corine cambios de usos do solo entre os anos 1990 e 2000



9.3. OS ECOSISTEMAS DOMINANTES NO MEDIO.

A heteroxeneidade orográfica da rede hídrica e climática descrita previamente determina a existencia dun patrimonio de gran riqueza natural e paisaxística, composto por unha abundante diversidade biolóxica.

9.3.1. USOS AGRARIOS.

Os ecosistemas agrarios de Mondariz destinados á agricultura ou gandería ocupan, segundo de onde saquemos os datos, aproximadamente o 25 % do territorio, o que implica unha importante fonte de variedade paisaxística e biodiversidade. A maior parte está ocupada por un mosaico de cultivos destinados á produción de cultivos forraxeiros, destacando tamén as superficies dedicadas a viñedos. No que respecta á evolución destes ecosistemas agrarios, cabe resaltar o paulatino abandono de terras, debido ao cese da actividade, se ben cabe resaltar os moitos solos de mosaico de cultivos con arborado autóctono en sebes que representan un alto valor de biodiversidade, ademais dos valores históricos, culturais e patrimoniais que as actividades agrarias tradicionais teñen.

No concello non existen, na actualidade, ningunha zona de especial interese agrario, segundo a lei 7/2007, que son as zonas de concentración parcelaria con acordo firme con data posterior ao 30 de decembro de 1992.

19: Clasificación de usos segundo 3IFN



9.3.2. USOS FORESTAIS.

Os ecosistemas forestais teñen unha especial relevancia, representan unha importante superficie da cal a maior parte corresponde con monte arborizado. Se ben, mesmo sendo a vexetación típica destes ecosistemas os carballos, os castaños, os bidueiros, e os ameneiros, co paso do tempo e debido ás intervencións humanas, levouse a cabo unha importante modificación da paisaxe, cubríndose con extensas áreas de repoboacións forestais de piñeiros e eucaliptos. Por outra banda cabe destacar as amplas superficies de matogueira. O forestal comprende os espazos forestais e de monte, entendendo como tales os terreos que non son nin urbanos nin agrícolas, e que teñen uns usos primarios recreativos, ou protectores. No espazo forestal débese acadar unha completa conxunción entre o aproveitamento dos recursos e a preservación e mellora do espazo forestal. Sendo hábitats

indispensables para especies con requirimentos de hábitat vinculados á superficie. Xa que logo, estes montes debéranse propiciar e incentivar cara a obter un monte máis diverso e de maior valor paisaxístico e natural. Ademais nestes ecosistemas destaca a incidencia dos incendios forestais que son un dos principais problemas ambientais da comunidade autónoma, posto que os incendios forestais teñen importantes implicacións sobre a auga, o aire, a flora, a fauna e o solo.

20.- Tipoloxía de bosques



21.- Fracción de Cabida Cuberta



No que respecta á superficie de monte en man común, segundo datos da Xunta de Galicia, Mondariz ten 3978 hectáreas de monte mancomunado

Táboa 7.- Montes en Man común

Concello	Nome	Parroquia	Comunidade	superficie ha
Mondariz	Mouriscados	Mouriscados	Mouriscados	671
Mondariz	Sabaxáns	Sabaxáns	Sabaxáns	621
Mondariz	Toutón	Toutón	Toutón	716
Mondariz	Garabite	Vilar	Vilar	111
Mondariz	Frades	Frades	Frades	58
Mondariz	Gargamala	Gargamala	Gargamala	1.073
Mondariz	Lougares	Lougares	Lougares	134
Mondariz	Meirol	Meirol	Meirol	172
Mondariz	Mondariz	Mondariz	Mondariz	296
Mondariz	Riofrío	Riofrío	Riofrío	126
Mondariz	Vilasobroso	Vilasobroso		
Mondariz	Montes de Queimadelos	Queimadelos		
				3.978

10. RISCOS.

10.1. RISCOS XEOLÓXICOS.

Os riscos xeolóxicos comprenden un gran número de catástrofes naturais: inundacións, chuvias torrenciais, sismos, derrubamentos e desprendementos de terras, entre outros.

En Galicia os principais riscos xeolóxicos céntranse na inundación de leitos e chairas aluviais, así como nos desprendementos de terras a favor de planos de debilidade.

10.1.1. AS INUNDACIÓNS.

A zona do Condado está clasificada[3] como zona de inundacións excepcionais: que son aquelas zonas inundables para enchentes de período de retorno entre 100 e 500 anos

10.1.2. OS ESVARAMENTOS DE TERRAS.

Nas zonas que presentan pendentes extremas pódense dar riscos tales como desligamentos e desprendementos de ladeiras, xa sexan por caídas naturais, ou ribadas de estradas.

10.2. OUTROS RISCOS: INCENDIOS FORESTAIS.

Á hora de analizar as diversas ameazas que poden afectar aos sistemas forestais, tales como as relacionadas coa erosión, os incendios forestais, ou as relacionadas cos axentes causantes de dano na vexetación, os que presentan unha maior problemática nos montes, tanto da comarca do Condado como da comunidade autónoma, son os incendios forestais, posto que son un problema ambiental e socioeconómico de primeira orde. As zonas de alto risco (ZAR) de incendio son as superficies onde se recoñece como prioritaria a aplicación de medidas máis rigorosas de defensa contra os incendios forestais ante o elevado risco de incendio, pola especial frecuencia ou virulencia destes ou a importancia dos valores ameazados. A definición das devanditas zonas de alto risco recóllese na Orde do 18 de abril do 2007, estando Mondariz recollido como un concello de alto risco de incendios.

Táboa 8.- Datos incendios

CONCELLO	ANO	LUMES	ARBO	RASO	TOTAL
MONDARIZ	2.005	186	532,99	183,39	716,38
	2.004	274	400,72	224,19	624,91
	2.003	125	88,81	74,32	163,13
	2.002	181	36,11	26,76	62,87
	2.001	77	49,39	72,5	121,94

11. OS RECURSOS AMBIENTAIS.

O territorio de Mondariz conta cunha serie de recursos, ben de carácter físico ou natural -condiciones de vexetación, paisaxísticas, xeomorfolóxicas, hídricas, climáticas, etc.-, ben de carácter antrópico -actividades agrícolas, pesca recreativa, actuacións urbanas: alameda, etc.- que, polas súas específicas calidades positivas, cómpre que sexan obxecto dunha especial atención, desde o punto de vista da adopción de medidas encamiñadas a garantir a conservación, ordenación e protección da paisaxe, o respecto á identidade para conseguir que o xeito de ocupar o territorio sexa o máis racional e sostible posible. A relación destes recursos é a seguinte:

11.1. A CALIDADE AMBIENTAL E A PAISAXÍSTICA.

En primeiro lugar e a modo de calidade englobadora de tódalas demais, resulta necesario mencionar o elevado grao de calidade ambiental e a altísima diversidade paisaxística do territorio. A nivel paisaxístico, este espazo pode dividirse, en función dos seus vales fluviais que o caracterizan e conforman, en áreas naturais claramente diferenciadas: o val do Alén, o Val do río pequeno, o val do Tea, o val do Xabriña, e outros.

[3] No plan Especial de Protección Civil ante o Risco de Inundacións en Galicia

11.2. O MONTE COTO DA EIRA.

O monte Couto da Eira que é un privilexiado miradoiro das terras de Mondariz que engloba unha área de serra entre o río Alén e o río Freazas, onde destacan os valores naturais e paisaxísticos e que constitúe un corredor ecolóxico cos concellos veciños e en especial unión das masas forestais de Barragán (en Fornelos de Montes) e as carballeiras de Aboal e Gargamala. Ademais este espazo de 2900 Ha acaba de ser declarado polo concello como ENIL (Espazo Natural de Interese Local).

11.3. MONTE LANDÍN E O CASTELO DE SOBROSO.

O castelo é un fito paisaxístico e turístico e atópase nun emprazamento paisaxístico nunha ampla área recreativa que se organiza en varias terrazas.

11.4. A REDE HÍDRICA.

A rede hídrica é un dos puntos de máxima biodiversidade. O río Tea o os seus ríos e regatos asociados presentan unha vexetación en zonas con importantes masas boscosos e noutras prados e cultivos, estas formacións asociadas aos cursos da auga, non só do Tea senón de tódolos ríos e regatos do concello, xogan un papel moi importante nos ecosistemas fluviais, diversifican a paisaxe e proporcionan recurso e alimento á fauna acuática, anfibia e terrestre. Ademais, actúan, ao tempo, coma filtros verdes á contaminación e limitadores da erosión fluvial.

Con todo, sen dúbida, a relevancia do Tea e a vexetación que o acompaña reside no seu papel coma corredor natural, atravesando de leste a oeste todo o concello e servindo de vía de comunicación, refuxio e fonte de alimentos ás especies que o habitan. Propiedade que comparte co resto de cursos fluviais do concello, estruturando unha rede ecolóxica de gran valor, ao tempo que proporciona, ao seu paso polo concello, unha serie de zonas verdes e espazos naturais de lecer como son as 3 praias fluviais no concello (a praia de Riofrío, a de Fornadela e a de Foxacos) todas no río Tea que son un importantes recurso recreativo de gran afluencia estival, tanto polos veciños como polos visitantes e turistas. Ademais estas praias fluviais presentan todas elas áreas recreativas, e desde a área recreativa de Riofrío comeza unha ruta de sendeirismo que permite percorrer a pé por unha senda sinalizada por todo o río Tea e ascender a diversos miradoiros onde contemplar as diversas paisaxes destas terras.

Ademais lembrar que o río Tea e as súas ribeiras son un espazo protexido na rede galega de espazos protexidos, ademais de pertencer á Rede Natura 2000.

11.5. AS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS.

A agricultura tradicional de autoconsumo mantense e tamén se quere dar o paso a unha agricultura modernizada e claramente orientada ao mercado e asociada á calidade que os produtos hortícolas tradicionais galegos teñen, así como o pulo dos viticultores de que se engadan as terras de Mondariz dentro da denominación de orixe do Condado para poder así dar un pulo aos viñedos.

11.6. A VEXETACIÓN AUTÓCTONA.

O tradicional aproveitamento da terra en Galicia e as repoboacións forestais con especies de crecemento rápido levou á desaparición da meirande parte dos bosques autóctonos galegos, polo que cómpre necesario protexer todas aquelas manchas, bosquetes, sebes arborados con especies autóctonas. Destacando a carballeira de Festín a Aboal e as fragas de Queimadelos onde presentan un carballo senlleiro de interese cultural

11.7. ZONAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN DOS VALORES NATURAIS.

Parte do territorio de Mondariz está integrado en dous espazos incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos, que en virtude da Lei 9/2001 son, polas súas características e sensibilidade, obxecto dunha especial conservación; son zonas de especial protección dos valores naturais.

Estas zonas serán tratadas no novo Plan, tendo en conta a necesidade de aumentar a súa protección e crear espazos de transición entre a Rede Natura e o resto do territorio.

11.8. MONTES E OUTEIROS.

As serras do Suído presentan unha identidade propia, o mesmo que pequenos montes e outeiros que no territorio poden ser fitos paisaxísticos e miradoiros do vales.

11.9. PARQUES E XARDÍNS E ARBORADO DE INTERESE.

É necesario protexer o arborado de interese, como arbores senlleiros e sobresaíntes, tanto autóctonos como alóctono de alamedas e xardíns.

12. ANÁLISE DAFO DO TERRITORIO.

As conclusións da metodoloxía de análise DAFO do medio físico e recursos naturais sinálanse nas seguintes táboas.

OPORTUNIDADES
Posición xeográfica próxima á área metropolitana de Vigo
O río Tea e os seus afluentes como fonte de recursos: naturais, culturais, recreativos e de paisaxe
Demanda e aprecio dun medio rural con altos valores naturais e paisaxísticos por parte dos habitantes e dos turistas e visitantes urbanos .
Sinerxías con Mondariz Balneario, a marca auga de Mondariz como reclamo turístico
Recursos rurais susceptibles de ser aproveitados unha vez inventariados, tipificados, coñecidos valorados e localizados.
Os espazos naturais protexidos como reclamo turístico.
Demanda crecente de produtos locais de calidade e diferenciados.
Innovación en métodos e tecnoloxías como incremento de rendibilidade.
Mellora dos aproveitamentos dos terreos de monte veciñal en Man Común.
Demanda de produtos de calidade acreditada e recoñecida.

FORTALEZAS
Riqueza de recursos naturais, paisaxísticos e culturais.
Número e diversidade de espazos protexidos:
Paisaxes rurais de calidade
As augas de Mondariz e fonte do Val.
Medio rural relativamente ben conservado.
Espazo rural dinámico.
Existencia de patrimonio rural en desuso susceptible de reutilización, recuperación, restauración e posta en valor.
Diversidade territorial: paisaxes naturais e culturais, patrimonio popular, diversidade de agrosistemas, artesanía, produtos locais, recursos hídricos.
Monte veciñal en man común.
Rede de turismo rural.
Boa imaxe da marca “Produto de Galicia” asociada á calidade.
Terras agrosilvopastoris de alto valor ambiental.
Abundancia de recursos naturais, materias primas, diversidade xenética (variedades locais…).
Condicións climatolóxicas para numerosas producións vexetais, en especial os viñedos.
Crecente profesionalización do sector primario.
Denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas xa implantadas na comarca.
Calidade hortofrutícola. Viño, horta, froita, como producións a potenciar.

AMEAZAS
Incógnitas da reforma da PAC.
Deterioro ambiental por falta de xestión: vertedoiros incontrolados, rede Natura 2000, contaminación difusa…
Perda paulatina de solo agrícola.
Risco de saturación do turismo rural.
Risco de implantacións turísticas no rural como réplicas do urbano.
Risco de contaminación das augas.

DEBILIDADES
Posición periférica no contexto europeo, español e galego.
Mondariz non está incluído na denominación de orixe do condado
Escasa especialización: policultivo e pluriactividade.
Elevada dispersión poboacional.
Competencia e disfuncionalidade entre certos usos e actividades (turístico, enerxético, recreativo, residencial, cinexético, piscícola, agrarias, mineiras…).
Fisiografía complexa.
Excesivos montes con especies forestais de crecemento rápido.
Aproveitamento das terras por debaixo do seu potencial produtivo terras de montes sen uso.

13. CRITERIOS E PRIMEIRAS PROPOSTAS A LEVAR A CABO NO PLANEAMENTO.

- Protexer a biodiversidade e a paisaxe mediante a protección dos espazos de importancia natural e a creación de corredores verdes.
- Protexer e conectar as zonas verdes do núcleos urbano e dos núcleos rurais cos espazos de interese natural
- Creación dunha franxa de especial protección natural arredor do limite actual da Rede Natura 2000 do río Tea para evitar que se estraguen os espazos con maiores valores naturais contiguos ao límite da protección, posto que en moitos casos o límite é soamente unha estreita franxa na marxe do río, para o cal se levou a protección ata zonas de transición entre a Rede Natura e o resto do territorio como estradas, núcleos rurais e solos de tipo urbano ou industrial, repoboacións forestais…
- Protección dos mellores solos agrarios para que non sexan urbanizados; isto é, que os mellores solos agrarios manteñan o uso agrario sobre calquera outro uso.
- Procurar o mantemento das sebes e bosquetes nas zonas agrarias (constituídos por arbustos e árbores de distintas especies) incentivando a súa creación nos lindes dos terreos, utilizando para iso arbustos e árbores autóctonos.
- Protexer e manter as masas arbóreas autóctonas e mellorar e fomentar o aumento da súa superficie en detrimento das repoboacións forestais de crecemento rápido.
- Protección dos 100 m. a ámbalas marxes de tódolos ríos e regatos, agás en solos urbanos ou de núcleo rural.
- Os elementos específicos e singulares por calquera circunstancia, incluído o seu valor natural deben ser protexidos e incluídos dentro do patrimonio urbanístico catalogado; estamos referíndonos a árbores singulares, xardíns de interese...

- A paisaxe rural e natural como recursos que necesitan protección fronte ás actuacións que a poidan degradar e distorsionar, ou procesos de mellora, e rehabilitación, así coma programas de xestión para a súa mellora estética. Así, cando a paisaxe é un encontro harmonioso entre as formas do pasado e do presente, entre a natureza e a pegada humana convértese nun recurso de calidade moi valioso cunhas consecuencias moi positivas desde unha perspectiva de mellora da calidade de vida do futuro, da contorna vital dos nosos fillos e tamén cara ao turismo. Xa que logo, a calidade da paisaxe, entendida calidade como o grao de excelencia desta, o seu mérito para non ser alterada, para que a súa estrutura actual se conserve para as xeracións futuras.

- Preservar a calidade da auga, tanto superficial como subterránea, evitando vertidos e o desenvolvemento de actividades potencialmente contaminantes, así mesmo, asegurar os caudais mínimos ecolóxicos.

- Conservar as marxes, canles e ribeiras dos cursos de auga, así definidos pola Lei de Augas, minimizando os impactos por obras que supoñan a modificación da estrutura e vexetación dos mesmos.

- Esixir o adecuado tratamento de depuración para os vertidos urbanos, industriais, mineiros, agrícolas ou gandeiros, para o cumprimento dos obxectivos de calidade.

O SISTEMA SOCIOPRODUTIVO

ÍNDICE Pax

1. A POBOACIÓN 4

1.1. A COMARCA DO CONDADO 4

1.2. O CONXUNTO MUNICIPAL 6

1.2.1. A EVOLUCIÓN 1900-2006 7

1.2.2. ETAPAS DA EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DO CONCELLO 8

1.3. AS PARROQUIAS 11

1.3.1. San Martiño de Frades 12

1.3.2. Santa María de Gargamala 12

1.3.3. San Fiz de Lougares 13

1.3.4. Santo André de Meirol 14

1.3.5. Santa Baia de Mondariz 14

1.3.6. San Cibrán de Mouriscados 15

1.3.7. Santa María de Queimadelos 16

1.3.8. San Miguel de Riofrío 16

1.3.9. San Mamede de Sabaxáns 17

1.3.10. San Mateo de Toutón 18

1.3.11. San Mamede de Vilar 18

1.3.12. San Martiño de Vilasobroso 19

1.3.13. Conclusións 20

1.4. A ESTRUTURA DA POBOACIÓN 20

1.5. MOVEMENTOS NATURAIS DA POBOACIÓN. SALDOS, TAXAS E ÍNDICES 24

1.6. MOVEMENTOS MIGRATORIOS 27

1.7. INSTRUCIÓN DA POBOACIÓN 32

2. O PARQUE SOCIORRESIDENCIAL 34

2.1. O CONCELLO DE MONDARIZ. CONTEXTUALIZACIÓN DA ANÁLISE 34

2.2. EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS 1960 –2001 34

2.2.1. A COMARCA DO CONDADO 35

2.2.2. O CONCELLO DE MONDARIZ 36

2.2.3. AS PARROQUIAS DE MONDARIZ 37

2.2.4. San Martiño de Frades 38

2.2.5. Santa María de Gargamala 38

2.2.6. San Fiz de Lougares 39

2.2.7. Santo André de Meirol 39

2.2.8. Santa Baia de Mondariz 40

2.2.9. San Cibrán de Mouriscados ... 40
2.2.10. Santa María de Queimadelos ... 41
2.2.11. San Miguel de Riofrío ... 41
2.2.12. San Mamede de Sabaxáns ... 42
2.2.13. San Mateo de Toutón ... 42
2.2.14. San Mamede de Vilar ... 43
2.2.15. San Martiño de Vilasobroso ... 43
2.3. OS EDIFICIOS E VIVENDAS ... 44
2.3.1. EDIFICIOS DO CONCELLO ... 47
2.3.2. AS VIVENDAS ... 50
2.4. OS FOGARES ... 56
2.5. OS LOCAIS ... 58
2.5.1. LOCAIS ACTIVOS E INACTIVOS ... 59
2.5.2. TIPOLOXÍAS DOS LOCAIS ... 60
2.5.3. O CONCELLO E AS SÚAS PARROQUIAS ... 62
2.6. AS LICENZAS DE CONSTRUCIÓN NO CONCELLO DE MONDARIZ ... 64
2.6.1. O CONXUNTO MUNICIPAL ... 64
2.6.2. AS TIPOLOXÍAS DAS LICENZAS ... 66
2.6.3. AS PARROQUIAS ... 70
2.6.3.1. San Martiño de Frades ... 70
2.6.3.2. Santa María de Gargamala ... 70
2.6.3.3. San Fiz de Lougares ... 71
2.6.3.4. Santo André de Meirol ... 71
2.6.3.5. Santa Baia de Mondariz ... 72
2.6.3.6. San Cibrán de Mouriscados ... 72
2.6.3.7. Santa María de Queimadelos ... 73
2.6.3.8. San Miguel de Riofrío ... 73
2.6.3.9. San Mamede de Sabaxáns ... 74
2.6.3.10. San Mateo de Toutón ... 74
2.6.3.11. San Mamede de Vilar ... 75
2.6.3.12. San Martiño de Vilasobroso ... 75
2.6.4. OS DATOS DA XUNTA. AS LICENZAS NOS ÚLTIMOS SEIS ANOS (2000-2005) 75

3. O SISTEMA PRODUTIVO. ... 78

3.1. A ESTRUTURA OCUPACIONAL E PRODUTIVA DO CONCELLO DE MONDARIZ (2001-2006). ... 78
3.1.1. Introdución. ... 78
3.1.2. Trazos básicos e dinámica do mercado de traballo do concello de Mondariz: estrutura ocupacional. ... 79
3.1.2.1. Taxa de actividade e distribución da poboación activa ... 79
3.1.2.2. Distribución da poboación inactiva ... 81
3.1.2.3. Nivel de ocupación ... 82
3.1.2.4. Estrutura ocupacional ... 82
3.1.2.5. Actividade económica da poboación residente ocupada. ... 84
3.1.2.6. Estabilidade laboral ... 85

3.1.2.7. Perfil educativo dos residentes en Mondariz 86
3.1.3. Mobilidade en Mondariz: fluxos de saída e de entrada. 87
3.1.4. 4. Estrutura produtiva en base aos datos de afiliación á Seguridade Social (2001-2006). 89
3.1.4.1. Distribución do emprego por grandes sectores produtivos. 90
3.1.4.2. Distribución do emprego por tipo de actividade (CNAE-93, 2 díxitos). 92
3.1.4.3. Dinamismo empresarial por tipo de actividade (CNAE-93, 2 díxitos). 94
3.1.5. Dinámica comparada do emprego: a comarca dO Condado e o concello de Mondariz no contexto provincial e galego. 95
3.1.5.1. Nivel e evolución do emprego. 95
3.1.5.2. Nivel e dinámica empresarial. 96
3.2. O SECTOR PRIMARIO DO CONCELLO DE MONDARIZ. 98
3.2.1. Introdución 98
3.2.2. Emprego no sector agrario segundo o censo agrario. 99
3.2.3. Estrutura das explotacións agrícolas e gandeiras 100
3.2.4. Uso agrícola do solo en Mondariz 100
3.2.5. Gandería no concello de Mondariz 105
3.2.6. Uso forestal do solo no concello de Mondariz 106
3.2.6.1. Montes en man común de Mondariz 107
3.2.6.2. Situación Específica dos Montes Veciñais 107
3.3. O TURISMO NO CONCELLO DE MONDARIZ 123
3.3.1. 1.- Definición. 123
3.3.2. Descrición do sector e da actividade económica. 124
3.3.2.1. Oferta: 124
3.3.2.2. Demanda: 127
3.3.3. Factores de influencia territorial sobre a actividade turística: 128
3.3.3.1. O factor turístico: 128
3.3.3.2. O factor económico: 130
3.3.3.3. Análise FAFO 132
3.3.4. Conclusións. 134
3.4. CONCLUSIÓNS FINAIS. 135

1. A POBOACIÓN

O termo municipal de Mondariz conta, segundo os datos do Censo Oficial de Poboación e Vivendas 2001, con 5.480 habitantes, e segundo os datos do Padrón a 1 de xaneiro de 2006, a cifra descende a 5.354 habitantes.
A poboación do concello de Mondariz supón o 13% da poboación da comarca do Condado, o 0,6% da poboación provincial, e o 0,2% da poboación total de Galicia. Mondariz é un concello da comarca pontevedresa do Condado, conformada polos concellos de Mondariz-Balneario, Neves (As), Pontearеas e Salvaterra de Miño. O conxunto da poboación destes concellos, incluído o termo municipal de Mondariz, é de 41.065 habitantes[1].
Dos seis concellos que integran a Comarca do Condado o máis poboado é a vila cabeceira de comarca, Pontearеas, e o máis extenso, con 125,6 km², fronte aos 2,3 de Mondariz-Balneario, que é o menor en extensión e o menor en poboación. A densidade de poboación da comarca é baixa no seu conxunto, pois sitúase nos 80 hab/km² (80,7 hab/km²); así como a densidade de poboación do termo municipal de Mondariz que se sitúa en 62,9 hab/km² no ano 2006, por baixo da media galega e do conxunto comarcal, que é de 120,5 hab/km², e moi por baixo da provincial, que se sitúa nos 209,8 hab/km² para o mesmo ano.
O concello de Mondariz é un dos quince concellos da provincia que se agrupan entre os 5.000 e os 10.000 habitantes, que condiciona as dinámicas sociodemográficas dos mesmos.
Está constituído, este concello, por doce parroquias: Frades, Gargamala, Lougares, Meirol, Mondariz, Mouriscados, Queimadelos, Riofrío, Sabaxáns, Toutón, Vilar e Vilasobroso. Destas, a máis poboada e principal é Mondariz, con 1.406 en 2005 e con 1.381 hab. no ano 2003 (INE). Seguen o resto das parroquias a unha maior distancia e por baixo da cabeceira municipal.

1.1. A COMARCA DO CONDADO

A comarca do Condado constitúese cun total de cinco concellos, dos que algo máis do 50% da poboación pertence ao concello de Pontearеas. No resto das porcentaxes hai que salientar o 21% de Salvaterra de Miño e o 24% que suman os concellos de Mondariz e As Neves. Na gráfica que segue, represéntanse as porcentaxes das poboacións municipais da comarca do Condado.



[1] A 01/01/2006. Datos de actualización dos Padróns municipais do INE.



Por outra banda, as superficies municipais amosan unha clara diferenza entre Pontearéas, que é o concello máis extenso, e o resto, onde hai un contraste entre As Neves e Salvaterra de Miño, con porcentaxes similares, e Mondariz, que ten algo máis de extensión que os dous anteriores, e Mondariz-Balneario, que ten unha superficie moi pequena.

Na gráfica que segue vese claramente a distribución das densidades comarcais, onde se aprecian moi por riba do resto, os 312,7 hab/km² do termo municipal de Mondariz-Balneario.



A partires de 1981, as densidades comarcais desenvólvense dun xeito moi parello cara febles descensos, agás Mondariz-Balneario e Pontearéas, que as incrementan de xeito evidente. Pontearéas vai asumindo o papel de captadora de poboación, contrarrestando os movementos de signo negativo dos concellos veciños, así como as propias baixas cara outros destinos da comunidade, estado español e estranxeiro. O contexto provincial mantén ascensos continuos, así como o agrupado comarcal, e o total galego repunta levemente no 2006, polas achegas das provincias costeiras, máis dinámicas.

	Extensión	Densidade 1981	Densidade 1991	Densidade 2001	Densidade 2006
Mondariz	85,1	75,7	73,6	64,4	62,9
Mondariz-Balneario	2,3	282,6	287,8	286,5	321,7
Neves (As)	65,5	92,0	78,6	71,7	68,3
Pontearеas	125,6	119,5	124,4	150,0	175,1
Salvaterra de Miño	62,5	138,8	132,0	133,1	136,1
O Condado	340,9	108,0	105,5	111,5	120,5
Pontevedra	4494,5	191,3	197,3	203,8	209,8
Galicia	29574,4	93,1	92,0	92,4	93,6

Na gráfica que segue, detállase a representación destas densidades e a liña evolutiva nestes últimos 26 anos nos concellos da comarca, para maior información.



1.2. O CONXUNTO MUNICIPAL

A parroquia de Mondariz supón o 26% da poboación do termo municipal (2005) e as outras once parroquias suman o 74%. Na seguinte gráfica represéntase a proporción de poboación de cada parroquia respecto ao total municipal no ano 2005.



No cadro que segue amósanse os datos de poboación por parroquias, segundo os censos dos anos 1981, 1991, 2001 e os datos do Padrón Municipal dos anos 2003 e 2005 para unha maior información.

Poboación parroquias	**1981**	**1991**	**2001**	**2003**	**2005**	**% poboación 2005**
Frades	437	446	369	354	351	7%
Gargamala	609	573	477	445	422	8%
Lougares	527	564	456	449	431	8%
Meirol	281	244	246	245	231	4%
Mondariz	1.463	1.556	1.391	1.381	1.406	26%
Mouriscados	349	350	303	297	307	6%
Queimadelos	119	135	127	113	118	2%
Riofrío	730	645	599	594	598	11%
Sabaxáns	507	473	404	413	414	8%
Toutón	523	472	414	401	384	7%
Vilar	434	350	296	292	299	6%
Vilasobroso	464	452	398	389	382	7%
Total	6.443	6.260	5.480	5.373	5.343	100%

1.2.1. A EVOLUCIÓN 1900-2006

No transcorrer do tempo, concretamente entre 1900 e 2006, o crecemento do municipio ten dúas etapas claramente diferenciadas: unha primeira fase de crecemento continuo, que se dá entre 1900 e 1950, e unha segunda fase de descenso continuado, que se dá a partir de 1950. No cadro que segue aprécianse os totais de poboación para o pasado século e primeiros anos do século XXI nos concellos da comarca do Condado.

Poboación	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	2001	2006
Mondariz	5.213	5.952	6.764	6.687	7.001	7.093	6.978	6.641	6.443	6.260	5.480	5.354
Mondariz-Balneario	-	-		774	785	629	573	646	650	662	659	740
Neves (As)	6.008	6.387	6.126	6.435	6.861	6.852	6.573	6.224	6.026	5.150	4.695	4.473
Ponteareas	13.452	13.953	13.785	13.894	14.634	14.987	14.552	14.497	15.013	15.630	18.844	21.993
Salvaterra de Miño	9.242	9.493	9.514	9.197	9.871	9.791	9.266	8.093	8.675	8.252	8.320	8.505
O Condado	33.915	35.785	36.189	36.987	39.152	39.352	37.942	36.101	36.807	35.954	37.998	41.065

No contexto comarcal, o municipio de Ponteareas leva a cabeza no crecemento poboacional, sendo a regresión demográfica a única tónica xeral para o resto dos municipios, aínda que Mondariz-Balneario e Salvaterra de Miño gañan poboación a partir de 1970 e de 1991 respectivamente. Na gráfica que segue pódense apreciar claramente as tendencias, disparándose as diferenzas a partires de 1981.



Na gráfica que segue apréciase a porcentaxe de poboación no concello de Mondariz no conxunto comarcal, supondo o 13% do total para os datos de poboación a 01/01/2006, segundo os datos do Padrón Municipal de Habitantes do INE.



1.2.2. ETAPAS DA EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DO CONCELLO

A evolución da poboación de Mondariz, neste século que vai de 1900 ata os primeiros anos do século XXI, non é uniforme, e por isto, e para unha maior comprensión da realidade do municipio, cómpre analizala e establecer unha serie de etapas que dan maior significado aos datos da actualidade.

O incremento bruto da poboación entre 1900 e o ano 2006 é de 141 habitantes, o que supón o 2,7%, mentres que a poboación da comarca rexistra un aumento do 21,1%, que supón un crecemento de poboación de máis de 7.000 habitantes.

Poboación	1900	2006	incremento bruto	incremento %
Mondariz	5.213	5.354	141	2,7
O Condado	33.915	41.065	7.150	21,1

Na representación gráfica da poboación, segundo os datos censuais e últimos do Padrón de habitantes (2006), vese claramente a disposición positiva dos incrementos de poboación entre 1900 e 1950 e a situación de regresión demográfica entre 1950 e 2006 no concello de Mondariz. Tamén se inclúe un cadro cos datos de poboación do concello para ese período.

Poboación	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	2001	2006
Mondariz	5.213	5.952	6.764	6.687	7.001	7.093	6.978	6.641	6.443	6.260	5.480	5.354



Entre 1900 e 2006, a evolución da poboación da comarca do Condado e da poboación do concello de Mondariz son similares, xa que logo, a progresión do conxunto comarcal é de aumento na primeira metade do século XX e de descenso dende 1950 ata 1991, para volver a incrementarse entre 1991 e 2006, fronte ao incremento na primeira metade do século XX e o descenso entre 1950 e 2006 do conxunto municipal.



Na gráfica e no cadro seguintes detállanse as variacións intercensuais das poboación do conxunto comarcal e do concello de Mondariz desde 1900 ata os primeiros anos do século XXI.



Incrementos porcentuais	1900-1910	1910-1920	1920-1930	1930-1940	1940-1950	1950-1960	1960-1970	1970-1980	1981-1991	1991-2001	2001-2006
Mondariz	14,2	13,6	-1,1	4,7	1,3	-1,6	-4,8	-3,0	-2,8	-12,5	-2,3
O Condado	5,5	1,1	2,2	5,9	0,5	-3,6	-4,9	2,0	-2,3	5,7	8,1

Non obstante, cómpre facer unha periodización na evolución temporal do termo municipal, pois deste xeito poderase entender máis claramente a realidade municipal. Así, entre 1900 e 2006 pódense establecer as seguintes etapas ou períodos, froito dos movementos migratorios, os saldos vexetativos e as circunstancias económicas que marcan a realidade territorial do concello de Mondariz:

De 1900 ata 1940: a constante da poboación municipal é de crecemento. Os valores de incremento medio -para estes anos- en termos porcentuais son do 7,8%, coa peculiaridade dun mínimo crecemento negativo na década 1920-1930, froito dos fluxos migratorios cara América, especialmente. Mentres tanto, o conxunto comarcal tamén incrementa os seus efectivos pero dun xeito menos pronunciado, cunha media porcentual de 3,7%, non chegando o incremento para a década que vai de 1910 a 1920 ao 1,1%.

2ª etapa (de 1941 ata 1960): nestes anos pérdese poboación de xeito efectivo, pero os incrementos da mesma de 1,3% entre 1940 e 1950 e de -1,6% para os dez seguintes anos supoñen un proceso de relentización no seu crecemento: son os primeiros signos de "retardo" de novos mondaricenses e dos non nados, froito das migracións dos anos 20. Os excedentes de poboación, non asumidos no municipio, tomaran rumbo cara outros concellos da Comunidade Galega e do Estado Español; por outra banda, os países de América do Sur e os incipientes destinos da Europa democrática seguen a asumir os excedentes da poboación de Mondariz.

3ª Etapa (de 1961 ata 1970): os anos sesenta supoñen para o termo municipal un forte contratempo para os incrementos de poboación: así a perda de poboación é do –4,8%. Destaca un forte proceso de migración cara á área viguesa e os polos de desenvolvemento rexional e nacional aparte de se manter os destinos europeos.

4ª Etapa (dos anos 70 ata a actualidade): a partires desta data, o concello incrementa o seu descenso demográfico, sendo a regresión bruta entre 1970 e 2006 de 1.287 habitantes, destacando o descenso de 780 entre 1991 e 2001, polo que a dinámica no conxunto municipal é negativa, mais de perspectivas expectantes, xa que hai un aumento bruto de 34 habitantes de 2004 a 2006[2].

[2] Datos a 01/01/2006. Fonte: Padrón Municipal. INE

1.3. AS PARROQUIAS

Para analizar polo miúdo a dinámica da poboación do concello, vanse estudar os datos de poboación segundo as parroquias, sendo esta a división histórica e tradicional no noso país. Hoxe en día, os fortes procesos urbanizadores dos territorios, das cidades e das vilas poñen en moitos casos en dúbida a valía da entidade parroquial de cara ás análises demográficas e as súas correctas interpretacións: non obstante no caso de Mondariz, pola dimensión das súas parroquias e o seu desenvolvemento, esta análise pode ser mantida no ámbito tradicional da parroquia.

Así o termo municipal de Mondariz, no seu conxunto, amosa unha dinámica negativa. As quince parroquias que configuran este concello, teñen un comportamento propio, moitas veces asimilable aos comportamentos dos concellos rurais, do conxunto comarcal.

O factor rural, a centralidade urbana e a proximidade a esta, marcan a evolución dos núcleos de poboación do conxunto municipal. Para aproximarse a esta evolución, tómanse os datos de poboación por parroquia desde os últimos 24 anos, a través dos datos do Censo de Poboación e Vivendas dos Nomenclátor dos anos 1981, 1991 e 2001 e os últimos datos de xaneiro do 2005, para unha maior información do proceso demográfico do municipio.

Na gráfica que segue, represéntanse as liñas xerais das parroquias de Mondariz. A representación da parroquia de Mondariz, pola súa configuración urbana e poboacional, deforma a evolución do conxunto do concello. Pódese apreciar a evolución descendente de tódalas parroquias, das que, agás Mondariz, só superan os 600 habitantes Riofrío e Gargamala entre 1981 e 1991.



No cadro que segue, detállanse os incrementos porcentuais de poboación, segundo os datos censuais dos anos de referencia e os incrementos entre o último censo do ano 2001 e os datos de poboación do Padrón Municipal a un de xaneiro de 2005 (INE). Hai que destacar que os volumes de poboación, segundo as parroquias, diferéncianse entre o rural e a vila, polo que cómpre telo en conta cara á correcta interpretación destas porcentaxes, polo que as parroquias de menor volume de poboación terán máis problemas de subsistencia dada a escasa cantidade de efectivos de reemprazo.

Incremento porcentual Poboación parroquias	1981-1991	1991-2001	2001-2005	Poboación 2005
Frades	2,06%	-17,26%	-4,07%	351
Gargamala	-5,91%	-16,75%	-6,71%	422
Lougares	7,02%	-19,15%	-1,54%	431
Meirol	-13,17%	0,82%	-0,41%	231
Mondariz	6,36%	-10,60%	-0,72%	1.406
Mouriscados	0,29%	-13,43%	-1,98%	307
Queimadelos	13,45%	-5,93%	-11,02%	118
Riofrío	-11,64%	-7,13%	-0,83%	598
Sabaxáns	-6,71%	-14,59%	2,23%	414
Toutón	-9,75%	-12,29%	-3,14%	384
Vilar	-19,35%	-15,43%	-1,35%	299
Vilasobroso	-2,59%	-11,95%	-2,26%	382
Total	-2,84%	-12,46%	-1,95%	5.343

1.3.1. SAN MARTIÑO DE FRADES

Frades presenta signos negativos de crecemento, tal como se aprecia na gráfica. Nestes 24 anos o signo global é negativo, nunha porcentaxe do -19,7%, sendo o comportamento especialmente agresivo entre 1991 e 2001, cun -17,26%, e as diferenzas son menos negativas nos últimos cinco anos (2001-2005), xa que non chega ao 4,07% de perda de poboación. O peso dos “non nados” e do envellecemento da poboación consolida a tendencia. Frades supón no ano 2005 o 7% da poboación municipal e o 3% do territorio municipal, sendo unha das dúas parroquias menos extensas do concello.



No cadro que segue, inclúense os datos referidos á parroquia de Frades e ao total do concello, para unha mellor apreciación da tendencia parroquial. As porcentaxes son superiores ás do total municipal, sendo especialmente destacable a diferenza de crecemento entre 1991 e 1991.

Incremento porcentual Poboación parroquias	1991-1981	2001-1991	2005-2001
Frades	2,06%	-17,26%	-4,07%
Total	-2,84%	-12,46%	-1,95%

1.3.2. SANTA MARÍA DE GARGAMALA

A situación da parroquia de Gargamala é a máis preocupante dende o punto de vista demográfico: durante estes 24 anos Gargamala perde 187 habitantes, que é a cifra máis elevada de tódalas parroquias, e ten un crecemento negativo continuo, sendo do -30,7% para todo o intervalo, e que é máis destacado entre 1991 e 2001, cun -16,75%, e moi similar entre os

períodos 1981-1991 e 2001-205, próximo ao -6 e -7%. Gargamala supón no ano 2005 o 8% da poboación municipal nun 17% do territorio total, sendo a parroquia máis extensa do concello.



No cadro que segue, apréciase a situación parroquial e a dinámica municipal para unha mellor apreciación das porcentaxes. Obsérvase como as porcentaxes son máis elevadas que as do conxunto municipal.

Incremento porcentual Población parroquias	1991-1981	2001-1991	2005-2001
Gargamala	-5,91%	-16,75%	-6,71%
Total	-2,84%	-12,46%	-1,95%

1.3.3. SAN FIZ DE LOUGARES

A parroquia de Lougares amosa signos negativos de crecemento, especialmente nos últimos 14 anos, invertendo a tendencia positiva da década censual do 1981-1991, pois o saldo era arredor do 7%. No conxunto dos 24 anos o incremento é negativo, dun -18,2%. Lougares supón o 8% da poboación e un 8% da superficie do concello.



No cadro que segue pódense apreciar signos incluso de valor superior aos do conxunto municipal, sempre falando de valores porcentuais, especialmente entre 1981 e 1991.

Incremento porcentual Poboación parroquias	1991-1981	2001-1991	2005-2001
Lougares	7,02%	-19,15%	-1,54%
Total	-2,84%	-12,46%	-1,95%

1.3.4. SANTO ANDRÉ DE MEIROL

A situación de Meirol é, como a de tódalas parroquias do concello, preocupante desde o punto de vista demográfico. Nestes 24 anos a perda de poboación é constante, sendo do –17,8% para o conxunto temporal. A gráfica é ben elocuente para apreciar a tendencia da parroquia, que supón o 4% da poboación municipal e o 6% do territorio.



No seguinte cadro pódese apreciar que a parroquia presenta unha evolución máis positiva que a do concello, xa que tan só no período 1981-1991 supera sobradamente os seus valores negativos, para situarse nos intervalos 1991- 2001 e 2001-2005 en valores próximos ao 0%, o que indica un crecemento case nulo.

Incremento porcentual Poboación parroquias	1991-1981	2001-1991	2005-2001
Meirol	-13,17%	0,82%	-0,41%
Total	-2,84%	-12,46%	-1,95%

1.3.5. SANTA BAIA DE MONDARIZ

Mondariz ten, no conxunto temporal desta análise, unha tendencia negativa, no conxunto dos 24 anos, pois os valores sitúanse en -3,9%. A perda bruta de poboación neste conxunto temporal é de 57 persoas, porén entre 2001 e 2005 podemos falar de estabilización pois increméntase a poboación nun 4,61%, pasando de 195 habitantes a 204. Na gráfica pódese ver claramente a tendencia “estable” nos últimos anos. Mondariz representa o 26% da poboación municipal, sendo a parroquia máis poboada, e o 7% da superficie territorial do concello.



No cadro que segue, pódese apreciar a relación da parroquia de Mondariz e a do conxunto municipal, vinte anos de retroceso demográfico e un leve repunte nos últimos 4 anos, con todo, non se achega á cifra de poboación actual aos valores de 1981 nin de 1991.

Incremento porcentual Poboación parroquias	1991-1981	2001-1991	2005-2001
Mondariz	6,36%	-10,60%	-0,72%
Total	-2,84%	-12,46%	-1,95%

1.3.6. SAN CIBRÁN DE MOURISCADOS

Para o conxunto destes 24 anos, a parroquia de Mouriscados ten un saldo negativo de -12%, especialmente gravado na década censual do 1991 a 2001, no que a perda de poboación é de -13,43%, cifra que se torna positiva no seguinte período -o que vai de 2001 a 2005- porén non recupera os volumes de poboación de partida. Na gráfica que segue, apréciase claramente o cambio de tendencia, cambio que se terá que corroborar nos seguintes anos, sempre tendo en conta as liñas xerais dos saldos vexetativos non propicios. No ano 2005, a poboación de Mouriscados supón o 6% da poboación municipal, sendo a segunda parroquia en extensión, co 12% da superficie municipal.



No seguinte cadro comparativo, apréciase a regresión demográfica, tanto da freguesía de Mouriscados como do conxunto municipal. Este descenso é especialmente destacado entre 1991 e 2001 nos dous territorios, resaltando que para o concello a evolución é negativa durante todo o período e que as súas porcentaxes son superiores ás desta parroquia, agás en 1991-

2001. Hai que sinalar a esperanza que transmite o crecemento ente 2003 e 2005 de cara a unha recuperación demográfica desta parroquia.

Incremento porcentual Poboación parroquias	1991-1981	2001-1991	2005-2001
Mouriscados	0,29%	-13,43%	1,32%
Total	-2,84%	-12,46%	-1,95%

1.3.7. SANTA MARÍA DE QUEIMADELOS

Nos 24 anos desta análise o descenso de poboación é dun –0.8%, o que supón unha perda de 1 persoa, en termos absolutos, sendo a parroquia na que o descenso de habitantes é menor. Entre 1981 e 1991 o incremento porcentual da poboación é do 13,45% para baixar bruscamente na seguinte década e continuar esta tendencia nos últimos 5 anos. Quiemadelos supón o 2% da poboación municipal, sendo a parroquia menos poboada, e a segunda parroquia máis pequena do concello, pois supón o 3% do territorio.



No cadro que segue, amósanse as porcentaxes dos incrementos da poboación, na parroquia e no conxunto de Mondariz. Como se pode apreciar, os incrementos na década de 1981 a 1991 son superiores na parroquia de Queimadelos que no conxunto municipal, para logo baixar bruscamente, rematando cun lixeiro descenso nos últimos 5 anos. Cabe esperar un comportamento positivo nos vindeiros anos, xa que nos últimos anos desta análise (2003-2005) obsérvase un lixeiro aumento.

Incremento porcentual Poboación parroquias	1991-1981	2001-1991	2005-2001
Queimadelos	13,45%	-5,93%	-7,09%
Total	-2,84%	-12,46%	-1,95%

1.3.8. SAN MIGUEL DE RIOFRÍO

Riofrío é unha das parroquias *céntricas* do concello, limitando coa parroquia de Mondariz. O comportamento poboacional é claramente regresivo, como testemuñan nestes anos de análise os valores de –18,1% de perda de poboación. O descenso máis forte é na década do 1981 a 1991, para logo reducirse entre 1991 e 2001 a un -7,13%, e finalmente producirse un crecemento case nulo entre 2001 e 2005: hai que destacar que entre 2003 e 2005 se produce un crecemento do 0,7%, que cabe esperar nesta parroquia unha recuperación demográfica, sempre falando dos efectos dos saldos vexetativos.



No cadro que segue, detállanse os incrementos e descensos porcentuais da poboación, destacando que só no período 1981-1991 o crecemento desta parroquia é inferior ao do concello. Riofrío supón o 11% da poboación municipal, sendo a segunda parroquia máis poboada, e o 5% do territorio municipal, a terceira menos extensa.

Incremento porcentual Poboación parroquias	1991-1981	2001-1991	2005-2001
Riofrío	-11,64%	-7,13%	-0,17%
Total	-2,84%	-12,46%	-1,95%

1.3.9. SAN MAMEDE DE SABAXÁNS

A parroquia de Sabaxáns comparte a dinámica demográfica regresiva do resto das parroquias, cunha perda do 18,1% no intervalo temporal escollido para esta análise. Hai que destacar dúas etapas contrastadas: unha, entre 1981 e 2001, de descenso continuo, e outra entre 2001 e 2005 de ascenso constante: na primeira fase hai que destacar o forte decrecemento producido entre 1991 e 2001 (-14,59%), e na segunda o crecemento entre 2001 e 2003 (2,2%). Cabe esperar certa estabilidade, tal como se aprecia nos últimos cinco anos.



A poboación de Sabaxáns supón un 8% da poboación do concello e o 15% do territorio, sendo a segunda parroquia máis extensa. No cadro que segue amósanse os valores porcentuais de incrementos e descensos da poboación parroquial e municipal para unha mellor comparativa.

Incremento porcentual Poboación parroquias	1991-1981	2001-1991	2005-2001
Sabaxáns	-6,71%	-14,59%	2,48%
Total	-2,84%	-12,46%	-1,95%

1.3.10. SAN MATEO DE TOUTÓN

O caso de Toutón mantén similitudes coa situación das parroquias de Gargamala e de Vilar. A situación periférica no territorio municipal caracteriza a dinámica negativa do comportamento da poboación: no conxunto temporal a perda de poboación é do 26,6%. Toutón supón o 7% da poboación municipal e 12% do territorio, sendo a terceira parroquia máis extensa.



No cadro que segue, detállanse os incrementos por décadas censuais, nos últimos 5 anos, na parroquia e no concello. Pódese apreciar o forte descenso de poboación entre 1991 e 2001, moi similar ao valor municipal, así como que as porcentaxes parroquiais son superiores ás municipais nos restantes intervalos.

Incremento porcentual Poboación parroquias	1991-1981	2001-1991	2005-2001
Toutón	-9,75%	-12,29%	-7,25%
Total	-2,84%	-12,46%	-1,95%

1.3.11. SAN MAMEDE DE VILAR

A poboación de Vilar entre 1981 e 2005 redúcese nun -31,1%, sendo a parroquia que en termos porcentuais perde máis habitantes. Así entre 1981 e 1991 a diminución no censo de poboación é do 19,35%, que se reduce 4 puntos na seguinte década censual, para rematar nestes últimos anos, nunha situación de lixeira recuperación, que resulta esperanzadora. Vilar supón o 6% da poboación municipal e tamén da extensión territorial de Mondariz.



No cadro que segue, apréciase a evolución porcentual do conxunto parroquial e do conxunto municipal. As porcentaxes son negativas, e xoga na súa contra o proceso de avellentamento da poboación e a situación periférica no concello.

Incremento porcentual Poboación parroquias	1991-1981	2001-1991	2005-2001
Vilar	-19,35%	-15,43%	1,01%
Total	-2,84%	-12,46%	-1,95%

1.3.12. SAN MARTIÑO DE VILASOBROSO

O proceso regresivo da poboación de Vilasobroso é do -17,7% para os 24 anos desta análise. Na década censual de 1991 a 2001 prodúcese o maior descenso de poboación (-11,95%), significativamente superior aos dos outros dous períodos. Vilasobroso supón un 7% da poboación e da extensión territorial do concello de Mondariz.



No cadro, amósanse as porcentaxes de perda de poboación da parroquia e o comportamento para o conxunto municipal.

Incremento porcentual Poboación parroquias	1991-1981	2001-1991	2005-2001
Vilasobroso	-2,59%	-11,95%	-4,02%
Total	-2,84%	-12,46%	-1,95%

1.3.13. CONCLUSIÓNS

A poboación do concello de Mondariz supón o 13% da poboación da comarca do Condado, o 0,6% da poboación provincial e o un 0,2% da poboación total de Galicia.

O conxunto das parroquias do municipio teñen unha poboación baixa e con tendencia regresiva. Hai que subliñar que só a parroquia de Mondariz supón o 26% do total demográfico municipal, e o conxunto das parroquias restantes chega case a sumar as tres cuartas partes da poboación do concello (datos do INE do 2005). Salvo o núcleo de Mondariz, as parroquias son rurais, cun asentamento disperso polinuclear.

Entre 1900 e 2006, a evolución da poboación da comarca do Condado e da poboación do concello de Mondariz corren dun xeito paralelo, xa que teñen un resultado positivo, aínda que con diferenzas de matiz: mentres que O Condado ten un comportamento máis irregular, Mondariz ten dúas fases claramente diferenciadas (unha primeira de crecemento e outra de descenso). O incremento bruto da poboación entre 1900 e o ano 2005 é de 141 habitantes, que supón o 2,7%, mentres que a poboación da comarca rexistra un aumento do 21,1%, que supón un ascenso bruto de poboación de máis de 7.100 habitantes. No contexto comarcal, o concello de Mondariz é o único que medra demograficamente, sendo a regresión a tónica xeral para o resto dos municipios.

O conxunto municipal diminúe a súa poboación nun 19,4% nos últimos 26 anos, fronte ao aumento do 13,8% no mesmo tempo da comarca. Polo tanto Mondariz, como concello, non é alleo aos movementos migratorios cara aos asentamentos urbanos e capitais de provincia e polos economicamente máis dinámicos, trasladándose a veciñanza da comarca cara a conseguir emprego, servizos e vivenda.

1.4. A ESTRUTURA DA POBOACIÓN

A pirámide demográfica de Mondariz ofrécenos unha imaxe global dos habitantes do concello na situación actual[3]. A estrutura da pirámide permite estudar esta situación e as posibles situacións futuras definidas ou observadas pola análise da figura. A través da pirámide, pódese entender dun xeito máis pormenorizado a evolución pasada da poboación municipal e tamén as posibles liñas evolutivas dun xeito xenérico. Na pirámide de poboación de Mondariz, examínase a realidade da poboación ata a data, pero cómpre ter en conta que as circunstancias esóxenas ao territorio, que indubidablemente serán decisivas cara ao crecemento desta área territorial, non son tidas en conta, xa que logo son, hoxe por hoxe, un dato sen “contido”. Entre as circunstancias esóxenas nas que cabe citar, por caso, a influenza que exerce a súa inserción nunha área territorial e económica de carácter interior de especial dinamismo nun eixe transnacional Galiza-Norte de Portugal, e nunha área de especial interese ecolóxico, sen esquecer as potencialidades turísticas desta área xeográfica.

[3] Cifras oficiais do Padrón de habitantes do INE de 2005



A pirámide demográfica de Mondariz presenta unha figura avultada, cunhas baixas taxas de natalidade como se aprecia na estreita base da pirámide, e un progresivo aumento da esperanza de vida, xa que a pirámide ten unha figura algo máis estilizada nos tramos máis altos, nos que se representan os homes e mulleres de máis idade.

O perfil da pirámide de Mondariz amosa unha poboación evolucionada, cunha forte presenza de maiores que, nas actuais condicións teñen unha elevada esperanza de vida, especialmente as mulleres. Os tramos centrais da pirámide amosan entrantes e saíntes que reflicten os "booms de natalidade" dos nados na segunda metade da década de 1970 e na primeira metade de 1980, e os que teñen hoxe entre os 40-44 anos e os non nados debido á guerra civil, que se corresponden cos tramos de idade dos homes e mulleres que hoxe teñen entre 60 e 69 anos.

Á vista destas informacións, temos que ter en conta servizos e equipamentos para unha forte presenza de poboación, dependente especialmente de maiores da 3ª idade e unha futura poboación dependente infantil, é dicir, os fillos dos veciños do concello pertencentes aos segmentos de poboación, que a curto prazo estarán en condicións de xerar novos fogares. Non se pode pechar a análise da pirámide de poboación sen ter en conta unha serie de datos alleos en sentido estrito aos datos da pirámide, isto é, as características dos servizos, dos equipamentos, etc., destinados ás poboacións dependentes do concello. Estes equipamentos deberán ter en conta as condicións ambientais e culturais da poboación, xa que as variacións nos usos e costumes, así como os novos xeitos das unidades familiares (unipersoais, monoparentais, divorcios, familias reducidas, etc), e a forte incorporación ao traballo remunerado das mulleres, son factores que terán que terse en conta nesta planificación.

Os incrementos dos niveis formativos e culturais da poboación, así como o incremento da esperanza de vida deberan terse en conta na procura de ofertas de servizos e atencións axeitados aos cidadáns. **Estas características "novas" que afectan tanto ás novas xeracións como ás non tan novas, esixirán das autoridades un esforzo non só no estudo de equipamentos e servizos axeitados ás idades e características de cada grupo de idade, senón tamén que estes sexan de calidade.**

No cadro que segue detallamos a poboación municipal, a data de 2005, segundo as parroquias, as superficies que ocupan e as porcentaxes correspondentes, segundo a distribución parroquial, para un maior detalle informativo.

Parroquias	Superficie	Poboación (2005)	Densidade	% territorio concello	% poboación 2005
Frades	2,47	351	142,11	3%	7%
Gargamala	14,64	422	28,83	17%	8%
Lougares	6,95	431	62,01	8%	8%
Meirol	4,84	231	47,73	6%	4%
Mondariz	5,57	1.406	252,42	7%	26%
Mouriscados	10,09	307	30,43	12%	6%
Queimadelos	2,68	118	44,03	3%	2%
Riofrio	3,86	598	154,92	5%	11%
Sabaxans	13,07	414	31,68	15%	8%
Touton	10,30	384	37,28	12%	7%
Vilar	4,85	299	61,65	6%	6%
Vilasobroso	5,76	382	66,32	7%	7%
Total	**85,08**	**5.343**	**62,80**	**100%**	**100%**

A poboación de Mondariz, segundo os grandes grupos de idade, presenta un perfil maduro cunha media de idade de 41,2 anos, sendo de 40,3 para os homes e algo máis para as mulleres, pois para o ano 2001, a idade media das mondaricenses é de 42. Esta diferenza, aínda que pouca, explícase pola maior presenza de mulleres na estrutura piramidal, pois son elas as que gozan dunha maior esperanza de vida.
No cadro que segue, detállanse as idades medias dos concellos da comarca, así como os do termo municipal de Mondariz. Do conxunto comarcal, é Mondariz o municipio coas medias máis altas en idade, sendo tamén superior aos valores do conxunto comarcal, provincia le autonómico.

Idade media 2001	Idade media	Idade media homes	Idade media mulleres	Índice de dependenza (%)
Mondariz	**45,0**	**41,8**	**47,8**	**56,5**
Mondariz-Balneario	42,5	40,0	44,9	-
Neves (As)	44,9	42,1	47,4	61,0
Pontearéas	39,4	37,8	40,8	46,8
Salvaterra de Miño	41,9	39,6	44,1	50,4
Comarca de O Condado	42,7	40,3	45,0	42,9
Pontevedra	40	38,2	41,6	43,8
Galicia	42,3	40,6	43,8	48,3

Na gráfica que segue, detállanse as porcentaxes de poboación municipal segundo os grandes grupos de idade: un 10% da poboación ten menos de 14 anos, o 20% está entre os 15 e os 29 anos; así a porcentaxe de nenos e mozos ata os 29 anos do municipio é do 30%, cifra por baixo do 43% da poboación entre os 30 e os 64 anos, e un 23% entre os 65 e 84 anos, e tan só un 3% de máis de 85 anos.



Segundo o Anuario Social de La Caixa do ano 2004[4], o estado civil da poboación de Mondariz é o seguinte: o 39,2% da poboación é solteira fronte a un 43,2% da poboación casada, o 9,5% son viuvos e tan só un 1,5% separados. Na seguinte gráfica represéntanse estas porcentaxes para maior información.



O 82,4% da poboación de Mondariz[5] é nativa do propio concello, é dicir que máis das tres cuartas partes da poboación do municipio naceu no concello no que reside, e un 10,3% naceu noutro municipio da mesma provincia, cifra baixa comparando as porcentaxes do resto dos municipios, da provincia e da comunidade galega. Tan só un 1,4% naceu noutro concello da Comunidade sen ser a provincia de Pontevedra, o 2,1% noutra comunidade do estado español e un 3,8% foron nados nun país estranxeiro.

[4] Datos a 1 novembro do 2001

[5] Datos do Padrón de Habitantes do INE, a 1 de Xaneiro de 2002, tomados do Anuario Social de La Caixa do ano 2004.

Lugar de nacemento 2002 (% nacidos)	Mesmo concello	Outro concello da súa provincia	Outro concello da súa C.A.	Outra C.A.	País estranxeiro
Mondariz	**82,4**	**10,3**	**1,4**	**2,1**	**3,8**
Mondariz-Balneario[6]	-	-	-	-	-
Neves (As)	78,1	11,6	1,5	2,5	6,2
Pontearéas	66,2	20,1	3,1	3,3	7,3
Salvaterra de Miño	78,1	12,9	1,8	2,1	5
O Condado	76,2	13,7	2,0	2,5	5,6
Pontevedra	67,5	16,1	7,5	4,2	4,6
Galicia	63	21,6	6,4	4,6	4,5

1.5. MOVEMENTOS NATURAIS DA POBOACIÓN. SALDOS, TAXAS E ÍNDICES

Segundo os datos do INE para o movemento natural da poboación no ano 2004, o concello de Mondariz presenta un volume maior de defuncións que de nacementos, polo que o seu saldo vexetativo é para ese ano negativo, 34 mondaricenses. A cifra é semellante ás tendencias demográficas do noso país que non, son polo xeral, de prognóstico positivo.

No conxunto comarcal, o saldo vexetativo é tamén negativo: 266 habitantes menos, cifra moi alta, pois todos e cada un dos concellos que integran a comarca teñen un saldo vexetativo negativo, agás Pontearéas, onde é positivo, e Mondariz-Balneario, onde é nulo. Os saldos vexetativos responden pois á tónica regresiva do conxunto provincial e do conxunto galego.

2004[7]	**Poboación**	**Nacementos**	**Defuncións**	**Matrimonios**	**Saldo vexetativo**
Mondariz	5.320	27	61	9	-34
Mondariz-Balneario	704	5	5	2	0
Neves (As)	4.440	28	57	9	-29
Pontearéas	21.049	233	166	120	67
Salvaterra de Miño	8.019	52	99	37	-47
O Condado	39.532	82	56	348	-266
Galicia	2.750.985	20.534	10.891	28.216	-7.682

No cadro que segue preséntase a relación dos principais indicadores dos movementos de poboación (taxa bruta de natalidade, de mortalidade e taxa bruta de nupcialidade), así como o índice de envellecemento, o número medio de fillos por muller e a idade media de maternidade[8] para os valores do concello de Mondariz, dos concellos que integran a comarca, da comarca do Condado, da provincia de Pontevedra, así como os que corresponden ao total galego.

	Taxa de natalidade (2004) (‰)	Taxa de mortalidade (2004) (‰)	Índice de avellentamento (2005)	Idade media á maternidade (2004)	Número medio de fillos por muller (2004)	Taxa de nupcialidade (2004) (‰)
Mondariz	5,1	10,9	194,5	27,9	0,8	2,1
Mondariz-Balneario	4,3	7,8	134,2	27,2	0,5	4,3
Neves (As)	7	15,2	199,7	30,4	1,1	2,3
Pontearéas	11	7,6	76	31	1,2	5,8
Salvaterra de Miño	7,8	13,4	132,1	31,3	1,1	4,2
O Condado	9,0	10,1	109,4	30,8	1,1	4,6
Pontevedra	8,7	8,8	97,7	30,9	1,1	4,4
Galicia	7,5	11	130,4	30,9	1	4,1

[6] Mondariz-Balneario non ten datos debido a que no Anuario Social de España de La Caixa non figuran os concellos de menos de mil habitantes

[7] Datos do Movemento Natural da Poboación do ano 2004 (INE)

[8] Datos das fichas municipais e dos indicadores demográficos do IGE

A taxa bruta de natalidade en Mondariz para o ano 2004 é de 5,1‰, é dicir, rexístranse 5 nacementos por cada 1000 habitantes para o conxunto da poboación, inferior ao valor galego, e sobre todo ao da provincia de Pontevedra e ao comarcal. Tamén é inferior aos valores dos concellos da comarca, agás ao de Mondariz-Balneario, que é o máis baixo de todos os niveis territoriais comprendidos nesta análise.

A taxa bruta de mortalidade no ano 2004 é de 10,9‰, porcentaxe practicamente igual ao valor galego e lixeiramente máis alta que a comarcal, sendo o valor provincial máis baixo. Nas porcentaxes dos concellos da comarca ocupa unha situación intermedia, tendo As Neves o valor máis alto e Ponteareas o máis baixo, incluíndo tamén os valores comarcal, provincial e galego.

Polo que se refire ao índice de avellentamento (mide a porcentaxe de poboación de 65 e máis anos sobre a poboación de 0 a 14 anos), hai que dicir que Mondariz ten o segundo índice máis alto, con 194,5 vellos por cada 100 habitantes entre os 0 e os 14 anos, máis preto dos índices do total galego (130,4%) que dos do total comarcal (109,4%), e, sobre todo, do valor provincial (97,7%) e tamén distante dos concellos que integran a súa comarca, agás As Neves, que presenta un índice superior.

No que se refire ás idades medias á maternidade, dicir que Mondariz, os concellos que integran a comarca do Condado, o conxunto provincial, así como o total galego cífranse preto aos 30 anos, sendo algo maior para o concello de Salvaterra de Miño (31,3) e menor o valor para as mulleres dos concellos de Mondariz-Balneario (27,2) e do propio Mondariz (27,9), polo que mantén a tónica xeral dos últimos anos no contorno galego, así como a nivel estatal, atrasando considerablemente a chegada dos fillos, ben pola constitución tardía dos novos fogares, polas dificultades laborais da parella ou a falta de apoios institucionais cara a favorecer a conciliación de vida laboral e familiar.

O número medio de fillos por muller mantén a mesma tónica tanto nos valores comarcal e provincial como na comunidade galega, sendo de un fillo por muller como media, valores moi similares aos dos concellos da comarca, agás en Mondariz e en Mondariz-Balneario, con 0,8 e 0,5 fillos por muller, co que en ningún dos territorios se garante o reemprazo xeracional, que se establece en 2,1 fillos por muller, o que dará lugar a un avellentamento progresivo e a un aumento da esperanza de vida da poboación.

Polo que se refire á taxa bruta de nupcialidade, é dicir, o número de matrimonios por cada 1.000 habitantes, o concello de Mondariz sitúase nun 2,1‰, cifra que supón valores próximos á metade do total provincial (4,4‰), do conxunto comarcal (4,6‰), e da comunidade galega (4,1‰). De todos os xeitos o índice de nupcialidade, hoxe por hoxe, pode non axustarse ás consecuencias esperadas destas unións formais [9], xa que cada vez están máis estendidas as unións consensuais establecidas sen vinculo legal, e polo tanto sen rexistro nos datos censuais estandarizados.

Índice de dependencia: apenas hai diferenza entre os índices de dependencia do ano 2001 e do 2002, sendo lixeiramente superior neste último, tal como se representa no seguinte cadro. Mediante o índice de dependencia, obtense o peso, en termos porcentuais, da poboación non activa, constituída por nenos e maiores, respecto da poboación potencialmente activa. Mondariz amosa un índice “alto” de dependencia, respecto do total provincial, autonómico e comarcal[10], e tamén para os concellos da comarca, agás As Neves, que ten un índice superior: 57,1 mondaricenses de cada 100 no ano 2002 sitúanse nunha relación de “dependencia”, algo máis da metade da poboación, fronte aos 47,9 de cada 100 habitantes de Ponteareas ou os 44 de cada 100 pontevedreses.

[9] Fecundidade, constitución de fogares, movementos migratorios, cambios de residencia ...etc

[10] Hai que ter en conta que no Anuario Social de La Caixa non aparece Mondariz-Balneario, debido a que nesta fonte estatística non figuran os concellos de menos de 1.000 habitantes, o que desvirtúa a porcentaxe do total comarcal.

Índice de dependencia (%)	2001	2002
Mondariz	**56,5**	**57,1**
Mondariz-Balneario	-	-
Neves (As)	61	61,5
Pontearеas	46,8	47,9
Salvaterra de Miño	50,4	50,2
O Condado	53,7	54,2
Pontevedra	43,8	44,0
GALICIA	48,3	48,7

Nos cadros que seguen detállanse unha serie de índices referidos á poboación que leve dun xeito ou outro a valorar o estado de estrutura da poboación e as súas posibles tendencias nos vindeiros anos. Achegamos os valores de índices de infancia, de xuventude, de dependencia infantil, de dependencia de maiores, de vellez, de senectude e de avellentamento, tanto para o concello de Mondariz como para os que integran a comarca, así como os valores medios do conxunto comarcal, as referencias para a provincia e os valores amosados no conxunto galego para unha mellor contextualización. Os datos son referidos aos anos 2001 e 2002[11].

2001 (%)	Índice de infancia	Índice de xuventude	Índice de dependencia infantil	Índice de dependencia maiores	Índice de vellez	Índice de senectude	Índice de avellentamento
Mondariz	**10,4**	**20,5**	**16,3**	**40,3**	**25,7**	**11,9**	**247,2**
Mondariz-Balneario	-	-	-	-	-	-	-
Neves (As)	10,9	21,2	17,6	43,4	26,9	10,6	246,1
Pontearеas	14,1	24,3	20,7	26,1	17,8	10,3	126,2
Salvaterra de Miño	12,5	23,1	18,8	31,5	21	10,5	167,5
O Condado	12,0	22,3	18,4	35,3	22,9	10,8	196,8
Pontevedra	13,2	24	18,9	24,9	17,3	11,4	131,6
GALICIA	**11,7**	**22**	**17,4**	**30,9**	**20,8**	**11,9**	**177,3**

2002 (%)	Índice de infancia	Índice de xuventude	Índice de dependencia infantil	Índice de dependencia maiores	Índice de vellez	Índice de senectude	Índice de avellentamento
Mondariz	**9,8**	**20,1**	**15,4**	**41,7**	**26,6**	**12,3**	**271,6**
Mondariz-Balneario	-	-	-	-	-	-	-
Neves (As)	10,6	20,9	17,1	44,4	27,5	11,6	259
Pontearеas	15,1	23,8	22,3	25,6	17,3	9,7	115,1
Salvaterra de Miño	11,7	22,7	17,6	32,5	21,7	11,1	184,7
O Condado	11,8	21,9	18,1	36,1	23,3	11,2	207,6
Pontevedra	12,9	23,4	18,7	25,4	17,6	11,4	136
GALICIA	**11,6**	**21,5**	**17,2**	**31,5**	**21,2**	**11,9**	**182,8**

Con todo, os índices de dependencia son bastante altos, pois a poboación non activa e con requirimentos de atención moi específicos como é a infancia e a vellez, están condicionadas por unha poboación decrecente no seu volume, cos riscos de regresión e, polo tanto, de crise demográfica. Esta crise terá que ser afrontada, no caso concreto de Mondariz, coa chegada de efectivos esóxenos e/ou con apoio ás familias endóxenas, buscando o arraigo das novas e a permanencia no municipio das vellas, mediante servizos e equipamentos axeitados ás novas necesidades das familias, no seu medio habitual, procurando que este sexa un contorno de calidade residencial e ambiental como principal factor de reclamo, sen obviar o imprescindible desenvolvemento de actividades económicas que permitan o arraigo da poboación no territorio.

[11] Fonte: Anuario Social de España de La Caixa (2004)

O índice de infancia mídese polo número de nenos entre 0 e 14 anos por cada 100 adultos. Mondariz conta no ano 2002 cun índice de infancia do 9,8%, certamente negativo, sendo a porcentaxe máis baixa de todos os niveis territoriais desta análise.

O índice de dependencia infantil mide o número de nenos entre os 0 e os 14 anos por cada 100 adultos en idade de traballar (15-64 anos). O índice de Mondariz é dun valor de 15,4% no ano 2002 e algo maior no ano 2001 (16,3), inferior aos valores municipais, comarcais, provinciais e autonómicos.

O índice de xuventude indica a porcentaxe de mozos entre os 15 e os 29 anos respecto da poboación total. En Mondariz, no ano 2002 o índice de xuventude é do 20,1%, moi parello aos valores dos conxuntos galego (21,5%) e comarcal (21,9%), e, máis afastado dos valores provincial e dos concellos da comarca, agás As Neves. Polo tanto, Mondariz é o concello do conxunto comarcal coa poboación máis avellentada, seguido, a certa distancia, do resto dos concellos comarcais, en tendencia regresiva que pode poñer en perigo a súa viabilidade.

Para rematar este epígrafe, faise unha referencia aos índices referidos ás estruturas da poboación, en idade potencialmente activa e aos índices de reemprazo da poboación potencialmente activa, pois son valores moi útiles, cara a proxectar o futuro próximo das necesidades da poboación municipal.

O índice de estrutura da poboación, en idade potencialmente activa é a composición da poboación potencialmente activa (de 16 e máis anos)[12], a poboación de 15 a 39 sobre a poboación de 40 a 64 anos. No ano 2002 Mondariz ten case 105 (104,7%) mozos potencialmente activos por cada 100 activos entre os 40 e 64 anos, valor baixo en termos xerais a nivel estatístico, e certamente negativo, xa que é o mínimo de todos os ámbitos territoriais, dando Mondariz, deste xeito, un matiz regresivo no conxunto comarcal.

Polo que se refire aos índices de reemprazo da poboación, en idade potencialmente activa[13], dicir que no ano 2002 Mondariz ten os valores máis negativos do conxunto comarcal, xa que conta con 108 mozos entre os 15 e os 24 anos, por cada 100 veciños entre os 55 e 64 anos, fronte aos 158,4 de Ponteareas como valor máis alto. Respecto ao conxunto galego hai unha diferenza considerable, pois Mondariz está 13,4 puntos por baixo deste índice demográfico., que é moito maior en relación co valor da provincia de Pontevedra, 31,9 puntos. Este concello está afastándose de signos propicios de renovación, tal como se amosa no cadro dos índices da poboación potencialmente activa.

%	**Índice estrutura poboación en idade potencialmente activa (2001)**	**Índice estrutura poboación en idade potencialmente activa (2002)**	**Índice reemprazo da poboación en idade potencialmente activa (2001)**	**Índice reemprazo da poboación en idade potencialmente activa (2002)**
Mondariz	**106**	**104,7**	**110,6**	**108,2**
Mondariz-Balneario	-	-	-	-
Neves (As)	112,5	114,1	121,7	117,8
Ponteareas	146,4	147,8	160,1	158,4
Salvaterra de Miño	118,2	115,9	132,9	125,5
O Condado	120,8	120,6	131,3	127,5
Pontevedra	127,7	129,8	148,7	140,1
GALICIA	118,9	117,2	127,3	121,6

1.6. MOVEMENTOS MIGRATORIOS

Para achegarmos aos movementos migratorios de Mondariz tomaremos os datos oficiais do Censo de Poboación e Vivendas 2001, referidos á **inmigración interior**, é dicir, as altas no Padrón municipal desde distintas provincias do estado español, tamén os datos da **inmigración exterior**, referidas ás altas no Padrón municipal de habitantes que se rexistran en cada concello,

[12] Tomamos o intervalo de 15 anos pois os datos censuais –INE- veñen de 0-4,5-9, 10-14,15-19, 20-24....
[13] (Poboación de 15 a 24 anos/poboación de 55 a 64 anos)*100

procedentes do estranxeiro. A **emigración interior** é, pola contra, a referida ás baixas no Padrón de habitantes, como consecuencia da saída dos residentes, rumbo a outros municipios do estado español.

No cadro que segue, detállanse os totais de poboación, referidos á inmigración interior, segundo o sexo e os grupos de idade, por concellos, conxunto comarcal, provincial e totais galegos.

Inmigración interior	Total	Homes	Mulleres	0-14 anos	15-29 anos	30-64 anos	65 e máis anos
Mondariz	**95**	**52**	**43**	**11**	**37**	**44**	**3**
Mondariz-Balneario	-	-	-	-	-	-	-
Neves (As)	118	66	52	14	41	49	14
Ponteareas	637	311	326	101	236	274	26
Salvaterra de Miño	139	78	61	15	54	61	9
O Condado	247	127	121	35	92	107	13
Pontevedra	15.558	7.762	7.796	2.184	5.323	6.951	1.100
GALICIA	54.471	26.778	27.693	7.289	17.508	24.716	4.958

O 66,3% da inmigración interior procede da mesma Comunidade Autónoma, é dicir hai 63 residentes procedentes doutros concellos de Galicia, un 7,4% procedentes de Madrid, Baleares, e Canarias (7), e un 2,1% de Castela e León e País Vasco (2). Por grandes grupos de idade, as porcentaxes correspóndense segundo a seguinte gráfica.



O 39% da inmigración interior está no segmento de idade comprendida entre os 15 e os 29 anos, sendo unha poboación moza, e hai unha porcentaxe do 46% en plena idade laboral, entre os 30 e os 64 anos; tan só un 3% de inmigrantes interiores de 65 e máis anos –podendo ser retornados- e un 12% de poboación infantil ata os 14 anos, fillos dos inmigrantes procedentes das distintas comunidades autónomas con presenza en Mondariz. A poboación dependente asociada á inmigración interior do concello representa, pois, só o 15% desta inmigración e o 85% dos inmigrantes interiores son poboadores "activos" ou non dependentes.
Polo que toca á inmigración exterior, (isto é, as altas no concello procedentes do estranxeiro) o cadro que segue contén os datos para o concello e os que integran a comarca e os datos para o total provincial e o conxunto galego. Mondariz é receptor dun total de 4 habitantes procedentes do estranxeiro, sendo todas mulleres.

Inmigración exterior	Total	Homes	Mulleres	0-14 anos	15-29 anos	30-64 anos	65 e máis anos
Mondariz	**4**	**0**	**4**	**0**	**0**	**2**	**2**
Mondariz-Balneario	-	-	-	-	-	-	-
Neves (As)	13	9	4	2	3	6	2
Ponteareas	62	30	32	15	21	22	4
Salvaterra de Miño	25	16	9	3	11	10	1
O Condado	13	7	6	3	4	5	1
Pontevedra	4.303	2.213	2.090	841	1.328	1.879	255
GALICIA	11.395	5.660	5.735	2.257	3.378	4.999	761

Segundo os grandes grupos de idade, no tocante ao concello de Mondariz, na gráfica que segue detállanse as porcentaxes. Como se pode apreciar, o 50% está comprendida entre os 30 e os 64 anos, e o outro 50% ten máis de 64: hai que destacar a ausencia de inmigración exterior entre 0 e 29 anos.



As baixas no padrón municipal cara a outros municipios do estado español, isto é, a emigración interior, supón no censo do 2001, un total de 151 veciños. No cadro que segue detállanse segundo o sexo e os grandes grupos de idade.

Emigración interior	Total	Homes	Mulleres	0-14 anos	15-29 anos	30-64 anos	65 e máis anos
Mondariz	**151**	**92**	**59**	**20**	**57**	**58**	**16**
Mondariz-Balneario	-	-	-	-	-	-	-
Neves (As)	84	46	38	14	29	33	8
Ponteareas	422	206	216	68	164	169	21
Salvaterra de Miño	159	72	87	19	69	56	15
O Condado	204	104	100	30	80	79	15
Pontevedra	17.011	8.623	8.388	2.298	6.209	7.483	1.021
GALICIA	58.700	29.033	29.667	7.583	20.627	25.843	4.647

Na gráfica, podemos apreciar o peso porcentual deste colectivo, sendo o 76% poboación activa e o 24% dependente: deste grupo hai un 13% para os veciños comprendidos no intervalo de idade dos 0 ata os 14 anos e o 11% no de máis de 65 anos.



O 57% da emigración interior diríxese á mesma Comunidade Autónoma (é dicir, hai 86 residentes que teñen como destino doutros concellos de Galicia), un 19% a Baleares (28), un 13% a Cataluña (19), un 7% a Madrid (10), un 5% a Canarias (7), e tan só un 1% a Andalucía (1).

Segundo o sexo, non hai grandes distincións nas tipoloxías das migracións, sendo lixeiramente favorable aos homes, salvo na inmigración exterior, pois o concellos só recibiu altas de mulleres.

	Homes	**Mulleres**
Inmigración interior	55%	45%
Inmigración exterior	0%	100%
Emigración interior	61%	39%

O concello de Mondariz ten un saldo migratorio negativo (-52), é dicir, o resultado de restar aos dous tipos de inmigración (a interior e a exterior) a emigración interior. Deste xeito, hai 95 inmigrantes interiores e 4 exteriores, que suman 99 inmigrantes, rexistrándose no concello un total de 151 emigrantes interiores, polo que o saldo é negativo. Non se ten en conta a emigración exterior, xa que ten escasa relevancia actualmente, dando os informes das migracións interiores un dato comparativo moi útil.

Mondariz presenta unha taxa de migración de -9,49‰. Esta taxa representa o saldo migratorio relativizado polo total da poboación, sendo negativo e moi por baixo dos valores dos concellos da súa comarca, que son todos positivos, tal e como se representan no cadro que segue. O concello presenta un saldo migratorio negativo de 52 persoas: polo tanto, no censo municipal hai, pola vía das altas e baixas no padrón, unha cifra negativa, sendo positiva tanto nos outros concellos da comarca, como nos totais comarcal, provincial e autonómico.

	Saldo migratorio	**Taxa de migración (‰)**
Mondariz	**-52**	**-9,49**
Mondariz-Balneario	-	-
Neves (As)	47	10,01
Ponteareas	277	14,7
Salvaterra de Miño	5	0,6
O Condado	69	3,96
Pontevedra	2.850	3,11
GALICIA	7.166	2,62

Os datos municipais de 2005[14] amosan cifras de máis importancia, polo que cómpre estar ao tanto das variacións na recepción de novos veciños no termo municipal, xa que se contabilizan un total de 215 estranxeiros no municipio, é dicir un incremento estratosférico dun 1031,6%, respecto dos datos oficias do censo do 2001 (INE), que se cifran en 19 inmigrantes estranxeiros. No cadro que segue amósanse, segundo as grandes zonas xeográficas, a procedencia dos inmigrantes exteriores residentes en Mondariz.

	Homes	**Mulleres**	**Totais**
Unión Europea	48	66	114
Resto de Europa	19	13	32
Magreb	2	0	2
América do Sur	36	29	65
Totais	**107**	**108**	**215**

En porcentaxes, a presenza de europeos é moi importante, pois situase no 67,9%, cun total de 146 persoas. Con todo, hai que diferenciar entres os procedentes de países da Unión Europea e os do resto de Europa: salientar que estes supoñen un 14,9% do total, mentres que os da Unión Europea o 53%, dos que a maioría son de Francia (28), seguidos de Alemaña (13), Reino Unido (7) e Italia (1).

Os novos veciños procedentes do continente americano supoñen o 30,2% dos estranxeiros sendo maioritariamente homes. A presenza e a incidencia da inmigración magrebí e asiática, nunha porcentaxe do 0,9% cada unha, é mínima, polo que non se prevén problemas de integración que requiran especial atención cara á convivencia no concello.

No cadro que segue, represéntanse os valores porcentuais, segundo o sexo, para o total dos inmigrantes estranxeiros no Padrón municipal de Mondariz, a 1 xaneiro de 2005. Pódese apreciar a equidade na presenza de mulleres e de homes.



No cadro que segue, detállanse as grandes zonas xeográficas de procedencia e o sexo dos inmigrantes.

[14] Datos do Padrón Municipal de Habitantes do ano 2005 (a 1 de xaneiro) do Instituto Nacional de Estadística



1.7. INSTRUCIÓN DA POBOACIÓN

Nesta sección faise referencia aos datos obtidos do Censo de Poboación e Vivendas do INE do 2001 para a contextualización comarcal: as gráficas e cadros son de elaboración do equipo, segundo as fontes citadas. Os niveis formativos, no conxunto comarcal e segundo os datos do censo, son os que se amosan no cadro que segue, e para unha comparativa máis axeitada dos datos porcentuais, así como a mesma información, segundo os concellos que integran a comarca do Condado, a provincia e o conxunto galego.

	Analfabetos e sen estudos	**Estudos primarios**	**Estudos secundarios**	**Estudos universitarios**
Mondariz	**25,8**	**42,4**	**28,7**	**3,1**
Mondariz-Balneario	18,2	26,5	42,9	12,4
Neves (As)	34,6	39,1	24,3	2,0
Pontearеas	31,6	23,6	38,9	5,8
Salvaterra de Miño	34,4	27,2	35,2	3,2
O Condado	28,9	31,8	34,0	5,3
Pontevedra	21,7	29,7	39,9	8,7
Galicia	23,9	28,2	38,6	9,3

Pódese apreciar que Mondariz amosa valores altos de persoas sen estudos e analfabetos, cunha porcentaxe do 25,8%, pero algo negativos, se se teñen en conta os valores para o conxunto da comarca, que se sitúa nun 28,9%. A porcentaxe de analfabetos e sen estudos no concello representa valores moi parellos aos do conxunto provincial e ao galego, aínda que lixeiramente superiores.

Os valores porcentuais para os estudos regulados primarios son moito máis elevados no concello que na comarca, na provincia, así como no conxunto galego, con máis de 10 puntos de diferenza en todos os casos. Esta tendencia é igual para os concellos do Condado, agás As Neves, que ten unha porcentaxe semellante a Mondariz, aínda que lixeiramente máis baixa.

Para os estudos secundarios, o concello ten valores porcentuais de menor peso que os conxuntos comarcal, provincial e autonómico, e que todos os concellos da comarca, agás As Neves, que ten unha porcentaxe algo máis baixa. A diferenza con respecto aos conxuntos vai do 5,3% do Condado ao 11,2% de Pontevedra, quedando Galicia nun nivel intermedio, mentres que con respecto aos concellos vai do 6,5 de Salvaterra de Miño ao 14,2% de Mondariz- Balneario.

Mondariz conta cunha poboación con estudos universitarios do 3,1%, sendo, ao igual que nos estudos secundarios, a porcentaxe máis baixa de todas, agás As Neves, volvendo a ter a mínima. Diferenzas do 2,2% da comarca ao 6,1% de Galicia, do 9,3% de Mondariz Balneario ao 0,1 de Salvaterra de Miño.

Na gráfica que segue, detállase a representación das porcentaxes dos niveis de estudos do concello, da comarca, dos valores da provincia e dos da comunidade galega, para unha mellor apreciación dos datos.



Pódese concluír que Mondariz presenta uns niveis formativos aceptables, aínda que cunhas altas porcentaxes de poboación sen estudos, que van moi asociadas ás persoas de máis de 65 anos, que supoñen un 26% da poboación. Os estudos regulados amosan niveis próximos aos comarcais, afastándose dos valores provinciais e galegos, que no caso dos estudos primarios son inferiores e nos estudos secundarios e universitarios, tanto con respecto aos valores comarcais como do concello de Mondariz.

2. O PARQUE SOCIORRESIDENCIAL

Neste apartado vaise facer un achegamento á realidade socioresidencial do concello de Mondariz mediante unha serie de fontes estatísticas, análises gráficas e datos municipais, que axudarán a perfilar dun xeito real a situación do parque de vivendas no termo municipal.

Para traballar nesta análise, tómanse como fonte os datos oficiais dos censos de Poboación e Vivendas do INE, e os datos do nomenclátor dos anos 1960, 1970, 1981, 1991 e 2001. Nos datos do último censo de Poboación e Vivendas do INE (ano 2001) hai información de grande interese para caracterizar cada un dos concellos da comarca do Condado, na que se insire o termo municipal, así como do propio concello. Nos datos do nomenclátor obsérvase a evolución dos concellos de forma xeral, e en particular a evolución das parroquias.

Cos datos municipais sobre as licencias, observárase a evolución destas nos últimos dez anos, dando deste xeito unha información importante cara a perfilar as tipoloxías edificatorias, isto é, vivendas colectivas, vivendas unifamiliares, rehabilitacións, reformas, obras menores, peches e muros, etc... Todas estas obras son importantes de cara a ver a evolución do uso do solo, das tendencias de expansión dos núcleos, e mesmo do xurdimento de novos asentamentos ou a desaparición doutros, tendencias a se compactar os tramados urbanos, etc...

Por último os datos do IGE ofrecen a información dos últimos anos sobre as obras de vivendas e locais, segundo sexan de nova planta, remodelacións ou por demolicións, etc, que son datos importantes cara a redondear as informacións facilitadas polo concello de Mondariz.

Xa para rematar, farase unha exposición das principais conclusións, tendo en conta da análise polo miúdo, feita cos datos e as achegas da equipa de redacción deste PXOM.

Hai que subliñar que se analizarán os datos máis actualizados dos que se dispoñen dos censos e dos padróns municipais, cara a establecer comparativas cos municipios da comarca e dos totais provinciais e da comunidade.

2.1. O CONCELLO DE MONDARIZ. CONTEXTUALIZACIÓN DA ANÁLISE

O concello de Mondariz forma parte da comarca do Condado, situada no suroeste de Galicia, na provincia de Pontevedra, estando da capital provincial a uns 58 km (uns 55').

Dos cinco concellos que integran a comarca do Condado15, o máis poboado é a vila cabeceira da comarca, Ponteareas, sendo tamén o máis extenso, con 125,6 km², fronte aos 2,3 km² de Mondariz-Balneario, que é menos extenso e poboado. A densidade de poboación da comarca é baixa no seu conxunto, pois non chega aos 80 hab/km², influíndo negativamente a densidade de poboación do termo municipal de Mondariz, que non chega aos 65 hab/km2, sendo a densidade máis baixa de todas. Con todo, a comarcal está máis próxima, aínda que por baixo, da galega que non chega aos 100 hab/km².

O concello de Mondariz está constituído por doce parroquias que son as seguintes: Frades, Gargamala, Lougares, Meirol, Mondariz, Mouriscados, Queimadelos, Riofrío, Sabaxáns, Toutón, Vilar e Vilasobroso.

2.2. EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS 1960 –2001

Nas seguintes páxinas desenvolverase unha análise da evolución temporal desde 1960 ata 2001 das variacións censuais do parque de vivendas. É unha aproximación desde o xeral ao particular da situación comarcal, para seguir co conxunto municipal e cunha aproximación á evolución de cada unha das parroquias.

A división territorial tradicional do noso país é a parroquia, no entanto non ten a mesma dimensión en todo o territorio, xa que, por exemplo, as vilas e concellos do litoral tenden a espallarse nun hábitat diseminado, dando lugar a un alto grao de ocupación do solo. Este feito fai que a análise do concello de Mondariz teña un enfoque máis centrado, debido a un hábitat diseminado.

[15] Concellos que integran a Comarca do Condado: Mondariz, Mondariz-Balneario, Neves (As), Ponteareas e Salvaterra de Miño. Amais Mondariz, Ponteareas e Salvaterra de Miño están integrados na Mancomunidade do Condado.

Esta característica fai que os esforzos do equipo de redacción do PXOM se centren dun xeito especial no feito planificador do PXOM, xa de por si complexo, e nas análises da evolución territorial e nas dotacións de servizos e infraestruturas á poboación nun territorio diseminado.

2.2.1. A COMARCA DO CONDADO

A comarca do Condado está conformada por oito concellos, dos que indubidablemente o de Ponteareas exerce de cabeceira de Comarca16. Polo que se refire ás vivendas a nivel comarcal, o concello de Mondariz amosa o 12% do total das vivendas da comarca, segundo os datos do último censo do INE 2001. Os outros catro concellos da comarca repártense o 88% restante das vivendas censadas: así, por orde de importancia, o 52% en Ponteareas, o 21% en Salvaterra de Miño, o 13% das vivendas en As Neves, e tan só o 2% das vivendas en Mondariz-Balneario.

Na gráfica que segue amosamos a representación gráfica destas porcentaxes. Apréciase claramente a importancia do concello de Ponteareas.



No cadro que segue amósase o total das vivendas rexistradas, segundo os censos, desde 1960 ata 2001.

Comarca do Condado	1960	1970	1981	1991	2001
Mondariz	**1.824**	**1.779**	**2.085**	**2.227**	**2.209**
Mondariz-Balneario	155	211	226	253	355
Neves (As)	1.809	2.105	1.951	2.351	2.274
Ponteareas	4.707	4.266	5.421	6.497	9.225
Salvaterra de Miño	2.623	2.404	2.988	3.502	3.647
Total Comarca	**11.118**	**10.765**	**12.671**	**14.830**	**17.710**

A evolución nestes anos de análise desde 1960 ata os últimos datos oficiais do 2001 é moi elocuente e vai tamén moi parella á traxectoria da poboación. A representación da evolución do parque de vivendas pon de manifesto a importancia capital da cabeceira da comarca, distanciándose de xeito evidente do resto dos concellos.

[16] Aínda que na delimitación e configuración comarcal da SDCG non se estableza a figura de capitalidade.



2.2.2. O CONCELLO DE MONDARIZ

A especial localización da poboación e as vivendas no termo municipal fixo que se establecese nesta primeira aproximación unha separación entre a parroquia de Mondariz e o resto das parroquias, xa que a importancia numérica da primeira, tanto en poboación como vivendas, amosaba unha idea deformada do conxunto municipal, e mesmo do concello respecto do conxunto comarcal. Así pois, no cadro que segue, detállanse as cifras de vivendas para os anos 1960, 1970, 1981, 1991 e 2001 para o conxunto parroquial sen a parroquia de Mondariz, esta, e o conxunto total do municipio, e tamén as vivendas rexistradas no conxunto comarcal do Condado para o mesmo espazo temporal.

	1960	**1970**	**1981**	**1991**	**2001**
Parroquias agás Mondariz	1.421	1.329	1.589	1.674	1.576
Parroquia de Mondariz	385	450	496	553	633
Total Concello	1.806	1.779	2.085	2.227	2.209
Total Comarca	11.118	10.765	12.671	14.830	17.710

A representación gráfica é ben elocuente: a liña ascendente do conxunto comarcal é evidente, segue aproximadamente a mesma liña pero de moito menor valor o total da parroquia de Mondariz, mentres que o total do concello e o conxunto das restantes parroquias do concello teñen unha dinámica similar, tanto en número de vivendas como na súa evolución, sendo o seu comportamento de descenso-crecemento-descenso.

No detalle da gráfica do concello de Mondariz na que está representada o seu parque de vivendas censadas, pódese apreciar o aumento constante en todo o período da parroquia de Mondariz, aínda que non *anula* o crecemento do resto das parroquias, debido ao maior peso residencial destas.



O incremento das vivendas entre 1960 e 2001, no conxunto municipal, é do 22,3%; con todo, o incremento das vivendas na vila é do 64,4%, fronte tan só ao 10,9% do resto municipal. O conxunto comarcal incrementa as súas vivendas censadas nestes 50 anos nun 59,3%, cifra máis próxima aos valores da parroquia de Mondariz que a do total do concello.

2.2.3. AS PARROQUIAS DE MONDARIZ

No concello rexístranse parroquias cunha tendencia máis "negativa" ou de perda de vivendas censadas, e outras que experimentan un alza nos mesmos rexistros. No cadro que segue detállase o total das vivendas, segundo as parroquias de Mondariz para os anos desta análise.
Pódese apreciar a perda de vivendas en Toutón e en Lougares e por outra banda o maior incremento das vivendas en Queimadelos, que pasa de 21 en 1960 a 46 no censo de 2001. Os valores para as parroquias son, como se pode apreciar, de menor intensidade e magnitude que os da parroquia de Mondariz, polo que cómpre telo en conta cara a interpretar axeitadamente os datos.

Parroquias	1960	1970	1981	1991	2001
Frades	106	103	126	129	133
Gargamala	193	174	214	205	203
Lougares	166	137	158	185	149
Meirol	86	81	97	91	95
Mondariz	385	450	496	553	633
Mouriscados	126	109	121	144	126
Queimadelos	21	38	42	51	46
Riofrío	176	187	203	238	207
Sabaxáns	156	128	172	165	164
Toutón	155	143	150	148	135
Vilar	100	98	126	117	119
Vilasobroso	136	131	180	201	199
Total Concello	1.806	1.779	2.085	2.227	2.209

Na gráfica que segue represéntase os valores volumétricos dos totais das vivendas por parroquia. Pódese apreciar a evolución destas parroquias, especialmente en Queimadelos, Mondariz, e Vilasobroso.



2.2.4. SAN MARTIÑO DE FRADES

Entre 1960 e 2001 o incremento do censo de vivendas na parroquia é do 25,5%. O máximo crecemento se produce na década 1970 – 1981, cun 22,3%, para logo descender bruscamente nos períodos 1981-1991 e 1991-2001, con porcentaxes do 2,4% e do 3,1% respectivamente. Na década inicial, 1960-1970, prodúcese un pequeno descenso no número de vivendas (-2,8%).



2.2.5. SANTA MARÍA DE GARGAMALA

Neste tramo temporal que se analiza, o incremento de vivendas censadas nesta parroquia, segundo os datos recompilados, é do 5,2%, mais non é constante O punto álxido represéntase no censo de 1981, cun total de 214 vivendas, cifra non recuperada nos seguintes censos. Por outra banda, os datos do Padrón de Habitantes de 2005[17], reflicten o descenso no período final da análise (1981-2001), polo que non cómpre esperar unha recuperación rápida nestes valores decrecentes.

[17] Instituto Nacional de Estadística.



2.2.6. SAN FIZ DE LOUGARES

O descenso de vivendas nestes 50 anos é do 10,2%, sendo o máis baixo de todas as parroquias: non obstante, a época máis significativa da diminución das súas vivendas é entre 1991 e 2001, pois é do -19,5%. Hai que resaltar o aumento continuo de vivendas entre os censos de 1970 e 1991, que se cifra nun 35%, mais está contrarrestado polo descenso xa indicado entre 1991 e 2001.



2.2.7. SANTO ANDRÉ DE MEIROL

Meirol caracterízase por un aumento do seu parque de vivendas, aínda que non é constante. Entre 1960 e 2001 o aumento supón un 10,5%; por outra banda a poboación experimenta leves descensos. No último censo (2001) a parroquia conta con 246 habitantes, o que supón máis de 1,5 persoas por vivenda, 1,65 concretamente.



2.2.8. SANTA BAIA DE MONDARIZ

No censo de 1970 Mondariz ten o punto máis baixo do seu parque de vivendas, pois as 385 vivendas dese censo se recuperan nos seguintes anos censuais, así mesmo a súa poboación non baixa dos 1.350 habitantes. O aumento das vivendas para o conxunto dos 50 anos é do 64,4%, cifra bastante alta, sobre todo no contexto do concello. A última porcentaxe no relativo ás variacións dos datos censuais (1991-2001) é moi positiva, pois indica un aumento do 14,5%.



2.2.9. SAN CIBRÁN DE MOURISCADOS

Entre 1960 e 2001 o crecemento é nulo, pois en ambos anos hai 126 vivendas. Porén, os datos intercensuais seguintes amosan descensos e incrementos bruscos, tal como se aprecia na gráfica. O ano máis importante no volume de vivendas para a parroquia é 1991, no entanto, á vista dos datos de poboación a parroquia experimenta un momento "doce", pois desde 1970 os incrementos de poboación son unha constante ata 1991: así entre 1970 e 1981 o incremento é do 11%, e entre 1981 e 1991, o incremento é do 19%. En 2001 hai censadas 303 persoas e 126 vivendas, o que amosa unha media de 2,4 persoas por vivenda.



2.2.10. SANTA MARÍA DE QUEIMADELOS

Entre 1960 e o 2001 o incremento porcentual de vivenda é do 119%, sendo o máis alto de todas as parroquias: é 1991 o ano máximo no total de vivendas censadas, chegando ás 51. Destaca o crecemento constante entre 1960 e 1991, especialmente acusado entre 1960 e 1970.
A poboación medra entre 1981 e 2001 un 6,7%, non sendo un aumento constante.



2.2.11. SAN MIGUEL DE RIOFRÍO

En Riofrío, novamente o censo de vivendas de 1991 arroxa a cifra máis alta rexistrada na parroquia, pois no último, o do ano 2001, a cifra baixa a 207 vivendas, para unha poboación no mesmo ano de 599 veciños. O aumento nas vivendas entre os censos de 1960 e 1991 é do 35,2% para este período, e entre 1991 e 2001 rexistra un descenso do 13% non úmero de vivendas. Riofrío é unha parroquia recesiva na poboación.



2.2.12. SAN MAMEDE DE SABAXÁNS

Esta parroquia experimenta desde 1960 ata os últimos datos do censo do 2001 un incremento irregular do seu número de vivendas. Para o total do período o incremento é do 5,1%, cifra de pouca entidade, que non vai parella ao descenso constante da poboación entre 1981 e 2001, que é dun -20,3%. As vivendas, pola contra, seguen unha traxectoria irregular de crecemento, tal como se pode visualizar na gráfica desta parroquia: -18% entre 1960 e 1970, un 34,4% entre 1970 e 1981, pasando a un -4,1% entre 1981 e 1991, para rematar nun -0,6% no 2001, onde hai unha media de 2,46 habitantes por vivenda nesta parroquia.



2.2.13. SAN MATEO DE TOUTÓN

Entre os datos censuais de 1960 e 2001, o descenso bruto de vivendas é de 20 unidades, o que en termos porcentuais supón un -12,9%, cifra moi importante, debido a que é a parroquia que máis vivendas perde; a poboación entre 1981 e 2001 diminuíu nun -20,8%, redución que é constante.



2.2.14. SAN MAMEDE DE VILAR

As vivendas nesta parroquia non experimentan unha excesiva alteración, pois entre 1960 e 2001 o incremento é do 19,0%, sendo as cifras de maior peso as do ano 1981, con 126 vivendas. O incremento maior prodúcese no período intercensual 1970-1981, sendo do 28,6%, para logo descender e vólverse negativo entre 1981-1991. A súa poboación descende continuamente dende 1981 ata 2001, partindo de 434 habitantes ata reducirse a 296.



2.2.15. SAN MARTIÑO DE VILASOBROSO

No ano 2001 foron censadas nesta parroquia un total de 199 vivendas, cifra afastada das 136 vivendas censadas en 1960. O incremento bruto é de 63 vivendas, o que supón un incremento para estes anos do 46,3%, unha das cifras máis altas no conxunto municipal.

Hai que destacar o período comprendido entre 1970 e 1991 polo seu crecemento continuo, un 49,1%, especialmente no intervalo censual 1970-1981, que supón un incremento bruto de 49 vivendas e en termos porcentuais do 37,4%. Os períodos inicial e final deste intervalo caracterízanse por ter un lixeiro descenso do número de vivendas, con porcentaxes do -3,7% e do -1,0% respectivamente.



2.3. OS EDIFICIOS E VIVENDAS

Nas páxinas que seguen vanse achegar as características dos edificios, das vivendas, dos fogares, así como dos locais do municipio. As características, como o ano de construción, o número de plantas por edificio, o estado de construción, así como as características e composición dos fogares, son datos que apoian o coñecemento do municipio, especialmente o relativo ás vivendas e quen as habita; por outra banda e para unha mellor comparativa, ás veces teranse en conta os datos do conxunto comarcal.

Dos 13.256 edificios destinados principalmente a vivendas do conxunto comarcal, segundo datos do Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001 do INE, unha porcentaxe moi alta correspóndelle ao concello de Mondariz, xa que o 41% deste total están localizados no termo municipal, que supoñen, en número, 5.401 edificios censados no ano 2001. Na gráfica que segue pódense apreciar as porcentaxes dos edificios de Mondariz e a dos restantes concellos que engloba a comarca: As mesmas características de "peso" na evolución da poboación repítense no tocante aos edificios e vivendas en Ponteareas, así este concello leva o ritmo respecto do resto dos concellos da comarca. As restantes porcentaxes son moi parellas, agás Mondariz-Balneario, que debido á súa ínfima extensión só conta co 2% dos edificios da comarca, pois van dende o 16% de Mondariz e As Neves ao 25% de Salvaterra de Miño.



Mondariz e os concellos que integran a comarca manteñen diferenzas respecto ao peso porcentual dos edificios segundo o ano de construción dos mesmos (Censo INE 2001), xa que o máis significativo é o que constatamos nos primeiros datos, pois antes de 1900 foron construídos o 36,7% dos edificios de Mondariz, e pola contra o resto dos concellos da comarca teñen nese mesmo período o 16,1% dos edificios. Nos períodos a partir de 1960 hai menos edificios construídos que no conxunto do resto de concellos: no cadro que segue pódense apreciar as

diferenzas, en termos porcentuais, entre o concello de Mondariz respecto do total dos outros concellos. Son especialmente destacables os anos dos períodos de antes de 1900 e entre 1900 e 1960, onde o concello acada diferenzas de máis de 20 e máis de dez puntos porcentuais respectivamente sobre os edificios construídos nesa década no total dos outros concellos.

Período	Mondariz	Comarca menos Mondariz
Antes de 1900	36,7%	16,1%
1900-1960	28,3%	35,3%
1961-1970	5,9%	8,4%
1971-1980	11,2%	15,0%
1981-1990	9,6%	14,2%
1991-2001	8,2%	11,1%

No cadro de datos que segue, amósanse os totais de edificios por concello, segundo o ano de construción dos mesmos, para un maior detalle informativo.

Ano de construción do edificio onde se localiza a vivenda	Antes de 1900	1900-1920	1921-1940	1941-1950	1951-1960	1961-1970	1971-1980	1981-1990	1991-2001	TOTAL
Mondariz	758	194	159	118	113	122	231	198	170	2.063
Mondariz-Balneario	83	51	18	15	5	16	23	17	39	267
Neves (As)	276	365	421	178	218	146	178	242	145	2.169
Ponteareas	1.355	405	310	283	377	399	748	803	721	5.401
Salvaterra de Miño	84	294	375	324	311	378	725	532	333	3.356
O Condado	2.556	1.309	1.283	918	1.024	1.061	1.905	1.792	1.408	13.256

Na representación gráfica que segue amósanse os valores de Mondariz, da comarca do condado, e da comarca do Condado, agás Mondariz. Nela pódese ver nitidamente a tendencia irregular, mais en conxunto decadente, dos tres conxuntos, especialmente entre 1900 e 1960 e a partir de 1980.



Na gráfica seguinte represéntanse os valores dos edificios para cada un dos concellos.



O estado de conservación dos edificios destinados principalmente a vivendas (Censo INE 2001) é, polo xeral, bo cunha porcentaxe máis alta para Mondariz-Balneario que para o resto dos concellos, sendo o valor para a comarca do 84%, para Mondariz do 93% e baixa 10 puntos porcentuais para os valores da comarca agás Mondariz, isto é o 83%.

No cadro que segue detállanse os totais de estado de conservación dos edificios destinados principalmente a vivendas nos concellos da comarca, e o total para o conxunto dos cinco concellos, para unha maior información.

Estado do edificio	Ruinoso	Malo	Deficiente	Bó	TOTAL
Mondariz	**1**	**36**	**109**	**1.917**	**2.063**
Mondariz-Balneario	0	1	12	254	267
Neves (As)	147	85	468	1.469	2.169
Pontearеas	85	142	623	4.551	5.401
Salvaterra de Miño	7	88	269	2.992	3.356
O Condado	**240**	**352**	**1.481**	**11.183**	**13.256**

Mondariz-Balneario conta co valor máis alto con bo estado dos edificios, tan só un 4% están nun estado deficiente, e o restante 1% repártese entre estado malo e ruinoso. No conxunto que engloba a comarca, agás Mondariz, elévase a porcentaxe dos categorizados como malo e ruinoso a un 5%, mentres que en Mondariz é do 2%, e en toda a comarca acádase o 5%. Indubidablemente os concellos da comarca contan con edificios moito máis vellos, que levan a matizar as porcentaxes de estado deficiente. Nas gráficas que seguen represéntanse as porcentaxes, segundo o estado do edificio, para as tres entidades territoriais antes sinaladas.







2.3.1. EDIFICIOS DO CONCELLO

En Mondariz temos un total de 2.063[18] edificios destinados principalmente a vivendas, nos que hai que salientar a importancia numérica da parroquia de Mondariz, con case unha cuarta parte (24%) dos edificios do concello, destacando especialmente o núcleo de Mondariz, pois supón o 15% do total municipal. O restante repártese entre porcentaxes máis baixas, nas que destacan Riofrío, Gargamala e Vilasobroso, co 10% cada unha, e Sabaxáns, co 8%: as restantes van desde o 6% ao 2%.

Na gráfica represéntanse as porcentaxes correspondentes ás parroquias para unha apreciación máis gráfica.

[18] Datos do Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001 do INE



De todos os edificios do concello de Mondariz, o 59% son de unha soa planta, o 40% son de dúas plantas e tan só o 1% contan con tres plantas, tal como se representa na seguinte gráfica. Hai que engadir que ademais hai un total de 8 edificios de catro plantas e 2 de 5 plantas.



A información do número de plantas por edificios, segundo as parroquias, detállase no cadro que segue. Ningunha parroquia ten edificios, agás Mondariz, que excedan as tres alturas, e tan só as parroquias de Mondariz, Vilar e Vilasobroso teñen edificios de tres plantas. O núcleo de Mondariz é o territorio municipal que contabiliza edificios de máis alturas, tendo como máximo, segundo os datos do Censo de Poboación e Vivendas do 2001, dous edificios destinados principalmente a vivendas de 5 plantas.

Na gráfica que segue ao cadro visualízanse os edificios de 1 e 2 alturas de cada parroquia no concello de Mondariz, agás a de Mondariz. Destacan as parroquias de Riofrío, Gargamala e Frades en edificios dunha soa planta, e de dúas alturas destaca a parroquia de Vilasobroso.

Nº de plantas x edificio	**Total edificios**	**1 planta**	**2 plantas**	**3 plantas**	**4 plantas**	**5 plantas**
Frades (San Martiño)	128	115	12	1	0	0
Gargamala (Santa María)	187	128	59	0	0	0
Lougares (San Fiz)	118	69	49	0	0	0
Meirol (Santo André)	94	66	28	0	0	0
Mondariz (Santa Baia)	459	178	258	14	7	2
Mouriscados (San Cibrán)	116	46	70	0	0	0
Queimadelos (Santa María)	46	20	26	0	0	0
Riofrío (San Miguel)	179	157	22	0	0	0
Sabaxáns (San Mamede)	81	53	28	0	0	0
Toutón (San Mateo)	128	86	42	0	0	0
Vilar (San Mamede)	22	11	9	2	0	0
Vilasobroso (San Martiño)	197	84	112	1	0	0
TOTAL	**2.063**	**1.221**	**814**	**18**	**8**	**2**



Dada a importancia da parroquia de Mondariz, na gráfica que segue represéntanse os volumes de edificios, segundo o número de alturas con que conta. Pódese establecer que o 95% dos edificios contan con menos de tres plantas, dos que o 56% son de unha planta, e o 39% contan con unha planta: o 5% restante se reparte entre os edificios de 3 plantas, co 3%, e os edificios de 4, co 2%.



O concello de Mondariz ten o 16% dos edificios de toda a comarca, fronte a porcentaxes máis altas dos restantes concellos, agás Mondariz-Balneario. Mondariz como concello, desde o punto de vista dos edificios, vén determinado pola parroquia de Mondariz que acubilla o 24% dos edificios do concello fronte o 76% dos edificios repartidos polas outras once parroquias: O parque de edificios está en bo estado de conservación (93%). Segundo as alturas dos edificios, a media é de 1 e 2 alturas. O 65,1% dos edificios do concello foron construídos ata 1960, fronte ao 51,4% dos edificios do resto dos concellos da comarca no mesmo período.

2.3.2. AS VIVENDAS

As vivendas familiares censadas no ano 2001 (INE) neste concello suman un total de 2.209. Estas vivendas están localizadas nun total de 2.063 edificios no conxunto municipal.
No termo municipal de Mondariz temos, tal e como se amosa no cadro, as seguintes tipoloxías de vivendas: as principais, secundarias e baleiras.

Vivendas familiares	Nº vivendas
Principais	1.687
Secundarias	327
Baleiras	189
Total	2.209

As vivendas principais son as utilizadas, toda ou a maior parte do ano, como residencia habitual de unha ou máis persoas; as vivendas secundarias son as vivendas familiares utilizadas soamente parte do ano, de xeito estacional, periódica ou esporadicamente e non constitúe residencia habitual de unha ou varias persoas e as vivendas baleiras son as vivendas familiares desocupadas consideradas deste xeito cando non é residencia habitual de ningunha persoa nin é utilizada de xeito estacional, periódica ou esporadicamente por ninguén (trátase de vivendas deshabitadas). Así, as porcentaxes son as que se representan na gráfica que segue, destacando o 76% das vivendas principais, o 15% vivendas secundarias e o 9% para as vivendas baleiras, que supoñen en números un total de 189 baleiras, fronte as 327 vivendas secundarias.



Achegándose ás cifras dos concellos da comarca, de xeito individualizado e aos valores da provincia e da comunidade galega, pódese establecer que o conxunto municipal mondaricense amosa valores próximos ás porcentaxes dos valores das entidades territoriais de maior rango (conxunto comarcal, provincia e comunidade) pois están próximos aos valores para as vivendas principais e secundarias, próximo aos 70% para as vivendas principais e ao 13% para as vivendas secundarias, detectándose porcentaxes máis altas para estas tipoloxías no concello, como se aprecia no cadro que segue. No tocante ás vivendas baleiras, o comportamento é de sentido inverso, quérese dicir con isto que, canto maior é o peso da entidade territorial, máis porcentaxe de vivendas baleiras, así temos un 18% de vivendas baleiras no conxunto da comunidade galega, un 17% no conxunto provincial, un 13% no conxunto comarcal e un 9% no concello mondaricense. Sen embargo, dáse unha situación diferente no comportamento dos concellos da comarca, pois os concellos de extensión intermedia como son os de Mondariz e Salvaterra de Miño son os que teñen, en termos porcentuais, o maior peso no tocante ás vivendas principais, 76% e 74% respectivamente, destacando tamén por rexistrar as porcentaxes de vivendas baleiras máis baixas, especialmente comparados con todos os ámbitos territoriais: Galicia, provincia de Pontevedra e conxunto comarcal. Pola contra, o concello de maior extensión como é Pontearéas amosa valores máis próximos aos das entidades territoriais de maior rango. Semellantes son os valores de Mondariz e Salvaterra de Miño no tocante as vivendas principais, sendo as máis altas de todos os territorios representados: Mondariz-Balneario ten, en termos porcentuais, o valor máis alto de vivendas secundarias cunha porcentaxe do 31% , é dicir 15 puntos por riba dos valores da comarca na que está inscrito o concello, e tamén conta coa porcentaxe máis baixa de vivendas baleiras, cun valor do 0%, dato especialmente relevante sabendo que este municipio tan só conta con 355 vivendas, sendo o último en extensión.

	Nº de vivendas	Vivendas principais (%)	Vivendas secundarias (%)	Vivendas baleiras (%)
Mondariz	**2.209**	**76**	**15**	**9**
Mondariz-Balneario	355	69	31	0
Neves (As)	2.274	69	11	20
Pontearéas	9.225	69	14	17
Salvaterra de Miño	3.647	74	22	3
O Condado	**17.710**	**71**	**16**	**13**
Pontevedra	**400.475**	**71**	**11**	**17**
Galicia	**1.308.363**	**69**	**13**	**18**

As superficies das vivendas: aquí preséntanse as superficies útiles das vivendas do concello e amósanse as cifras tamén da comarca, segundo datos do Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001 do INE. A superficie útil da vivenda é a medida desde o interior dos muros exteriores da vivenda, non comprendendo os sotos, faiados, rochos e bufardas non habitables, tampouco se inclúen as terrazas abertas nin xardíns. No concello de Mondariz o 34% das vivendas contan entre os 76 e os 90 m² de superficie útil, sendo en número un total de 567 vivendas, outra porcentaxe alta é o 18% que se corresponde coas superficies das vivendas do conxunto

municipal que exceden os 90 m² e non superan os 105 m², sumando un total de 307 vivendas. As restantes vivendas repártense de xeito desigual nuns valores de maior a menor do seguinte xeito: un 16% as vivendas de 61 a 75 m², o 12% as vivendas cunha superficie de 46 a 60 m², as restantes porcentaxes levan as superficies útiles de maior importancia, salvo o 9% para vivendas de 106 a 120 m². Na representación gráfica que segue pódense apreciar as superficies das vivendas e as porcentaxes correspondentes: polo tanto, no concello mondaricense, o 68% das vivendas encádranse entre os 61 m² e os 105 m² de superficie útil.



No cadro que segue, detállanse as superficies útiles das vivendas dos concellos da comarca do Condado, de xeito independente, e os valores para o conxunto comarcal para unha maior información.

Superficie útil da vivienda	Ata 30 m2	30-45 m2	46-60 m2	61-75 m2	76-90 m2	91-105 m2	106-120 m2	121-150 m2	151-180 m2	Máis de 180 m2	TOTAL
Mondariz	3	37	203	277	567	307	153	65	46	29	1.687
Mondariz-Balneario	0	11	35	35	69	37	18	19	5	16	245
Neves (As)	8	36	97	382	667	198	143	31	11	2	1.575
Ponteareas	16	89	411	836	2.412	1.380	779	254	108	87	6.372
Salvaterra de Miño	12	56	169	326	681	719	420	258	30	38	2.709
O Condado	39	229	915	1.856	4.396	2.641	1.513	627	200	172	12.588

O número de cuartos ou habitacións das vivendas: o concello de Mondariz conta cun total de 1.687 vivendas familiares principais, das que o 37% conta con 5 habitacións e o 25% conta con 4. No número de habitacións englóbase o número de habitacións que posúe a vivenda, así como cociña e as terrazas pechadas, sen incluír os cuartos de baño, vestíbulos, corredores e terrazas abertas: o 62% das vivendas do termo municipal conta con 4 e 5, e tomando en conta as de 6 a porcentaxe é do 83, fronte a un 10% de vivendas con 2 e 3 habitacións ou o 7% das vivendas con 7 e 8. Na gráfica que segue pódese apreciar a distribución das vivendas principais, segundo o número das habitacións coas que contan.



No cadro que segue, detállanse as cifras de habitacións por vivenda principal segundo os concellos que integran a comarca do Condado, así como cada un dos concellos, sendo para a comarca o número máis salientable o de 4 e 5 habitacións, a excepción de Ponteareas con predominio de 5 e 6 habitacións, ao igual que o valor comarcal.

Nº de habitacións	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10 ou máis	TOTAL
Mondariz	6	39	137	413	609	354	80	32	8	9	1.687
Mondariz-Balneario	2	9	30	65	71	44	8	6	3	7	245
Neves (As)	2	29	130	386	662	247	50	42	15	12	1.575
Ponteareas	15	88	347	1.166	2.809	1.472	283	102	43	47	6.372
Salvaterra de Miño	9	78	325	546	1.009	509	143	56	24	10	2.709
O Condado	34	243	969	2.576	5.160	2.626	564	238	93	85	12.588

As instalacións: en relación ás características das instalacións básicas dos edificios destinados principalmente a vivendas, hai que sinalar que a meirande parte dos concellos están altamente cubertos no tocante ao abastecemento de auga de traída pública. Así, o concello de Mondariz ten o 87% dos edificios destinados a vivenda con traída de carácter publico, fronte ao 13% de abastecemento privado, e tan só 7 edificios destinados a vivenda sen abastecemento de auga corrente. O conxunto comarcal conta cunhas porcentaxes máis baixas, pois o 61% dos edificios destinados a vivenda contan con traída pública de auga, o 36% con abastecemento privado, que en número suman un total de 4.789, e o restante 2% non contan con abastecemento, sendo en cifras 326 edificios para vivenda. No cadro que segue, detállanse os valores numéricos por concellos, e os totais comarcais.

Edificios destinados principalmente a vivendas	Abastecemento público de auga	Abastecemento privado de auga	Non ten auga corrente	TOTAL
Mondariz	1.798	258	7	2.063
Mondariz-Balneario	262	5	0	267
Neves (As)	1.986	19	164	2.169
Ponteareas	3.249	2.038	114	5.401
Salvaterra de Miño	846	2.469	41	3.356
O Condado	8.141	4.789	326	13.256

Os servizos públicos de evacuación de augas residuais están pouco cubertos no territorio, pois só hai servizo de rede de sumidoiros nunha porcentaxe do 26% para o agrupado comarcal e nun 24% para o concello de Mondariz, acadando, polo tanto, valores moi importantes os edificios con

outro tipo de evacuación. No cadro que segue, detállanse os valores numéricos por concello e agrupado comarcal: destacan por ter maioritariamente outro tipo de evacuación de augas residuais os concellos de Ponteareas e de Salvaterra de Miño, cun 81% e un 78%. Hai que destacar a porcentaxe tan alta que acada o concello de As Neves no número de edificios que non teñen evacuación de augas residuais (26%), especialmente comparando co 1% do concello de Mondariz ou co 7% do total comarcal.

Evacuación de augas residuais	Rede de sumidoiros	Outro tipo	Non ten	Total
Mondariz	488	1.548	27	2.063
Mondariz-Balneario	256	9	2	267
Neves (As)	1.260	353	556	2.169
Ponteareas	848	4.354	199	5.401
Salvaterra de Miño	627	2.617	112	3.356
O Condado	3.479	8.881	896	13.256

Na gráfica que segue, detállanse as porcentaxes de rede de sumidoiros con que contan os edificios destinados principalmente a vivendas dos concellos da comarca: así o 37% localízase no termo municipal de As Neves, supoñendo a cifra máis alta, e a máis baixa, o 7% en Mondariz-Balneario.



As porcentaxes doutros sistemas de evacuación de augas residuais (fosas sépticas) están nun 50% en Ponteareas, fronte ao 4% de As Neves e ao 0% de Mondariz-Balneario, con tan só 9 edificios con este sistema de evacuación.



No conxunto comarcal, As Neves ten un 62% dos edificios destinados a vivenda sen sistema de evacuación de augas residuais, fronte ás cifras máis baixas, sempre falando en termos porcentuais, de Mondariz, co 3%, e o 0% dos edificios destinados a vivenda sen sistema de evacuación de augas residuais (2 edificios) en Mondariz-Balneario.



Tan só hai 3 edificios destinados a vivendas no concello de Mondariz que contan con sistema de auga quente central fronte a 2.060 que carecen del. As porcentaxes dos edificios destinados a vivenda que contan con auga quente central a nivel comarcal é máis alta, pois sitúase no 26% e un 74% dos edificios destinados a vivenda non contan con este sistema. No cadro que segue, detállanse os valores numéricos por concellos e o total comarcal e amósanse ademais, para un maior detalle, as porcentaxes por concellos dos que conta con este sistema.: hai que destacar que, en xeral, a taxa de edificios con auga quente central é moi baixa.

Auga quente central	Ten	Non ten	% Ten	TOTAL
Mondariz	3	2.060	0%	2.063
Mondariz-Balneario	0	267	0%	267
Neves (As)	405	1.764	19%	2.169
Pontearea	775	4.626	14%	5.401
Salvaterra de Miño	2.233	1.123	67%	3.356
O Condado	3.416	9.840	26%	13.256

Un dato de interese cara a perfilar as condicións de habitabilidade e calidade de vida nas vivendas ou nos edificios destinados a vivenda, é saber a dispoñibilidade de ascensor ou de garaxe, e de ter, por caso, o número de prazas das que dispón o concello nos seus edificios. No cadro que segue vese claramente que tan só 2 edificios destas características contan con ascensor, fronte aos 2.061 edificios de Mondariz que carecen desta característica.

Ascensor	Totais	Ten	Non ten
Mondariz	2.063	2	2.061
Mondariz-Balneario	267	2	265
Neves (As)	2.169	6	2.163
Pontearea	5.401	199	5.202
Salvaterra de Miño	3.356	17	3.339
O Condado	13.256	226	13.030

Dos 2.063 edificios destinados principalmente a vivendas do concello tan só o 1% deles dispoñen de garaxe, a porcentaxe máis baixa dos concellos da comarca. Así pois, no cadro que segue, pódense constatar as cifras dos edificios destinados principalmente a vivendas que dispoñen de garaxe e as súas correspondentes porcentaxes, e tamén os edificios que non dispoñen de garaxe. Salvaterra de Miño é o concello coa porcentaxe máis baixa de edificios para vivenda con dispoñibilidade de garaxe.

Dispoñibilidade de garaxe	Totais	Ten	Non ten	% Dispoñibilidade de garaxe
Mondariz	2.063	13	2.050	1%
Mondariz-Balneario	267	14	253	5%
Neves (As)	2.169	229	1.940	11%
Ponteareas	5.401	584	4.817	11%
Salvaterra de Miño	3.356	567	2.789	17%
O Condado	13.256	1.407	11.849	11%

No cadro detállanse as prazas de garaxe por concellos (1, 2 de 3 a 5, etc. ata 50) e o número de edificios destinados principalmente a vivenda que contan con estas características. A meirande parte dos concellos contan con edificios de vivendas que contan con 1 e 2 prazas e poucos exceden as 3 prazas de garaxe, sendo a porcentaxe de edificios que posúen prazas de garaxe mínima con respecto ao total: neste sentido, hai que salientar que Pontearéas é o único concello no que os edificios destinados principalmente a vivendas contan con máis de 10 prazas de garaxe, tendo incluso 43 de 21 a 50 prazas de garaxe.

Nº de prazas de garaxe	1	2	3 a 5	6 a 10	11 a 20	21 a 50	Non é aplicábel	TOTAL
Mondariz	10	3	0	0	0	0	2.050	2.063
Mondariz-Balneario	11	2	1	0	0	0	253	267
Neves (As)	212	11	3	3	0	0	1.940	2.169
Pontearéas	302	128	25	30	56	43	4.817	5.401
Salvaterra de Miño	413	132	16	6	0	0	2.789	3.356
O Condado	948	276	45	39	56	43	11.849	13.256

2.4. OS FOGARES

Xa por último, analizarase a información referida ás persoas que residen nas vivendas. Desde este punto de vista examinarase a constitución dos fogares. Considérase fogar[19] ao conxunto de persoas que residen habitualmente na mesma vivenda. Hai que sinalar a diferenza entre fogar e familia, pois o fogar pode ser unipersoal mentres que a familia ten que constar polo menos de dúas persoas; por outra banda, un fogar pode ser multipersoal, pois non necesariamente os membros deste fogar teñen que estar emparentados, si pola contra, no caso das familias.

Dos 12.592 fogares que están censados no conxunto dos concellos que integran a comarca do Condado, o 50% deles localízanse no termo municipal de Pontearéas, e o restante 50% dos fogares repártense de xeito máis ou menos parello nos outros catro concellos. Hai que lembrar que as superficies municipais son de moi diferente valor, así como o seu volume de poboación, sendo por tanto as densidades de poboación moito máis dispares aínda. No cadro que segue detállanse as superficies dos concellos e as súas correspondentes densidades de poboación, a 01/01/05, para unha máis completa apreciación dos datos.

O Condado	Poboación (2005)	Km^2	Hab/Km^2
Mondariz	5.343	85,1	62,78
Mondariz-Balneario	719	2,3	312,61
Neves (As)	4.377	65,5	66,82
Pontearéas	21.378	125,6	170,21
Salvaterra de Miño	8.375	62,5	134,00
O Condado	40.192	508,9	78,98

Na gráfica que segue podemos apreciar claramente as porcentaxes segundo os concellos. Mondariz-Balneario, que é o concello menos extenso do conxunto comarcal, ten o menor número de fogares, cun 2% do total, e Pontearéas, que é o concello máis extenso, ten o maior número de fogares, co 50% do total. Os concellos de extensión intermedia no contexto comarcal, como

[19] Definición do INE, Censo de Poboación e Vivendas 2001.

son Salvaterra de Miño, Mondariz e As Neves, teñen un número de fogares medio no conxunto comarcal, co 22%, 13%, e 13% dos fogares respectivamente.



No cadro que segue detállanse os fogares por concellos, e as características dos mesmos, para unha mellor información e detalle.

Tipo de fogar	TOTAL	Fogares unipersoais	Fogares multipersoais que non forman familia	Unha familia sen outras persoas	Unha familia, con outras persoas non emparentadas	Dúas ou máis familias sen outras persoas	Dúas ou máis familias con outras persoas non emparentadas
Mondariz	1.687	374	15	1.247	45	4	2
Mondariz-Balneario	245	77	6	147	15	0	0
Neves (As)	1.575	433	10	1.093	35	3	1
Pontearеas	6.376	1.363	51	4.808	127	24	3
Salvaterra de Miño	2.709	628	15	2.001	59	5	1
O Condado	12.592	2.875	97	9.296	281	36	7

Do 13% que supoñen os fogares mondaricenses sobre o total comarcal, unha porcentaxe do 74% está constituído por unha soa familia sen outras persoas, e o 22% son fogares unipersoais, con porcentaxes moi inferiores para os fogares constituídos por unha familia, con outras persoas non emparentadas, e para os fogares multipersoais que non forman familia, co 3% e o 1% respectivamente. Os fogares con dúas ou máis familias, nas súas dúas variantes, teñen unha importancia aínda menor no conxunto do concello.



Mondariz conta co 22,2% de fogares constituídos por una persoa, isto é unipersoais, o 22,5% son fogares de 2 membros, a maior porcentaxe dos fogares mondaricenses teñen 3-4 membros (34,1%), e os de 5 ou máis membros supoñen o 21,3%. Os concellos da comarca do Condado superan todos o 20% de fogares unipersoais, sendo o concello máis alto o de Mondariz-Balneario, cun 31,4%, e o menor é o de 21,4% de Ponteareas, o concello máis extenso do conxunto comarcal.

No cadro que segue, detállanse as porcentaxes de fogares segundo o número dos seus membros, para maior detalle informativo, así como o número medio de membros por fogar. Mondariz está máis próximo aos valores da comarca que aos valores do conxunto galego na que se inscribe no número de membros por fogar e a igual distancia de ambos no nº medio de membros por fogar, sendo 3,1 membros por fogar no concello de Mondariz e 3 membros a media dos fogares galegos, mentres que os valores da comarca están en 3 membros, fronte aos 3,1 da provincia.

Fogares	Fogares con 1 membro (%)	Fogares con 2 membros (%)	Fogares con 3-4 membros (%)	Fogares con 5 ou máis membros (%)	Nº de membros por fogar
Mondariz	22,2	22,5	34,1	21,3	3,1
Mondariz-Balneario	31,4	19,6	32,2	16,7	2,8
Neves (As)	27,5	23,3	32,1	17,1	2,8
Ponteareas	21,4	22,1	40,7	15,8	3,0
Salvaterra de Miño	23,2	21,0	39,2	16,6	2,9
O Condado	22,8	22,0	38,3	16,9	3,0
Pontevedra	17,4	20,9	43,4	18,3	3,1
Galicia	20	23,4	41,4	15,3	3

O réxime de tenza da vivenda para os fogares_de Mondariz: o 93,1% dos fogares de Mondariz gozan de vivenda en propiedade: esta cifra é a máis alta do agrupado comarcal, provincial e do conxunto galego, tendo en conta que non se conta con datos de Mondariz-Balneario[20]. No entanto, Mondariz ostenta as cifras máis baixas de réxime de alugueiro, de outros réximes e de dispoñibilidade de segunda vivenda, nos fogares comarcais, provinciais e galegos.

Fogares segundo o réxime de tenza da vivenda (%)	Fogares con vivenda en propiedade (%)	Fogares con vivenda en alugueiro (%)	Fogares con vivenda en outro réxime (%)	Fogares con dispoñibilidade de segunda vivenda (%)
Mondariz	93,1	1,1	5,8	0,9
Mondariz-Balneario	-	-	-	-
Neves (As)	86,9	1,4	11,8	1,3
Ponteareas	82,7	6,1	11,2	3,1
Salvaterra de Miño	74,8	1,6	23,6	0,6
O Condado	84,4	2,6	13,1	1,5
Pontevedra	78,8	10,6	10,6	1,8
GALICIA	77,4	10,6	12	2

2.5. OS LOCAIS

Na comarca do Condado contabilízanse un total de 1.703 locais, dos que o 61% están localizados no termo municipal de Ponteareas e o 39% restante distribúense, de xeito máis ou menos parello, entre os restantes catro concellos, sendo As Neves o de maior proporción cun 16%, seguido do 13% de Salvaterra de Miño, o 8% de Mondariz, e tan só o 2% de Mondariz-Balneario. Na gráfica que segue aprécianse as representacións das porcentaxes nos locais.

[20] A fonte da que se toman estes datos, o Anuario Social de España 2004 de La Caixa, non inclúe información estatística de concellos de menos de mil habitantes, como é o caso de Mondariz-Balneario.



2.5.1. LOCAIS ACTIVOS E INACTIVOS

Por outra banda, non todos os locais teñen as mesmas características, polo de pronto pódense clasificar en locais activos ou inactivos. Mondariz conta co 8% dos locais comarcais, dos que o 85% son locais activos, a segunda cifra máis baixa do conxunto comarcal, pero superior á porcentaxe total comarcal e moi próxima ás porcentaxes máis altas dos concellos.

Na gráfica que segue, represéntanse os volumes e o seu valor numérico para maior detalle: obsérvase a importante cifra de locais activos de Pontearеas, a máis alta deste tipo, fronte ao número de locais activos de Mondariz-Balneario, o máis baixo, así como Pontearеas tamén ten o número máis alto de locais inactivos e Mondariz-Balneario, outra vez, o máis baixo



En termos porcentuais, os locais activos da comarca ofrecen esta representación, interpretación matizada polo anteriormente desenvolvido, xa que a pesares de que Pontearеas conta co maior número de locais activos, non acada a maior porcentaxe, que corresponde a Salvaterra de Miño, e de que Mondariz-Balneario conta co menor número de locais activos tampouco acada a menor porcentaxe, que corresponde Ás Neves: todo isto vén condicionado pola extensión dos concellos, porque Pontearеas é o máis extenso e Mondariz-Balneario o menos extenso, o que provoca unha relación directa entre superficie e número de locais, mais en valores porcentuais non é tal.



2.5.2. TIPOLOXÍAS DOS LOCAIS

Considéranse locais[21], todos aqueles recintos estruturalmente separados e independentes, que non están exclusivamente dedicados a vivenda familiar, e nos que se levan a cabo ou se poden levar a cabo, actividades económicas, dependentes dunha empresa ou institución. O recinto debe estar situado nun edificio, ocupándoo total ou parcialmente.

Do total dos locais da comarca, o 18% son inactivos, polo que non se poden englobar en ningunha categoría, pois non desenvolven actividade algunha. O 82% dos restantes locais, son activos e distribúense de xeito diferente, segundo as actividades: o 31% dos locais son tanto comerciais como de oficinas e servizos, sumando ambos o 62% do total. As seguintes porcentaxes son moito máis baixas, tendo que sinalar o 8% de locais industriais, e o 4% de locais agrarios, e destacar que as mínimas porcentaxes son para equipamentos educativos, sociais, culturais ou deportivos, e de saúde, así como que un 18% dos locais non se lle pode aplicar ningunha categoría, xa que corresponde aos locais inactivos.

Na gráfica que segue, detállanse as porcentaxes, para apreciar dun xeito máis representativo os valores para os locais da comarca.

[21] Definición do glosario do Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001 do INE



O cadro que segue amosa o número total de locais por concellos e o total comarcal. Hai que destacar a cifra de 406 locais administrativos e de oficinas comerciais activos en Ponteareas fronte aos 115 do resto dos concellos, así como os 329 locais comerciais activos de Ponteareas fronte aos 191 dos outros catro concellos da comarca. Indubidablemente, Ponteareas ostenta as cifras de maior volume do conxunto comarcal.

Nº de locais x tipos	Saúde (ambulatorio, centro de saúde, hospital)	Educativos (colexio, facultade, gardería, escola)	Benestar social (clube de anciáns, centro de servizos sociais, centro de día...)	Culturais ou deportivos (teatro, cine, museo, sala de exposicións, polideportivo...)	Local comercial	Oficinas (inclúe tamén o resto dos servizos)	Local industrial	Local agrario	Non é aplicable	TOTAL
Mondariz	2	3	7	6	60	34	2	0	20	134
Mondariz-Balneario	3	2	0	1	0	20	0	0	4	30
Neves (As)	4	5	18	2	51	14	35	24	124	277
Ponteareas	12	26	8	21	329	406	72	26	139	1.039
Salvaterra de Miño	4	18	7	9	80	47	24	11	23	223
O Condado	25	54	40	39	520	521	133	61	310	1.703

Nas cifras do concello de Mondariz, dos 134 locais activos e inactivos no concello, o 15% deles son inactivos, isto é un total de 20, segue en importancia. Dos locais con actividade, segundo o INE, o 46% son establecementos comerciais e o 26% son espazos dedicados a oficinas e servizos, que suman o 82% dos locais activos e o 72% do total de locais, e engádeselle a porcentaxe dos inactivos, o 87%: tan só un 8% dos locais mondaricenses son establecementos industrias e o resto das porcentaxes repártense entre equipamentos sanitarios, educativos, culturais e deportivos. Na gráfica seguinte amósanse estas cifras de xeito máis ilustrativo.



2.5.3. O CONCELLO E AS SÚAS PARROQUIAS

Dos 134 locais localizados no concello de Mondariz, o 51% está localizado na parroquia de Mondariz e o 49% nas restantes parroquias: dos 134 locais, 79 son de Mondariz e os outros 55 son das 10 restantes parroquias (xa que Lougares non ten locais), é dicir, uns localízanse en algo máis de 5 km² e outros localízanse en 79,5 km^2.



No cadro que segue temos compútanse o total de locais, segundo as parroquias que constitúen o termo municipal. Hai que destacar a elevada cifra de Mondariz, pola súa capitalidade, e os 14 de Vilasobroso. O resto varían entre 2 en Mouriscados e Queimadelos e os 8 de Frades.

Parroquia	Nº de locais
Frades (San Martiño)	8
Gargamala (Santa María)	5
Meirol (Santo André)	6
Mondariz (Santa Baia)	79
Mouriscados (San Cibrán)	2
Queimadelos (Santa María)	2
Riofrío (San Miguel)	7
Sabaxáns (San Mamede)	3
Toutón (San Mateo)	5
Vilar (San Mamede)	3
Vilasobroso (San Martiño)	14
TOTAL	134

En porcentaxes, os locais repártense do seguinte xeito: 60% en Mondariz, 11% en Vilasobroso, e o 29% restante repártese entre o 6% de Frades e o 1% de Mouriscados e Queimadelos.



O 49% dos locais non se localizan na parroquia de Mondariz, destacando o 25% de Vilasobroso. Se a Vilasobroso se lle engaden Frades, Riofrío e Meirol, estas catro parroquias suman o 64% do total das 11 parroquias, agás a de Mondariz.



2.6. AS LICENZAS DE CONSTRUCIÓN NO CONCELLO DE MONDARIZ

Os datos facilitados polo concello sobre as licenzas de obra concedidas no conxunto do termo municipal, son unha fonte informativa de grande interese, así nestas informacións podemos localizar as licenzas por parroquias, segundo as tipoloxías das obras, a súa importancia por anos, etc. O tramo temporal que consideramos é o dos últimos 10 anos, pois engaden uns datos próximos no tempo cara a perfilar ou caracterizar o parque sociorresidencial do concello.

Ademais da información dos censos -xa analizada noutros apartados- e evolución dos datos desde 1960 ata 2001, as características relativas a vivendas principias e secundarias ou baleiras, etc, sen esquecer a caracterización xenérica dos seus habitantes e os fogares que constitúen, dan unha visión máis completa do parque sociorresidencial mondaricense. Así pois, as licenzas rexistradas no municipio amosan unha fiel información da evolución da dinámica residencial, a tipoloxía edificatoria e as tendencias de expansión ou especialización no territorio (residencial colectiva, unifamiliar, usos industrial ou agrícola...).

Por outra banda, hai que sinalar que no conxunto das parroquias do municipio, tan só a parroquia de Mondariz conta con licenzas de vivendas colectivas, dato importante especialmente diferenciador respecto do resto do termo municipal. Por último, sinalar que se fará unha aproximación ao conxunto do municipio, para logo entrar nas particularidades de cada parroquia e incidiremos naqueles datos que destaquen dun xeito especial, no conxunto territorial do municipio.

O conxunto das licenzas que se analizan están referidas ás licenzas de vivendas colectivas e o número de vivendas que xeran estas (dato que aínda non puido ser facilitado polo concello, polo tanto recorreremos a outras fontes na Memoria Xustificativa para obter datos totais de vivendas, que só con estes datos quedarían incompletos), ás licenzas de vivendas unifamiliares de nova factura, así como aquelas vivendas que acometen obras de rehabilitación, ampliación ou reforma. Logo analizaranse as licenzas relativas aos galpóns, garaxes e alboios, sen esquecer as licenzas para naves e locais para rematar cos peches e muros. Comezarase a análise para os valores do conxunto municipal, para logo aproximarse aos datos parroquiais.

2.6.1. O CONXUNTO MUNICIPAL

Entre 1997 e o ano 2007[22] o total de licenzas relativas á construción suman un total de 872 no conxunto municipal. O ano de maior número de actividade referido a licenzas municipais é o 2006, cun total de 141 licenzas. Hai que sinalar que o ano 2007, no momento da redacción deste documento, non está pechado administrativamente polo que tan só dispoñemos das licenzas até maio. Por outra banda, o ano de menor actividade referido a permisos de construción é o ano

[22] Maio de 2007

2004, cun total de 43, sen contar coas razóns antes expostas do peche administrativo do ano 2007, que suman 41. Na gráfica que segue detállase o total das licenzas municipais, por anos, sen especificar as tipoloxías das mesmas.



Das 872 licenzas para o total temporal desta análise, o 26% están localizadas na parroquia de Mondariz, o 12% corresponden a Riofrío, o 11% a Sabaxáns, e o 9% a Vilasobroso. As restantes porcentaxes repártense entre o 8% por riba de Vilar e o 1% por baixo de Queimadelos. As porcentaxes pódense apreciar nos totais de licenzas por parroquias na gráfica que segue.



No seguinte cadro, detállanse os totais das licenzas por ano e por parroquia para un maior detalle informativo. Pódese apreciar que do conxunto das parroquias Queimadelos é a de menor actividade cun total de 13 licenzas, escasamente algo máis de 1 licenza ao ano como media. As parroquias que teñen máis actividade son as de Mondariz, Riofrío, Sabaxáns, e Vilasobroso por este orde. Nos seguintes apartados desta análise realizárase un detalle polo miúdo para unha maior aproximación ao territorio.

Licenzas por ano	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	Totais
Frades	1	7	7	2	4	9	5	1	7	11	3	57
Gargamala	9	4	6	6	9	6	4	4	4	10	2	64
Lougares	2	3	3	5	4	6	5	1	14	7	4	54
Meirol	5	3	5	1	5	1	5	2	4	5	2	38
Mondariz	13	20	21	16	14	21	23	11	32	36	11	218
Mouriscados	7	9	4	2	0	7	5	2	2	6	0	44
Queimadelos	0	1	1	2	2	1	2	1	0	3	0	13
Riofrío	11	6	9	7	6	8	11	10	11	12	9	100
Sabaxáns	4	9	16	8	12	8	4	3	15	10	6	95
Toutón	2	3	1	5	4	3	1	4	5	7	1	36
Vilar	5	5	7	9	6	4	10	1	9	15	0	71
Vilasobroso	9	9	4	6	3	6	3	3	17	19	3	82
Totais	68	79	84	69	69	80	78	43	120	141	41	872

2.6.2. AS TIPOLOXÍAS DAS LICENZAS

Das 872 licenzas do conxunto municipal para estes anos, hai que sinalar que en termos porcentuais repártense do seguinte xeito: o 31% son vivendas unifamiliares, o 20% correspóndense con licenzas para galpóns, garaxes e alboios, un 18% para peches e muros, e un 15% para vivendas unifamiliares novas. É dicir, deste conxunto de licenzas de construción, o 48% está referido a vivendas, polo que o restante 52% desagrégase entre un 20% para galpóns, garaxes, e alboios, 18% para peches e muros, 11 % para outras, e tan só 3% para naves e locais.



No tocante ao parque de vivendas unifamiliares, tanto de nova factura, como rehabilitado, reformado ou ampliado, hai que sinalar que deste período de tempo de once anos (1997-2007) póñense no mercado unha media de 36,4 vivendas/ano.

Licenzas	Edificios colectivos	Vivendas unifamiliares novas	Ampliación, rehabilitación, ou reforma de vivenda	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Outras	Totais
1997	0	9	31	3	16	9	0	68
1998	0	6	32	5	18	15	3	79
1999	0	7	27	3	24	19	4	84
2000	1	16	19	3	17	5	8	69
2001	3	8	22	2	13	13	8	69
2002	3	11	28	2	16	15	5	80
2003	1	15	16	3	17	14	12	78
2004	3	4	8	0	10	18	0	43
2005	1	17	32	2	24	23	21	120
2006	2	31	45	2	16	20	22	138
2007	2	6	10	1	2	3	8	32
TOTAL	16	130	270	26	173	154	91	860

Vivendas

Vivenda colectiva. Hai que destacar que de 1997 a 1999 non hai licenzas de vivendas colectivas. Os anos de maior actividade de construción de vivenda colectiva son o período dende 2001 até 2004, cunha media para estes catro anos de 2´5 licenzas para construción colectiva, sendo os anos de maior peso 2001, 2002, e 2004, con 3 licenzas e o de menor o de 2003 con tan só 1 edificio. A partires de 2004, as licenzas entran nun lixeiro descenso (3,1,2,2).

Vivenda unifamiliar. Os anos de maior intensidade na construción de vivenda unifamiliar, son o 2006, cun total de 31 vivendas unifamiliares, seguido de 2005, 2000, e 2003, con 17,16, e 15 unifamiliares respectivamente. As 130 vivendas unifamiliares supoñen o 32,5% do total das vivendas de todo tipo, para o total do período. A media de vivenda unifamiliar, no concello de Mondariz é de 11,8 vivendas/ano, sendo o ano de menor peso nesta tipoloxía no territorio municipal o 1998, cun total de 6 unifamiliares novas. As parroquias de maior peso en construción de vivendas unifamiliares son as seguintes: Mondariz (26), Vilar (19), Ríofrío (15), e Vilasobroso (13); as cifras de menor peso son as 4 unifamiliares en Mouriscados, e as 3 en Queimadelos. As restantes 50 repártense entre as outras parroquias (Frades, Gargamala, Lougares, Meirol, Sabaxáns, e Toutón)

Ampliación, rehabilitación ou reforma de vivenda. Contabilízanse un total de 270 licenzas dentro desta ampla categoría, sendo o 67,5% do restante das licenzas para vivendas de todo tipo. A cifra é importante, pois sitúanos nunca media de 51,3 vivendas/ano, reformadas ou rehabilitadas. O ano de maior actividade para estas licenzas é 2006, cun total de 45 licenzas, logo están o ano 2005 e o ano 1998 con 32 e o 1997 con 31, sendo o de menor importancia numérica o 2004 con tan só 8 reformas, rehabilitacións ou ampliacións de vivenda. Por parroquias, Mondariz leva novamente a cabeza nesta tipoloxía, pois suma nestes 11 anos, un total de 52 licenzas, logo máis lonxe sigue Riofrío con 29, Vilasobroso, con 27, Gargamala e Sabaxáns con 21, e Lougares e Mouriscados, con 19. As restantes parroquias oscilan entre 16 e 1 licenzas.

Na seguinte gráfica detállanse as vivendas xeradas por ano, segundo sexa licenza de vivendas colectivas, licenzas para vivendas unifamiliares ou ben sexan reformas, rehabilitacións ou ampliacións de vivendas xa existentes.



Naves e locais. Nestes 11 anos contabilízanse, segundo as fontes municipais, un total de 26 licenzas englobadas nesta tipoloxía. A media é de 2,4 licenzas/ano para naves e locais, tanto novos como reformados, supoñen o 3% do conxunto total das licenzas de construción do municipio. O ano 1998 foi o de maior actividade para esta tipoloxía cun total de 5 licenzas e o de menor o 2004 cun total de 0. Novamente a trama de Mondariz vai en cabeza, no tocante ás naves e locais no conxunto municipal, pois conta co 42% do total das licenzas deste tipo (11), o 15% correspóndelle a Sabaxáns (4), outro 15% á suma de Meirol e Vilasobroso (4), que contan con 2 cada unha, e o 28% ao resto do concello (9), isto é, as restantes 8 parroquias. Polo tanto, as cifras son contundentes neste sentido, a vila é o motor da actividade para as naves e locais do total municipal.

Galpóns, garaxes e alboios. No conxunto municipal hai unha media de 16 licenzas/ano para esta tipoloxía construtiva. Destacan polo seu número as parroquias de Mondariz, con 34, Sabaxáns, con 26, e Riofrío, con 24. O resto das parroquias descenden as cifras totais, pero non por isto son de menor importancia o volume das mesmas. Sinalar as 16 licenzas de Vilar, as 15 de Lougares, as 12 de Vilasobroso e Gargamala, as 11 de Frades. No resto do concello as cifras non acadan a media de unha ao ano, como en Mouriscados (9), (Meirol (7), Toutón (5),e Queimadelos (4).

As licenzas para a construción de galpóns, garaxes e alboios son de maior importancia naquelas parroquias más próxima á vila.

Peches e muros. No conxunto municipal para estes 11 anos, contabilízanse 154 licenzas para obras de peches e muros, que supoñen a media de 14 licenzas/ano para o conxunto do concello. Esta tipoloxía de licenza supón, polo xeral, movementos de terras e/ou alteracións dos terreos, así como modificacións visuais do territorio. Hai que sinalar, pola súa importancia, a parroquia de Mondariz, con 31 licenzas, á que seguen en importancia Riofrío, con 21, Sabaxáns e Vilasobroso, con 17, Frades, con 14, Vilar, con 13, e Gargamala, con 12. No resto do concello as cifras non acadan a media de unha ao ano, como en Lougares e Mouriscados (8), Meirol e Toutón (6), Queimadelos (4). Novamente as licenzas para peches e muros van asociadas ás parroquias de maior actividade de construción de vivendas ou de reformas ou ampliacións das mesmas.

No cadro que segue, amósase o volume total das licenzas para o período 1997-2007 para as tipoloxías de naves, galpóns, peches e muros no conxunto municipal.



Na gráfica seguinte, detállanse os totais, segundo os anos para maior detalle informativo.



2.6.3. AS PARROQUIAS

O concello de Mondariz conta con 12 parroquias e un total de 65 entidades de poboación núcleos de poboación. Nas seguintes páxinas detállanse, en cadros, as tipoloxías das licenzas por parroquias e segundo os anos de referencia, para maior detalle informativo.

2.6.3.1. San Martiño de Frades

Das 57 licenzas no conxunto parroquial o 46% está referido a vivenda, o 25% para licenzas de peches e muros, o 19 % para galpóns e unha porcentaxe ínfima para naves e locais, pois tan só supoñen un 2%.

Licenzas frades	Licenza de edificios colectivos	Nº de vivendas xeradas por licenza de vivenda colectiva	Construción vivendas unifamiliares novas	Ampliación, rehabilitación ou reforma de vivendas	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1997	0	0	0	0	0	0	1	1
1998	0	0	0	2	0	4	1	7
1999	0	0	1	1	0	2	3	7
2000	0	0	1	0	0	1	0	2
2001	0	0	2	0	0	0	1	4
2002	0	0	0	4	1	1	2	9
2003	0	0	2	1	0	0	2	5
2004	0	0	1	0	0	0	0	1
2005	0	0	4	1	0	1	0	7
2006	0	0	1	4	0	2	2	11
2007	0	0	0	1	0	0	2	3
Total	**0**	**0**	**12**	**14**	**1**	**11**	**14**	**57**

2.6.3.2. Santa María de Gargamala

O conxunto parroquial suma o total de 64 licenzas, das que o 38% está referido á ampliación de vivendas e o 14% a unifamiliares de nova construción, sendo o 19% das licenzas para muros e peches de fincas, e o 19% para galpóns e construcións anexas á edificación principal. Tan só o 5% das licenzas desta parroquia, está referido a naves e locais.

Licenzas Gargamala	Licenza de edificios colectivos	Nº de vivendas xeradas por licenza de vivenda colectiva	Construción vivendas unifamiliares novas	Ampliación, rehabilitación ou reforma de vivendas	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1997	0	0	1	5	1	0	2	9
1998	0	0	0	1	0	2	1	4
1999	0	0	1	0	0	3	2	6
2000	0	0	2	2	0	0	0	6
2001	0	0	0	4	1	1	3	9
2002	0	0	2	3	0	0	1	6
2003	0	0	1	0	1	0	1	4
2004	0	0	1	0	0	1	2	4
2005	0	0	0	1	0	2	0	4
2006	0	0	1	7	0	2	0	10
2007	0	0	0	1	0	1	0	2
Total	**0**	**0**	**9**	**24**	**3**	**12**	**12**	**64**

2.6.3.3. San Fiz de Lougares

Nesta parroquia contabilízanse 54 licenzas, das que a porcentaxe máis alta refírese á ampliación de vivenda (35%), o 28% galpóns e garaxes, o 15% para unifamiliares novas e outro tanto para peches e muros, e tan só se rexistra unha licenza para naves e locais.

Licenzas Lougares	Licenza de edificios colectivos	Nº de vivendas xeradas por licenza de vivenda colectiva	Construción vivendas unifamiliares novas	Ampliación, rehabilitación ou reforma de vivendas	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1997	0	0	0	1	0	1	0	2
1998	0	0	1	1	0	0	1	3
1999	0	0	0	0	0	2	1	3
2000	0	0	0	2	0	2	0	5
2001	0	0	1	2	0	1	0	4
2002	0	0	0	2	0	3	1	6
2003	0	0	1	1	1	1	1	5
2004	0	0	0	0	0	0	1	1
2005	0	0	2	6	0	2	3	14
2006	0	0	2	3	0	2	0	7
2007	0	0	1	1	0	1	0	4
Total	**0**	**0**	**8**	**19**	**1**	**15**	**8**	**54**

2.6.3.4. Santo André de Meirol

Das 38 licenzas do termo parroquial, a meirande parte corresponde á ampliación ou reforma de vivenda (34%), seguida de vivenda unifamiliar de nova construción (24%), galpóns (18%), e peches e muros (16%). Tan só hai dúas licenzas de naves e galpóns, que supoñen un 5%.

Licenzas Meirol	Licenza de edificios colectivos	Nº de vivendas xeradas por licenza de vivenda colectiva	Construción vivendas unifamiliares novas	Ampliación, rehabilitación ou reforma de vivendas	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1997	0	0	0	3	1	0	1	5
1998	0	0	1	1	0	1	0	3
1999	0	0	0	3	1	0	1	5
2000	0	0	0	1	0	0	0	1
2001	0	0	1	2	0	2	0	5
2002	0	0	1	0	0	0	0	1
2003	0	0	2	1	0	1	0	5
2004	0	0	0	0	0	2	0	2
2005	0	0	2	1	0	1	0	4
2006	0	0	2	0	0	0	3	5
2007	0	0	0	1	0	0	1	2
Total	**0**	**0**	**9**	**13**	**2**	**7**	**6**	**38**

2.6.3.5. Santa Baia de Mondariz

As licenzas suman un total de 218 nesta parroquia. O 30% das licenzas da parroquia refírense a ampliación ou refoma de vivenda, o 16% a galpóns e garaxes, o 12% a unifamiliares novas, o 14% para peches e muros, e tan só 11 licenzas para naves e locais (11%). Hai que salientar pola súa importancia o 7% de licenzas de vivendas colectiva (16), xa que é a única parroquia deste concello, debido a que nela se sitúa a vila e capital municipal, que conta con este tipo de licenza.

Licenzas Mondariz	Licenza de edificios colectivos	Nº de vivendas xeradas por licenza de vivenda colectiva	Construción vivendas unifamiliares novas	Ampliación, rehabilitación ou reforma de vivendas	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1997	0	0	4	5	0	4	0	13
1998	0	0	0	9	4	2	4	20
1999	0	0	1	8	1	7	3	21
2000	1	0	4	3	1	1	3	16
2001	3	0	0	4	1	3	0	14
2002	3	0	3	6	1	4	2	21
2003	1	0	2	5	1	4	4	23
2004	3	0	0	2	0	2	4	11
2005	1	0	2	13	0	6	5	32
2006	2	0	8	8	1	1	6	36
2007	2	0	2	3	1	0	0	11
Total	**16**	**0**	**26**	**66**	**11**	**34**	**31**	**218**

2.6.3.6. San Cibrán de Mouriscados

Contabilízanse 44 licenzas nesta parroquia, das que o 52% refírense a vivenda (9% unifamiliares e 43% ampliación ou rehabilitación). Tan só consta unha licenza para naves, e 17 para galpóns e garaxes, peches e muros, cunha porcentaxe do 20% e do 18% respectivamente.

Licenzas Mouriscados	Licenza de edificios colectivos	Nº de vivendas xeradas por licenza de vivenda colectiva	Construción vivendas unifamiliares novas	Ampliación, rehabilitación ou reforma de vivendas	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1997	0	0	0	3	0	2	2	7
1998	0	0	1	4	1	1	1	9
1999	0	0	0	3	0	0	1	4
2000	0	0	0	2	0	0	0	2
2001	0	0	0	0	0	0	0	0
2002	0	0	2	2	0	1	2	7
2003	0	0	0	2	0	2	0	5
2004	0	0	0	1	0	0	1	2
2005	0	0	1	0	0	1	0	2
2006	0	0	0	2	0	2	1	6
2007	0	0	0	0	0	0	0	0
Total	**0**	**0**	**4**	**19**	**1**	**9**	**8**	**44**

2.6.3.7. Santa María de Queimadelos

Das 13 licenzas rexistradas nesta parroquia de Queimadelos, 4 son referidas ao conxunto de vivendas (vivendas unifamiliares novas, máis as reformadas ou ampliadas). Estas vivendas novas ou reformadas supoñen o 31% do total das licenzas parroquiais, porcentaxe que tamén teñen galpóns e garaxes (4), e peches e muros (4). Non hai constancia de licenzas para vivendas colectivas nin para naves e locais.

Licenzas Queimadelos	Licenza de edificios colectivos	Nº de vivendas xeradas por licenza de vivenda colectiva	Construción vivendas unifamiliares novas	Ampliación, rehabilitación ou reforma de vivendas	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1997	0	0	0	0	0	0	0	0
1998	0	0	0	0	0	0	0	1
1999	0	0	0	0	0	0	1	1
2000	0	0	0	0	0	1	1	2
2001	0	0	0	0	0	1	1	2
2002	0	0	0	1	0	0	0	1
2003	0	0	2	0	0	0	0	2
2004	0	0	0	0	0	1	0	1
2005	0	0	0	0	0	0	0	0
2006	0	0	1	0	0	1	1	3
2007	0	0	0	0	0	0	0	0
Total	**0**	0	3	1	0	4	4	13

2.6.3.8. San Miguel de Riofrío

As 100 licenzas da parroquia repártense do seguinte xeito: o 32% para ampliación e reforma de vivendas, o 24% para galpóns e garaxes, o 21% para peches e muros, e o 15% para construción de vivendas unifamiliares novas. Non hai licenzas de naves e locais e de vivendas colectivas.

Licenzas Riofrío	Licenza de edificios colectivos	Nº de vivendas xeradas por licenza de vivenda colectiva	Construción vivendas unifamiliares novas	Ampliación, rehabilitación ou reforma de vivendas	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1997	0	0	3	5	0	3	0	11
1998	0	0	0	3	0	3	0	6
1999	0	0	2	4	0	1	2	9
2000	0	0	0	3	0	3	0	7
2001	0	0	1	1	0	1	2	6
2002	0	0	1	4	0	2	1	8
2003	0	0	3	1	0	5	2	11
2004	0	0	1	4	0	1	4	10
2005	0	0	1	1	0	2	6	11
2006	0	0	1	4	0	2	2	12
2007	0	0	2	2	0	1	2	9
Total	**0**	**0**	**15**	**32**	**0**	**24**	**21**	**100**

2.6.3.9. San Mamede de Sabaxáns

En San Mamede de Sabaxáns, do total de 95 licenzas, o 26% correspóndelle á ampliación ou reforma de vivendas unifamiliares, e tan só o 11% á construción de vivendas unifamiliares, o que supón que o 37% das licenzas están referidas a vivendas, que en número son 35. O resto das porcentaxes está vinculado a galpóns e garaxes, nun 27%, e o 18% son as licenzas para peches e muros, sendo tan só un 4% para naves e locais, que en número suman un total de 4.

Licenzas Sabaxáns	Licenza de edificios colectivos	Nº de vivendas xeradas por licenza de vivenda colectiva	Construción vivendas unifamiliares novas	Ampliación, rehabilitación ou reforma de vivendas	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1997	0	0	1	0	0	3	0	4
1998	0	0	0	4	0	3	2	9
1999	0	0	2	3	1	4	3	16
2000	0	0	1	1	0	6	0	8
2001	0	0	1	4	0	3	3	12
2002	0	0	0	2	0	3	3	8
2003	0	0	0	2	0	0	2	4
2004	0	0	0	1	0	0	2	3
2005	0	0	1	3	2	3	1	15
2006	0	0	3	3	1	1	1	10
2007	0	0	1	2	0	0	0	6
Total	**0**	**0**	**10**	**25**	**4**	**26**	**17**	**95**

2.6.3.10. San Mateo de Toutón

O 50% das licenzas de construción nesta parroquia están vinculadas á construción de vivendas unifamiliares novas e ampliación, rehabilitación ou reformas de vivendas xa existentes, que supoñen un total de 5 unifamiliares de nova factura e 13 ampliadas, postas novamente en valor ou reformadas. Non constan licenzas para naves e locais e vivendas colectivas, e o 31% correspóndelle a galpóns e garaxes, e a peches e muros.

Licenzas Toutón	Licenza de edificios colectivos	Nº de vivendas xeradas por licenza de vivenda colectiva	Construción vivendas unifamiliares novas	Ampliación, rehabilitación ou reforma de vivendas	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1997	0	0	0	1	0	0	1	2
1998	0	0	0	2	0	0	1	3
1999	0	0	0	1	0	0	0	1
2000	0	0	3	2	0	0	0	5
2001	0	0	0	1	0	1	0	4
2002	0	0	0	2	0	0	0	3
2003	0	0	0	0	0	0	1	1
2004	0	0	0	0	0	2	2	4
2005	0	0	0	0	0	1	1	5
2006	0	0	2	3	0	1	0	7
2007	0	0	0	1	0	0	0	1
Total	**0**	**0**	**5**	**13**	**0**	**5**	**6**	**36**

2.6.3.11. San Mamede de Vilar

Na parroquia de Vilar rexístranse un total de 71 licenzas nestes 11 anos. En porcentaxes leva a cabeceira o 51% de vivendas (36 licenzas), segue o 18% en peches e muros (13 licenzas). Os galpóns e garaxes supoñen o 17% (12 licenzas), e só hai unha licenza de naves e locais.

Licenzas Vilar	Licenza de edificios colectivos	Nº de vivendas xeradas por licenza de vivenda colectiva	Construción vivendas unifamiliares novas	Ampliación, rehabilitación ou reforma de vivendas	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1997	0	0	0	2	0	3	0	5
1998	0	0	1	3	0	0	1	5
1999	0	0	0	1	0	3	2	7
2000	0	0	5	1	1	1	0	9
2001	0	0	1	2	0	0	3	6
2002	0	0	2	0	0	0	2	4
2003	0	0	1	2	0	2	1	10
2004	0	0	0	0	0	1	0	1
2005	0	0	4	2	0	1	1	9
2006	0	0	5	4	0	1	3	15
2007	0	0	0	0	0	0	0	0
Total	**0**	**0**	**19**	**17**	**1**	**12**	**13**	**71**

2.6.3.12. San Martiño de Vilasobroso

Na parroquia de Vilasobroso o 51% do total das licenzas están referidas a vivendas, o 21% a peches e muros, o 15% a galpóns, e tan só un 2% a naves e locais.

Licenzas Vilasobroso	Licenza de edificios colectivos	Nº de vivendas xeradas por licenza de vivenda colectiva	Construción vivendas unifamiliares novas	Ampliación, rehabilitación ou reforma de vivendas	Naves e locais (obra nova ou reforma)	Galpóns, garaxes e alboios	Peches e muros	Totais
1997	0	0	0	6	1	0	2	9
1998	0	0	2	2	0	2	3	9
1999	0	0	0	3	0	1	0	4
2000	0	0	0	2	1	2	1	6
2001	0	0	1	2	0	0	0	3
2002	0	0	0	2	0	2	1	6
2003	0	0	1	1	0	0	0	3
2004	0	0	1	0	0	0	2	3
2005	0	0	0	4	0	4	6	17
2006	0	0	6	7	0	1	2	19
2007	0	0	2	0	0	0	0	3
Total	**0**	**0**	**13**	**29**	**2**	**12**	**17**	**82**

2.6.4. OS DATOS DA XUNTA. AS LICENZAS NOS ÚLTIMOS SEIS ANOS (2000-2005)

A Xunta de Galicia publica os datos das obras e licenzas realizadas nos concellos. Na data da realización desta memoria, están dispoñibles os datos do ano 2000 ao 2006. No cadro que segue, detállanse os datos correspondentes ao concello de Mondariz para estes anos: como se pode apreciar, están divididos en licenzas de nova planta e licenzas de rehabilitación. En ambos casos, poden ser obras con demolición previa ou sen ela, dato que tamén consta nestas informacións. Pódese apreciar certa estabilidade nas obras de rehabilitación, que nestes anos son de 3,8 como media, e unha progresión á baixa das licenzas de obra de nova planta, pois hai que falar de descensos superiores ao -30% entre o ano 2000 e o 2002 e preto do -20% entre 2002 e 2003 e 2004 e 2005. Ningunha das obras de nova planta implica demolición.

	Total	Nova planta			Rehabilitación				Só demolición total
					Edificios			En locais	
		Total	Con demolición previa	Sen demolición	Total	Demolición parcial previa	Sen demolición		
2000	19	13	0	13	6	3	3	0	0
2001	13	12	0	12	1	1	0	0	0
2002	17	14	0	14	3	1	2	0	0
2003	14	9	0	9	5	3	2	0	0
2004	14	10	0	10	4	2	2	0	0
2005	11	7	0	7	4	1	3	0	0

Na gráfica que segue, pódese apreciar a representación dos volumes de licenzas de nova planta e as licenzas para rehabilitación no termo municipal de Mondariz.



No cadro que segue detállanse as tipoloxías dos edificios, segundo sexan edificios residenciais ou non residenciais, e no caso de obras de edificios residenciais, as vivendas que se xeran por estas obras de edificación. Así, en 2000 xéranse 28 edificios residenciais de nova planta, e poñen no mercado un total de 87 vivendas: No ano 2001 rexístrase un total de 53 licenzas de edificios de nova planta que poñen no mercado mondaricense un total de 269 novas vivendas. Por último, nos datos de 2003 contabilízase un total de licenzas para 86 edificios de nova planta, que xeran un total de 251 vivendas, algo menor esta cifra á do ano anterior que con menos licenzas xeran máis vivendas.

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	TOTAL
Nova planta							
Edificios nova planta	*13*	*12*	*15*	*9*	*10*	*7*	*66*
Residencial	12	10	12	8	10	7	59
Non residencial	1	2	3	1	0	0	7
Superficie nova planta (m2)	*2.789*	*4.891*	*8.261*	*3.621*	*4.887*	*2.570*	*27.019*
Residencial (m2)	2.598	2.527	7.669	3.545	4.887	2.570	23.796
Non residencial (m2)	191	2.364	592	76	0	0	3.223
Vivendas nova planta	*12*	*10*	*52*	*13*	*24*	*18*	*129*
Obras de rehabilitación	7	2	3	7	4	8	**31**
Edificios en rehabilitación	6	1	3	5	4	6	25
Vivendas en rehabilitación	1	1	0	2	0	2	6
Obras de demolición	0	0	0	1	0	1	**2**
Edificios en demolición	0	0	0	0	0	0	0
Vivendas en demolición	0	0	0	1	0	1	2

Detállanse as superficies destinadas a uso residencial e as superficies de uso non residencial: así, no conxunto destes cinco anos as superficies de uso residencial en Mondariz, segundo os datos da Xunta, é de preto dos 24.000m² e de uso non residencial, isto é, comercial, é de 3.223m².
Na gráfica que segue represéntase as porcentaxes de uso residencial de nova planta no concello de Mondariz, segundo os anos desta análise.



Na gráfica que segue, detállanse as superficies de nova planta de uso non residencial no concello de Mondariz durante o período 2000-2003, xa que nos anos 2004 e 2005 non se constrúe superficie non residencial de nova planta.



3. O SISTEMA PRODUTIVO.

3.1. A ESTRUTURA OCUPACIONAL E PRODUTIVA DO CONCELLO DE MONDARIZ (2001-2006).

3.1.1. INTRODUCIÓN.

O concello de Mondariz ten unha configuración económica que está marcada pola súa corta distancia do núcleo urbano de Vigo (30 km. aproximadamente). A súa proximidade ao cordón industrial de Vigo-Porriño, o máis importante de Galiza, confírenlle a este concello e a toda a comarca unhas características ben específicas a respecto doutras comarcas de Galiza. A influencia da área metropolitana de Vigo déixase notar en múltiples aspectos da dinámica social e económica (emprego industrial e de servizos, mobilidade diaria vivenda-traballo, agricultura a tempo parcial e de fin de semana, mercados para a pequena produción agrícola perecedoira, segunda residencia e efectos sobre o prezo da terra, etc). Outro polo de referencia é o núcleo de Ponteareas, cuxo dinamismo o esta á converter nun elemento de atracción, tanto na creación de postos de traballo como para actividades de consumo e ocio da poboación de Mondariz e do resto da comarca. Tamén a posición fronteiriza con Portugal se deixa sentir en aspectos significativos da vida social e comercial.

Para levar a cabo a análise da estrutura económica do concello de Mondariz partiremos fundamentalmente de dúas fontes de información: o censo de Poboación e Vivenda do ano 2001 (Instituto Nacional de Estatística) e os datos de afiliación á Seguridade Social (Admón. da Seguridade Social) para o período 2001-2006. Ambas fontes estatísticas presentan, con todo, resultados sensiblemente dispares por diversas razóns que teñen que ver cos criterios empregados para a recompilación da información.

Neste sentido, debemos ter en conta que a información que proporciona o censo toma como referencia o criterio de “concello de residencia”, sendo este o principal criterio identificativo. Pola súa parte, os datos da Seguridade Social toman como referencia o concello no que está afiliado o traballador, que non ten por que coincidir co seu concello de residencia. Esta diferenza de criterio é a que explica as diferenzas existentes entre ambos tipos de información; diferenzas que poden ser, por outra banda, moi importantes en certos concellos nos que existe unha grande mobilidade (desprazamentos diarios) por motivos de traballo, como é o caso dos concellos limítrofes das grandes áreas urbanas.

O anterior obriga a combinar con sumo coidado as dúas fontes de información, co obxecto de aproveitar ao máximo ás potencialidades que se derivan da súa complementariedade como fontes estatísticas de primeiro orde; máxime cando carecemos de información a nivel municipal, referida a outras variables como pode ser o valor engadido bruto.

O caso do concello de Mondariz parece reunir, a priori, as condicións que lle outorgan a súa consideración como concello “sensible” ante o criterio empregado (residencia ou afiliación) dada a súa proximidade a unha das áreas máis dinámicas demográfica e economicamente, como é o caso de Vigo. Neste sentido é precisa unha análise que integre non só a Mondariz como concello, senón que se debe tomar en consideración o ámbito territorial no que funcionalmente se integra e sen o que sería imposible entender a súa estrutura e dinámica económica. Por esta razón este estudo tamén se estende en ocasións ao conxunto da comarca do Condado, da que forma parte inseparable o concello de Mondariz, xunto cos concellos de Mondariz-Balneario, As Neves, Ponteareas e Salvaterra de Miño.

Mapa I.1

Localización xeográfica do concello de Mondariz



O estudo da estrutura económica de Mondariz divídese en dúas grandes partes: en primeiro lugar, a análise das características e dinámica do mercado de traballo tomando como referencia a información que nos proporciona o censo de poboación; e, en segundo lugar, a análise da estrutura produtiva, tomando como referencia fundamental os datos de afiliación da Seguridade Social.

3.1.2. TRAZOS BÁSICOS E DINÁMICA DO MERCADO DE TRABALLO DO CONCELLO DE MONDARIZ: ESTRUTURA OCUPACIONAL.

O mercado de traballo constitúe un dos elementos cruciais da vida socioeconómica de calquera territorio, na medida en que actúa de nexo de unión entre os contornos produtivo e social, repercutindo a súa caracterización e dinamismo na calidade e desenvolvemento destes dous ámbitos. Como institución que é, o mercado de traballo conxuga as necesidades de traballadores procedente do contorno produtivo coas necesidades de emprego que proceden do contorno social; cumprindo, en consecuencia, cunha función básica para o correcto desenvolvemento socioeconómico de cada territorio e evitando descoordinacións e estrangulamentos no devandito proceso.

Nesta parte do estudo trataremos de realizar unha breve caracterización do funcionamento do mercado de traballo do concello de Mondariz, na que se conxugan as dúas dimensións que o definen: por un lado, a cuantitativa, relativa ao número de efectivos que conforman á poboación activa (no senso de activos económicos) tanto ocupada como non ocupada; e, por outro lado, a cualitativa, relativa á calidade que o caracteriza dende diferentes perspectivas (equidade por sexos, equidade por idades, adecuación entre a estrutura ocupacional e a estrutura formativa, grao de eventualidade, …).

Para a análise das características específicas do mercado laboral basearémonos fundamentalmente na información procedente do último censo de poboación e vivenda, relativa ao exercicio 2001. A información contida no devandito censo permite unha aproximación detallada sobre cuestións relacionadas coa actividade, cun grao de desagregación que descende ata un nivel inframunicipal. Esta información de base compleméntase na medida do posible con algunha outra información que nos permita afrontar análises de tipo dinámico, como a procedente do censo de 1991 ou a do padrón municipal de habitantes.

3.1.2.1. Taxa de actividade e distribución da poboación activa

O concello de Mondariz contaba no ano 2006 cunha poboación de 5.354 habitantes segundo o padrón de habitantes. A estrutura por sexos e por idades reflicte un notable grao de envellecemento que aparece claramente reflectido da representación gráfica da pirámide de poboación. Nesta liña, a idade media dun residente en Mondariz sitúase nos 47,3 anos, fronte aos 43,9 da media galega. Outra forma de comprobalo é considerando o peso relativo da poboación de 65 e máis anos. Neste sentido, este grupo de idade representa o 26,8% dos habitantes de Mondariz; un peso 5 puntos superior ao conxunto de Galiza (21,5%).

Figura I.1

Pirámide de poboación do concello de Mondariz e de Galiza, 2006



Fonte: INE (Padrón municipal de habitantes)

Tomando os datos de actividade procedentes do censo de poboación de 2001, esta poboación distribúese entre 1.889 activos e 3.291 inactivos. Considerando que a poboación potencialmente activa é a formada polos residentes con 16 e máis anos (4.579 persoas en total, dos cales 1.887 son activos), as cifras anteriores tradúcense nunha taxa de actividade do 41,2%, que sitúa a este concello nun nivel relativamente baixo de actividade, máis de 9 puntos por debaixo da media galega (50,7%).

Se analizamos a poboación activa cun maior nivel de detalle, obsérvase que o 87,2% dos activos de Mondariz (1.646 persoas) están ocupados, mentres que o resto (241 persoas) corresponde a parados. Estas cifras sitúan a taxa de paro do concello de Mondariz no 12,8%, que o colocan nun nivel relativo de desemprego lixeiramente por enriba da media galega (12,5%).

Esta caracterización relativa ao nivel de actividade, ocupación e paro do concello de Mondariz, reflicten a grandes trazos un mercado laboral con escaso dinamismo no marco da economía de Galiza.

Dende o punto de vista da equidade por sexos, constátanse diferenzas significativas en función desta variable. Así pois, temos que a taxa de actividade feminina sitúase no 26,3%, a moita distancia (máis de 30 puntos) da taxa correspondente aos activos do sexo oposto (58,6%); amosando unha brecha aínda máis acentuada que no conxunto de Galiza.

Táboa I.1

Taxa de actividade por sexos. Concello de Mondariz, 2001

Poboación de 16 ou máis anos	Total	Homes	Mulleres
Concello de Mondariz	41,2%	58,6%	26,3%
Galiza	50,7%	62,1%	40,3%

Fonte: Elaboración propia a partir dos *Censos de Poboación e Vivenda 2001* (INE)

Unha perspectiva complementaria sobre o grao de equidade no mercado laboral é a que nos ofrece a súa caracterización en función da idade. Neste sentido, temos que a taxa de actividade, que a nivel global é do 41,2%, transfórmase nunha taxa de actividade xuvenil (mozos entre 16 e 24 anos) do 48,6%, fronte ao 40% que caracteriza aos activos de 25 ou máis anos. Este fenómeno é, en certa medida, explicable polo elevado peso da poboación de 65 e máis anos (35%) sobre a poboación de 25 e máis anos, que fai tender á baixa a taxa de actividade desta última.

Este resultado difire substancialmente do comportamento xeral de Galiza, no que se observa unha brecha en sentido oposto (menor taxa de actividade xuvenil), o que reflicte un patrón socioeconómico bastante peculiar.

Táboa I.2

Taxa de actividade por grupos de idade. Concello de Mondariz, 2001

Poboación de 16 ou máis anos	Total	16-24 anos	25 ou máis anos
Concello de Mondariz	41,2%	48,6%	40,0%
Galiza	50,7%	42,9%	52,0%

Fonte: Elaboración propia a partir dos *Censos de Poboación e Vivenda 2001* (INE)

Por último, pode resultar de interese comprobar cal foi a evolución da taxa de actividade ao longo dos últimos anos. En concreto, se comparamos a taxa de actividade global do ano 2001 coa do ano 1991 (ano de referencia do anterior censo de poboación), pódese comprobar a existencia dun notable descenso (case 11 puntos) da porcentaxe de poboación de 16 ou máis anos que é economicamente activa.

Esta tendencia descendente que ten experimentado a taxa de actividade de Mondariz ao longo da década dos noventa resulta certamente preocupante na medida en que se afasta do comportamento dos concellos máis dinámicos de Galiza, nun proceso alimentado pola progresiva incorporación das xeracións do chamado "*baby boom*" ao mercado de traballo, así como pola progresiva incorporación da muller ao mercado de traballo. A evolución seguida polo concello de Mondariz parece máis próxima ao patrón típico dos concellos do interior de Galiza, que veñen experimentando un continuo transvase de poboación rural (en idade de traballar) ás cidades. Se a este feito lle engadimos o progresivo envellecemento demográfico que leva a que unha proporción cada vez maior da poboación do concello pase a engrosar as cifras do colectivo de inactivos (xubilado/as, pensionistas,…), podemos entender o por que dese descenso na taxa de actividade. No caso particular do concello de Mondariz hai que engadir como factor adicional o feito de ser un concello relativamente próximo á área de Vigo, que seguramente ten actuado como polo de atracción en materia de oportunidades laborais para a poboación en idade de traballar, que puido levar a unha certa deslocalización residencial cara ao concello de Vigo ou a outros concellos limítrofes.

Ademais, debemos destacar o feito de que o descenso da taxa de actividade afecta tamén ás mulleres, algo que non sucede a nivel global en Galiza debido ao referido proceso de inserción da muller no mercado de traballo. De feito, mentres que no conxunto de Galiza a evolución da taxa de actividade feminina aumentou en case 7 puntos ao longo da pasada década, no caso de Mondariz obsérvase un retroceso de case 10 puntos. Cómpre insistir, finalmente, na grande brecha existente entre as taxas de actividade feminina e masculina, que se sitúa en máis de 30 puntos; moi por enriba da media galega. Detrás desta evolución certamente regresiva atópanse sen dúbida o avanzado proceso de envellecemento demográfico, que é fundamentalmente de signo feminino, así como o forte carácter rural que caracteriza a este concello.

Táboa I.3

Taxa de actividade por sexos. Concello de Mondariz, 1991-2001

	1991			2001		
Poboación de 16 ou máis anos	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Concello de Mondariz	52,1%	70,5%	36,0%	41,2%	58,6%	26,3%
Galiza	49,2%	66,4%	33,5%	50,7%	62,1%	40,3%

Fonte: Elaboración propia a partir dos *Censos de Poboación e Vivenda 2001* (INE)

3.1.2.2. Distribución da poboación inactiva

Como se desprende da información anterior, a maior parte da poboación que reside no concello de Mondariz é poboación inactiva. Concretamente, o 63,5% (3.291 persoas) do total de residentes no concello e o 58,8% (2.692 persoas) dos que teñen 16 e máis anos considérase poboación economicamente inactiva; isto é: poboación que non cumpre as condicións necesarias para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou paradas.

A un maior nivel de desagregación, destacan o colectivo de pensionistas de xubilación (1.180 persoas), estudantes (812 persoas; das que 309 teñen 16 ou máis anos) e os que realizan ou comparten as tarefas do fogar (752 persoas), que representan respectivamente o 22,8%, 15,7% e 14,5% dos residentes, respectivamente. Séguenlles, por orden de importancia o colectivo de pensionistas de viuvez u orfandade (4,2%), outras situacións (menores sen escolarizar, rendistas,...) (3,8%) e os pensionistas de invalidez (2,5%).

Táboa I.4

Distribución da poboación inactiva. Concello de Mondariz, 2001

Poboación de 16 ou máis anos	Total residentes		16 ou máis anos	
	Total	%	Total	%
Poboación inactiva total	3.291	100,0	2.692	100,0
Pensionistas de xubilación	1.180	22,8	1.180	25,8
Estudantes	812	15,7	309	6,7
Tarefas do fogar	752	14,5	750	16,4
Pensionistas de viuvez u orfandade	220	4,2	220	4,8
Outras situacións (menores sen escolarizar, rendistas,...)	199	3,8	105	2,3
Pensionistas de invalidez	128	2,5	128	2,8

Fonte: Elaboración propia a partir dos *Censos de Poboación e Vivenda 2001* (INE)

3.1.2.3. Nivel de ocupación

Considerando exclusivamente a poboación de 16 ou máis anos residente en Mondariz, as 1.646 persoas que conforman a poboación ocupada representan arredor do 87,2% da poboación economicamente activa deste concello.

Se dividimos a cifra de ocupación anterior entre a poboación residente que se atopa en idade de traballar obtense unha taxa de ocupación do 35,9% para o ano 2001, acadando un nivel de ocupación bastante reducido no marco dos concellos galegos. Así mesmo, obsérvase unha máis que notable desigualdade no nivel de ocupación por sexos, do mesmo xeito que sucedía a nivel da taxa de actividade. Neste caso, a taxa de ocupación masculina sitúase no 52,4%, mentres que a feminina non chega a acadar o 22%.

Dende unha perspectiva dinámica, comparando cos datos do censo de 1991, obsérvase unha tendencia claramente regresiva na taxa de ocupación, que experimentou un descenso de case 10 puntos a nivel global, sendo máis acusada esta tendencia no caso das mulleres.

Táboa I.5

Taxa de ocupación global e por sexos. Concello de Mondariz, 1991-2001

Ocupados / Pob. en idade de traballar	1991	2001
Total	45,3%	35,9%
Homes	59,6%	52,4%
Mulleres	33,0%	21,7%

Fonte: Elaboración propia a partir dos Censos de Poboación e Vivenda de 1991 e 2001 (INE)

3.1.2.4. Estrutura ocupacional

A análise da distribución desta poboación por ramas ocupacionais resulta bastante clarificadora á hora de valorar as especificidades deste concello en materia de ocupación laboral.

Nun primeiro nivel de desagregación, consideraremos a súa distribución de acordo coa Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO93) a un díxito. Neste caso obsérvase que, das 10 ramas ocupacionais establecidas, 3 concentran á meirande parte dos ocupados de Mondariz: 373 persoas declaran que a súa ocupación é a de "*artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minería, agás os operadores de instalacións e máquinas*" (22,7%); 309 persoas están ocupadas como "operadores de instalacións e maquinaria, e montadores" (18,8%); e 247 persoas declaran como ocupación a de "*traballadores dos servizos de restauración persoais, protección e vendedores dos comercios*" (15,0%). En suma, estas tres ocupacións absorben máis do 55% das ocupacións declaradas neste concello.

A estas tres principais ocupacións, séguenlles por orden de importancia as de "*directivos das empresas e das administracións públicas*" (12,3%), fundamentalmente de empresas de servizos sen asalariados; e "*traballadores non cualificados*" (11,2%). No outro extremo da distribución atópanse, como ramas ocupacionais de menor peso as de "*forzas armadas*" e "*técnicos e profesionais científicos e intelectuais*", que tan só logran concentrar o 0,4 e o 3,2 por cento dos ocupados de Mondariz, respectivamente.

En definitiva, podemos concluír que a estrutura ocupacional do concello de Mondariz aparece bastante concentrada nun número moi reducido de ocupacións (construción, industria manufactureira e de servizos tradicionais, tales como a hostalería ou o comercio polo miúdo) que se relacionan cun perfil formativo de tipo medio-baixo

Táboa I.6

Estrutura ocupacional (CNO 93, 1 díxito) . Concello de Mondariz, 2001

Ocupación (CNO 93 – 1 díxito)	Nº de ocupados	% sobre total De ocupados
0 - Forzas armadas	6	0,4
1 - Dirección das empresas e das administración públicas	202	12,3
2 - Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	52	3,2
3 - Técnicos e profesionais de apoio	95	5,8
4 - Empregados de tipo administrativo	81	4,9
5 – Trab. dos servizos de restaur., persoais, protec. e vendedores dos comercios	247	15,0
6 - Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	97	5,9
7 - Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, ...	373	22,7
8 - Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	309	18,8
9 - Traballadores non cualificados	184	11,2
Total	1.646	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos *Censos de Poboación e Vivenda 2001* (INE)

Se profundamos no nivel de desagregación, en base á CNO93 a 2 díxitos, pódese observar cun maior detalle algunhas das especificidades ocupacionais que presenta este concello. Así temos que as 5 ocupacións máis frecuentes son, por orde de importancia, as seguintes: "*Traballadores en obras estruturais de construción e asimilados*" (12,4%), "*Operadores de máquinas fixas*" (9,1%), "*Traballadores dos servizos de restauración*" (8,4%), "*Condutores de vehículos para o transporte urbano ou por estrada*" (5,6%), e "*Empregados domésticos e outro persoal de limpeza de interior de edificios*" (5,2%). En suma, estas cinco profesións, ligadas á construción, hostalería, operarios de fábrica, transporte terrestre e empregados domésticos, concentran máis do 40% dos ocupados residentes en Mondariz.

Completan a listaxe das dez ocupacións máis frecuentes, outras que tamén aparecen claramente relacionadas coas anteriores actividades (basicamente construción e operarios de fábrica) xunto co comercio polo miúdo (dependentes de comercio) e o sector agrario. Conxuntamente, estas dez ocupacións específicas absorben arredor do 56% dos ocupados que residen en Mondariz.

Táboa I.7

Ránking das 10 ocupacións máis numerosas (CNO 93, 2 díxitos) . Concello de Mondariz, 2001

Ocupación (CNO 93 – 2 díxitos)	Nº de ocupados	% sobre total de ocupados
71 - Traballadores en obras estruturais de construción e asimilados	204	12,4
83 - Operadores de máquinas fixas	149	9,1
50 - Traballadores dos servizos de restauración	139	8,4
86 - Condutores de vehículos para o transporte urbano ou por estrada	92	5,6
91 - Empregados domésticos e outro persoal de limpeza de interior de edificios	86	5,2
53 - Dependentes de comercio e asimilados	60	3,6
72 – Traball. de acabado de construcións e asimil.; pintores e outros asimilados	50	3,0
81 - Operadores de instalacións industriais fixas e asimilados	49	3,0
62 - Traballadores cualificados noutras actividades agrarias	48	2,9
96 - Peóns da construción	42	2,6
Subtotal 10 ocupacións	919	55,8
Subtotal resto de ocupacións	727	44,2
Total de ocupacións	1.646	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos *Censos de Poboación e Vivenda 2001* (INE)

3.1.2.5. Actividade económica da poboación residente ocupada.

A información dispoñible no censo de poboación permite identificar o tipo de actividade económica do local onde traballa a poboación residente e ocupada, cun nivel de desagregación ata 2 díxitos da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-93). Cómpre, con todo, lembrar que o criterio seguido polo censo é o de residencia, polo que a estrutura de actividades resultante desta primeira aproximación non ten por que coincidir coa estrutura produtiva de Mondariz debido a que, como se verá máis adiante, unha parte moi importante dos ocupados traballa fóra do concello de Mondariz.

A distribución por ramas de actividade reflicte unha estrutura terciarizada (810 persoas, 48%) pero en moita menor medida que o conxunto de Galiza (57,9%). Así mesmo, obsérvase un peso bastante considerable das actividades industriais (421 persoas, 25%), sobre todo se o comparamos co conxunto de Galiza (18,7%). Pola súa parte, a construción acada tamén un peso relativamente elevado (289 persoas, 18%) en comparanza co conxunto de Galiza (12,3%). Finalmente, as actividades agrarias presentan un peso acorde coa súa importancia no conxunto de Galiza, aínda que lixeiramente máis elevado (107 persoas, 8%).

Figura I.2

Distribución da poboación ocupada por ramas de actividade económica, Concello de Mondariz, 2001



Fonte: Elaboración propia a partir dos *Censos de Poboación e Vivenda 2001* (INE)

A un nivel maior de desagregación (2 díxitos da CNAE-93), obsérvase unha forte concentración dos ocupados por tipo de actividade. Deste xeito comprobamos que o 30% dos ocupados desempeñan a súa actividade nos sectores da construción (17,6%) e hostalería (13%). Séguenlles, por orde de importancia, industria alimentaria (8,1%), comercio polo miúdo (6,3%), transporte terrestre (5,1%) e fabricación de vehículos de motor (4,9%). Estas seis actividades absorben arredor do 55% do total de ocupados residentes en Mondariz.

Táboa I.8

Ránking das 20 principais actividades económicas (CNAE-93, 2 díxitos) . Concello de Mondariz, 2001

Ocupación (CNAE-93 – 2 díxitos)	Nº de ocupados	% sobre total de ocupados
45 – Construción	289	17,6
55 – Hostalería	214	13,0
15 - Industria de produtos alimenticios e bebidas	134	8,1
52 - Comercio ao por menor, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e aparellos domésticos	104	6,3
60 – Transporte terrestre; transporte por tubaxes	84	5,1
34 - Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	80	4,9
75 - Administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria	79	4,8
01 - Agricultura, gandería, caza e actividades de servizos relacionados coas mesmas	66	4,0
20 - Industria da madeira e do cortiza, agás móbeis; cestería e esparto	56	3,4
95 - Fogares que empregan persoal doméstico	49	3,0
85 - Actividades sanitarias e veterinarias; servizo social	47	2,9
50 - Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; venda ao por menor de combustible para vehículos de motor	43	2,6
02 - Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados coas mesmas	41	2,5
35 - Fabricación doutro material de transporte	40	2,4
80 – Educación	35	2,1
51 - Comercio polo xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	33	2,0
28 - Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	26	1,6
26 - Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	25	1,5
74 - Outras actividades empresariais	24	1,5
05 - Pesca, acuicultura e actividades dos servizos relacionados coas mesmas	19	1,2
Subtotal Ranking	1.488	90,5
Total	1.646	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos *Censos de Poboación e Vivenda 2001* (INE)

3.1.2.6. Estabilidade laboral

O conxunto de traballadores asalariados representa o 83,7% do total de traballadores residentes en Mondariz, o que supón unha taxa relativamente elevada de asalariados (Galiza: 77%). Os contratos destes traballadores pola conta allea, repártense case a partes iguais entre os de carácter fixo ou indefinido (50,7%) e os de carácter eventual ou temporal (49,3%), o que reflicte un maior grao de estabilidade laboral que a media galega (37% de contratos fixos).

No entanto, aprécianse diferenzas significativas na incidencia da eventualidade, en función do sexo e da idade. Así, obsérvase unha especial relevancia da eventualidade laboral no colectivo de mulleres, que presenta un grao de eventualidade do 62,5%, fronte ao 43,4% dos homes (Galiza: 40% e 34%, respectivamente); e especialmente no colectivo de mozos entre 16 e 24 anos, que acada un grao de eventualidade do 76,9% (Galiza: 69%).

Táboa I.9

Carácter contractual dos traballadores asalariados. Concello de Mondariz, 2001

Carácter contractual	Total	Homes	Mulleres	16-24 anos	25 ou máis
Fixo ou indefinido	50,7%	56,6%	37,5%	23,1%	56,0%
Eventual ou temporal	49,3%	43,4%	62,5%	76,9%	44,0%
Total asalariados	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Fonte: Elaboración propia a partir dos *Censos de Poboación e Vivenda 2001* (INE)

3.1.2.7. Perfil educativo dos residentes en Mondariz

Outro aspecto, sen dúbida, de especial relevancia á hora de analizar o mercado de traballo vén dado polo grao de formación e cualificación que caracteriza á poboación ocupada. A incorporación desta nova perspectiva na análise permite profundar na dimensión cualitativa do factor humano, complementando deste xeito as análises só cuantitativas referidas a este factor esencial da actividade económica. Neste sentido, partimos da idea universalmente aceptada de que o capital humano, entendido como o factor traballo na súa expresión tanto cuantitativa (volume e proporción de ocupados) como cualitativa (grao de formación), é un factor determinante dos procesos de crecemento da produtividade; factor á súa vez determinante da competitividade e do crecemento económico.

Este paso adicional na análise dos ocupados pode servir para avaliar o grao de aproveitamento dos recursos (humanos) dispoñibles, ao tempo que permite detectar a existencia de fenómenos de infrautilización destes recursos en forma de "subemprego" (ocupados cun grao de formación notablemente superior ao requirido nas ocupacións que desempeñan). Sen lugar a dúbidas é este problema, xunto co desemprego e a discriminación, un dos principais problemas que afectan aos mercados laborais actuais, e que son reflexo, por outra banda, de problemas estruturais latentes no seo das sociedades modernas.

Unha primeira aproximación ao grao de formación dos ocupados residentes en Mondariz resúmese no gráfico seguinte, no que aparece representada a distribución destes ocupados en función do seu grao de formación. Neste sentido considéranse cinco categorías, que van dende a practicamente nula formación (analfabetos e persoas sen estudos) ata o nivel máis avanzado (estudos de terceiro grao), pasando por categorías intermedias (estudos primarios e secundarios).

Figura I.3

Distribución dos ocupados por grao de formación. Concello de Mondariz



Fonte: Elaboración propia a partir dos *Censos de Población y Viviendas 2001* (INE)

Como se pode comprobar, o 86,7% dos ocupados residentes en Mondariz teñen unha formación de nivel medio-baixo (49,4% con estudos secundarios e 37,3% con estudos primarios), mentres que o 13,3% restante repártese por partes iguais entre os dous extremos da escala educativa: os ocupados sen estudos (6,3%) e os ocupados con formación universitaria (6,1%). Destes datos chama certamente a atención o escaso peso relativo que representan os ocupados con estudos de terceiro grao, en contraste coa importancia que adquire nos concellos máis dinámicos.

Como complemento do anterior, resulta de interese analizar en que medida se observan disparidades no grao de formación entre as distintas ocupacións. Dende esta perspectiva, a distribución máis lóxica e máis eficiente sería aquela que establecese unha relación clara e directa entre o tipo de ocupación e o grao formativo dos seus ocupados. Deste xeito, aquelas ocupacións que esixen un maior nivel de cualificación deberían contar con ocupados máis formados que aquelas outras nas que se require un perfil menos cualificado. Neste sentido, pódese tomar como patrón de comparación a distribución global dos ocupados por grao de formación, que se describe no gráfico anterior. Co obxecto de realizar esta sinxela, pero ao

mesmo tempo interesante, comparanza constrúese a seguinte táboa na que aparece relacionada a distribución por grao de formación que caracteriza ás distintas ocupacións.

Táboa I.10

Grao de formación nas distintas ocupacións (CNO93). Concello de Mondariz (% sobre filas)

Ocupación (CNO93, 1 díxito)	Analfab.	Sen estud.	1º Ciclo	2º Ciclo	3º Ciclo
0 - Forzas armadas	0,0	0,0	50,0	50,0	0,0
1 - Dirección das empresas e das admóns. Públicas	1,0	5,4	39,6	47,5	6,4
2 - Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	0,0	0,0	0,0	7,7	92,3
3 - Técnicos e profesionais de apoio	0,0	1,1	4,2	83,2	11,6
4 - Empregados de tipo administrativo	0,0	2,5	14,8	66,7	16,0
5 - Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios	0,4	5,3	34,8	55,9	3,6
6 – Traballad. cualificados na agricultura e na pesca	0,0	17,5	57,7	23,7	1,0
7 - Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción, e a minería, agás os operadores de instalacións e maquinaria	1,9	6,2	45,3	46,1	0,5
8 - Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	0,3	6,1	41,7	51,8	0,0
9 - Traballadores non cualificados	1,6	9,8	40,8	45,7	2,2
Total	0,9	6,3	37,3	49,4	6,1

Fonte: Elaboración propia a partir dos *Censos de Población y Viviendas 2001* (INE)

Da distribución que aparece na táboa anterior pódese extraer que son tres as ocupacións que presentan unha proporción de ocupados con estudos de 3º ciclo claramente superior á media do concello (6,1%). Estas tres ocupacións son "*técnicos e profesionais científicos e intelectuais*", "empregados de tipo administrativo", e "*técnicos e profesionais de apoio*", das que o 92, 16 e 12 por cento, respectivamente, dos seus ocupados contan con estudos universitarios. Esta diferenciación é, en certa medida, lóxica, dado que son ocupacións que requiren un certo nivel de cualificación.

Chama a atención, pola contra, o feito de que algunhas ocupacións que en principio deberían requirir un perfil formativo medio-alto, como é o caso por exemplo de "*Dirección das empresas e das admóns. públicas*", contan entre os seus ocupados cun perfil formativo máis ben de tipo medio-baixo (estudos de 1º e 2º ciclo).

Por último, non se aprecia a existencia dun importante problema de subemprego na medida en que o perfil de cualificación da poboación empregada nas restantes ocupacións resulta predominantemente de tipo medio-baixo.

3.1.3. MOBILIDADE EN MONDARIZ: FLUXOS DE SAÍDA E DE ENTRADA.

A localización xeográfica do lugar de traballo constitúe un dato relevante na caracterización do mercado laboral na medida en que contribúe a clarificar a relación económica dos ocupados co seu concello de residencia. Ademais, das súas especificidades despréndense consecuencias de enorme significación, como é a necesidade, frecuencia e duración dos desprazamentos ao lugar de traballo. Partindo do anterior, o seguinte gráfico resume en que medida a localización do lugar de traballo dos ocupados de Mondariz ten lugar no seu propio municipio de residencia (Mondariz) ou noutros lugares máis ou menos afastados.

Figura I.4
Localización do lugar de traballo dos ocupados residentes no concello de Mondariz



Fonte: Elaboración propia a partir dos *Censos de Poboación e Vivenda 2001* (INE)

Como aparece reflectido no gráfico anterior, tan só o 30,6% dos ocupados que residen en Mondariz teñen localizado o seu lugar de traballo no propio municipio de Mondariz, aos que hai que engadir aqueles que traballan no seu propio domicilio (4,6%). En consecuencia, resulta que apenas o 35,2% dos ocupados traballan no propio concello de Mondariz, resultando un nivel de autocontención sumamente reducido en comparación con outros concellos da comarca do Condado, tales como Ponteareas (52,4%) ou Salvaterra de Miño (41,1%). Con todo, ese nivel de autocontención é lixeiramente superior ao que presentan os outros dous concellos da comarca: As Neves (34,7%) e Mondariz-Balneario (31,2%).

Este reducido nivel de autocontención reflicte un escaso dinamismo económico e a insuficiente capacidade da demanda de traballo local para absorber a man de obra residente no concello.

En consecuencia, preto do 65% dos ocupados que residen no concello de Mondariz traballan fóra do concello, se ben unha parte moi importante (42,5% do total de ocupados de Mondariz) traballa noutro municipio da mesma provincia de Pontevedra, ou o fai en varios municipios (15,4%). Finalmente, o 7% dos ocupados traballa ou ben fóra de Galiza (6,6%) ou ben noutra provincia galega (0,4%).

Podemos concluír, polo tanto, que a lóxica da proximidade entre lugar de residencia e lugar de traballo ten escasa incidencia no caso de Mondariz, o que nos leva a considerar a importancia que o factor mobilidade cara a outros concellos desempeña á hora de entender a dinámica socioeconómica deste municipio.

A efectos de obter un cadro explicativo da dinámica de Mondariz en termos de mobilidade por motivos laborais, preséntanse a continuación dúas táboas que identifican os principais fluxos de desprazamento, tanto de saída como de entrada, respectivamente.

En primeiro lugar, no relativo aos principais fluxos de saída; isto é: residentes en Mondariz que traballan noutro/s municipio/s diferente/s, contabilizábanse un total de 1.068 persoas no ano 2001. Esta cifra, como é lóxico, coincide coa apuntada anteriormente acerca do baixo grao de autocontención do municipio: o 65% dos ocupados que residen en Mondariz traballan fóra do municipio. En canto ao emprazamento dos lugares de traballo que se sitúan fóra de Mondariz, estes aparecen fortemente concentrados no concello de Vigo (30,9%) e Ponteareas (17%), seguidos de Porriño (7,6%) e Mondariz-Balneario (3,8%). Estes catro concellos, que nalgúns casos son limítrofes co propio Mondariz, absorben arredor do 60% dos mondaricenses que traballan fóra do propio concello (máis de 630 persoas, que supón, por outra parte, o 38% do total de ocupados que residen en Mondariz).

Tamén cómpre destacar o importante volume de residentes en Mondariz que traballan en varios concellos (254 traballadores), e que representan case o 24% dos que traballan no exterior. Neste caso, tres de cada catro casos están relacionados ou ben coa actividade agraria ou ben coa construción ou transporte.

Por último tamén resulta certamente rechamante o elevado peso dos residentes en Mondariz e que traballan fóra de Galiza (77 persoas, que representan algo máis do 7% dos residentes que traballan no exterior). Se atendemos ao tipo de actividades que predominan nestes casos, atopamos unha forte concentración nos sectores de hostalería (47%) e construción (26%), que reproducen as características do patrón migratorio de Galiza cara ás comunidades españolas máis dinámicas (Madrid, Canarias,...).

Táboa I.11

Principais fluxos de saída: residentes en Mondariz que traballan noutro municipio distinto (2001)

Municipio de traballo	Nº de ocupados	%
Vigo	330	30,9
Varios concellos	254	23,8
Ponteareas	181	17,0
Porriño	81	7,6
Outra comunidade	77	7,2
Mondariz-Balneario	41	3,8
Estranxeiro	32	3,0
Outros concellos	72	6,7
Total	1.068	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos *Censos de Poboación e Vivenda 2001* (INE)

O carácter eminentemente rural do concello de Mondariz ponse de manifesto ao observar os fluxos de entrada procedentes doutros concellos por motivos laborais. Apenas se contabilizaban no censo de 2001 un total de 239 persoas que residían fóra de Mondariz e traballaban neste concello; é dicir: aproximadamente unha quinta parte das que saían de Mondariz.

En canto aos principais lugares de procedencia, estes concéntranse fundamentalmente no veciño concello de Ponteareas (43,1% do total de entradas) e, en menor medida, en Vigo (14,2%), Mondariz-Balneario (13%) e Salvaterra de Miño (8%).

Táboa I.12

Principais fluxos de entrada: residentes noutros concellos distintos que traballan en Mondariz (2001)

Municipio de residencia	Nº de ocupados	%
Ponteareas	103	43,1
Vigo	34	14,2
Mondariz-Balneario	31	13,0
Salvaterra de Miño	19	8,0
Outros concellos	52	21,7
Total	239	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos *Censos de Poboación e Vivenda 2001* (INE)

En síntese, pódese afirmar que o caso de Mondariz responde en grande medida a un modelo de concello de tipo semirural, con escasa capacidade de absorción da man de obra local, o que se traduce nun nivel reducido de autocontención e nun intenso fluxo de desprazamentos de saída cara outros concellos máis dinámicos (Vigo, Ponteareas, Porriño,...) e mesmo cara ao exterior de Galiza, ao que hai que engadir un peso ocupacional relativamente elevado das actividades agrarias, de construción ou de servizos tales como a hostalería ou o transporte terrestre.

3.1.4. 4. ESTRUTURA PRODUTIVA EN BASE AOS DATOS DE AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL (2001-2006).

A análise realizada ata aquí fíxose con base nos datos procedentes do Censo de poboación e toma, polo tanto, como eixo de referencia o criterio de residencia. Se ben se trata dunha información de grande interese para coñecer o perfil ocupacional e as características socioeconómicas dos residentes no concello de Mondariz, este feito introduce un sesgo nada desprezable á hora de explicar a estrutura e dinámica produtiva do concello, na medida en que,

como se puido comprobar no apartado anterior, unha parte moi importante (65%) dos ocupados traballan fóra do concello.

O anterior leva á necesidade de complementar a información do censo con outra máis directamente relacionada coa propia estrutura produtiva do concello de Mondariz, como é o caso dos datos de afiliación á Seguridade Social (Administración da Seguridade Social, Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais). Cómpre, con todo, advertir que esta última información non está exenta de particularidades que poden dificultar a identificación dos datos de emprego real. Aínda así, non cabe dúbida, a tenor do visto anteriormente, de que se trata da fonte de información dispoñible que resulta máis apropiada para unha aproximación á estrutura produtiva (en termos de emprego) dun ámbito territorial como o que aquí se aborda.

3.1.4.1. Distribución do emprego por grandes sectores produtivos.

A estrutura sectorial do emprego en Galiza presenta actualmente (decembro de 2006) un sector agrario que ocupa o 8,5 por cento dos traballadores, un 15,9 por cento a industria, un 12,8 por cento a construción e un 62,8 por cento o sector servizos. A nivel comparativo co total do Estado, Galiza conta cunha maior proporción de traballadores na agricultura e na construción e menor na industria e nos servizos. No entanto, esta caracterización non é homoxénea para toda a Comunidade por canto as zonas máis urbanas teñen un maior compoñente do sector servizos e menor do sector agrario.

No caso da comarca do Condado, na que se inserta o concello de Mondariz, esta atópase entre as dez comarcas que contan cunha menor proporción de empregos no sector agrario (6% no caso do Condado) e que responde, polo tanto, a un perfil produtivo máis acorde cos parámetros das zonas urbanas e desenvolvidas. De feito, este *ranking* encabézano as comarcas da Coruña, Ourense, Vigo, Santiago, ás que se engaden tamén outras tales como Pontevedra e mesmo Ferrol. Con todo, tamén é certo que a comarca do Condado aínda presenta un perfil pouco terciarizado se o comparamos con estas outras comarcas. Neste sentido, os empregos no sector servizos no Condado apenas representan o 53% do total, mentres que en comarcas próximas tales como Vigo ou Pontevedra chega a superar o 65 e mesmo o 70 por cento respectivamente. É este un indicador que pon de relevo o feito de ser, O Condado, unha comarca cun desenvolvemento urbano aínda bastante moderado e que xira basicamente arredor do eixe dinámico das áreas urbanas de Vigo e Pontevedra.

Precisamente, o feito de ser unha comarca do contorno das áreas de Vigo e Pontevedra atribúelle un importante papel como prolongación produtiva e residencial das anteriores, máxime tendo en conta a maior dispoñibilidade e menor custo do solo (produtivo e residencial) en comparación con aquelas. O importante peso en termos relativos que a industria (20% dos empregos) e a construción (22%) teñen na comarca do Condado poñen claramente de relevo esta caracterización que se acaba de sinalar; superando con creces os valores medios de Galiza nestes dous grandes sectores.

Taboa I.13
A estrutura sectorial de Galiza: emprego por grandes ramas de actividade, 2006

Comarcas	Agrario	Industria	Construción	Servizos
O Condado	6,0%	19,8%	21,6%	52,6%
Galiza	8,5%	15,9%	12,8%	62,8%

Nota: Para O Condado os datos corresponden a decembro de 2005
Fonte: Elaboración propia a partir da información procedente da Admón. da Seguridade Social.

Dende unha perspectiva dinámica, o cambio estrutural, tanto en Galiza coma no conxunto do estado, está asociado nos últimos anos a un proceso terciarización que acompaña á culminación do proceso de desagrarización iniciado fai algunhas décadas.

O avance deste proceso de terciarización dáse actualmente con maior intensidade en Galiza que no conxunto do Estado, aínda que tamén cómpre ter en conta a fase máis avanzada da que partía España neste proceso. Neste liña, o sector primario descendeu en Galiza en 1,8 por cento fronte ao 1,1 por cento do resto do Estado. Pola súa parte, o sector industrial tamén decreceu en termos relativos (-2%), aínda que menos que no conxunto do estado (-2,3%). No que se refire ao sector da construción, este creceu relativamente menos en Galiza (0,6%) que en España (0,8%).

Aínda que importantes en porcentaxe, estes números non deixan de representar un cambio natural na estrutura económica de Galiza, que en moitas comarcas continúa a ter un sector primario moi importante.

Dende esta perspectiva dinámica, o caso concreto da comarca do Condado merece ser destacado na medida en que presenta tendencias máis acusadas que a nivel xeral do conxunto de Galiza. Así, ten experimentado un descenso de 2,5 puntos no peso do sector agrario fronte ao 1,8 de Galiza, situándoa, como xa se apuntou anteriormente, no ranking das comarcas galegas con menor peso deste sector (6% dos empregos). Pola súa banda, os empregos na construción viron incrementados en 1,2 puntos o seu peso na estrutura de emprego da comarca do Condado, o que duplica o aumento que rexistrou ese mesmo sector a nivel do conxunto de Galiza. Do mesmo xeito, o emprego no sector servizos incrementouse en 4,3 puntos no Condado fronte aos 3,1 do conxunto de Galiza, se ben cómpre ter en conta o baixo nivel de partida desta comarca fronte á media galega no proceso de terciarización.

Finalmente, a menor dinámica do emprego industrial no Condado queda patente na forte diminución que experimentou en termos relativos este sector (-2,9%) en comparación coa media galega (-2%).

Taboa I.14
O cambio na estrutura sectorial de Galiza: cambios no emprego por grandes ramas de actividade (2001-2006)

Comarcas	Agrario	Industria	Construción	Servizos
O Condado	-2,5%	-2,9%	1,2%	4,3%
Galiza	-1,8%	-2,0%	0,6%	3,1%

Nota: Para O Condado os datos corresponden a decembro de 2005
Fonte: Elaboración propia a partir da información procedente da Admón. da Seguridade Social.

Tendo en conta que a análise que se aborda no presente informe está referida ao ámbito municipal, concretamente do municipio de Mondariz, cómpre descender a este ámbito territorial para poder capturar con maior detalle a forma en que se plasman estas tendencias de cambio estrutural no ámbito municipal. Neste contexto cómpre ter en conta que a comarca do Condado está integrada, ademais de polo concello de Mondariz, polos concellos de Mondariz-Balneario, As Neves, Ponteareas e Salvaterra de Miño; concellos que se diferencian nas súas estruturas e dinámicas produtivas.

No caso concreto do concello mondaricense, a estrutura do emprego aproxímase moito máis a un perfil de concello rural que a media comarcal. Deste xeito obsérvase un peso do emprego agrario aínda bastante elevado (10% dos empregos en 2006) en comparación co conxunto de Galiza (8,5%) e especialmente da comarca (6%). Este forte carácter rural era aínda máis evidente no ano 2001, cando o emprego agrario representaba case unha quinta parte (18%) do emprego total do concello. Das cifras anteriores despréndese a existencia dun moi intenso e acelerado proceso de desagrarización que se ten plasmado nunha mingua do peso relativo do sector agrario practicamente á metade, en apenas cinco anos (2001-2006), pasando de representar o 18% ao 10% do total de empregos. Detrás deste considerable descenso atópase unha poboación agraria fortemente envellecida e, en consecuencia, en idade de (ou próxima á) xubilación, tal como se pode deducir da pirámide de poboación presentada anteriormente.

En calquera caso, cómpre ter en conta que as cifras absolutas de emprego son bastante reducidas, acorde co reducido tamaño demográfico que caracteriza ao concello de Mondariz, xunto coas súas limitadas taxas de actividade e ocupación. Para ilustrar mellor isto, cabe sinalar que esa caída de 8 puntos no peso relativo do emprego agrario é atribuíble a unha perda absoluta de, apenas 44 empregos en dito sector, nun contexto no que as cifras globais de emprego se elevaban en 147 empregos netos.

O outro extremo da dinámica produtiva represéntao o sector servizos, que ten experimentado un aumento significativo do seu peso relativo, pasando en tan só cinco anos de representar o 42% no ano 2001 ao 52% no ano 2006. Deste xeito, o emprego terciario en Mondariz acada o mesmo peso relativo que no conxunto da comarca do Condado, que aínda queda bastante afastado do grao de terciarización do conxunto de Galiza (62,8%). Detrás deste importante avance en termos relativos (10 puntos en apenas cinco anos) atópase un total de 156 novos empregos, que o sitúan claramente como o sector máis dinámico de Mondariz, xunto coa construción.

Como se acaba de sinalar, a construción constitúe o outro sector que experimenta un notable dinamismo, tanto en termos de variación relativa como absoluta. En termos relativos, o peso do sector acabou representando o 14% do emprego total, logo de sumar 3 puntos porcentuais ao longo do período 2001-2006. En termos absolutos, o incremento foi de 38 empregos ata sumar un total de 118 empregos a finais de 2006.

Por último, constátase un escaso dinamismo na creación de emprego industrial, que se manifesta nunha mingua progresiva do peso relativo do sector. Nesta liña, o emprego industrial

ten experimentado non só un descenso considerable da súa importancia relativa ao pasar do 29% ao 24%, que segue a ser relativamente elevado no contexto da comarca e de Galiza, senón que mesmo se ten producido unha lixeira mingua en termos absolutos (3 empregos menos), situándose arredor dos 208 empregos a finais de 2006.

Figura I.5
A estrutura sectorial de Mondariz: emprego por grandes ramas de actividade, 2001-2006 (datos en porcentaxe)



Fonte: Elaboración propia a partir da información procedente da Admón. da Seguridade Social.

Figura I.6
A estrutura sectorial de Mondariz: emprego por grandes ramas de actividade, 2001-2006 (cifras absolutas)



Fonte: Elaboración propia a partir da información procedente da Admón. da Seguridade Social.

3.1.4.2. Distribución do emprego por tipo de actividade (CNAE-93, 2 díxitos).

Unha vez cotexada a profundidade das tendencias relativas ao cambio da estrutura produtiva do concello de Mondariz, tomando como referencia comparada, tanto os parámetros da comarca do Condado como do conxunto de Galiza, resulta de sumo interese avanzar no detalle dese perfil produtivo, adoptando un maior nivel de desagregación sectorial, como é o que nos proporciona a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-93) a 2 díxitos.

Este maior nivel de desagregación aclara en grande medida cales son as actividades arredor das que xira a estrutura produtiva mondaricense e as que están a protagonizar os cambios máis significativos que caracterizan a súa dinámica económica.

Neste sentido, e deixando a un lado o emprego agrario (10% do emprego total), aparecen claramente destacadas tres actividades que absorben conxuntamente máis do 43% do emprego radicado no concello de Mondariz. Estas actividades son, por orden de importancia relativa, a industria de alimentos e bebidas (151 traballadores; o 17,4% do emprego total na actualidade); a construción (118 traballadores, 13,6% do emprego); e transporte terrestre (107 traballadores; 12,3% do emprego total).

Nun segundo nivel en canto a importancia relativa aparecen hostalería (77 traballadores; 8,9% do emprego total actual); comercio polo miúdo (70 traballadores; 8,1% do emprego); administración pública (54 traballadores; 6,2%); industria da madeira (42 traballadores, 4,8%); e educación (37 traballadores, 4,3%).

Estas nove actividades absorben arredor do 85% do total de empregos do concello, repartíndose o 15% restante principalmente entre actividades terciarias, dado que o emprego industrial concéntrase fundamentalmente na industria de alimentos e bebidas e, en menor medida, na de madeira.

Dende unha perspectiva dinámica, destacan pola súa traxectoria ascendente nos últimos anos, as actividades de construción, hostalería, transporte terrestre e educación; actividades que encaixan bastante ben co perfil semi-rural deste concello.

Táboa I.15

Distribución dos afiliados á Seguridade Social por sector de actividade. Concello de Mondariz, 2001-2006

Actividade CNAE-93		2001		2006	
		Nº traballadores	%	Nº traballadores	%
01	Agricultura, gandería, caza e servizo	132	18,3	88	10,1
02	Silvicultura, explotación forestal. Serv	1	0,1	1	0,1
14	Extraccion de minerais non metálicos ni	2	0,3	0	0,0
15	Industria de produtos alimenticios e be	126	17,5	151	17,4
18	Industria da confección e da peletería	13	1,8	1	0,1
20	Industria da madeira e da cortiza, exc	56	7,8	42	4,8
21	Industria del papel	0	0,0	1	0,1
22	Edición, artes gráficas e reprodución d	0	0,0	2	0,2
28	Fabricación de produtos metálicos, exce	14	1,9	7	0,8
29	Industria da construción de maquinar	0	0,0	1	0,1
35	Fabricación doutro material de transpor	0	0,0	3	0,3
45	Construción	80	11,1	118	13,6
50	Venta e reparación de vehículos; venta ao	11	1,5	19	2,2
51	Comercio ao por maior e intermediarios d	12	1,7	18	2,1
52	Comercio ao por menor, agás o de veh	62	8,6	70	8,1
55	Hostalaría	41	5,7	77	8,9
60	Transporte terrestre; transporte por tub	84	11,7	107	12,3
65	Intermediacion financeira, agás segur	1	0,1	1	0,1
67	Actividades auxiliares a la intermediaci	5	0,7	10	1,2
70	Actividades inmobiliarias	1	0,1	2	0,2
74	Outras actividades empresariais	3	0,4	13	1,5
75	Administración publica, defensa e seguri	43	6,0	54	6,2
80	Educación	5	0,7	37	4,3
85	Actividades sanitarias e veterinarias, s	3	0,4	2	0,2
91	Actividades asociativas	1	0,1	1	0,1
92	Actividades recreativas, culturais e de	1	0,1	3	0,3
93	Actividades diversas de servizos persoais	10	1,4	13	1,5
95	Fogares que empregan persoal doméstico	13	1,8	25	2,9
	Total	720	100,0	867	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos *datos de afiliación á Seguridade Social*

3.1.4.3. Dinamismo empresarial por tipo de actividade (CNAE-93, 2 díxitos).

Como é lóxico, a distribución sectorial do tecido empresarial de Mondariz garda unha forte relación co perfil produtivo trazado polas cifras de emprego. Neste sentido, tres sectores: construción (20%), hostalería (12,4%) e transporte terrestre (11,4%), absorben conxuntamente máis do 43% do total de empresas que contan con afiliados no concello mondaricense. A estas actividades séguenlles, tamén con certa importancia, o comercio polo miúdo (8,6%) e a industria de produtos alimenticios e bebidas (7,6%). Tamén cómpre resaltar o elevado peso (10,5% das empresas) das relacionadas co emprego doméstico; algo que pode estar relacionado co avanzado grao de envellecemento do concello e a elevada mobilidade por razóns de traballo, o que pode estar acentuando a demanda deste tipo de servizos, tal como se deduce da tónica ascendente en termos da súa demografía empresarial nos últimos anos.

A dinámica da demografía empresarial do último quinquenio pon claramente de manifesto as tendencias relativas ao cambio estrutural. Concretamente, obsérvase un notable descenso das empresas do sector agrario, que viron reducido o seu peso relativo en máis de 2/3, situándose en menos do 3% do total de empresas a finais de 2006, cando o seu peso superaba o 10% apenas cinco anos antes.

Entre as actividades más dinámicas en termos relativos, destaca a hostalería, que practicamente duplicou o seu peso (dende o 6,5% ao 12,4%). Se ben hai tamén outras actividades con comportamentos salientables (outras actividades empresariais, p.e.), cómpre matizar que responden en xeral a variacións e niveis moi limitados en termos absolutos, o que lles resta importancia.

Táboa I.16

Distribución das empresas por sector de actividade. Concello de Mondariz, 2001-2006

Actividade CNAE-93		2001		2006	
		Nº empresas	%	Nº empresas	%
01	Agricultura, gandería, caza e servizo	8	10,4	3	2,9
02	Silvicultura, explotación forestal. Serv	0	0,0	0	0,0
14	Extracción de minerais non metálicos	0	0,0		0,0
15	Industria de produtos alimenticios e be	5	6,5	8	7,6
18	Industria da confección e da pelet	2	2,6	0	0,0
20	Industria da madeira e da cortiza, exc	4	5,2	3	2,9
21	Industria do papel		0,0	0	0,0
22	Edición, artes gráficas e reprodución d		0,0	0	0,0
28	Fabricación de produtos metálicos, exce	1	1,3	3	2,9
29	Industria de la construción de maquinar		0,0	1	1,0
35	Fabricación doutro material de transpor		0,0	1	1,0
45	Construción	17	22,1	21	20,0
50	Venda e reparación de vehículos; venta ao	2	2,6	2	1,9
51	Comercio polo xunto e intermediarios d	1	1,3	3	2,9
52	Comercio polo miúdo, agás o de veh	7	9,1	9	8,6
55	Hostalería	5	6,5	13	12,4
60	Transporte terrestre; transporte por tub	10	13,0	12	11,4
65	Intermediacion financeira, agás segur	0	0,0	0	0,0
67	Actividades auxiliares á intermediaci	2	2,6	2	1,9
70	Actividades inmobiliarias	0	0,0	0	0,0
74	Outras actividades empresariais	1	1,3	3	2,9
75	Administración publica, defensa e seguri	3	3,9	4	3,8
80	Educación	1	1,3	2	1,9
85	Actividades sanitarias e veterinarias, s	1	1,3	1	1,0
91	Actividades asociativas	1	1,3	1	1,0
92	Actividades recreativas, culturais e de	1	1,3	1	1,0
93	Actividades diversas de servizos persoais	0	0,0	1	1,0
95	Fogares que empregan persoal doméstico	5	6,5	11	10,5
	Total	77	100,0	105	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos *datos de afiliación á Seguridade Social*

3.1.5. DINÁMICA COMPARADA DO EMPREGO: A COMARCA DO CONDADO E O CONCELLO DE MONDARIZ NO CONTEXTO PROVINCIAL E GALEGO.

3.1.5.1. Nivel e evolución do emprego.

Para entender mellor a evolución do emprego no concello de Mondariz cómpre ter en conta a evolución do contexto máis próximo no que se inserta dito concello; isto é a comarca do Condado e a provincia de Pontevedra. Neste sentido, e tomando datos do período 2001-2005, non podemos perder de vista a omnipresencia da comarca de Vigo no que a peso demográfico e económico se refire. Concretamente, Vigo acolle case o 54% dos traballadores e o 52 % das empresas da provincia.

Se deixamos a un lado a comarca de Vigo, observamos que os maiores crecementos absolutos do emprego prodúcense nas comarcas de Pontevedra, O Salnes, O Baixo Miño, Caldas e O Condado. No entanto, en termos relativos, son estas tres comarcas as que presentan unha maior variación relativa entre 2001 e 2005. No caso concreto do Condado, o volume de emprego incrementouse nun 20% nun período de tan só catro anos.

Táboa I.17
Distribución do emprego por comarcas. Provincia de Pontevedra

Comarca	Trab. 2005	% total	Var. Abs. 2001-2005	Var.Rel. 2001-2005
O Baixo Miño	12.693	3,69	2.415	23,50
Caldas	9.020	2,62	1.551	20,77
O Condado	**9.490**	**2,76**	**1.585**	**20,05**
Deza	14.952	4,34	1.450	10,74
O Morrazo	18.061	5,24	2.192	13,81
A Paradanta	2.525	0,73	426	20,30
Pontevedra	50.221	14,58	5.566	12,46
O Salnés	34.944	10,15	5.592	19,05
Tabeirós-Terra de Montes	7.438	2,16	688	10,19
Vigo	185.101	53,74	23.723	14,70
Total provincial	344.445	100	45.188	15,10

Fonte: Admón. da Seguridade Social

Neste contexto relativamente expansivo, o concello de Mondariz ten experimentado unha dinámica en sintonía coa evolución da comarca do Condado. Así temos, coa información máis actualizada relativa ao período 2001-2006, que o concello de Mondariz viu incrementado en 147 traballadores o seu volume de emprego, o que representa unha variación relativa do 20,4% respecto do volume de emprego do ano 2001 (720 empregos) e unha taxa de variación anual acumulativa de 3,1%. Non obstante, cómpre destacar que este incremento concéntrase fundamentalmente no último ano (2005-2006), dado que entre decembro de 2001 e decembro de 2005 apenas se contabilizaron 45 traballadores máis, o que nos leva a que en dito período, a efectos comparativos coa dinámica comarcal e provincial, o concello de Mondariz amosou un comportamento próximo ao estancamento.

Volvendo ao período máis actualizado (2001-2006), que mellora a percepción da dinámica produtiva de Mondariz, podemos identificar como o aumento experimentado no número de traballadores (147 novos empregos) tenden a concentrarse nas actividades de construción (38 traballadores máis), hostalería (36 traballadores máis), educación (32 traballadores máis), industria de alimentos e bebidas (25 traballadores máis) e transporte terrestre (23 traballadores máis). Conxuntamente, estas cinco actividades sumaron un total de 154 empregos máis en comparación co exercicio 2001.

No outro lado da balanza atópanse as actividades que viron minguado o número de traballadores, entre as que destaca o sector agrario (44 traballadores menos), sector moi afectado polo envellecemento demográfico que caracteriza á poboación ocupada no sector, a industria da madeira (perde 14 traballadores) e a industria da confección (perde 12 traballadores).

Táboa I.18

Evolución do número de traballadores. Concello de Mondariz, 2001-2006

	Actividade CNAE-93	Nº traballadores 2001	Nº traballadores 2006	variación absoluta	variación relativa	Variación acumulativa
01	Agricultura, gandería, caza e servizo	132	88	-44	-33,3%	-6,5%
02	Silvicultura, explotacion forestal. Serv	1	1	0	0,0%	0,0%
14	Extracción de minerais non metálicos ni	2	0	-2	-100,0%	-100,0
15	Industria de produtos alimenticios e be	126	151	25	19,8%	3,1%
18	Industria da confección e da pelet	13	1	-12	-92,3%	-34,8%
20	Industria da madeira e cortiza, exc	56	42	-14	-25,0%	-4,7%
21	Industria do papel	0	1	1		
22	Edición, artes gráficas e reprodución d	0	2	2		
28	Fabricación de produtos metálicos, exce	14	7	-7	-50,0%	-10,9%
29	Industria da construción de maquinar	0	1	1		
35	Fabricación doutro material de transpor	0	3	3		
45	Construción	80	118	38	47,5%	6,7%
50	Venda e reparación de vehículos;venta ao	11	19	8	72,7%	9,5%
51	Comercio polo xunto e intermediarios d	12	18	6	50,0%	7,0%
52	Comercio polo miúdo, agás o de veh	62	70	8	12,9%	2,0%
55	Hostalería	41	77	36	87,8%	11,1%
60	Transporte terrestre; transporte por tub	84	107	23	27,4%	4,1%
65	Intermediacion financeira, agás segur	1	1	0	0,0%	0,0%
67	Actividades auxiliares á intermediaci	5	10	5	100,0%	12,2%
70	Actividades inmobiliarias	1	2	1	100,0%	12,2%
74	Outras actividades empresarias	3	13	10	333,3%	27,7%
75	Administración pública, defensa e seguri	43	54	11	25,6%	3,9%
80	Educación	5	37	32	640,0%	39,6%
85	Actividades sanitarias e veterinarias, s	3	2	-1	-33,3%	-6,5%
91	Actividades asociativas	1	1	0	0,0%	0,0%
92	Actividades recreativas, culturais e de	1	3	2	200,0%	20,1%
93	Actividades diversas de servizos persoais	10	13	3	30,0%	4,5%
95	Fogares que empregan persoal doméstico	13	25	12	92,3%	11,5%
	Total	720	867	147	20,4%	3,1%

Fonte: Elaboración propia a partir dos *datos de afiliación á Seguridade Social*

3.1.5.2. Nivel e dinámica empresarial.

No que respecta ás empresas obsérvase tamén unha distribución e dinámica semellante, se ben algo máis atenuada que no caso do emprego. Neste caso, a comarca do Condado aparece como a sexta comarca por incremento absoluto do número de empresas (148 empresas máis entre os anos 2000 e 2004), aínda que aparece como terceira en termos relativos (12% de variación)

Táboa I.19

Evolución do número da empresas nas comarcas galegas, 2000-2004. Variacións absoluta e relativa.

	2004	% total	Var. Abs.2000-2004	Var.rel.2000-2004
O Baixo Miño	1.947	5,1	191	10,9
Caldas	1.377	3,7	89	6,9
O Condado	1.384	3,6	148	12,0
Deza	1.917	5,3	94	5,2
O Morrazo	2.874	7,2	388	15,6
A Paradanta	451	1,3	0	0,0
Pontevedra	5.350	13,9	551	11,5
O Salnés	4.801	11,7	771	19,1
Tabeirós-Terra de Montes	1.242	3,4	68	5,8
Vigo	16.828	45,0	1.279	8,2
Total provincial	38.171	100,0	3.579	10,4

Fonte: IGE (Demografía empresarial)

Se pasamos a centrarnos na evolución do nº de empresas con máis de 2 asalariados durante o período 2000-2004, no que se refire á provincia de Pontevedra, destacan as comarcas do Baixo Miño, O Condado, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo, que é onde teñen lugar os maiores incrementos en termos absolutos; mentres que en ternos relativos sitúanse máis empresas na Paradanta e O Condado. Nestes termos, a comarca menos dinámica da provincia é a de Tabeirós-Terra de Montes, que aínda así experimentou un aumento relativo do 12,3%.

Táboa I.20
Distribución das empresas por comarcas. Provincia de Pontevedra.

Empresas de máis de 3 traballadores	2004	% total	Dif. 2004-2000	% crec.
O Baixo Miño	467	4,60	109	30,45
Caldas	285	2,81	68	31,34
O Condado	396	3,90	118	42,45
Deza	402	3,96	91	29,26
O Morrazo	567	5,59	119	26,56
A Paradanta	66	0,65	20	43,48
Pontevedra	1.282	12,63	217	20,38
O Salnés	1.182	11,65	280	31,04
Tabeirós-Terra de Montes	228	2,25	25	12,32
Vigo	5.274	51,97	855	19,35
Total provincial	10.149	100,00	1902	23,06

Fonte: IGE

No que se refire ao concello de Mondariz cómpre sinalar que o número de empresas incrementouse sensiblemente nos últimos anos ao pasar de ter un total de 77 empresas no ano 2001 a un total 105 empresas no ano 2006, o que supón un incremento absoluto de 28 empresas, que representa unha variación relativa do 36,4% respecto do ano inicial. A taxa de variación anual acumulativa correspondente é do 5,3%.

Dende unha perspectiva sectorial, e en liña co acontecido nas cifras de emprego, o incremento no número de empresas dáse fundamentalmente nas actividades de hostalería (8 empresas máis) e construción (4 empresas máis); amosando un escaso dinamismo en termos absolutos nas restantes actividades.

Táboa I.21

Evolución do número de empresas. Concello de Mondariz, 2001-2006

	Actividade CNAE-93	Nº empresas		variación absoluta	variación relativa	Variación acumulativa
		2001	2006			
01	Agricultura, gandería, caza e servizo	8	3	-5	-62,5%	-15,1%
02	Silvicultura, explotación forestal. Serv	0	0	0		
14	Extracción de minerais non metálicos	0		0		
15	Industria de produtos alimenticios e be	5	8	3	60,0%	8,1%
18	Industria da confección e da pelet	2	0	-2	-100,0%	-100,0%
20	Industria da madeira e da cortiza	4	3	-1	-25,0%	-4,7%
21	Industria del papel	0	0	0		
22	Edición, artes gráficas e reprodución d	0	0	0		
28	Fabricación de produtos metálicos	1	3	2	200,0%	20,1%
29	Industria da construción de maquinar	0	1	1		
35	Fabricación doutro material de transpor	0	1	1		
45	Construción	17	21	4	23,5%	3,6%
50	Venda e reparación de vehículos;venta ao	2	2	0	0,0%	0,0%
51	Comercio polo xunto e intermediarios d	1	3	2	200,0%	20,1%
52	Comercio polo miúdo, agás o de veh	7	9	2	28,6%	4,3%
55	Hostalería	5	13	8	160,0%	17,3%
60	Transporte terrestre; transporte por tub	10	12	2	20,0%	3,1%
65	Intermediacion financeira, agás segur	0	0	0		
67	Actividades auxiliares á intermediaci	2	2	0	0,0%	0,0%
70	Actividades inmobiliarias	0	0	0		
74	Outras actividades empresariais	1	3	2	200,0%	20,1%
75	Administración publica, defensa e seguri	3	4	1	33,3%	4,9%
80	Educación	1	2	1	100,0%	12,2%
85	Actividades sanitarias e veterinarias, s	1	1	0	0,0%	0,0%
91	Actividades asociativas	1	1	0	0,0%	0,0%
92	Actividades recreativas, culturais e de	1	1	0	0,0%	0,0%
93	Actividades diversas de servizos persoais	0	1	1		
95	Fogares que empregan persoal doméstico	5	11	6	120,0%	14,0%
	Total	77	105	28	36,4%	5,3%

Fonte: Elaboración propia a partir dos *datos de afiliación á Seguridade Social*

3.2. O SECTOR PRIMARIO DO CONCELLO DE MONDARIZ.

3.2.1. INTRODUCIÓN

O municipio de Mondariz localízase ao sur da provincia de Pontevedra e conta cunha extensión de 85,1 Km2 por onde se distribúen os seus 5.354 habitantes. Encádrase dentro da comarca do Condado, composta polos concellos de Ponteareas, As Neves, Salvaterra do Miño, Mondariz -Balneario e o propio concello de Mondariz.

O sector primario de Mondariz, aínda que de importancia para a economía e sociedade locais, perde cada ano peso relativo no conxunto da economía comarcal e provincial. Isto, de tódolos xeitos non é algo novo, senón que reflicte unha tendencia de longo prazo, común ao resto do país.

Ao igual que acontece no conxunto da economía galega, Mondariz xa non é fundamentalmente agrario, e as mudanzas producidas a este respecto levan a un novo escenario na vida económica e social do municipio e mesmo tamén na propia organización e funcionalidade da declinante actividade agraria.

Estas mudanzas ás que nos vimos referindo non obedecen, no entanto, a unha reformulación interna do sector, senón que veñen dadas pola realidade política europea, mesmo mundial, que

se impón a partir de 1986 coa entrada de España na CEE, e que se traduce nunha maior competencia para os produtos galegos no mercado. Este cambio da agricultura tradicional a unha máis modernizada, obriga a unha readaptación das vellas e pequenas explotacións, cara outras de maior tamaño capaces de competir nun mercado máis global, o que leva en moitos casos, debido á escasa viabilidade, ao abandono da actividade co conseguinte peche de explotacións, e perda de activos no sector, como acontece no caso de Mondariz.

Táboa II.1
Datos emprego concello Mondariz.

	2001
Poboación Activa	1.887
Poboación Ocupada	1.646
Ocupados Agricultura	107
Ocupados Pesca	19
Ocupados Industria	421
Ocupados Construción	289
Ocupados Servizos	810
Poboación Parada	241
Poboación Inactiva	2.692

Fonte: IGE, INE.

Segundo os datos do Censo de Poboación, apenas 107 persoas estarían ocupadas no sector primario en 2001. A maior parte dos ocupados (810) están empregadas no sector servizos o que supón case o 50 % da poboación ocupada do concello de Mondariz. O segundo sector que máis emprego absorbe é o de industria con 421, seguido da construción con 289.

3.2.2. EMPREGO NO SECTOR AGRARIO SEGUNDO O CENSO AGRARIO.

Hoxe en día, podemos afirmar que Mondariz xa non é un concello que fundamente as súas bases produtivas no sector agrario como fai unha década. Porén, se tomásemos as cifras do último Censo Agrario (1999), case o 30% da poboación desenvolvería algún tipo de actividade agraria, xa fose esta principal ou secundaria.

Con todo, esa información é especialmente cuestionable. O concepto de persoas que traballan no sector nas definicións do Censo Agrario non coinciden coas definicións de ocupados utilizados no Censo de Poboación (entre outras diferenzas, este último exclúe a toda persoa que estea xubilado ou perciba algún tipo de pensión). Por outra parte, tamén convén ter presente que a agricultura e gandería que se configura actualmente no concello, a teor dos –escasos- datos subministrados polo Ministerio de Agricultura, dista bastante da do ano 1999, converténdose esta cada vez en máis residual e actuando de complemento doutras actividades.

Táboa II.2
Persoas que traballan nas explotacións agrícolas de Mondariz, segundo a relación co titular da explotación

	Total	Titulares	Conxuxes	Outro membro da familia
Total	1.666	1.013	429	224
Só na explotación	1.318	841	334	143
Outra actividade lucrativa principal	342	171	93	78
Outra actividade lucrativa secundaria	6	1	2	3

Fonte: IGE, Censo agrario .1999

Táboa II.3
Persoas que traballan nas explotacións agrícolas de Mondariz, segundo grupos de idade, 1999

	Total	Ata 34 anos	De 35 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 anos e máis
Total	1.666	128	471	423	644
Titulares	1.013	27	249	269	468
Cónxuxes	429	7	137	131	154
Outro membro da familia	224	94	85	23	22

Fonte: IGE, Censo agrario .1999

A actividade agraria no concello de Mondariz, ao igual que no resto de Galiza, é desenvolvida na súa maioría polo estrato de poboación máis avellentado, isto condiciona enormemente a evolución de emprego no sector. O caso de Mondariz, é un caso típico da Galiza rural interior. A idade media da súa poboación está preto dos 50 anos. Este progresivo avellentamento da poboación afecta de forma clara á evolución do emprego no sector agrario do concello, que perde activos, o que leva en consecuencia a un abandono da actividade agraria ao non existir un reemprazo xeracional para as explotacións.

Nos últimos datos do Censo Agrario subministrados polo IGE, para o ano 1999, e expostos nas táboas anteriores, do total das persoas que traballan en explotacións agrarias o 38,6% ten 65 ou máis anos, e o 25 % ten idades comprendidas entre os 55 e os 64 anos. O que cabe supoñer que na última década, moitas destas persoas causarán baixa no sector, xa sexa por xubilación ou defunción.

No ano 1.999 Mondariz conta con unha poboación total de 5.915 persoas sendo a poboación empregada nas explotacións agrarias de 1.666 traballadores, dos que case o 80% ten como única actividade a explotación; ademais un 60 % deles son titulares, e tan só un 25% do total son cónxuxes do titular. O resto, un 13% correspóndese con algún outro membro da familia que tamén desenvolve a súa actividade na explotación.

Como xa dixemos, estes datos contrastan de forma oposta cos achegados polo INE para 2001. No Censo Agrario, o sector agrario de Mondariz conta con 107 ocupados, o que supón que só o 2% da poboación total se dedica á agricultura, dato que difire moito do 30% que se desprendería do censo agrario do 1999. Aínda que sabemos que a perda de activos no sector é certamente moi acusada, tanto en Mondariz como en toda Galiza, consideramos que este dato hai que tomalo con precaución sobre todo polo concepto utilizado para recoller o emprego no Censo Agrario e pola importancia sobre todo do emprego a tempo parcial.

3.2.3. ESTRUTURA DAS EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS E GANDEIRAS

Segundo o *Mapa de coberturas e usos do solo de Galiza*, a nosa Comunidade conta con 1.148.398 hectáreas dedicadas á agrogandería, o que xunto coas 1.731.783 hectáreas de zonas forestais, configuran unha paisaxe onde o mundo agrario ocupa o 36,8 % do territorio.

A maior parte das zonas agrícolas de Galiza están ocupadas por un mosaico de cultivos, en boa parte destinados a gandería, principal obxectivo da actividade agraria. O predominio das zonas forestais e a importancia do sector forestal na economía rural vén reflectido en que case unha terceira parte das zonas cultivadas presentan importantes intersticios forestais. Outro dos usos do solo agrario, e en crecente importancia económica cada ano, é o que ocupan os viñedos, aínda que só supoñen o 1% do territorio de Galiza.

A superficie agrícola en Galiza diminuíu un 0,1% no período 1987-2000. Este balance é o resultado da perda ou transformación dos cultivos con importante vexetación natural -os máis afectados-, e perda, aínda que en menor grao, dos cultivos anuais asociados a cultivos permanentes.

3.2.4. USO AGRÍCOLA DO SOLO EN MONDARIZ

As táboas expostas a continuación indican a distribución das terras en Galiza, o total da provincia de Pontevedra e os municipios que abarcan a comarca do Condado.

En Mondariz, concello que ocupa o 1,84% da superficie agraria da provincia, conta con 5.556 hectáreas dedicadas a explotacións agrícolas. Nel, o proceso de artificialización levado a cabo nas últimas décadas non foi especialmente acusado, aínda así, a perda no número de hectáreas totais foi de 394, o que supón unha redución do 6,58% do total das habidas en 1989. Esta perda é moi superior á experimentada no total da comarca do Condado, cifrada en 2,87%. Do total de concellos que compoñen esta comarca, só As Neves supera a Mondariz en perda de superficie agraria, é so un deles, Ponteareas, ve incrementada a súa superficie nun 8% no período que comprende os anos 1989 e 1999.

Táboa II.4
Superficie total das explotacións agrarias segundo aproveitamento, 1989-1999

	Total		Terras para pastos permanentes		Terras labradas		Especies arbóreas e forestais		Outras terras non forestais	
	1.989	1.999	1.989	1.999	1.989	1.999	1.989	1.999	1.989	1.999
O Condado	21.196	20.588	1.335	1.205	3.140	2.478	11.710	10.911	5.011	5.996
Mondariz	5.990	5.596	376	399	365	251	2.340	2.935	2.909	2.012
Mondariz-Balneario	127	116	6	4	22	5	35	97	64	11
Neves, As	4.441	3.902	558	326	518	405	2.543	1.349	822	1.822
Ponteareas	7.329	7.936	309	305	1.236	877	5.428	5.181	356	1.573
Salvaterra de Miño	3.309	3.038	86	171	999	940	1.364	1.349	860	578
Pontevedra	320.643	303.472	43.717	41.815	34.484	38.978	117.648	117.542	124.794	105.137
Galiza	2.217.131	2.041.799	429.059	437.812	245.979	258.878	700.862	605.160	841.231	739.948

Nota: Superficie en hectáreas
Fonte: Elaboración propia a partir de Censo Agrario, IGE.

Táboa II.5
Variacións nas superficies das explotacións agrarias segundo aproveitamento entre 1989 e 1999

	Total TERRAS		**Terras pastos permanentes**		**Terras labradas**		**Especies arbóreas e forestais**		**Outras terras non forestais**	
	Variación absoluta 1989/1999	**Variación relativa 1989/1999**	**Variación absoluta 1989/1999**	**Variación relativa 1989/1999**	**Variación absoluta 1989/1999**	**Variación relativa 1989/1999**	**Variación absoluta 1989/1999**	**Variación relativa 1989/1999**	**Variación absoluta 1989/1999**	**Variación relativa 1989/1999**
O Condado	**-608**	**-2,87%**	**-130**	**-9,74%**	**-662**	**-21,08%**	**-799**	**-6,82%**	**985**	**19,66%**
Mondariz	-394	-6,58%	23	6,12%	-114	-31,23%	595	25,43%	-897	-30,84%
Mondariz-Balneario	-11	-8,66%	-2	-33,33%	-17	-77,27%	62	177,14%	-53	-82,81%
Neves, As	-539	-12,14%	-232	-41,58%	-113	-21,81%	-1194	-46,95%	1000	121,65%
Ponteareas	607	8,28%	-4	-1,29%	-359	-29,05%	-247	-4,55%	1217	341,85%
Salvaterra de Miño	-271	-8,19%	85	98,84%	-59	-5,91%	-15	-1,10%	-282	-32,79%
Pontevedra	-17.171	-5,36%	-1.902	-4,35%	4494	13,03%	-106	-0,09%	-19657	-15,75%
Galiza	-175.332	-7,91%	8.753	2,04%	12899	5,24%	-95702	-13,65%	-101283	-12,04%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE. Censo agrario.En hectáreas.

A pesares da redución no número de hectáreas, Mondariz segue sendo dos concellos con maior extensión agraria da comarca, ocupando o 27 % da superficie total.

Táboa II.6
Superficie das explotacións agrícolas na comarca do Condado

Concello	m2
As Neves	3.902
Mondariz	5.596
Mondariz – Balneario	116
Ponteareas	7.936
Salvaterra do Miño	3.038
O Condado	**20.588**

Fonte: IGE, Censo Agrario, en hectáreas.1999

Táboa II.7
Superficie das explotacións agrarias segundo aproveitamento. Concello de Mondariz

	1989	1999	Var.absoluta	Var. Relativa
Total	5.990	5.596	-394	-6,58%
Terras pastos permanentes	376	399	23	6,12%
Terras labradas	365	251	-114	-31,23%
Especies arbóreas e forestais	2.340	2.935	595	25,43%
Outras terras non forestais	2.909	2.012	-897	-30,84%

Fonte: IGE.Censo agrario

Figura II.1
Superficie das explotacións agrarias segundo aproveitamento. Concello de Mondariz (1989-1999)



Fonte: IGE.Censo agrario

O censo agrario distribúe a superficie das explotacións agrarias entre:

- Terras para pastos permanentes. Son terras que se dedican de forma permanente á produción de herba.
- Terras labradas. Son as que reciben coidados culturais con arado, airada, grave ou cultivador, e están constituídas polos cultivos herbáceos, barbeitos, hortas familiares e cultivos leñosos.
- Especies arbóreas e forestais, inclúense aquí as especies que non son empregadas nin con fins agrícolas nin con outros fins distintos dos forestais.
- Outras terras non forestais, son terras que aínda que son superficie non son superficie agrícola utilizada.

En canto á distribución das terras no concello de referencia, a superficie destinada a usos agrícolas e gandeiros sería a ocupada polos *pastos permanentes e as terras labradas,* que non chega a ocupar nin o 12% da superficie agraria total.

As terras labradas ocupan só 251 hectáreas, e nelas salienta de forma sobresaínte o cultivo de plantas de consistencia herbácea (cereais, leguminosas, hortalizas, forraxeiras, etc.), as plantacións de froiteiros apenas son significativas.

As terras para *pastos permanentes* experimentaron un ascenso no concello de Mondariz dun 6,12 % ,o que comparado co incremento do 98,84% experimentado por Salvaterra do Miño, resulta pouco significativo.

Máis polo miúdo, obsérvase, que a maior perda de hectáreas experimentada entre os anos 1989 e 1999 no total da comarca foi a que afectou ás terras labradas, reducíndose nun 21,08%. No concello de Mondariz, no entanto, esta diminución foi superior á media da comarca, perdéndose un 31,23 % da súa superficie. Estes datos contrastan coa evolución experimentada no resto da provincia e en Galiza, onde as *terras labradas* aumentaron no período de referencia un 13, 03% e un 5, 24% respectivamente.

Táboa II.8
Distribución das terras segundo usos. Concello de Mondariz

	Superficie (Ha)	%
Total	5.556 Ha	100,0
Pastos permanentes	399Ha	7,1
Terras labradas	251Ha	4,5
Especies arbóreas e forestais	2.935Ha	52,5
Outras terras non forestais	2.012Ha	35,9

Fonte: Elaboración propia segundo Censo Agrario.1999. IGE

Figura II.2
Distribución das terras segundo usos. Concello de Mondariz (1999)



Fonte: Elaboración propia segundo Censo Agrario.1999. IGE

Táboa II.9
Aproveitamento das terras labradas nas explotación agrícolas. 1999 (en Hectáreas)

	Cultivos herbáceos	Froiteiros	Oliveiral	Viñedo	Outras terras labradas
Galiza	228.493	12.373	23	17.831	160
Pontevedra	30.477	1.637	1	6.830	32
O Condado	1.538	110	0	828	4
Mondariz	166	9	0	76	0

Fonte: Elaboración propia a partir de Censo agrario, 1999, IGE.

Figura II.2
Aproveitamento das terras labradas nas explotacións agrícolas (1999)



Fonte: Elaboración propia a partir de Censo agrario, 1999, IGE.

Pola contra, e a pesar da redución da superficie total dos cultivos, ten certa importancia o cultivo da vide, ao tratarse dunha das zonas vitivinícolas máis destacables da provincia de Pontevedra, e sendo nesta onde se atopa unha das Denominación de Orixe máis importantes de Galiza, a das *Rías Baixas*.

Táboa II.10
Superficie de Viñedos (1999)

	Hectáreas
Galiza	17.831
Pontevedra	6.830
Mondariz	76
Mondariz –Balneario	3
Neves, As	110
Pontearеas	252
Salvaterra de Miño	387

Fonte: Elaboración propia segundo IGE, Censo Agrario 1999, .

Figura II.3
Viñedos na comarca do Condado (1999)



Fonte: Elaboración propia segundo IGE, Censo Agrario 1999, .

A D.O. Rías Baixas consta de cinco subzonas perfectamente individualizadas, entre as que se atopa a comarca do Condado, que contaba no 1999 con 828 viñedos, dos cales 76 estaban situados en Mondariz. Cabe destacar que a pesares de tratarse dun concello con características axeitadas para o desenvolvemento deste tipo de cultivos, non existe ningunha empresa dedicada á elaboración e comercialización propia, polo que supoñemos que Mondariz actúa como centro de recolección para as empresas situadas nos concellos limítrofes como pode ser Salvaterra do Miño ou As Neves, que si contan con adegas propias.

3.2.5. GANDERÍA NO CONCELLO DE MONDARIZ

O descenso continuado do emprego agrario ao que nos referimos anteriormente, leva aparellada unha caída no número de explotacións. Isto, obriga ao peche de moitas delas e a un redimensionamento do seu tamaño. As explotacións agrarias galegas caracterizáronse dende sempre por un excesivo minifundismo, os cambios producidos nos últimos anos buscan acadar un maior tamaño destas explotacións para incrementar así a súa produtividade, con todo, a pesar das mudanzas, aínda seguen a predominar pequenas explotacións que impiden o alcance de niveis de renda próximos aos de agriculturas máis desenvolvidas como a europea.

O subsector gandeiro, no que se especializa o agro galego a partir da década dos setenta, conta aínda na actualidade, a pesar do cambio de tendencia que comeza a desencadearse nos anos noventa, cunha presenza determinante no desenvolvemento do sector agrario. Dentro das actividades gandeiras, as que presentan unha traxectoria fortemente expansiva son o produción leiteira e a carne de bovino. O concello de Mondariz, aínda que comparte certas características co resto de Galiza, presenta un perfil discordante na súa especialización e na evolución das súas producións.

A nota común sería a redución producida no número de explotacións na década dos noventa e o excesivo minifundismo que caracteriza o seu tamaño. O 96% destas explotacións eran consideradas micro, o que ía condicionar enormemente- como efectivamente sucedeu- a súa evolución no futuro. Só no concello de Mondariz rexistrouse unha perda de 879 explotacións dende o ano 1999 ate o 2003; e só dez presentaban un tamaño maior a 50 hectáreas, pero non presentan SAU, o que nos fai supoñer que se trata de MVMC.

Táboa II.11
Explotacións agrícolas, parcelas, UG E UTA

	MONDARIZ		GALIZA	
	1989	1999	1989	1999
Número de explotacións	1.427	1.028	359.157	270.053
Con terras	1.427	1.023	358.886	268.995
Sen terras	0	5	271	1.058
Número de parcelas	26.986	19.874	5.445.081	4.717.093
Unidades gandeiras (UG)	1.368	942	1.120.519	1.460.863
Unidades de traballo -ano (UTA)	469	545	259.376	193.573

Fonte: INE. Censo Agrario

Táboa II.12
Tipos e dimensións das explotacións de Mondariz (1999)

	Explotacións con terras	Explotacións con Superficie Agraria Utilizada
TOTAL	1023	963
>=0,1 a <5	984	961
>=5 a <10	25	1
>=10 a <20	2	0
>=20 a <50	2	1
>=50	10	0

Fonte: IGE, Censo agrario, 1999

Tendo en conta os datos expostos a continuación podemos afirmar, no que respecta á evolución da cabana gandeira, que a tendencia en Galiza foi positiva no período 1989-1999.

Máis polo miúdo vese unha evolución diferente por tipo de gando. Os incrementos máis sobresaíntes no total de Galiza e a provincia de Pontevedra son os referentes ao gando porcino (no concello de Mondariz o aumento máis destacable en termos relativos foi o experimentado polo gando equino, aínda que en termos absolutos foi pouco significativo).

No entanto, o gando bovino, reduciuse case un 45% no período considerado, o que en termos absolutos supón unha perda de 328 cabezas de gando. Perda que se viu compensada nos anos seguintes cun aumento da cabana bovina ate acadar os 541 bovinos no ano 2003. Isto

unido á perda de hectáreas, o peche da gran maioría das explotacións, e a existencia practicamente marxinal do bovino de leite, fai supoñer que a reorientación da gandería en Mondariz vai cara unha progresiva desaparición.

Táboa II.13
Gandería en UG nas explotación agrarias (1999)

	GALIZA		PONTEVEDRA		MONDARIZ	
	1989	1999	1989	1999	1989	1999
Bovinos	749.166	856.728	100.084	94.333	736	408
Ovinos	26.342	33.535	6.200	7.504	174	203
Caprinos	6.092	4.853	1.125	902	28	17
Porcinos	198.012	326.747	34.606	82.674	246	129
Equinos	32.941	38.420	5.260	6.575	37	76
Aves	104.561	195.368	34.057	64.174	141	102
Coellas nais	3.418	5.212	562	940	5	6

Fonte: IGE

Táboa II.14
Variación da gandería en UG nas explotación agrarias, 1989-1999

Fonte: IGE, Censo agrario, 1989, 1999

	GALIZA		PONTEVEDRA		MONDARIZ	
	Variación Absoluta	Variación Relativa	Variación Absoluta	Variación Relativa	Variación Absoluta	Variación Relativa
Bovinos	107.562	14,4%	-5.751	-5,7%	-328	-44,57%
Ovinos	7.193	27,3%	1.304	21,0%	29	16,67%
Caprinos	-1.239	-20,3%	-223	-19,8%	-11	-39,29%
Porcinos	128.735	65,0%	48.068	138,9%	-117	-47,56%
Equinos	5.479	16,6%	1.315	25,0%	39	105,41%
Aves	90.807	86,8%	30.117	88,4%	-39	-27,66%
Coellas nais	1.794	52,5%	378	67,3%	1	20,00%

Táboa II.15
Gando bobino, 2001-2002, 2003, 2005

	Mondariz			O Condado		
	2001-2002	2003	2005	2001-2002	2003	2005
Número de explotacións	176	149	X	912	960	848
Número de bovinos	658	541	X	1570	1663	1674
Número de vacas	283	X	X	1149	1259	767
Número de vacas de muxidura	15	X	X	117	103	33
Número de vacas de non muxidura	268	X	X	1032	1156	734
Outros bovinos	92	X	X	421	404	907

Fonte: IGE,, Estrutura das explotación agrarias en Galiza. (x): segredo estatístico

3.2.6. USO FORESTAL DO SOLO NO CONCELLO DE MONDARIZ

A maior parte das hectáreas de solo agrario ocupado no concello están dedicadas a fins forestais. As especies forestais ocupan no último ano de elaboración do Censo Agrario 2.935 hectáreas, aumentando dende 1989 en 595, o que supón un incremento en termos relativos do 25,43 % , o máis significativo da zona e que contrasta coa evolución presentada no resto do País, onde a superficie arbórea e forestal tende a reducirse segundo o Censo Agrario.

Táboa II.16
Superficie e variacións das especies arbóreas e forestais

	1989	1999	Variación Absoluta 1989/1999	Variación Relativa 1989/1999
O Condado	11.710	10.911	-799	-6,82%
Mondariz	2.340	2.935	595	25,43%
Mondariz-Balneario	35	97	62	177,14%
Neves, As	2.543	1.349	-1194	-46,95%
Ponteareas	5.428	5.181	-247	-4,55%
Salvaterra de Miño	1.364	1.349	-15	-1,10%
Pontevedra	117.648	117.542	-106	-0,09%
Galiza	700.862	605.160	-95702	-13,65%

Fonte. Elaboración propia a partir do Censo agrario, IGE

3.2.6.1. Montes en man común de Mondariz

A maior parte dos montes de Mondariz e do resto da comarca están concentrados nun número reducido de explotacións comunais (MVMC), de superficie media elevada. Ademais, pode dicirse que o uso arborado actual está vinculado directamente á propiedade veciñal. Pero tamén é certo que os montes abertos se concentran nos montes veciñais no concello Mondariz (ao igual que nalgún outro da comarca).
O aproveitamento dos MVMC, cando existe, é fundamentalmente forestal, o uso gandeiro é marxinal.

Táboa II.17
Montes en man común de Mondariz

Nome	Superficie (ha)	Parroquia	Lugar	Comunidade	Data clasificación
Mouriscados	671	Mouriscados	Todos	Mouriscados	15/11/1979
Sabaxáns	621	Sabaxáns	Todos	Sabaxáns	15/11/1979
Toutón	716	Toutón	Todos	Toutón	15/11/1979
Garabite	111	Vilar	Todos	Vilar	15/11/1979
Frades	58	Frades	Todos	Frades	15/11/1979
Gargamala	1.073	Gargamala	Todos	Gargamala	15/11/1979
Lougares	134	Lougares	Todos	Lougares	15/11/1979
Meirol	172	Meirol	Todos	Meirol	15/11/1979
Mondariz	296	Mondariz	Todos	Mondariz	15/11/1979
Riofrío	126	Riofrío	Todos	Riofrío	15/11/1979
Vilasobroso	37	Vilasobroso	-		26/11/1981
Montes de Queimadelos	78	Queimadelos	-		15/11/197

Fonte: consellería de medio rural , 2006.

3.2.6.2. Situación Específica dos Montes Veciñais

Salvo en dous casos, cada monte catalogado asóciase aos veciños dunha parroquia, aínda que no relativo á xestión neste concello ten importancia a xestión pública dos montes (o que non significa que estean realmente arborados).
Ao analizar a desagregación por especies das superficies arboradas, obsérvase un predominio do arborado de coníferas e en segundo lugar os eucaliptais; cun papel testemuñal para outras especies frondosas. En todo caso, Mondariz é dos poucos concellos da comarca que conta cunha presenza relevante de frondosas caducifolias. Cómpre dicir tamén que, as masas de eucalipto e coníferas (hexemónicas na comarca) deben ser explicadas pola xestión particular dos montes e, sobre todo, nos MVMC.

Táboa II.18
Síntese do Diagnóstico sobre as superficie a monte no concellos da comarca do Miño

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13
1 Arbo	2,8	42	87	75	1,6	19	71	29	0,7	1,6	-0,9	0,4	-1,2
2 Crecente	3,6	40	66	80	2,5	35	90	10	0,2	2,3	-2,1	-1,0	-1,1
3 A Guarda	0,8	53	85	69	0,3	0	29	71	0,1	0,2	-0,0	-0,1	0
4 Mondariz	5,3	39	90	76	3,7	36	62	38	1,2	3,8	-2,6	-0,1	-2,2
5 As Neves	3,3	28	85	84	3,2	25	79	21	1,1	3,2	-2,0	0	-1,8
6 Oia	7,3	40	97	89	4,1	82	52	48	-0,2	2,3	-2,5	-0,6	-1,5
7 Ponteareas	5,7	62	65	68	3,0	31	60	40	2,6	3,0	-0,4	-0,2	-0,1
8 O Rosal	2,5	61	89	84	0,9	37	56	44	0,2	0,4	-0,2	-0,5	-0,2
9 Salceda	1,6	92	59	58	0,1	46	30	70	1,2	0,1	1,0	0	1,1
10 Salvaterra	2,2	85	33	20	0,4	0	62	38	2,4	0,4	2,0	0,7	1,2
11 Tomiño	5,9	66	81	75	2,4	96	49	51	3,4	2,4	1,0	0	0,9
12 Tui	3,2	80	77	53	0,7	82	56	44	0,9	0,7	0,1	-0,5	0,5
Baixo Miño	44,6	55	79	67	23,6	49	58	42	14,3	20,8	-6,6	-2,0	-3,9

1: miles has
2: % has. arboradas (IDASA)
cursiva = ampliación + reordenación
negriña = só reordenación
3 : % do arborado en MVMC
4 : % propiedade veciñal
5 : miles has. desarboradas
6 : % MVMC con xestión pública cadro 8
Anexo estatístico sobre montes veciñais en man común

7 : % pinaster sobre arborados
8: % eucalipto sobre arborados (resto 7)
9 : desviación en miles de has. no total montes s/potencialidades
10 :ibidem. nos montes abertos
11 : ibidem. no monte arborado
12 : ibidem. nas coníferas de serra
13 : ibidem. nos arborados para trituración

Táboa II.19
Grandes Usos a Nivel Municipal do Comarca do Miño 1989

	Superficie Explotacións (Has.)			
	Total	**Montes**	**Abertos**	**Arborados**
Pontevedra	**320.643**	**242.445**	**124.794**	**117.648**
Arbo	3.434	2.803	953	1.850
Crecente	4.068	3.621	3.171	450
A Guarda	917	784	576	208
Mondariz	5.990	5.249	2.909	2.340
Mondariz-Balneario	127	99	64	35
As Neves	4.441	3.365	822	2.543
Oia	7.920	7.338	2.182	5.156
Ponteareas	7.329	5.784	356	5.428
O Rosal	3.104	2.576	243	2.333
Salceda de Caselas	2.304	1.603	129	1.474
Salvaterra de Miño	3.309	2.224	860	1.364
Tomiño	7.227	5.952	475	5.477
Tui	4.342	3.270	176	3.094
04-Miño	54.512	44.668	12.916	31.752
A Cañiza	8.478	7.326	4.262	3.064
Covelo	10.916	10.284	8.710	1.574
Distrito Forestal XVII	73.906	62.278	25.888	36.390

Fonte: Elaboración propia sobre Censo Agrario de 1989 (I.N.E.)

Táboa II.20
Grandes Usos nas Terras a Monte da Comarca do Miño, 1993.

	Abertos	Arborados	Montes	% Arb./Mont.
Arbo	1.686	1.224	2.910	42,0
Crecente	2.532	1.708	4.240	40,2
A Guarda	339	391	730	53,5
Mondariz	3.681	2.363	6.044	39,0
Mondariz-Balneario	171	67	238	28,1
As Neves	3.282	1.303	4.585	28,4
Oia	4.147	2.817	6.964	40,4
Pontearеas	3.096	5.145	8.241	62,4
O Rosal	979	1.576	2.555	61,6
Salceda de Caselas	161	1.958	2.119	92,4
Salvaterra de Miño	416	2.478	2.894	85,6
Tomiño	2.425	4.777	7.202	66,3
Tui	734	2.912	3.646	79,8
04-Miño	23.649	18.719	52.368 (1)	54,8
A Cañiza	6.421	1.847	8.268	22,3
Covelo	8.504	2.040	10.544	19,3
Distrito Forestal XVII	38.574	32.606	71.180	45,8

(1) Fronte ás 44.669 do CA89; débese a inclusión no MFG86 de 6.500 has. de monte oco, ribeiras e plantacións lineais; sen estes os usos arborados-forestais do MFG mais as matogueiras supoñen no Miño 45.826 has. cifra moi semellante ás 44.669 do CA89. O que varía é a composición interna (por concellos, arborado/desarborado) como se ve.
Fonte: Elaboración propia derivada do Mapa Forestal de Galiza (1986).Explotación actualizada por EPTISA para o IDEGA no 27/1/93.

Táboa II.21
Arborados por tamaños de Explotación no 1989.

	Superficie Arborada							
	0 - 5		5 - 20		> 20		Total	
	número	has.	número	has.	número	has.	número	has.
Arbo	551	203	10	32	8	1.614	569	1.844
Crecente	410	142	7	12	10	295	419	449
A Guarda	242	24	1	6	2	176	246	207
Mondariz	625	214	14	20	9	2.102	648	2.336
Mondariz-Balneario	53	14	1	3	1	17	55	34
As Neves	908	356	12	32	11	2.156	930	2.544
Oia	563	139	11	33	7	4.983	580	5.155
Ponteareas	2.833	1.705	32	24	15	3.514	2.880	5.430
O Rosal	940	234	2	10	3	2.089	945	2.333
Salceda de Caselas	1.570	586	5	23	6	863	1.581	1.472
Salvaterra de Miño	1.563	745	33	164	10	451	1.606	1.360
Tomiño	1.551	924	32	131	12	4.422	1.595	5.477
Tui	1.689	620	19	80	10	2.393	1.718	3.093
04-Miño	13.498	5.906	179	757	104	25.075	13.722	31.739
A Cañiza	1.389	487	22	63	9	2.514	1.419	3.064
Covelo	502	146	30	27	7	1.399	539	1.572
Distrito Forestal XVII	15.389	6.539	231	847	120	28.988	15.730	36.735

Fonte: Elaboración propia sobre CA89 (Explotación I.N.E.).

Táboa II.22
Monte Aberto segundo Tamaño da Explotación (1989).

	< 5 Has.		> 5 Has.		Total Aberto		% > 5 has./ Total
	número	has.	número	has.	número	has.	
Arbo	907	390	18	559	925	949	58,9
Crecente	915	439	17	2.714	932	3.153	86,0
A Guarda	555	99	5	396	560	495	80,0
Mondariz	1.200	572	40	2.216	1.240	2.788	79,4
Mondariz-Balneario	100	36	2	19	102	55	34,5
As Neves	835	285	18	354	853	639	53,9
Oia	571	225	18	1.901	589	2.126	89,4
Ponteareas	1.146	257	20	19	1.166	276	6,8
O Rosal	79	10	-	-	79	10	0,0
Salceda de Caselas	188	18	2	1	190	19	5,2
Salvaterra de Miño	1.255	297	24	33	1.249	330	10,0
Tomiño	305	45	19	57	324	102	55,8
Tui	32	3	3	78	35	81	96,2
04-Miño	8.058	2.676	186	8.347	8.244	11.023	75,7
A Cañiza	2.433	871	40	3.378	2.473	4.249	79,5
Covelo	953	672	51	7.986	1.004	8.568	93,2
Distrito Forestal XVII	11.444	4.219	277	19.711	11.721	23.840	82,6

Fonte: Elaboración propia sobre Explotación I.N.E. do CA89.

Táboa II.23
Situación Municipalizada dos Montes Veciñais na Rexión do Miño

	Has. Montes 1989	Montes Veciñais				% V/M
		Número	has.	supeficie media	montes/parroquia	
Arbo	2.803	8	2.109	264	0,8	75,2
Crecente	3.621	11	2.915	265	1,0	80,5
A Guarda	784	3	546	182	1,0	69,6
Mondariz	5.249	10	3.981	398	1,2	75,8
Mondariz-Balneario	99	0	0	0	0	-
As Neves	3.365	13	2.822	217	1,0	83,8
Oia	7.338	6	6.522	1.087	1,0	88,8
Ponteareas	5.784	21	3.962	189	0,4	68,4
O Rosal	2.576	4	2.175	544	1,0	84,4
Salceda de Caselas	1.603	7	932	133	1,0	58,1
Salvaterra de Miño	2.224	14	460	33	1,2	20,6
Tomiño	5.952	10	1.920	192	1,5	32,2
Tui	3.270	7	1.724	246	1,7	52,7
04-Miño	44.668	114	30.068	263,7	-	67,3
A Cañiza	7.326	19	5.678	299	0,5	77,5
Covelo	10.284	14	8.430	602	1,0	81,9
Distrito Forestal XVII	62.278	147	44.176	300,5	-	70,9

Fonte: Elaboración propia sobre CA89 do I.N.E. e Xurados de Clasificación de MVMC.

Táboa II.24

Comarca de Miño

Nº	Concello	Nº de Montes	Superficie	Parcelas	Consorciado	Has.	Convenio	Has.	Xestión Pública (Has.)	Xestión Pública (%)	Arboradas Has.	Arboradas (%)	Desarboradas Has.	Desarboradas (%)
1	Arbo	8	2.099	15	2	209,5	2	300	509,5	24,27	1.072,71	51,10	1.026,4	48,90
2	Crecente	11	2.915	23	7	638	1	606	1.244	42,68	735,22	25,22	2.179,78	74,78
3	A Guarda	3	486	6	0	0	0	0	0	0	276,4	56,64	211,6	43,36
4	Mondariz	10	3.978	23	2	425,5	3	1.262	1.687,5	42,42	1.587,22	39,90	2.390,78	60,10
5	As Neves	13	2.913,3	17	5	445	3	943,6	1.388,6	47,66	1.248,83	42,87	1.664.47	57,13
6	Oia	6	5.802	9	0	0	5	5.802	5.802	100	3.159,95	54,46	2.642,05	45,54
7	Ponteareas	21	3.962	53	4	265	7	1.265	1.530	38,62	2.467,7	68,28	1.494,30	37,72
8	O Rosal	4	2.175	11	0	0	1	930	930	42,76	1.084,53	49,86	1.090,47	50,14
9	Salceda de	7	945	12	0	0	0	0	0	0	848,05	89,74	96,95	10,26
10	Caselas	16	466	61	1	80	0	0	80	17,17	298,33	64,02	167,67	35,98
11	Salvaterra	14	4.481	48	7	610	3	1.054	1.664	37,13	2.937,48	65,56	1.543,41	34,44
12	de Miño	10	1.934	19	1	18	3	1.047,5	1.065,5	55,09	595,38	30,78	1.338,63	69,22
	Tomiño													
	Tui													
	Total	123	32.156,3	297	29	2.961	28	13.210,1	15.901,1	49,45	16.311,79	50,73	15.846,51	49,27

Fonte: Elaboración propia sobre Inventario de Montes Veciñais, Consellería de Agricultura 1993.

Táboa II.25

Concello de Mondariz.

Nº	Concello	Superficie	Parcelas	Consorciado	Has.	Data	Convenio	Has.	Arboradas Has.	Arboradas (%)	Desarboradas Has.	Desarboradas (%)	Reparto		Data MVMC	Outros
													Descrip	%		
1	Frades	58	3	NO	0	----	NO	0	52,2	90	5,8	10			1979	
2	Gargamala	1.073	3	NO*	0	1988	SI	853	321,9	30	751,1	70	5	85	1979	
3		134	3	NO	0	----	NO	0	113,9	85	20,1	15	3-2	30-55	1979	
4	Lougares	172	3	NO	0	----	NO	0	120,4	70	51,6	30	3-5	30-55	1979	(4)
5	Meirol	296	1	NO	0	----	NO	0	124,32	42	171,68	58	3-5	30-55	1979	(5)
6	Mondariz	671	3	NO*	0	1986	SI	397	402,6	60	268,4	40	3-5	30-55	1979	
7	Mouriscados	126	3	NO	0	----	NO	0	50,4	40	75,6	60			1979	(7)
8		621	1	SI	400,5	1946	NO	0	62,1	10	558,9	90	3-5	30-55	1979	
9	Riofrio	716	2	SI	25	1964	NO	0	250,6	35	465,4	65	3-5	30-55	1979	
10	Sabaxans	111	1	NO	0	1991	SI	12	88,8	80	22,2	20	3-5	30-55	1979	
	Touton															
	Villar															
	Total	3.978	23	2	425,5		3	1.262	1.587,22	39,90	2.390,78	60,10				

(*) Rescindido.
(4) Superficie Arrendada 1 Ha. e Dereitos Superficie para Instalacións (30 Anos).
(5) Superficie Arrendada 1 Ha.
(7) Dereitos superficie para Instalacións (30 Anos) 3 Has.
2: Obras Comunitarias.
3: Reparto de cuotas entre veciños.
5: Outros Fins.

Fonte: Elaboración propia sobre Inventario de Montes Veciñais, Consellería de Agricultura 1993.

Táboa II.26

Desagregación Municipal de MVMC en Consorciados e Non.

	Consorcia	&	n/consorcia	%	Total
Arbo	395	18,7	1.714	81,2	2.109
Crecente	1.013	34,7	1.902	65,2	2.915
A Guarda	0	0	546	100	546
Mondariz	1.448	36,3	2.533	63,6	3.981
Mondariz-Balneario	0	0	0	0	0
As Neves	706	25	2.116	74,9	2.822
Oia	5.368	82,3	1.153	17,6	6.522
Ponteareas	1.238	31,2	2.724	68,7	3.962
O Rosal	813	37,3	1.362	62,6	2.175
Salceda de Caselas	436	46,7	496	53,2	932
Salvaterra de Miño	0	0	460	100	460
Tomiño	1.844	96	76	3,9	1.920
Tui	1.410	81,7	314	18,2	1.724
04-Miño	14.681	48,8	15.387	51,1	30.068
A Cañiza	2.276	40	3.402	59,9	5.678
Covelo	2.287	27,1	6.143	72,8	8.430
Distrito Forestal XVII	19.244	43,5	24.392	56,4	44.176

Fonte: Elaboración propia: Total de Xurados de Clasificación, Consorciados de Cadro de 9 de Eptisa, non consorciados por diferenza. Só hai unha notoria desviación co Cadro 7 no caso de Tomiño.

Táboa II.27
Datos a Nivel Municipal da Comarca do Miño, 1993. Montes Consorciados.

(% Pesos sobre Total do Cadro 3 (Resto Particular ou MVMC sen Consorciar)

	Abertos	%	Arborados	%	Montes	%
Arbo	382	22,6	13	1	395	13,5
Crecente	819	32,3	194	11,3	1.103	23,8
A Guarda	0	0	0	0	0	0
Mondariz	1.119	30,3	329	13,9	1.448	23,9
Mondariz-Balneario	0	0	0	0	0	0
As Neves	633	19,2	73	5,6	706	15,3
Oia	3.315	79,9	2.063	73,2	5.368	77,0
Pontearеas	730	23,5	508	9,8	1.238	15,0
O Rosal	441	45,0	372	23,6	813	31,8
Salceda de Caselas	46	28,5	390	19,9	436	20,6
Salvaterra de Miño	0	0	0	0	0	0
Tomiño	897	36,9	947	19,8	1.844	25,6
Tui	549	74,7	861	29,5	1.410	38,6
04-Miño	8.931	37,7	5.750	20	14.681	28
A Cañiza	2.049	31,9	227	12,2	2.276	27,5
Covelo	1.983	23,3	304	14,9	2.287	21,6
Distrito Forestal XVII	12.963	33,6	6.281	19,2	19.244	27

Fonte: Elaboración propia sobre Mapa Forestal de Galiza (1986). Explotación actualizada por EPTISA para o IDEGA no 27/1/93.

Táboa II.28
Desagregación dos Arborados na Comarca do Miño 1993.

	Coníferas	%	Eucalipto	Frondosas	Arborados
Arbo	872	71	325	3	1.224
Crecente	1.532	90	174	1	1.708
A Guarda	115	29	249	0	391
Mondariz	1.476	62	758	83	2.363
Mondariz-Balneario	0	0	67	0	67
As Neves	1.036	79	267	0	1.303
Oia	1.458	52	1.359	0	2.817
Pontearеas	3.109	60	2.036	0	5.145
O Rosal	883	56	693	0	1.576
Salceda de Caselas	593	30	1.364	0	1.958
Salvaterra de Miño	1.538	62	919	20	2.478
Tomiño	2.333	49	2.416	28	4.777
Tui	1.621	56	1.112	178	2.912
04-Miño	16.566	58	11.739	313	28.719
A Cañiza	1.579	85	172	95	1.847
Covelo	988	48	655	394	2.040
Distrito Forestal XVII	19.133	59	12.566	802	32.606

Entendemos e agrupamos segundo MFG86 por:
Coníferas: pinaster, radiata, silvestre e outras coníferas, outras coníferas e frondosas masas mixtas.
Frondosas: querqus robur, pyrenaica, castaño e outras.
Eucalipto: eucaliptos, eucaliptos e piñeiros, eucaliptos e outras especies.

Fonte: Elaboración propia sobre Explotación de EPTISA para o IDEGA do Mapa Forestal de Galiza 1986 (27/1/93).

Táboa II.29
Desagregación dos Arborados na Comarca do Miño. Montes Consorciados. 1993.
(% sobre Total do Cadro 12 (Resto Privados e MVMC Sen Consorcio)

	Coníferas	%	Eucalipto	%	Total	%
Arbo	13	1,5	0	0	13	1
Crecente	99	6,4	95	54,5	194	11,3
A Guarda	0	0	0	0	0	0
Mondariz	166	11,2	163	21,5	329	13,9
Mondariz-Balneario	0	0	0	0	0	0
As Neves	0	0	73	27,3	73	5,6
Oia	1.178	80,7	885	65,1	2.063	73,2
Pontearea s	196	6,3	312	15,3	508	9,8
O Rosal	275	31,1	97	13,9	372	23,6
Salceda de Caselas	80	13,4	310	22,7	390	19,9
Salvaterra de Miño	0	0	0	0	0	0
Tomiño	578	24,7	369	15,2	947	19,8
Tui	564	34,7	297	26,7	861	29,5
04-Miño	3.149	19	2.601	22,1	750	20
A Cañiza	172	10,8	55	31,9	227	12,2
Covelo	248	25,1	56	8,5	304	14,9
Distrito Forestal XVII	3.569	18,6	2.712	21,5	6.281	19,2

Fonte: Elaboración propia sobre Explotación de EPTISA para o IDEGA do Mapa Forestal de Galiza 1986 (27/1/93).

Táboa II.30
Grandes Aptitudes Forestais dos Concellos da Rexión do Miño.

	Superficie Total	Aptitudes (Has.)		
		Montes	Abertos	Arborados
Arbo	4.333	2.186	67	2.119
Crecente	5.707	3.978	134	3.844
A Guarda	2.045	546	103	443
Mondariz	8.584	4.956	0	4.956
Mondariz-Balneario	236	22	0	22
As Neves	6.526	3.424	83	3.341
Oia	8.358	7.206	1.824	5.382
Pontearеas	12.597	5.609	0	5.609
O Rosal	4.115	2.334	511	1.823
Salceda de Caselas	3.610	870	0	870
Salvaterra de Miño	6.179	417	0	417
Tomiño	10.339	3.767	0	3.767
Tui	6.655	2.739	0	2.739
04-Miño	79.248	38.054	2.772	35.332
A Cañiza	10.810	7.584	1.144	6.440
Covelo	12.399	10.655	3.210	7.445
Distrito Forestal XVII	102.493	56.293	7.076	49.217

Fonte: Elaboración propia sobre Explotación Micro de PRADA, A. (1992) op. cit.

Táboa II.31
Evolución da Superficie Agrícola Utilizada (1982-1989).

	S.A.U. (*)		
	1982	1989	+/-
Arbo	596	631	35
Crecente	380	447	67
A Guarda	273	133	-140
Mondariz	1.065	741	-324
Mondariz-Balneario	68	28	-40
As Neves	782	1.076	294
Oia	640	582	-58
Ponteareas	1.824	1.545	-279
O Rosal	699	528	-171
Salceda de Caselas	793	701	-92
Salvaterra de Miño	1.436	1.085	-351
Tomiño	1.575	1.275	-300
Tui	1.291	1.072	-219
04-Miño	11.422	9.844	-1.578
Provincia	80.808	78.201	-2.607

(*) Inclúe prados, pradeiras permanentes e pastizais (en parte montes abertos).

Fonte: Elaboración propia sobre Cadernos Municipais dos Censos Agrarios 1982 e 1989.

Táboa II.32
Aptitudes Forestais por Concellos da Rexión do Miño.

	Aptitudes (Has.)			
	Arborados	Coníferas Serra	Frodosas Serra	EUCA + RESI Trituración
Arbo	2.119	0	100	2.019
Crecente	3.844	1.784	0	2.059
A Guarda	443	221	0	221
Mondariz	4.956	845	335	3.775
Mondariz-Balneario	22	0	0	22
As Neves	3.341	540	117	2.683
Oia	5.382	1.358	416	3.607
Ponteareas	5.609	1.826	0	3.782
O Rosal	1.823	911	0	912
Salceda de Caselas	870	366	0	503
Salvaterra de Miño	417	0	0	417
Tomiño	3.767	1.171	0	2.596
Tui	2.739	1.321	0	1.418
04-Miño	35.332	10.343	968	24.014

Fonte: Elaboración propia sobre PRADA, A. (1991) op. cit.

3.3. O TURISMO NO CONCELLO DE MONDARIZ

3.3.1. 1.- DEFINICIÓN.

O turismo no concello de Mondariz, como actividade económica, non se atopa en consonancia coa dinámica progresiva do resto do país. Neste senso, Mondariz encóntrase nese "outro" grupo de concellos e comarcas de Galiza que conta cunha grande potencialidade en materia de recursos turísticos e territoriais, mais que non contou até o de agora cunha efectiva política de planificación e promoción neste campo. É por iso que existen diversas e numerosas eivas en relación a cuestións de infraestruturas turísticas, pero tamén no tocante á información concreta sobre eses recursos dos que falamos.

Mapa III.1
Mapa de parroquias do municipio de Mondariz



Fonte: IGE, elaboración propia, 2007.

Mondariz atópase baixo a influencia xeosocial e económica dunha comarca multifuncional que, en moitos aspectos, vive e convive cos mecanismos de funcionamento que poida presentar tanto a área metropolitana de Vigo –actuando como asentamento dormitorio (ao igual que Porriño e Pontearéas) e como bolsa de desafogo de solo produtivo e inmobiliario- pero tamén, a expensas do que en materia turística desenvolve o seu homónimo Mondariz-Balneario. Nunha primeira ollada, compréndese cómo a actividade turística deste contorno municipal está polarizada por tres grandes pés entrelazados e localizados no pequeno concello veciño: o turismo de balneario, o manancial de augas e a actividade empresarial que suscita e o turismo de lecer/deportivo exemplificado no campo de golf. Esta hexemonía de funcións e de imaxe deu lugar a un sector turístico no concello de Mondariz que no produtivo vese fagotizado polos territorios limítrofes que actúan como protagonistas da economía. Alén disto, todos os instrumentos de actuación turística desenvolvidos constitúen unha consecuencia directa do que suceda neses territorios circundantes dos que estamos a falar.

En todo caso, esta situación inicial non pode nin debe facer renunciar ao sector turístico. Ao contrario, os instrumentos de planificación e xestión territorial deben comprender a dinámica máis extensa pola que está a pasar o sector na comarca e por ósmose en todo o sur das Rías

Baixas, aproveitando as potencialidades internas de Mondariz e poñendo en valor as oportunidades que o contexto externo poida suscitar. Como dicimos, a pesar da existencia de recursos naturais –como as paraxes do río Tea- e patrimoniais –como o Castelo de Sobroso-, non existiron políticas que incentivasen o turismo como factor de crecemento económico ou elemento xerador de riqueza. Neste sentido, vamos comprobar como no momento actual o turismo en Mondariz non se atopa demasiado desenvolvido en materia de oferta –número de visitantes e número de prazas e establecementos- (e polo tanto esta situación tradúcese nunha demanda feble), pero como existe un sustento territorial amplo de recursos que poden facer mudar esta realidade en pouco tempo, axustando unha acaída política de planificación estratéxica e de axudas ao desenvolvemento rural a través do sector turístico.

3.3.2. DESCRICIÓN DO SECTOR E DA ACTIVIDADE ECONÓMICA.

Dende o punto de vista económico estricto, a proximidade das áreas urbanas e industriais de Vigo, Porriño e Mos, ás que se traslada a traballar un importante continxente de poboación desta comarca xustifica unha estrutura socioeconómica caracterizada por unha alta porcentaxe –arredor do 52%- da súa poboación activa ocupada no sector terciario, seguido por un sector industrial tamén relevante cun 26% dos activos, un 18% para a construción e sobre un 4% para o sector primario, con predominio das actividades agrícolas.

Como amosan os datos do Instituto Galego de Estatística, o sector servizos no concello de Mondariz ocupa a case o 50% da poboación activa. Aquí é onde se computan os activos adicados ao turismo –empresario e asalariados-.

Figura III.1
Distribución da economía por sectores no municipio de Mondariz.



Fonte: IGE, 2001.

3.3.2.1. Oferta:

Podemos considerar a actual oferta turística do municipio de Mondariz como escasa, feble e insuficiente, no tocante ao que ten que ver cos establecementos hoteleiros e recreativos. Porén, en relación cos recursos naturais e patrimoniais que posúe o territorio, o concello atópase provisto dunha concentrada rede de lugares de interese que agochan unha potencialidade importante. Este podería ser o panorama de análise e a liña discursiva deste documento.

Segundo os datos ofrecidos por Turgalicia, o municipio de Mondariz, só conta con dous establecementos aptos para pernoitar. Trtase de dúas casas de turismo rural –Portada do Cuco e Vinosobroso- de categoría B, que engloba as denomidas como “casa de aldea”. Isto supón unha oferta de 26 prazas de pernoite (14 e 12 respectivamente). A pesar de comprender que as prazas hoteleiras na comarca están fundamentalmente localizadas nos concellos de Mondariz-Balneario e Ponteareas, temos que dicir, que esta situación de oferta hoteleira, amósase insuficiente se no futuro establecemos políticas de desenvolvemento e promoción turística no municipio.

En todo caso, temos que dicir, que a ocupación destes dous aloxamentos –unha vez consultados- segue os parámetros habituais deste tipo de establecementos no resto do país. Rexistran un maior número de visitantes nos períodos de vacacións -nomeadamente os estivais, nadal e semana santa- chegando a esgotar a súa capacidade. O resto do ano, durante as pontes e as fins de semana obsérvase unha ocupación media que pode chegar puntualmente ao 75%, e no tempo sobrante tan só reciben ocupacións e reservas esporádicas.

Isto vén corroborar o estendido proceso de estacionalidade que nos atopamos no turismo (e máis no turismo rural) de moitas áreas interiores do país. Temos que dicir que a estacionalidade constitúe un dos fenómenos que, como patoloxía, máis afectan ao sector turístico a escala mundial. Pese a ser amplamente recoñecida pola comunidade científica, así como por xestores e promotores, supón un dos conceptos menos estudados do turismo. Enténdese por estacionalidade a consecuencia da acumulación da demanda turística ou das correntes turísticas dun determinado período do ano, producíndose dúas épocas ou etapas claramente definidas: a "estación" ou alta tempada e outra "fóra de estación" ou tempada baixa. Como primeira consecuencia, podemos dicir, que a estacionalidade provoca un forte desequilibrio na demanda de bens e servizos turísticos e orixina saturación na tempada alta, porén na baixa, son o paro e as perdas na equipa receptora as condicións predominantes (Montaner, 1991).

O dinamismo da actividade turística dun territorio mídese en función do tamaño do seu negocio. A pesar da frialdade da análise estritamente economicista, valorar os "números" que amosa calquera sector económico serve para nos informar do seu estado de fortaleza ou febleza, ademais de indicar cales poderían ser as liñas estratéxicas de desenvolvemento a curto prazo. Interésanos entón, reflexionar a partir de dúas ou tres variables interrelacionadas, por un lado, a evolución e o estado actual do número de establecementos e de prazas turísticas da comarca, diferenciando os tipos e vinculándoos ao momento cronolóxico do seu xurdimento, así como a súa localización (en qué concellos se atopan). Seguindo con esta lóxica, interesa analizar o número de prazas que son ofertadas por estes establecementos. Digamos que esta primeira parte conformaría a **oferta turística** hostaleira do concello de Mondariz.

Máis alá dos datos de Turgalicia, existe tamén no municipio un hotel con categoría de dúas estrelas (Hotel Plaza). Posúe unha capacidade de 29 cuartos, 20 dobres e 9 individuais, o que supón unha capacidade media de 49 prazas para pernoitar. Tratouse de ver o nivel de ocupación anual deste establecemento pero non nos foron facilitados os datos aludindo a non posuír un reconto elaborado (só constan no libro de rexistro). En todo caso, a existencia deste pequeno aloxamento non cambia en absoluto, a pesar de equilibrar a situación, a reflexión elaborada até o instante.

Temos dito desde o comezo, que o municipio de Mondariz posúe importantes recursos para a actividade turística. Deixando á marxe as dúas casas de turismo rural comentadas e máis o hotel, podemos dicir que a oferta de recursos do municipio está concentrada na confluencia dos vales dos ríos Tea e Xabriña (mapa 2). É aquí onde se sitúan os principais centros recreativos do municipio, ademais de tratarse da área máis dinámica dende o punto de vista socioeconómico, por estar na transición entre os concellos de Mondariz e Mondariz-Balneario (xusto polo trazado da principal arteria de comunicación).

Mapa III.2
Mapa de recursos turísticos do municipio de Mondariz.



Fonte: IGE, elaboración propia, 2007.

Na converxencia das parroquias de Riofrío, Mondariz e Vilar, sitúase o espazo máis interesante. Aquí atopamos unha área recollida pola Rede Natura 2000, que engloba até tres praias fluviais (Val, Foxacos e Cernadela), un conxunto histórico artístico, conformado por unha serie de pontes de románico, unha ruta de sendeirismo e un coto de pesca. En total algo máis de 6 quilómetros que percorren por dous municipios e que remata nas inmediacións do manancial que dá nome á marca de auga comercial.

Alén, desta interesante e importante área recreativa atopamos numerosas construcións de calidade histórica e patrimonial dispersas por todo o territorio municipal. Tamén na parroquia de Vilasobroso (máis ao sur) o Castelo de Sobroso supón un excelente valor paisaxístico e arquitectónico.

Para rematar coa oferta turística e recreativa de Mondariz, presentamos no cadro 1 as principais festividades que teñen lugar ao longo do ano. Como en todo o país, este tipo de celebración son todo un reclamo para os visitantes. O seu atractivo non se cingue estrictamente ao comercial, senón que agochan tamén un espléndido valor cultural e antropolóxico.

Táboa III.1
Festividades do municipio de Mondariz por parroquias.

PARROQUIA	FESTIVIDADE	DATA
Frades	Virxe do Rosario	8 de setembro
Frades	Santa Lucia	13 de decembro
Gargamala-Barro	Virxe dos Dolores	Ult. d. setembro
Gargamala-Mourelle	Santa Bárbara	4 de decembro
Lougares	San Roque	3° d. agosto
Meirol	San Brais	3 de febreiro
Meirol	San Bartolomé	24 agosto
Mondariz	Peña de Francia e San Roque	15 de agosto
Mondariz	Santa Eulalia/Santa Baia	10 de decembro
Mouriscados	San Xoan	24 de junio
Mouriscados	Perpetuo Socorro	16 de agosto
Mouriscados	N. S. Libramento	19 de setembro
Queimadelos	San Salvador	6 de agosto
Queimadelos	San Salvador	6 de agosto
Cernadela	San Pedro e San Paulo	29 de xuño
Riofrío	Virxe do Leite	6 de xaneiro
Riofrío	San Sebastián	20 de xaneiro
Riofrío	San Roque	16 de agosto
Sabaxans	San Xosé Obrero	1 de maio
Sabaxans	San Bartolomé	24 de agosto
Touton-Festin	San Xoan	24 de xuño
Touton	Santa Marta	29 de xullo
Vilar	San Xosé	19 de marzo
Vilar	N. S. Do Carme	25 de xullo
Vilasobroso	Santa Lucía	Ult. d. agosto
Vilasobroso	San Martiño	11 de novembro

Fonte: Turgalicia, elaboración propia, 2007.

3.3.2.2. Demanda:

No relacionado co número de visitantes non podemos nesta memoria achegar moitos datos. Nas indagacións realizadas descubrimos que no municipio de Mondariz, non existe ningunha oficina de información turística. Estes organismos son os encargados de levar un conteo de visitantes para unha estatística anual. Só contan aqueles turistas que visitan a oficina, pero segundo os estudos executados, tan só entre un 5% e un 8% dos visitantes non visitan as oficinas de información neste tipo de municipios que non contan cunha infraestructura axeitada. En todo caso, contamos cos datos que nos ofreceu o rexistro de visitantes do Castelo de Sobroso[23]. O caso deste recurso é curioso. Trátase dun castelo que se localiza dentro do termo municipal de Mondariz. Porén, no ano 1981 o concello veciño de Ponteareas fíxose coa súa propiedade. Este castelo atopábase en situación ruinosa e o municipio de Mondariz non posuía os recursos para a súa rehabilitación. É usual que nestes casos sexan outras corporacións as que se fagan cargo dos traballos de recuperación para o fomento do turismo. O infrecuente é que sexa un municipio veciño e non un organismo supralocal como a comarca ou a Deputación provincial. En todo caso, o que nos interesa é o número de visitantes que recibe o Castelo de Sobroso que, a pesar de engrosar as estatísticas de Ponteareas, poden servir como indicador do número de persoas que visitan Mondariz.

[23] Como indicamos, na actualidade atópase en excelente estado de conservación e é propiedade do veciño concello de Ponteareas. Este converteuno nun lugar no que recreou a vida medieval e unha tradicional casa rural, con lugares dedicados a expoñer a artesanía do liño (incluso se pode ver un batán), e outras artesanías configurando un Museo etnográfico, amais dun significativo Museo do Traxe Galego e un centro de recuperación da cultura popular, configurando o conxunto o Museo histórico e etnográfico do Condado. Tamén realizou e está a realizar unha recuperación do contorno natural, un importante ecosistema que o rodea obxecto do celo conservacionista e a súa promoción por parte deste concello. Nel pódense atopar até sesenta e seis especies arbóreas autóctonas, co protagonismo de carballos e a sobreira que lle empresta o seu nome ao lugar.

Táboa III.2
Evolución do número de visitantes ao Castelo de Sobroso, 2002-2006.

	2002	2003	2004	2005	2006
visitantes	1.752	1.806	1.859	2.056	1.917

Fonte: Estatística do Castelo de Sobroso.

No cadro 2, observamos a evolución do número de visitantes a este castelo entre os anos 2002 e 2006. Identificamos unha estabilidade no número de visitas que ten o seu valor máis alto no ano 2005 con 2056 persoas. Entrando polo miúdo na distribución mensual dos visitantes, identificase de novo unha incidente estacionalidade, xa que son nomeadamente os meses de vacacións estivais os que máis rexistros de visitas inscriben, superando o 70% das visitas anuais. O resto concéntranse durante o nadal e a Semana Santa.

Así as cousas, podemos resumir que no municipio de Mondariz non existe unha elevada actividade de recepción de turistas e visitantes. Ao non existir outra serie de datos máis fiables, temos que empregar informacións orientativas que tan só indican tendencias. En todo caso, en Mondariz existe unha rede xa instalada de recursos e rutas turísticas que pode dar pé a unha revitalización interesante desta actividade económica. Como vimos antes no mapa 2, este proceso de desenvolvemento turístico pode estar asentado nunha serie de fitos recreativos de amplo valor natural e paisaxístico.

3.3.3. FACTORES DE INFLUENCIA TERRITORIAL SOBRE A ACTIVIDADE TURÍSTICA:

3.3.3.1. O factor turístico:

Mondariz, sitúase nun ámbito territorial de crecente importancia turística. A comarca do Condado contén nomeados recursos turísticos de relevancia no panorama de Galiza e do Norte de Portugal. A atracción recreativa por excelencia é o balneario de augas termais (hoxe complexo hoteleiro) do concello de Mondariz-Balneario. Mondariz Balneario oferta na actualidade un dos mellores complexos termais de España. Xunto co balneario da Toxa pódese considerar un referente no termalismo de Galiza, á altura dos máis afamados centros europeos. Atópase no contorna do antigo Gran Hotel e está composto por tres edificacións rehabilitadas segundo os modelos orixinais. A primeira no antigo edificio destinado a sanatorio, a segunda no edificio da Baranda, que albergaba no seu tempo un teatro con capacidade para 400 persoas, cabinas de raios x e servizo de análises clínica, e a terceira no edificio da que fora planta embotelladora, restaurado segundo o deseño orixinal do arquitecto Antonio Palacios.

Dentro do amplo abano de posibilidades e atractivos turísticos que nos oferta a comarca do Condado, a auga aparece como unha constante vital que se repite, xa sexa pola súa riqueza mineralóxica, xa sexa pola súa riqueza piscícola ou simplemente como lazo de unión coas terras portuguesas.

De norte a sur o val do Tea percorre primeiro Mondariz, logo Ponteareas para logo achegar as súas augas ao Miño no concello de Salvaterra. Neste curto traxecto Mondaríz-Balneario é o principal enclave turístico da comarca e un dos máis importantes centros termais de Galiza, cuxas orixes se remontan xa a finais do século XIX co descubremento de dúas fontes de augas minerais e sobre todo coa construción do Grande Hotel Balneario, que chegou a acadar renome internacional. Tras un período de crise que remata cun desgrazado incendio do edificio do Grande Hotel, dende comezos dos anos 90 Mondariz-Balneario rexorde novamente coma un dos principais enclaves de turismo termal baseado nunha ampla oferta de tratamentos e curas de relax, antiestrés, etc que conta ademais con campo de golf e outras moitas posibilidades de actividades de lecer e deportivas, orientadas a compracer a un público moi diverso.

Mapa III.3
A comarca do Condado.



Fonte: IGE, elaboración propia, 2007.

Pero ademais de termalismo, a comarca ofrece outros moitos puntos de interese como o Castelo de Sobroso, propiedade do concello de Ponteareas pero situado no de Mondariz no medio dun frondoso bosque de carballos, castaños, sobreiras, albedros e loureiros. Este contorno natural foi aproveitado para a adecuación dun interesante parque público que conta con cercados para animais como cervos, ovellas, cabalos, galiñas, etc; así como unha Aula da Natureza, dende a que se informa sobre os traballos de conservación e recuperación do bosque autóctono. Non lonxe de aquí atópanse tamén os restos do que foi un poboamento prerromano coñecido como o Castro ou Citania de Troña, e as singulares paisaxes da Picaraña, salpicadas por grandes bloques graníticos chamados penedos.

Dúas interesantes rutas permitíranos gozar destas paraxes: trátase da Ruta dos Penedos e a Ruta Canedo-La Picaraña. A primeira ten unha lonxitude de 54 km, e percorre o Alto da Forca, o cume do Faro de Budiño, o Alto de San Cibrán, a Ermida de Castelo, construída nunha fenda da rocha, a Rocha dos Namorados e a Rocha do Equilibrio. A segunda é de apenas 3 km, polo que pode facerse andando e vai dende o Convento de Canedo ate a pequena fraga do Albergue Xuvenil, situada nas proximidades da Picaraña.

Outro punto de interese é a vila de Ponteareas, célebre a nivel internacional polas súas elaboradas alfombras florais coas que se cobren as rúas con motivo da celebración do Corpus Christi, declarada como Festa de Interese Turístico Nacional. Ademais do Museo Municipal onde podemos facer un percorrido pola historia da comarca, dentro do patrimonio monumental de Ponteareas hai que salientar o Mosteiro de San Miguel de Canedo, situado nun alto dende o

que se divisa o núcleo. Xa fóra da vila atópanse a igrexa de San Pedro de Angoares, única igrexa románica en Galiza con planta cruciforme e ábsida rectangular; e a Ponte dos Remedios, sobre o río Tea, envolto en lendas e rituais máxicos.

Cara ao sur, o río Miño percorre os concellos das Neves primeiro e Salvaterra do Miño despois, protagonizando as súas paisaxes e as súas formas de vida. Dende os viñedos cos que se elabora o famoso viño do Condado de Tea, acollido á Denominación de Orixe Rías Baixas, até as antiquísimas pesqueiras que penetran no curso do río para facilitar a captura da súa máis prezada especie, a lamprea. Neste marco, a fortaleza de Salvaterra, un dos principais puntos defensivos nas disputas co país veciño de Portugal, é hoxe un agradable e tranquilo lugar histórico dende o que se divisa o Miño. No interior do recinto consérvanse as chamadas "covas de Dª Urraca" e a igrexa parroquial de estilo renacentista. O señorío destas terras tamén está latente nos seus numerosos pazos entre os que destacan o Pazo de Souto, o de Porto, o das Barreiras, o das Mercedes, etc. Pero Salvaterra conta ademais cun circuíto automobilístico, un interesante paseo fluvial e un singular Recuncho do Amor. Pola súa banda nas Neves son de especial interese o Miradoiro do Miño, a igrexa parroquial coa súa torre piramidal e xa fóra da vila, a Área recreativa de Santa Mariña en Liñares, as Furnas de Ribadeira ou as sobreiras da Soedade.

Viños do Condado, tintos Rubiós, peixes, carnes e sobremesas como o requeixo con mel, son os protagonistas da gastronomía desta comarca e que comparte en grande medida tamén coas terras veciñas da Paradanta. Como especialidade do concello das Neves hai que destacar a elaboración do requeixo con mel, produto elaborado fundamentalmente polos veciños da parroquia de Cerdeira, situada nunha zona montañosa. Para degustar tan exquisito manxar nada mellor que achegarse ás Neves o día de Venres Santo, día no que se celebra unha festa dedicada a esta sobremesa de elaboración artesanal.

O viño do Condado tamén é homenaxeado na concorrida Festa do Viño que ten lugar o último domingo de agosto no recinto amurallado de Salvaterra, que se celebra dende 1960 con cata de viño e todo tipo de actividades lúdicas, así como o denominado Xantar Literario Viños do Condado que ten lugar en abril nas Neves. Igualmente neste concello, na parroquia de Santa Marta de Ribarteme celébrase outro acto moi concorrido. Trátase da Procesión dos ataúdes, mestura de ritual simbólico e relixioso que ten lugar o 29 de xullo.

3.3.3.2. O factor económico:

Existen cifras que revelan unha diversificación e complementariedade económica que a nivel local se corresponde cunha maior relevancia do sector agropecuario nos concellos de Mondariz, As Neves e Salvaterra; así como por un pequeno concello, Mondariz-Balneario, orientado prioritariamente ao sector servizos, baseado na oferta dun turismo termal de calidade, para o que conta cun hotel-balneario acondicionado coas máis modernas instalacións de termalismo orientadas a un amplo público e unha ampla oferta que vai dende os tratamentos para as doenzas tradicionais como as afeccións da pel ou do sistema respiratorio, até as máis frecuentes na actualidade como son a do estrés, cansancio, etc. Dispón tamén dun campo de golf e da organización das máis diversas actividades lúdicas e de lecer para nenos e maiores, que complementan a oferta puramente termal.

Por último Ponteareas é o centro terciario por excelencia, no que os servizos e o comercio, xunto coa industria, son os principais motores da súa economía. Dentro da actividade industrial son as empresas relacionadas coa fabricación de materiais para a construción, as que teñen un maior papel protagonista dentro do tecido empresarial local, salientando tamén outras relacionadas co aproveitamento dos recursos endóxenos como a auga para o embotellamento ou as bodegas onde se elabora o viño do Condado de Tea.

O famoso viño do Condado, acollido á denominación de Orixe Rías Baixas é unha das principais orientacións da produción agrícola, adquirindo especial papel protagonista na paisaxe da confluencia dos ríos Tea e Miño, pero tamén como elemento identificador desta comarca e dunha interesante Ruta do Viño que comparte coa comarca da Paradanta e as veciñas terras de Portugal. Outros produtos importantes dentro da horticultura é o cultivo da pataca de regadío e o cultivo do kiwi.

Como aproveitamento dos recursos endóxenos tamén hai que facer unha especial alusión á riqueza piscícola do río Miño, baseada fundamentalmente en especies como o sable, o salmón e a súa renomeada lamprea. Na súa subida ás augas fluviais para desovar, a lamprea converteuse na protagonista da gastronomía local e unha fonte complementaria de ingresos moi importante. Ten ademais como valor engadido o seu particular xeito de captura nas

chamadas pesqueiras, que constitúen unhas singulares construcións a base de grandes bloques pétreos que penetran no caudal do río para interceptalas no seu camiño. A súa orixe remóntase cando menos á Idade Media, aínda que algúns autores as sitúan xa en tempos dos romanos.

Nunha simbiose case perfecta, os viñedos cos que se elabora o afamado viño do Condado, as augas mineiro-medicinais, así como a riqueza piscícola do río Miño, xunto cun interesante patrimonio histórico-monumental son a base dun sector turístico de grande tradición na comarca pero que rexorde agora con maior importancia para a economía local.

3.3.3.3. Análise FAFO

FEBLEZAS

- Inexistencia de infraestruturas de inserción da actividade turística no concello.
- Escasa cobertura informativa dos recursos turísticos.
- Oferta turística moi feble e pouco diversificada.
- Falla de actividade de promoción turística do concello.
- Patrimonio natural, paisaxístico, cultural, patrimonial e etnográfico moi pouco coñecido e moi pouco "visible" para os visitantes.
- Inexistencia de planos de sinalética comarcais e/ou municipais. Deficiencias moi grandes para atopar poboacións e recursos turísticos.
- Carencia case absoluta de puntos de información turística.
- Fortes necesidades de investimento para a atracción do turismo.
- Falta de asociacionismo nos empresarios do sector turístico e hostaleiro.
- En áreas importantes de grandes potencialidades turísticas e paisaxísticas hai zonas de escaso alumeado público.
- Existencia de estradas estreitas e en mal estado. O que dificulta a condución segura e a accesibilidade a puntos de gran interese turístico.
- Certo deterioro dos espazos naturais.
- Falta de estratexias e normativas de ordenación do territorio de carácter comarcal.
- Potencialidades da gastronomía autóctona pouco desenvolvidas.
- Oferta nula de empresas de turismo activo.
- Práctica inexistencia de guías turísticos.

AMEAZAS

- Desequilibrio territorial moi forte na comarca en relación á situación dos establecementos hoteleiros, moi concentrados nalgúns concellos e inexistentes ou practicamente inexistentes noutros.
- Mal estado dalgunhas vías de comunicación, nomeadamente a rede viaria intracomarcal.
- Chegadas de visitantes e turistas moi baixas.
- Mal estado de algúns edificios, o que ofrece unha visión nada agradable.
- Malas comunicacións, o servizo de transporte colectivo é deficiente.
- Certo risco natural de inundacións en períodos de forte choiva debido á planicie do terreo, en especial nas chairas de inundación dos cursos fluviais e no centro das cuncas endorreicas.
- Forte escaseza de oferta complementaria, que penaliza a oferta de aloxamento no destino.

FORTALEZAS

- Existencia dun grande número de espazos naturais con figuras de protección e gran valor ecolóxico, zonas verdes, áreas recreativas e paseos.
- Existencia de recursos axeitados para un gran desenvolvemento do turismo de balneario.
- Existencia dun campo de golf pertencente a Mondariz-Balneario que xera unha demanda turística de elevado nivel económico e gran capacidade de gasto.
- Existencia de paisaxes culturais consolidadas e de gran riqueza etnográfica, recursos turísticos de primeira magnitude.
- Existencia de festas gastronómicas, romarías e eventos populares moi arraigados e que poden ser un bo recurso e atractivo para o turismo, sobre todo se se combinan con outros como a visita a determinados elementos patrimoniais ou a estancia en establecementos termais ou rutas atractivas.
- Inexistencia da saturación que provoca o turismo de masas, coa conseguinte comodidade para os visitantes.
- Existencia dunha Fundación Comarcal, que pode funcionar como elemento dinamización do turismo, fomentando a posta en valor dos recursos, mellorar a sinalética e información turística, posta en marcha dunha páxina web que venda o concello no exterior

OPORTUNIDADES

- A relativa proximidade a Vigo, Pontevedra e Ourense, así como do veciño Norte de Portugal, pode favorecer a chegada de turistas se se promove axeitadamente a comarca.
- Presenza de recursos turísticos pouco aproveitados e que se poden poñer en valor como elementos substanciais da oferta turística comarcal, como todos os relacionados coa auga (río Tea), elementos etnográficos ou coa gastronomía.
- Posibilidade de aproveitamento illado (a nivel municipal) ou en rede dos recursos (a nivel comarcal).
- Complementariedade supramunicipal para o tratamento conxunto e harmónico dos recursos turísticos da comarca.
- Boa conservación da paisaxe rural tradicional en amplas áreas da comarca e da paisaxe natural nos rebordos comarcais e nas ribeiras dos ríos.
- Aparición das novas sociedades da información, coas posibilidades de promoción, información e publicidade dos recursos e establecementos hoteleiros.
- Flexibilidade das normativas laborais e educativas que poden permitir fraccionar ou graduar os períodos de vacacións.
- Promoción de novos recursos turísticos alternativos aos tradicionais de “sol e praia”, deben conseguir ampliar o período de vacacións. Neste caso o concello conta con moi boas potencialidades no eido do turismo natural, cultural e patrimonial, gastronómico e paisaxístico.
- Oferta de mellores e máis competitivas políticas de prezos permitindo que aumente a demanda na tempada baixa.
- Establecemento dun sistema de recomendacións a empresarios turísticos encamiñadas, por unha banda, ao establecemento de prezos máis baixos fóra de estación e, por outra, a realizar unha forte campaña de publicidade para atraer a máis visitantes nestes meses, vendendo o conxunto da comarca como un produto turístico diferenciado.
- Promover un máis equilibrado mapa de establecementos hoteleiros, pois algúns dos concellos, con enormes potencialidades, sobre todo no eido do turismo rural, non contan con oferta ou esta é moi cativa.

3.3.4. CONCLUSIÓNS.

Como sinalamos ao comezo, o concello de Mondariz atópase aínda instalado nese segundo grupo de territorios que teñen por diante a tarefa de explorar as posibilidades económicas do sector turístico. Comarcas e municipios que a pesar de contar con importantes recursos territoriais e patrimoniais para a atracción turística nunca contaron cos instrumentos precisos para elaborar políticas eficientes de potenciación desta actividade económica.

Nos últimos decenios este tipo de territorios, que se sitúan a medio camiño entre a dialéctica campo-cidade (mesmo no universo da urbanización difusa e dispersa) e que contemplan importantes transformacións no proceso interno de reprodución sociais, veñen empregando o turismo como un factor contundente de desenvolvemento económico e territorial. Aproveitando as súas potencialidades internas e tirando partido de todo o complexo de axudas financeiras que a conxuntura europea dispoñía para este tipo de accións de converxencia territorial, foron quen de elaborar un planeamento sectorial axeitado, facéndoo de xeito transversal, de acordo coas demais políticas públicas e implicando aos activos sociais interesados.

É perceptible que a situación do turismo en Mondariz pode cambiar e evolucionar cara os estándares de comportamento económico que se observan no resto da comarca. Así e todo, para acadar eses resultados cómpre estruturar a oferta turística en dous niveis básicos de integración: un de carácter territorial e outro económico-empresarial. Neste proceso a pilotaxe pública debe manterse alerta como substrato normativo e incentivador activo para garantir o éxito das iniciativas. Cómpre entón, configurar unha oferta turística integrada e atractiva de aloxamento e actividades recreativas que permitan adquirir certa notoriedade no mercado turístico a escala comarcal (que non se cingue á estricta división administrativa, estamos a pensar no ámbito do sur das Rías Baixas-Baixo Miño-Condado).

Dende o punto de vista empresarial, é preciso que exista unha primeira manifestación de ámbito comarcal que vincule as empresas de aloxamento coas actividades turístico-recreativas dirixidas a crear ofertas turísticas completas. Este proceso habitualmente é acompañado dun proceso de integración de tipo horizontal de carácter supracomarcal pero con beneficios localis na medida en que favorece a viabilidade das empresas localizadas no concello en cuestión. En todo caso, a estruturación territorial da oferta debe desembocar no asociacionismo e a participación público-privada na xénese, deseño, explotación, promoción e comercialización da oferta de aloxamento e de actividades complementarias.

O concello de Mondariz localízase nun mercado turístico que amosa unha progresiva madurez. Este fenómeno esixe fomentar a profesionalización dos prestatarios de servizos turísticos dentro dunha lóxica económica, cun elevado grao de compromiso social e adaptada ás peculiaridades das empresas do sector, que teña como obxectivo a substitución de plantexamento excesivamente centrado na lóxica do subsidio.

En todo caso, o equilibrio debe erixirse como unha máxima neste proceso. Non se trata de especializar Mondariz cara á actividade turística. Por iso, o fin do crecemento da oferta de aloxamento debe reemplazarse pola procura dunha dimensión axeitada, equilibrada en cantidade e calidade. Segundo se contempla nas estratexias europeas consultivas, a asignación de fondos a proxectos debe posuír este obxectivo fundamental e, a partir de certa masa crítica de aloxamento, ser moi restritivos con iniciativas que non teñan á poboación local como máxima benficiaria. Para o concello de Mondariz, o fomento de actividades recreativo-turísticas como oferta complementaria, resulta imprescindible para estruturar verdadeiros produtos a escala local.

Ademais, en Mondariz constatamos a pervivencia dunha intensa estacionalidade. Como dixemos anteriormente, o problema da estacionalidade para o turismo presenta unha serie de causas estruturais de moi difícil solución. Cómpre sinalar entre estas causas as condicións cllimatolóxicas ou calquera outro factor que inflúa en que as actividades turísticas teñan que realizarse nun período de tempo determinado, como a concentración das vacacións laborais ou escolares nunha época determinada ou distintos hábitos sociodemográficos (Besteiro, 2002). Como viñemos indicando, entre outros, un dos principais beneficios que se obterían coa paulatina desestacionalización do sector turístico, sería paliar os considerables efectos negativos que a entrada de visitantes nunha mesma época do ano ten sobre o emprego, que tamén sofre conflitos de “estacionalización”, sobre todo na hostalería.

A estacionalidade, en definitiva, constitúe un conflito que non é doado de resolver por completo, pero para moitos autores si que poden existir solucións parciais encamiñadas a reducir grande parte dos riscos que acarrea, como as dificultades e os custos que supón unha distribución tan irregular da demanda turística. En todo caso, o problema continua a ser que a maior parte de viaxeiros recibidos segue a se distribuír nunha mesma época do ano, co que a estacionalidade estase a intensificar. En Mondariz, o sector turístico ten diferentes campos de actuación e recursos suficientes para consolidarse como importante motor económico e exercer os efectos beneficiosos para contribuír á dinamización do concello e da comarca. Así, se se consolidan os proxectos de novos investimentos na promoción, na estimulación da oferta complementaria (rutas, actividades, festas gastronómicas, empresas de ocio) e acentúase a diversificación do produto turístico, estaremos diante dunha situación óptima nos próximos anos para que este sector medre de xeito considerable.

3.4. CONCLUSIÓNS FINAIS.

Da análise realizada pódense extraer as seguintes conclusións:

Trazos xerais

1. O concello de Mondariz ten unha configuración económica que está marcada pola súa corta distancia do núcleo urbano de Vigo (30 km. aproximadamente), a súa proximidade ao cordón industrial de Vigo-Porriño e tamén á dinámica puxante de Ponterareas. A influencia da área metropolitana de Vigo déixase notar en múltiples aspectos da dinámica social e económica (emprego industrial e de servizos, mobilidade diaria vivenda-traballo, agricultura a tempo parcial e de fin de semana, mercados para a pequena produción agrícola perecedoira, segunda residencia e efectos sobre o prezo da terra, etc).
2. A caracterización socioeconómica do concello de Mondariz atópase fortemente determinada por unha **estrutura demográfica notablemente envellecida** en comparación cos parámetros de Galiza. Este elevado grao de envellecemento ten, por exemplo, unha importante influencia sobre aspectos tales como as taxas de actividade e ocupación, nivel medio de formación,....

Actividade e ocupación

3. O mercado de traballo de Mondariz presenta unha **elevada proporción de poboación inactiva**. Neste sentido, o 63,5% da poboación residente no concello (3.291 persoas), ou o que é o mesmo: o 58,8% dos que teñen 16 e máis anos (2.692 persoas) constitúe poboación economicamente inactiva. Por outra parte, reflíctese aquí o avanzado grao de envellecemento, na medida en que o colectivo máis importante de inactivos é o de pensionistas de xubilación (1.180 persoas), cunha certa distancia do colectivo de estudantes (812 persoas).
4. Como consecuencia do anterior, **a taxa de actividade do concello presenta un nivel moi reducido (41,2%) en comparación coa media galega (50,7%)**. Loxicamente, detrás desta preocupante caracterización do mercado de traballo atópase unha vez máis o feito de ter unha estrutura demográfica cun peso moi importante da poboación de 65 e máis anos, que representan arredor do 27% da poboación total do concello. Dentro da poboación activa de Mondariz, a poboación ocupada representa o 87,2% dos activos (1.646 persoas), polo que a poboación parada sitúase no 12,8% (241 persoas), dando lugar a unha taxa de paro que coloca a este concello nun nivel de desemprego lixeiramente por enriba da media galega (12,5%).
5. En definitiva, esta caracterización relativa ao nivel de actividade, ocupación e paro do concello de Mondariz, reflicten a grandes trazos **un mercado laboral con escaso dinamismo no marco da economía de Galiza**, o que está en consonancia coa súa estrutura demográfica que presenta un perfil claramente regresivo (estrutura piramidal invertida).
6. **Dende a perspectiva da equidade, tanto por sexos como por idades, o mercado de traballo mondaricense ofrece unha caracterización se cabe aínda máis negativa que no conxunto de Galiza**. Así temos, por exemplo, que a taxa de actividade feminina sitúase no

26,3%, a moita distancia (máis de 30 puntos) da taxa correspondente aos activos do sexo oposto (58,6%). Por outro lado, a taxa de actividade xuvenil (mozos entre 16 e 24 anos) é do 48,6%, fronte ao 40% que caracteriza aos activos de 25 ou máis anos. Este último resultado amósase, non obstante, rechamante na medida en que se afasta substancialmente do comportamento xeral de Galiza, no que se observa unha brecha en sentido oposto (menor taxa de actividade xuvenil), o que reflicte un patrón socioeconómico bastante peculiar. Este fenómeno é en certa medida explicable polo elevado peso da poboación de 65 e máis anos (35%) sobre a poboación de 25 e máis anos, que fai tender á baixa a taxa de actividade desta última.

7. Outro aspecto relevante o constitúe a evolución da taxa de actividade ao longo dos últimos anos. Neste sentido, pódese comprobar a existencia dun **notable descenso (case 11 puntos) da porcentaxe de poboación de 16 ou máis anos que é economicamente activa**. Esta tendencia descendente que ten experimentado a taxa de actividade de Mondariz ao longo da década dos noventa resulta certamente preocupante na medida en que se afasta do comportamento dos concellos máis dinámicos de Galiza. Neste sentido, a evolución seguida polo concello de Mondariz parece máis próxima ao patrón típico dos concellos do interior de Galiza, que veñen experimentando un continuo transvase de poboación rural (en idade de traballar) ás cidades. Se a este feito lle engadimos o progresivo envellecemento demográfico que leva a que unha proporción cada vez maior da poboación do concello pase a engrosar as cifras do colectivo de inactivos (xubilado/as, pensionistas,…), podemos entender o porqué dese descenso na taxa de actividade. Ademais, debemos destacar o feito de que o descenso da taxa de actividade afecta tamén ás mulleres, algo que non sucede a nivel global en Galiza debido ao referido proceso de inserción da muller no mercado de traballo. Detrás desta evolución certamente regresiva atópanse sen dúbida o avanzado proceso de envellecemento demográfico, que é fundamentalmente de signo feminino, así como o forte carácter rural que caracteriza a este concello.

8. A análise do tipo de ocupacións dos residentes no concello de Mondariz reflicte un **modelo de estrutura ocupacional que tende a concentrarse nun número moi reducido de profesións que se relacionan cun perfil formativo de tipo medio-baixo**, e que se insiren en sectores tales como a construción, industria manufactureira e de servizos tradicionais como a hostalería ou o comercio polo miúdo. Neste sentido, a análise desagregada permitiunos observar cun maior detalle algunhas das especificidades ocupacionais que presenta este concello. En síntese, comprobamos que as cinco profesións máis frecuentes están ligadas á construción, hostalería, operarios de fábrica, transporte terrestre así como ao traballo doméstico.

9. Outro aspecto bastante representativo do perfil ocupacional dos residentes en Mondariz vén dado polo **baixo perfil formativo** que se observa ao analizar a distribución dos ocupados por grao de formación. Así podemos concluír que preto do 90 por cento dos ocupados conta cunha formación de nivel medio-baixo (49,4% con estudos secundarios e 37,3% con estudos primarios), mentres que o 13,3% restante repártese por partes iguais entre os dous extremos da escala educativa: os ocupados sen estudos (6,3%) e os ocupados con formación universitaria (6,1%). En consecuencia, chama certamente a atención o escaso peso relativo que representan os ocupados con estudos de terceiro grao, en contraste coa importancia que adquire noutros concellos máis dinámicos. Seguramente ten moito que ver con esta caracterización a estrutura demográfica tan envellecida que presenta este concello e o carácter rural de gran parte do concello.

10. Un aspecto de crucial importancia e que reflicte bastante ben o perfil socioeconómico do concello de Mondariz vén dado polo **escaso grao de autocontención, no sentido de que apenas un 35% dos ocupados que residen no concello traballan no propio concello, mentres que o 65% desempeñan a súa actividade económica fóra do concello**. Neste último caso, predominan os que traballan nos concellos de Vigo, Ponteareas ou en varios concellos simultaneamente. Este resultado permítenos concluír que o caso de Mondariz responde en grande medida a un modelo de concello de tipo semirural, con escasa capacidade de absorción da man de obra local, o que se traduce nun nivel reducido de autocontención e nun intenso fluxo de desprazamentos de saída cara a outros concellos máis dinámicos (Vigo, Ponteareas, Porriño,...) e mesmo cara ao exterior de Galiza, ao que hai que engadir un peso ocupacional relativamente elevado das actividades agrarias, de construción ou de servizos tales como a hostalería ou o transporte terrestre.

Estrutura produtiva

11. Da análise da estrutura produtiva do concello a partires dos datos de afiliación á Seguridade Social podemos concluír que esta atópase caracterizada por un **peso relativamente elevado do sector agrario, da construción e da industria**. Neste sentido, o concello presenta un notable **retraso no proceso de terciarización**, que en calquera caso vén caracterizado polo predominio de actividades tales como a hostalería, o transporte terrestre ou o traballo doméstico.
12. O feito de ser unha comarca do contorno das áreas de Vigo e Pontevedra atribúelle un importante papel como prolongación produtiva e residencial das anteriores, máxime tendo en conta a dispoñibilidade e menor custo do solo (produtivo e residencial) en comparación con aquelas. O importante peso en termos relativos que a industria (20% dos empregos) e a construción (22%) teñen na comarca do Condado poñen claramente de relevo esta caracterización, superando con creces os valores medios de Galiza nestes dous grandes sectores.
13. A dinámica empresarial do último quinquenio pon claramente de manifesto as tendencias relativas ao cambio estrutural. Concretamente, obsérvase un **notable descenso das empresas do sector agrario e un notable dinamismo de actividades tales como a hostalería**, que practicamente duplicou o seu peso (dende o 6,5% ao 12,4%). Non obstante, cómpre matizar que detrás desta dinámica atópanse en xeral **variacións moi limitadas en termos absolutos**, o que relativiza a súa importancia.

Sector Primario: a importancia dos montes veciñais en man común

14. A superficie do municipio está ocupada por un hábitat disperso e microparcelado na maior parte da súa superficie, sobre todo nos vales. Nas zonas máis montañosas e de máis altitude e pendente atopámonos con áreas de pastos permanentes, repoboacións, bosques naturais e vida silvestre. Nas zonas de maior altitude predominan o mato e o bosque de repoboación. Estes piñeirais e eucaliptais lindan en moitas ocasións cos restos das carballeiras e, a medida que imos descendendo en altitude penetran nas formacións ripícolas. Lindando cos bosques de galería, e onde as condicións edafolóxicas o permiten, aparecen pequenas manchas de prado.
15. Os solos son de mediana profundidade, de fertilidade regular ou escasa, cunha considerable erosión, nos que non está aconsellado labrar. Estes solos representan a maioría do total do territorio municipal. Existe un certo número de mananciais que dan lugar a abundantes regatos e mesmo dous pequenos ríos (Tea e Xabriña). Existen na zona mesmo mananciais de natureza singular como a fonte termal do balneario de Mondariz, na que a auga xorde por gretas que conteñen veas ascendentes, con carga suficiente para saír ao exterior e que, presentan unha temperatura e mineralización características.
16. O concello de Mondariz presenta hoxe unha economía típica dun concello satélite das áreas industriais próximas e, polo tanto, cunha escasa dimensión do sector agrario. A configuración dese sector permite afirmar que constitúe un sistema agrario específico dentro de Galicia, tanto polo tipo de especializacións que o caracterizan (predominio forestal e da agricultura, escasa presenza gandeira, presenza do viñedo e horta ...) como pola importancia do traballo a tempo parcial; con todo, as tendencias globais son esencialmente coincidentes coas do resto de Galicia, en particular no relativo á perda de emprego e á evolución das rendas.
17. Segundo os datos do Censo de Poboación, apenas 107 persoas estarían ocupadas no sector primario en 2001. A actividade agraria no concello de Mondariz, ao igual que no resto de Galiza, é desenvolvida na súa maioría polo estrato de poboación máis avellentado, isto condiciona enormemente a evolución de emprego no sector.
18. Mondariz conta con 5.556 hectáreas dedicadas a explotacións agrícolas, perdendo un total de 394 hectáreas entre os dous últimos Censos Agrarios, o que supón unha redución do 6,58% do total, perda é moi superior á experimentada no total da comarca do Condado (-2,87%).

19. A actividade agraria propiamente dita está concentrada nunha parte relativamente reducida da superficie, mantendo a maior parte da superficie como terras incultas “a monte”. En canto á distribución das terras, a superficie destinada a usos agrícolas e gandeiros sería a ocupada polos pastos permanentes e as terras labradas que non chega a ocupar nin o 12% da superficie agraria total. As terras labradas ocupan só 251 hectáreas, e nelas destaca de forma sobresaínte o cultivo de plantas de consistencia herbácea (cereais, leguminosas, hortalizas, forraxeiras, etc.), as plantacións de froiteiros apenas son significativas.

20. Os montes ocupan grande parte das terras das explotacións minifundistas de vocación agraria (ocupación crecente en xeral por redución da S.A.U.) e a totalidade das terras das grandes explotacións. Grandes explotacións que coinciden practicamente cos montes veciñais en man común (MVMC). Debe terse en conta que, namentres nas grandes explotacións (fundamentalmente veciñais) o parcelamento é moi reducido (1 ou 2 parcelas como media), nas pequenas (<5 has.) o parcelamento é moi elevado (máis de 10-12 por termo medio) o que ten forte incidencia nas posibilidades para unha xestión agraria ou silvícola rendíble e ordenada.

21. Sendo a maior parte da superficie destinada a monte, cómpre afirmar que o aproveitamento do monte é reducido. A maior parte do mesmo non ten uso arborado e forestal. A parte especificamente destinada á produción forestal e aos montes arborados están, en xeral, deficientemente explotados e ordenados e aínda así constitúen unha achega moi significativa á renda agraria neste municipio.

22. A importancia dos MVMC é crucial na estrutura da propiedade do solo de Mondariz e, obviamente, dos seus montes. Ocupan arredor de 5,3 mil hectáreas. A maior parte dos montes de Mondariz e do resto da comarca están concentrados nun número reducido de explotacións comunais (MVMC), de superficie media elevada. Ademais, pode dicirse que o uso arborado actual está vinculado directamente á propiedade veciñal, que acollen arredor do 90% do arborado de Mondariz. Pero tamén é certo que os montes abertos concéntranse nos montes veciñais neste concello (ao igual que nalgún outro da comarca). A propiedade estritamente individual é cuantitativamente moito menos relevante e presenta por riba graves problemas de minifundismo e parcelamento.

23. Salvo en dous casos, cada monte catalogado asóciase aos veciños dunha parroquia, aínda que no relativo á xestión neste concello ten importancia a xestión pública dos montes (o que non significa que estean realmente arborados).

24. Ao analizar a desagregación por especies das superficies arboradas, nos MVMC obsérvase un predominio do arborado de coníferas e en segundo lugar os eucaliptais; cun papel testemuñal para outras especies frondosas. En todo caso, Mondariz é dos poucos concellos da comarca que conta cunha presenza relevante de frondosas caducifolias. Cómpre dicir tamén que, as masas de eucalipto e coníferas (hexemónicas na comarca) deben ser explicadas pola xestión particular dos montes e, sobre todo, nos MVMC.

Turismo

25. O concello de Mondariz atópase aínda instalado nese segundo grupo de territorios que teñen por diante a tarefa de explorar as posibilidades económicas do sector turístico. Comarcas e municipios que a pesar de contar con importantes recursos territoriais e patrimoniais para a atracción turística nunca contaron cos instrumentos precisos para elaborar políticas eficientes de potenciación desta actividade económica.

26. A situación do turismo en Mondariz pode cambiar e evolucionar cara os estándares de comportamento económico que se observan no resto da comarca. Así e todo, para acadar eses resultados cómpre estruturar a oferta turística en dous niveis básicos de integración: un de carácter territorial e outro económico-empresarial. Neste proceso a pilotaxe pública debe manterse alerta como substrato normativo e incentivador activo para garantir o éxito das iniciativas. Cómpre entón, configurar unha oferta turística integrada e atractiva de aloxamento e actividades recreativas que permitan adquirir certa notoriedade no mercado turístico a escala comarcal (que non se cingue á estrita división administrativa, estamos a pensar no ámbito do sur das Rías Baixas-Baixo Miño-Condado).

27. Dende o punto de vista empresarial, é preciso que exista unha primeira manifestación de ámbito comarcal que vincule as empresas de aloxamento coas actividades turístico-recreativas dirixidas a crear ofertas turísticas completas. A estruturación territorial da oferta debe desembocar no asociacionismo e a participación público-privada na xénese, deseño, explotación, promoción e comercialización da oferta de aloxamento e de actividades complementarias.

28. O concello de Mondariz localízase nun mercado turístico que amosa unha progresiva madurez. Este fenómeno esixe fomentar a profesionalización dos prestatarios de servizos turísticos dentro dunha lóxica económica, cun elevado grao de compromiso social e adaptada ás peculiaridades das empresas do sector, que teña como obxectivo a substitución de deseño excesivamente centrado na lóxica do subsidio.

29. En todo caso, o equilibrio debe erixirse como unha máxima neste proceso. Non se trata de especializar Mondariz cara á actividade turística. Por iso, o fin do crecemento da oferta de aloxamento debe reemprazarse pola procura dunha dimensión axeitada, equilibrada en cantidade e calidade. Para o concello de Mondariz, o fomento de actividades recreativo-turísticas como oferta complementaria, resulta imprescindíbel para estruturar verdadeiros produtos a escala local.

30. Ademais, en Mondariz constatamos a pervivencia dunha intensa estacionalidade. A estacionalidade constitúe un conflito que non é doado de resolver por completo, pero para moitos autores si que poden existir solucións parciais encamiñadas a reducir grande parte dos riscos que supón, como as dificultades e os custos que supoñen unha distribución tan irregular da demanda turística. En todo caso, o problema continúa a ser que a maior parte de viaxeiros recibidos segue a se distribuír nunha mesma época do ano, co que a estacionalidade estase a intensificar.

31. En Mondariz, o sector turístico ten diferentes campos de actuación e recursos suficientes para consolidarse como importante motor económico e exercer os efectos beneficiosos para contribuír á dinamización do concello e da comarca. Así, se se consolidan os proxectos de novos investimentos na promoción, na estimulación da oferta complementaria (rutas, actividades, festas gastronómicas, empresas de ocio) e se acentúa a diversificación do produto turístico, estaremos diante dunha situación óptima nos próximos anos para que este sector medre de xeito considerable.

miles has	% has. arboradas	% do arborado en MVMC	% propiedade veciñal	miles has. desarboradas	% MVMC xestión pública	% pinaster sobre arborados	% eucalipto/ arborados
5,3	39	90	76	3,7	36	62	38

V. Bibliografía

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA (1989)
"Directorio da agroindustria galega. 1988".

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA (1993)
"Inventario dos Montes Veciñais de Galiza"
Explotación das fichas para a Comarca.

DIAZ FIERROS, F E GIL SOTRES, F (1984)
"Capacidad productiva de los suelos de Galiza"
Universidade de Santiago

EPTISA CONSELLERÍA DE AGRICULTURA (1988)
"Mapa Forestal de Galiza 1986". Explotación da Comarca do Miño e Distrito Forestal XVII (27/1/93) para o IDEGA.

ESCOLA OBRADOIRO DE RESTAURACIÓN DE TUI (1992)
"Inventario de recursos do Baixo Miño"
Fundación Cultural Banesto.

ESCOLA OBRADOIRO DE RESTAURACIÓN DE TUI (1993)
"Estudo Sociolaboral do Baixo Miño e o seu contorno"
Dirección Xeral de Traballo e Promoción de Emprego
Consellería de Traballo.

IDASA FEUGA (1991)
"Estudio sobre los flujos comerciales y procesos industriales de la madera en Galiza"
Consellería de Agricultura.

IDASA FEUGA (1991b)
"Estudio del mercado español de la madera aserrada de origen gallego"
Consellería de Agricultura.

INSTITUTO UNIVERSITARIO DE ESTUDOS E DESENVOLVEMENTO DE GALIZA (1992) (IDEGA)
"Avaliación do Potencial Endóxeno de Galiza"
Consellería de Economía e Facenda.

INSTITUTO UNIVERSITARIO DE ESTUDOS E DESENVOLVEMENTO DE GALIZA (1992) (IDEGA)
"A Economía Galega. Informe 1991-1992"
Fundación Caixa-Galiza.

INSTITUTO GALEGO DE ESTADISTICA (1989)
"A estadística na Agricultura".

INSTITUTO GALEGO DE ESTADISTICA (2004)
“Demografía empresarial”

INSTITUTO GALEGO DE ESTADISTICA (Varios anos)
“Padróns Municipais de poboación”

I.N.E (1992)
“Censo de Población y Vivienda, 1991”

I.N.E (1991)
"Censo Agrario, 1989" Tomos VI, III e IV de Pontevedra e Galiza.

I.N.E (1993)
"Censo Agrario 1989" Explotación suministrada da Comarca do Miño e os seus Concellos para o IDEGA.

I.N.E (2004)
“Censo de Población y Vivienda, 2001” (Resultados detallados definitivos)
INE (Varios anos)
“Directorio central de empresas (DIRCE)”

MAPA (1986)
"Mapas de Cultivos y Aprovechamientos. Provincia de Pontevedra" e "Cuadernos Municipales de la Comarca del Miño".

MAPA (1990)
"Aplicación de la P.A.C. en España".

MAPA (1992)
"La agricultura, la pesca y la alimentación españolas en 1991".

MINTEGUI AGUIRRE, LOPEZ UNZU (1990)
"La Ordenación Agrohidrológica en la planificación".

SESFOR E CONSELLERIA DE AGRICULTURA (1992)
"Plan Forestal de Galiza".

UNIVERSIDADES DE SANTIAGO, VIGO E DO MIÑO (1992)
"Programa de desarrollo transfronterizo del sistema regional Minho Galiza".

VENCE, X. (Director) ESTUDIO DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DA ZONA ALTO MIÑO - GALIZA. REPERCUSIÓN DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN. Elaborado por encargo da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria e Industrias Agroalimentarias. (Consellería de Agricultura). IDEGA,1993. 303 páxs.

SISTEMA URBANO RELACIONAL

MEMORIA INFORMATIVA
SISTEMA URBANO - RELACIONAL

ÍNDICE Pax

1. OS SISTEMAS URBANÍSTICOS. 3

1.1. O SISTEMA DE COMUNICACIÓNS. 3

1.1.1. R.I.X.E. 4

1.1.2. REDE AUTONÓMICA. 6

1.1.2.1. Intensidade Media de Vehículos nas estradas autonómicas. 9

1.1.2.2. Intensidade Media de Vehículos pesados nas estradas autonómicas. 10

1.1.2.3. Rede Provincial. 11

1.1.2.4. A Rede Local. 14

1.2. TRANSPORTE PÚBLICO. 14

1.3. SERVIZOS URBANISTICOS. 16

1.3.1. ABASTECEMENTO DE AUGA. 16

1.3.2. SANEAMENTO. 24

1.3.3. PLUVIAIS. 28

1.3.4. TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS. 28

1.3.5. SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA. 32

1.3.6. ALUMEADO PÚBLICO. 32

1.3.7. TELECOMUNICACIÓNS. 32

1.3.8. SERVIZOS DE EMERXENCIA. 33

1.4. O SISTEMA DE DOTACIONS. 34

1.4.1. INTRODUCIÓN. 34

1.4.2. DEFINICIÓN E CLASIFICACIÓN DAS DOTACIÓNS 34

1.4.3. METODOLOXÍA. ELECCIÓN E XUSTIFICACIÓN DE ESTÁNDARES 35

1.4.3.1. Establecemento dos chanzos urbanos e rangos de servizo. 35

1.4.3.2. Os parámetros dotacionais de referencia. 37

1.4.3.3. As áreas de referencia. A división territorial. 37

1.5. SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES DE DOMINIO E USO PÚBLICO. 38

1.5.1. ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES DE ÁMBITO MUNICIPAL (SISTEMA XERAL). 38

1.5.2. ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES DE ÁMBITO LOCAL. 39

1.5.2.1. PARÁMETRO COMPARATIVO. 40

1.6. SISTEMA DE ESPAZOS EQUIPAMENTOS COMUNITARIOS. 41

1.6.1. LISTAXE DE DOTACIÓNS EXISTENTES. 51

2. AS AFECCIÓNS. 56

2.1. PLANEAMENTO EXISTENTE. 56

2.1.1. PLANEAMENTO NOS CONCELLOS LIMÍTROFES. 57

2.2. DESLINDES. 65

2.3. LEXISLACIÓN SECTORIAL. 66

2.3.1. PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO. 66

2.3.2. ESTRADAS. 71

2.3.3. AUGAS. 72

2.3.4. INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DE ALTA E MEDIA TENSIÓN. 72

2.3.5. ENERXÍA EÓLICA. 72

2.3.6. INSTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIÓNS. 72

2.3.7. MONTES. 72

1. OS SISTEMAS URBANÍSTICOS.

1.1. O SISTEMA DE COMUNICACIÓNS.

A proximidade a un centro urbano como Vigo (polo de atracción de persoas, produtos, servizos, etc. e potente xerador de actividades diversificadas e de gran volume de emprego) e ás areas industriais limítrofes (Mos, Porriño, etc.) condiciona, e moito, o sistema de comunicacións das comarcas veciñas sobre todo no que atinxe ás estradas de maior importancia e ao ferrocarril. O Condado á que pertence o concello de Mondariz non é allea a esta máxima e é atravesada de leste a oeste por dúas vías estatais como son a N-120 e a autovía A-52 que teñen unha traxectoria sensiblemente paralela, a primeira polo centro da comarca e a segunda un pouco máis ao sur, converxendo posteriormente no Porriño, e conformando o corredor de entrada e saída da cidade olívica a través do sur de Galicia co resto da península. Neste contexto o resto do viario autonómico, provincial e local asume as comunicacións interiores a nivel comarcal e local, tratando paulatinamente de mellorar a conexión coa rede estatal antes mencionada que é a que canaliza a maioría do tráfico de persoas e mercadorías. De tódolos xeitos o desenvolvemento das redes de comunicación principalmente da Deputación e dos concellos non se produce de forma homoxénea, senón que se focaliza nos accesos aos centros de actividade (Ponteareas, A Cañiza, Vigo) mentres que a menor atención e a falta de melloras discriminan as zonas interiores, impedindo unhas mesmas oportunidades no desenvolvemento dos asentamentos e das actividade sobre o territorio. O ferrocarril pola súa parte bordea polo sur a comarca, próximo á fronteira con Portugal, pasando sobre o límite meridional dos concellos das Neves e Salvaterra do Miño onde ten sendas estacións. Dentro deste marco o sistema de comunicacións do concello de Mondariz baséase nunha estrutura radial de estradas autonómicas secundarias que procedentes de Ponteareas, Maceira, Moscoso e Vilasobroso, percorrendo ao longo dos vales dos principais ríos vanse a cruzar en Mondariz, a partires destas, unha serie de estradas, tanto provinciais como locais van comunicando as distintas parroquias por aqueles lugares que permite a orografía existente, é dicir basicamente seguindo os vales e as partes do relevo de menor pendente, con pouca interconexión entre elas, de maneira que se chegan a formar fondos de saco como ocorre en Aboal. Estas limitacións ao desenvolvemento das infraestruturas son máis acusadas ao norte da capital municipal onde conflúen sobre o río Tea outros como o Aboal que se atopa encerrado nunha cunca con moito desnivel o que imposibilita a conexión entre o viario das dúas marxes. No que atinxe á zona sur, o relevo presenta unha certa uniformidade sen a apertura de grandes fendas, agás pola que percorre o Xabriña que é relativamente fonda e estreita, o que fai que exista unha maior densidade de viario de distinto tipo que permite unhas mellores comunicacións, tanto entre as parroquias como entre os distintos núcleos entre si.

En todo caso debe ser destacado como un aspecto negativo e común á maioría das estradas que atravesan o concello de Mondariz, a reducida dimensión da plataforma das mesmas, que non adoita dispor de beirarrúas ao seu paso polos distintos núcleos nin de beiravías no resto do trazado o que supón un risco evidente, tanto para a circulación de todo tipo de vehículos, en especial camións e autobuses que tamén por mor do sinuoso trazado da maioría delas, se ven abocados a invadir parte do carril contrario nas curvas, como para o tránsito peonil que debe ocupar parte do ancho reservado para o tráfico rodado, xa que o propio terreo, dadas as pendentes que presenta en moitos casos, non permite o acondicionamento dunha zona contigua ao viario que poida ser empregada polos peóns. Tamén característico, aínda que neste caso de índole positiva, é o feito de que os firmes adoitan encontrarse en xeral en boas condicións e realízase sobre eles un mantemento regular, sendo pola contra, as estradas locais, debido ao significativo número de quilómetros das mesmas e o alto custo que supón a súa reparación, as que presentan uns maiores problemas, aínda que o concello leva tempo a traballar para resolver esta situación.



Mapa de estradas do sur da Provincia de Pontevedra.

1.1.1. R.I.X.E.

Dúas son as estradas pertencentes á Rede de Interese Xeral do Estado que percorren o concello de Mondariz.

- A máis importante é a N-120 que comunica Vigo a través de Ourense coa Meseta. Segundo se reflicte nos datos de tráfico dos anos 2000-2005 recollidos nas estacións próximas á Cañiza, Ponteareas e Vilasobroso dáse unha sostida tendencia á diminución do tráfico sobre esta vía, tanto para os vehículos en xeral como para os pesados en particular, en favor da A-52 que percorre a comarca algo máis ao sur (e xa sen pasar polo concello de Mondariz). Con todo e tal e como se reflicte nos mapas de aforos que reproducimos a continuación, o tramo da Cañiza a Ponteareas presenta unha IMD de vehículos de 2001 a 5000, mentres que a de pesados varía de 101 a 200 entre a Cañiza e Vilasobroso incrementándose entre Vilasobroso e Ponteareas de 201 a 500. O estado do firme é bo e dispón en diversos puntos de carrís adicionais para vehículos lentos.

Vista da N-120 á entrada de Vilasobroso.

- A segunda N-559 é un corredor duns poucos quilómetros que une a N-120 coa A-52 e que permite exclusivamente o tráfico de entrada e saída en dirección Vigo, atravesa polo leste o concello de Mondariz procedente do Covelo e nela remata a estrada provincial EP-4304 procedente de Meirol e Mouriscados. O estado do firme é bo, cunha plataforma de 7 metros para o tráfico rodado e medio a cada lado como beiravía.

Vista da N-559 que une a N-120 e a A-52.

Mapa de Aforos de vehículos (ano 2005) rede RIXE.

Mapa de Aforos de vehículos pesados (ano 2005) rede RIXE.

1.1.2. REDE AUTONÓMICA.

Como xa se comentou anteriormente, a rede de estradas autonómicas son as que serven de principais eixes de comunicación de Mondariz, tanto cos concellos veciños como entre as propias parroquias, cruzándose varias delas na capital. As estradas existentes son as seguintes:

- **PO-254** Ponteareas (N-120) Mondariz (PO-261): é con diferenza a máis importante para a comunicación da maior parte do concello con Ponteareas que é o concello máis importante e poboado da comarca (e dende e cara Vigo e Pontevedra). Como se pode ver nos datos recollidos na ficha seguinte, consta dunha plataforma ben pavimentada e con beiravías que permiten o tránsito peonil.

- **PO-261** Mondariz (PO-254) Maceira (PO-261): esta estrada, que percorre paralela á marxe do río Tea comunica a capital con boa parte das poboacións das parroquias de Mondariz e Lougares. Como se pode ver nos datos recollidos na ficha seguinte consta dunha plataforma ben pavimentada aínda que bastante estreita (que oscila entre 5.4 e 6 m), sen beiravías e só con beirarrúas en Mondariz, cun trazado bastante sinuoso e só adecuado para velocidades baixas. Durante o ano 2008 leváronse a cabo nela labores de mellora, co ensanche da plataforma, aínda que mantendo o trazado actual.

- **PO-402** Oleiros (PO-400) Vilasobroso (N-120): a importancia desta estrada con moi pouca da súa lonxitude dentro do concello de Mondariz (xa que só chega a Vilasobroso), está en que é unha das saídas directas do mesmo á A-52, tanto en sentido Vigo como Ourense. Como se pode observar nos datos recollidos na ficha seguinte consta dunha plataforma ben pavimentada, aínda que bastante estreita

(que oscila entre 5.2 e 6 m), sen beiravías e só con beirarrúas en Vilasobroso, cun trazado moi sinuoso e só adecuado para velocidades baixas, onde existe un alto risco de colisión ou atropelo, debido a que os vehículos pesados que a transitan adoitan invadir parte do carril contrario para poder tomar as curvas. Durante o ano 2008 leváronse a cabo nela labores de mellora, co ensanche da plataforma, aínda que mantendo o trazado actual.



- **PO-262** Vilasobroso (N-120) – Mondariz (PO-254): este corredor duns 3.5 km é o punto máis próximo de acceso dende a capital municipal á N-120, e serve de comunicación coa parroquia de Vilasobroso principalmente, aínda que tamén con Mouriscados. Como se pode observar nos datos recollidos na ficha seguinte consta dunha plataforma ben pavimentada e cun ancho acaído e de moderno trazado (7 m), con beiravías e beirarrúas tanto en Vilasobroso como en Mondariz, e carril adicional para vehículos lentos en dirección Vilasobroso.



- **PO-252** Mondariz(PO-252)-Moscoso(PO-250): esta estrada, que percorre paralela á marxe do río Aboal comunica a capital con boa parte das parroquias de Frades e Gargamala, e enlaza cos accesos ás entidades de Aboal, Festín e Portacurbo pertencentes a Toutón. Como se pode ver nos datos recollidos na ficha seguinte consta dunha plataforma ben pavimentada aínda que bastante estreita (da orde de

6 m), sen beiravías e só con beirarrúas en Mondariz, cun trazado bastante sinuoso e só adecuado para velocidades baixas.



- **PO-431** Mondariz(PO-254)-Mondariz(PO-252): Non é propiamente unha estrada, senón que practicamente é unha rúa de Mondariz de escasa lonxitude e edificada na súa maior parte, que conecta as dúas estradas da rede autonómica sinaladas máis arriba. Como se pode ver, nos datos recollidos na ficha seguinte consta dunha plataforma ben pavimentada e ancha, na que aínda faltan por construír parte das beirarrúas.



1.1.2.1. Intensidade Media de Vehículos nas estradas autonómicas.

Como podemos observar no plano seguinte, os valores máis altos de IMD prodúcense no contorno de Ponteareas polo transvase entre a A-52 e o devandito núcleo, dende o cal se distribúen en diversas direccións, entre elas a máis importante é a que conduce cara Mondariz a través da PO-254 que presenta uns valores de entre 5.000 e 10.000 veh/día no seu comezo, para diminuír, no tramo comprendido entre Mondariz Balneario e Mondariz, ata os valores de ente 3.000 e 5.000 veh/día. O outro valor destacable é o que presenta a PO-262 entre Vilasobroso e Mondariz cuns valores entre 1.500 e 3.000 veh/día, xa que como se indicou con anterioridade, esta vía pon en moi pouco tempo en contacto directo a Mondariz coa N-120. O

resto das estradas autonómicas que percorren o concello presenta (como pode verse) unha IMD por baixo dos 1.500 veh/día, sendo subliñable que o acceso dende Vilasobroso cara a A-52 (PO-402) atópese dentro destes valores.



1.1.2.2. Intensidade Media de Vehículos pesados nas estradas autonómicas.

Reprodúcese neste caso, de forma semellante para o tráfico pesado, o sinalado no apartado anterior, onde agora a estrada PO-254 entre Pontearéas e Mondariz arranca cuns valores de entre 400 veh/día e 1.600 veh/día, para rematar no segundo concello, oscilando entre 200 veh/día e 400 veh/día, a estrada PO-262 entre Vilasobroso e Mondariz acada uns valores entre 50 veh/día e 100 veh/día, o mesmo que acontece, neste caso para, a PO-261 no tramo entre Mondariz e O Covelo. Nos resto de vías autonómicas presentes no concello, a IMDp queda por baixo dos 50 veh/día.



1.1.2.3. Rede Provincial.

O conxunto de estradas provinciais existentes ao longo do concello de Mondariz son unha peza fundamental dentro da vertebración e comunicación interior do mesmo. Consolidan o modelo de distribución radial establecido polas vías autonómicas, con centro sobre a capital municipal, ampliando a cobertura e extensión do mesmo, na medida en que o permite a orografía e o relevo, dando por unha parte acceso a parroquias que só dispoñen deste tipo de viario para a súa comunicación e por outra, servindo de conexión entre outras estradas de maior rango. As características da maioría delas son o de ter unha plataforma ben pavimentada aínda que sumamente estreita (da orde de uns 4.50-5.00 m), carente de beirarrúas cando atravesan os núcleos, e de beiravías no resto, cun trazado con moitas curvas (debido a que se van adaptando a un terreo con moita pendente) só apto para velocidades moi baixas, e con evidente risco, tanto para o tráfico de vehículos como de peóns. Sinalar como excepción o tramo da EP-4304 que percorre entre A Luguesa e o enlaza á A-52 que conta cun trazado moderno e recente, e cunha plataforma de 9.20 m onde atopamos un carril para cada sentido de 3.40 m e unhas beiravías de 1.2 m. Tamén é subliñable o comezo nas obras de mellora da estrada EP-4306, na súa primeira fase entre a Ponte do Val e Cernadela que se levaron a cabo no ano 2008, consistentes nunha substancial mellora, tanto do ancho como do trazado da mesma.



Esquema de trazado de estradas de titularidade supramunicipal.

A vías provinciais existentes son:

- **EP-2803:** (Fornelos-Festín) encóntrase ao norte do concello nas inmediacións de Festín, e comunica este núcleo co de Fornelos no veciño municipio de Fornelos de Montes.
- **EP-4301:** saíndo dende a PO-252 (Mondariz-Moscoso) cruza sobre o Aboal e atravesa os núcleos de San Miguel e A Chaleira (Riofrío), A Costa (Frades), e Casco e Lordelo (Toutón), sendo punto de partida dunha estrada local que chega a Festín.
- **EP-4302:** estrada de pequena dimensión (próxima aos 1.830 m) que une as dúas anteriores.
- **EP-4303:** esta vía ten a súa orixe na parte sur de Mondariz capital e percorre a través da Lagoa e Queimadelos ata Meirol.
- **EP-4304:** é unha das estradas máis importantes do concello xa que comunica as parroquias de Mondariz, Queimadelos, Sabaxáns, Lougares (as dúas primeiras como continuación da EP-4303 e as outras dúas dunha estrada local que pasa polo Cabritallo rematando en Meirol), Meirol e Mouriscados, en primeiro termo coa N-120 á altura da Luguesa, e un pouco máis adiante co enlace da A-52.

- **EP-4305:** a estrada une Porrón e Lougares (Lougares), partindo da estrada autonómica PO-261, con Piñeiro xa fóra do termo municipal.
- **EP-4306:** saíndo dende a PO-252 (Mondariz-Moscoso) percorre paralela ao río Tea e atravesa os núcleos do Ervellal e Cernadela (Riofrío), e Ermelo e Filgueira (Sabaxáns), tendo saída do concello cara O Covelo por Alén.
- **EP-4307:** esta estrada parte da EP-4306 á altura de Filgueira e permite o acceso ao núcleo de Igrexa en Sabaxáns.
- **EP-4401:** parte da Ponte do Cruxón que é o límite con Mondariz Balneario para logo atravesar a maioría dos núcleos da parroquia de Vilar abandonando, o concello polos Torrados.
- **EP-4402:** comunica Vilasobroso e a N-120 co veciño concello de Mondariz Balneario.

EP-4401

EP-4301

EP-4303

EP-4302

EP-4304

EP-4306

1.1.2.4. A Rede Local.

A rede local de estradas é o derradeiro chanzo aínda que non por isto o menos importante de todo o sistema de comunicacións de Mondariz. Presenta unha extensión considerable xa que adoita asumir a comunicación en exclusiva de boa parte dos núcleos de poboación, tanto entre si como coas restantes vías de maior rango, chegando en casos como o da parroquia de Gargamala a constituír en solitario a totalidade da rede de comunicación, tanto interior como cara o resto do concello. Estas vías adoitan orixinarse no acondicionamento dos antigos camiños de terra e presentan polo común un ancho bastante reducido para a circulación de vehículos (arredor aos 4.00 m), e o seu mantemento, dada a gran cantidade de quilómetros a tutelar, non sempre é o axeitado, aínda que como se comentou con anterioridade, o concello está a traballar nesta liña para corrixir as deficiencias detectadas.

1.2. TRANSPORTE PÚBLICO.

O sistema de transporte público de Mondariz concéntrase basicamente próximo a dous corredores, un formado pola N-120 que percorre de leste a oeste do concello, tendo como única parada Vilasobroso e no que localizan conexións de tipo secundario que só percorren unha moi pequena parte do concello como a liña A Cañiza-Ponteareas, e Guillade-Ponteareas ou algunha interprovincial pero con poucos servizos ao longo do día, como Ourense-Vigo (xa que neste caso a maioría fanse a través da autovía con escalas en Ribadavia e A Cañiza), e outro sensiblemente paralelo un pouco máis ao norte e que atravesa a capitalidade municipal procedente de Ponteareas e Mondariz Balneario, seguindo a PO-254, para dende alí desdobrarse cara Maceira e Barciademera, a través da PO-261, e que é o que acubilla as liñas de verdadeira conexión co exterior, principalmente con Mondariz Balneario, Ponteareas e Vigo e de forma menos importante con Pontevedra. É significativo que non exista ningunha ruta de transporte (agás a do transporte escolar) que permita a interconexión estre estes dous eixes de comunicación, tendo que realizarse os transbordos entre eles exclusivamente en Ponteareas, nin que faciliten o transporte interior dos veciños das restantes parroquias entre si e coa capital. Ante a carencia de transporte público por todo o concello os veciños recorren ao servizo de taxis dos que existe unha parada na praza de España de Mondariz que serve de base ás 15 licenzas existentes.

Nas seguintes táboas móstrase a frecuencia de paso e os destinos das distintas liñas de transporte de Mondariz que as empresas explotan en réxime de concesión:

- O longo da N-120:

EMPRESA MONBUS				
Liña Ourense-Vigo (Por estrada)				
Días de Servizo	Orixe	Hora	Destino	Hora
LMMXV	Ourense	10.30	Vigo	12.30
LMMXV	Ourense	17.30	Vigo	19.30
LMMXV	Vigo	09.00	Ourense	11.00
LMMXV	Vigo	13.00	Ourense	15.00

EMPRESA RAUL S.A.			
Liña A Cañiza-Ponteareas (Por Vilasobroso)			
Días de Servizo	Orixe	Hora	Destino
LMMXV	A Cañiza	07.40	Ponteareas

EMPRESA RAUL S.A.			
Liña Guillade-Ponteareas (Por Vilasobroso)			
Días de Servizo	Orixe	Hora	Destino
S(laborables)	Guillade	08.50	Ponteareas
S(laborables)	Ponteareas	11.45	Guillade

- O longo da PO-254 e da PO-261:

EMPRESA RAUL S.A.			
Liña Pontevedra-Mondariz (Por Ponteareas)			
Días de Servizo	Orixe	Hora	Destino
LMMXV	Pontevedra	11.45	Mondariz
LMMXV	Mondariz*	08.00	Pontevedra
*Enlace con Barciademera en Mondariz			

EMPRESA RAUL S.A.			
Liña Vigo-Mondariz (Por Balneario)			
Días de Servizo	Orixe	Hora	Destino
LMMXV	Mondariz	06.25	Vigo
LMMXV	Mondariz	10.00	Vigo
LMMXV	Mondariz	13.10	Vigo
LMMXV	Mondariz	17.30	Vigo
S(laborables)	Mondariz	10.00	Vigo
D	Mondariz	19.45	Vigo
LMMXV	Vigo	11.30	Mondariz
LMMXV	Vigo	13.00	Mondariz
LMMXV	Vigo	19.20	Mondariz
LMMXV	Vigo	19.45	Mondariz
S(laborables)	Vigo	22.30	Mondariz
D	Vigo	17.30	Mondariz

EMPRESA RAUL S.A.			
Liña Vigo-Maceira (Por Mondariz)			
Días de Servizo	Orixe	Hora	Destino
LMMXV	Vigo	10.30	Maceira*
LMMXV	Vigo	17.30	Maceira*
S(laborables)	Vigo	10.30	Maceira*
S(laborables)	Vigo	17.30	Maceira*
D	Vigo	10.30	Maceira*
D	Vigo	22.30	Maceira
LMMXV	Maceira*	08.00	Vigo
LMMXV	Maceira*	14.00	Vigo
S(laborables)	Maceira*	08.00	Vigo
S(laborables)	Maceira*	14.00	Vigo
D	Maceira*	08.30	Vigo
D	Maceira*	13.30	Vigo
*Enlace de/con Barciademera en Mondariz			

EMPRESA RAUL S.A.			
Liña Barciademera-Mondariz			
Días de Servizo	Orixe	Hora	Destino
LMMXVS	Porrón (Lougares)	07.30	Mondariz**
LMMXVS	Porrón (Lougares)		Mondariz*
D	Porrón (Lougares)	08.30	Mondariz*
D	Porrón (Lougares)	13.30	Mondariz*
LMMXVS	Mondariz*	11.30	Porrón (Lougares)
LMMXVS	Mondariz*	18.30	Porrón (Lougares)
D	Mondariz*	11.30	Porrón (Lougares)
D	Mondariz(1)	18.30	Mondariz
(1) Servizo circular Mondariz-Barciademera-Lougares-Mondariz			
*Enlaza con servizos de Vigo.**Enlaza con Vigo e Pontevedra.			

1.3. SERVIZOS URBANISTICOS.

1.3.1. ABASTECEMENTO DE AUGA.

Teñen rede de abastecemento de auga a totalidade dos núcleos de poboación, sendo municipal nalgúns casos como ocorre na capital Mondariz e parte das parroquias de Riofrío, Vilar, Toutón e Sabaxans, e veciñal no resto. Tamén podemos encontrar algún núcleo como é o caso do Costal (Sabaxáns) en que coexistan varias traídas particulares que dan servizo ós distintos habitantes dende varios depósitos ou captacións. Polo xeral as redes municipais son de recente construción e nos depósitos lévase a cabo a análise e no seu caso o tratamento da auga mediante cloración. No que respecta ás redes veciñais podemos atopar tanto algunha executada dende hai 30 anos como outras máis recentes só con 6 ou 7 anos de antigüidade, e común que se realicen análises por parte das respectivas comisións de augas que as xestionan, aínda que non se adoitan tratar, debido principalmente a que os puntos de captación se atopan a cotas moi elevadas sobre as que non hai asentamentos nin actividades que poidan influír negativamente sobre a calidade das augas. As captacións realízanse nos regatos ou mananciais que abondan no monte e acumúlanse por gravidade en depósitos situados nas ladeiras dos montes dende os que se realiza o abastecemento, tamén por gravidade, dada a configuración topográfica e a situación favorable dos núcleos respecto do monte, sendo só en casos moi puntuais como por exemplo no caso do depósito da Chouteira (Lougares) apoiar a captación mediante a impulsión de auga dende un pozo situado nas inmediacións do mesmo. Os núcleos pequenos adoitan ter o seu propio, depósito aínda que en moitos casos as redes están moi estendidas e como acontece en Vilar, Riofrío ou Mondariz unha única instalación serve practicamente a unha parroquia ou a entidades de varias limítrofes. No que respecta ao solo urbano de Mondariz o abastecemento percorre tódalas rúas do núcleo e ten a súa orixe en tres depósitos situados nas inmediacións da capital, un primeiro situado na Lagoa dá servizo á parte de Mondariz, a Lagoa, ao Sesteiro e A Pedreira, o segundo nas inmediacións de Castromao que abrangue a maioría de Mondariz, Merouces, O Ceo, O Souto, e xa fóra da parroquia a Asnela, A Chaleira e San Miguel (parroquia de Riofrío). Un terceiro depósito

situado na estrada a Vilasobroso encóntrase en reserva, conectado ao anterior, e entra en funcionamento ante posibles incidencias na rede.



A modo de resumo incluímos unha táboa elaborada cos datos de campo recollidos polo equipo redactor do PXOM, onde aparecen os datos dos diferentes depósitos existentes dentro do termo municipal:

PARROQUIA DE FRADES (San Martín)							
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito na Cambra			
E-090	**X**	543.785	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	92 m³
	Y	4.678.553	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	A Cambra	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito en Quintáns			
E-161	**X**	544.218	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	90 m³
	Y	4.678.261	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Quintáns e A Cambra	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito en Vedrelos			
E-150	**X**	545.151	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	120 m³
	Y	4677811	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Vedrelos, Portela da Bouza e Quintáns.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito en Aboal			
E-101	**X**	543.049	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	37 m³
	Y	4.678.852	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	Aboal	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito na Toxeira			
E-065	**X**	542.808	**Titularidade/Xestión:**	Municipal		**Capacidade:**	100 m³
	Y	4.679.448	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Aboal (Toutón e Frades) e A Toxeira	
	Huso	29	**Tratamento:**	S			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito da Costa			
E-070	**X**	543.174	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	141 m³
	Y	4.677.246	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	A Costa	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			

PARROQUIA DE GARGAMALA (Santa María)							
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito na Rúa.			
E-152	**X**	543.903	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	60 m³
	Y	4.679.651	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	A Rúa	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito en Mourelle.			
E-153	**X**	544.646	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	166 m³
	Y	4.679.691	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Mourelle.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito en Mourelle 2. (Na actualidade non se emprega)			
E-102	**X**	544.767	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal.		**Capacidade:**	100 m³
	Y	4.679.413	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	Mourelle. (daba servizo á maioría do núcleo)	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito en Boente.			
E-107	**X**	545.389	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	40 m³
	Y	4.679.893	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Boente.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito no Barral.			
E-108	**X**	545.717	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	50 m³
	Y	4.679.811	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	O Barral.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito de Boente e O Barral.			
E-099	**X**	545.598	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	150 m³
	Y	4.680.206	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Boente e O Barral.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito 2 en Boente. (non se emprega na actualidade)			
E-106	**X**	545.258	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	40 m³
	Y	4.679.808	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	Boente (so en parte)	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito no Barro.			
E-109	**X**	546.285	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	388 m³
	Y	4.679.715	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	O Barro.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito no Soutiño.			
E-151	**X**	544.589	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	26 m³
	Y	4.678.049	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	O Soutiño	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			

PARROQUIA DE LOUGARES (San Félix)							
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito do Coto e Outeiro.			
E-136	**X**	549.897	**Titularidade/Xestión:**	Municipal		**Capacidade:**	135 m³
	Y	4.675.598	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	O Outeiro e O Couto.	
	Huso	29	**Tratamento:**	S			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito Municipal de Santa Baia			
E-157	**X**	549.767	**Titularidade/Xestión:**	Municipal		**Capacidade:**	300 m³
	Y	4.674.837	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Santa Baia (en parte) e A Coroa.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito Veciñal de Santa Baia			
E-144	**X**	549.727	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	20 m³
	Y	4.675.007	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	Santa Baia (en parte)	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito Municipal da Chouteira			
E-143	**X**	547.752	**Titularidade/Xestión:**	Municipal		**Capacidade:**	250 m³
	Y	4.675.842	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Lougares, Cruceiro, A Rúa, Casares, Chouteira, Igrexa, e Porrón.	
	Huso	29	**Tratamento:**	S			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito do Cabritallo			
E-092	**X**	547.930	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	15 m³
	Y	4.675.194	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	O Cabritallo	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito de Outerelo			
E-146	**X**	547.512	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	117 m³
	Y	4.676.445	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	Outerelo.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
PARROQUIA DE MEIROL (San Andrés)							
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito 1 Meirol			
E-138	**X**	547.894	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	40 m³
	Y	4.674.579	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	Meirol (parte)	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito 2 Meirol			
E-137	**X**	547.823	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	50 m³
	Y	4.674.309	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	Meirol (parte)	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito 3 Meirol			
E-112	**X**	548.397	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	117 m³
	Y	4.673.657	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	Meirol, A Goleta, A Penalonga, A Luguesa e A Vermella.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			

PARROQUIA DE MONDARIZ (Santa Eulalia)							
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito de Escobeiro			
E-007	**X**	545.016	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	240 m³
	Y	4.674.425	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	Escobeiro e parte de Lubián.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito de Foxaco			
E-094	**X**	547.000	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	45 m³
	Y	4.676.899	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	Foxaco	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito de Fraga da Barcia			
E-093	**X**	547.040	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	45 m³
	Y	4.675.822	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	Fraga da Barcia	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito 1 Mondariz			
E-016	**X**	545.819	**Titularidade/Xestión:**	Municipal		**Capacidade:**	400 m³
	Y	4.675.137	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Parte de Mondariz, A Lagoa, O Sesteiro e a Pedreira.	
	Huso	29	**Tratamento:**	S			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito 2 Mondariz			
E-012	**X**	545.196	**Titularidade/Xestión:**	Municipal		**Capacidade:**	500 m³
	Y	4.675.575	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Mondariz, Merouces, O Ceo, O Souto, Asnela, A Chaleira e San Miguel.	
	Huso	29	**Tratamento:**	S			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito 3 Mondariz			
E-009	**X**	545.126	**Titularidade/Xestión:**	Municipal		**Capacidade:**	500 m³
	Y	4.675.123	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Deposito auxiliar para o abastecemento da capital.	
	Huso	29	**Tratamento:**	S			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito en Paredes			
E-005	**X**	546.086	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	90 m³
	Y	4.675.365	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	Paredes	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
E-175	**X**	545.619	**Titularidade/Xestión:**	Municipal	**Capacidade:**	200 m³	
	Y	4.674.536	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Mondariz, Merouces, O Ceo, O Souto, Asnela, A Chaleira e San Miguel.	
	Huso	**29**	**Tratamento:**	S			

PARROQUIA DE MOURISCADOS (San Cibrán)							
E-131	**Huso**	29	**Tratamento:**	N			
	Y	4.671.303	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	Crespos, As Vendas e San Xoán	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito de Fontebalán e Rozas			
E-132	**X**	549.526	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	33 m³
	Y	4.670.693	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	Fontebalán e Rozas.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito de Campo de Mouro e Zamorelle			
E-133	**X**	548.811	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	55 m³
	Y	4.671.025	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	Campo de Mouro e Zamorelle.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito de Fontán e A Porteliña			
E-127	**X**	547.999	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	84 m³
	Y	4.671.722	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Fontán e A Porteliña	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito de Poñe			
E-126	**X**	547.303	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	206 m³
	Y	4.672.226	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Poñe.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
PARROQUIA DE QUEIMADELOS (Santa María)							
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito de Queimadelos.			
E-122	**X**	546.933	**Titularidade/Xestión:**	Entidade Local Menor.		**Capacidade:**	85 m³
	Y	4.674.725	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Aqueleido e A Armada.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
PARROQUIA DE RIOFRIO (San Miguel)							
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito de Cernadela.			
E-121	**X**	546.131	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal.		**Capacidade:**	330 m³
	Y	4.677.635	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	Cernadela, Bouzabán, Os Muiños e O Ervellal.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito de Bouzabán.			
E-183	**X**	545.797	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal.		**Capacidade:**	50 m³
	Y	4.677.532	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	Cernadela, Bouzabán, Os Muiños e O Ervellal.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito de Riofrío.			
E-156	**X**	543.018	**Titularidade/Xestión:**	Municipal		**Capacidade:**	80 m³
	Y	4.676.728	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	O Carrascal, o Carballal, Pe do Muiño e Outeiro da Moa.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito da Bouzada.			
E-071	**X**	543.295	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	24 m³
	Y	4.677.246	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	A Bouzada.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			

PARROQUIA DE SABAXANS (San Mamede							
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito 1 Sabaxáns.			
E-057	**X**	548.359	**Titularidade/Xestión:**	Municipal		**Capacidade:**	189 m³
	Y	4.680.372	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Soutelo, A Igrexa e Filgueira.	
	Huso	29	**Tratamento:**	S			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito 2 Sabaxáns.			
E-037	**X**	548.359	**Titularidade/Xestión:**	Municipal		**Capacidade:**	40 m³
	Y	4.680.365	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Soutelo, A Igrexa e Filgueira.	
	Huso	29	**Tratamento:**	S			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito en Filgueira.			
E-039	**X**	548.072	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	30 m³
	Y	4.678.359	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	A Chan, A Portela, Seixelos, A Lomba, O Sosteiro, e A Paxareira.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito no Coto.			
E-029	**X**	547.370	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	50 m³
	Y	4.678.554	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	O Coto	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito de Ermelo.			
E-038	**X**	546.955	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	30 m³
	Y	4.678.115	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	Ermelo.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
PARROQUIA DE TOUTON (San Mateu)							
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito en Lucía.			
E-063	**X**	542.423	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	11 m³
	Y	4.678.845	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	A Lucía.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito en Casco.			
E-062	**X**	542.290	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	192 m³
	Y	4.678.675	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Casco.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito en Lordelo.			
E-054	**X**	541.640	**Titularidade/Xestión:**	Municipal		**Capacidade:**	100 m³
	Y	4.679.501	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Lordelo.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito 1 Festín.			
E-052	**X**	542.331	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	50 m³
	Y	4.680.927	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	Actualmente non está en uso	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito 2 Festín.			
E-030	**X**	542.324	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	174 m³
	Y	4.680.948	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	Festín	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			

PARROQUIA DE VILAR (San Mamede)							
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito en Os Torrados			
E-059	**X**	541.442	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	70 m³
	Y	4.676.395	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	Os Torrados.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito en Vilar			
E-002	**X**	541.928	**Titularidade/Xestión:**	Municipal		**Capacidade:**	500 m³
	Y	4.676.444	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Todo Vilar agás Os Torrados no Granxal.	
	Huso	29	**Tratamento:**	S			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito no Granxal			
E-003	**X**	542.587	**Titularidade/Xestión:**	Veciñal		**Capacidade:**	60 m³
	Y	4.676.228	**Análises:**	N	**Núcleos ós que serve**	O Granxal.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
PARROQUIA DE VILASOBROSO (San Martín)							
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósitos 1 e 2 en Vilasobroso			
E-014	**X**	543.961	**Titularidade/Xestión:**	Entidade Local Menor.		**Capacidade:**	200+230 m³
	Y	4.673.397	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Vilasobroso.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			
Clave	**Coordenadas UTM**		**Descrición:**	Depósito 3 en Vilasobroso.			
E-027	**X**	544.141	**Titularidade/Xestión:**	Entidade Local Menor.		**Capacidade:**	200 m³
	Y	4.673.500	**Análises:**	S	**Núcleos ós que serve**	Parte baixa de Vilasobroso.	
	Huso	29	**Tratamento:**	N			

1.3.2. SANEAMENTO.

A maioría das entidades de poboación carece de rede de saneamento de augas residuais, tendo que servirse de fosas particulares individuais, non sempre construídas e mantidas de forma que poidan cumprir eficientemente coa súa función. As redes existentes, que en tódolos casos son de xestión municipal, son as seguintes:

Asnela, San Miguel, Igrexa e Portellas na que os seus colectores rematan na EDAR da Chaleira (parroquia de Riofrío) dimensionada para 300 hab/eq.

Pé do Muiño, Vilar, O Carballal e A Bouzada con final na EDAR de Pé do Muiño (parroquia de Riofrío) dimensionada para 300 hab/eq.

Quintáns (Frades) que remata na EDAR de Quintáns (parroquia de Frades) dimensionada para 300 hab/eq.

A Igrexa, Filgueira e a Chan (Sabaxáns) que remata na EDAR de Sabaxáns dimensionada para 600 hab/eq.

O Couto (Lougares) que remata na EDAR do Couto.

Parte de Vilasobroso que remata na EDAR das Chouselas.

Mondariz que conta con dúas depuradoras en Merouces e A Poeira con capacidade para 1000 hab/eq e 300 hab/eq respectivamente, e a conexión da zona da Pedreira coa EDAR situada en Mondariz Balneario, que aínda que deseñada para dar servizo ós dous concellos, e polo tanto financiada polos mesmos, en función da poboación servida en cada un, e xestionada exclusivamente por aquel no que se sitúa. Esta planta está dimensionada para atender a uns 7.200 hab/eq e na actualidade presta servizo a uns 700. A rede no solo urbano esténdese por todas rúas e está realizada principalmente en pvc de diversas seccións, aínda que existen algúns tramos antigos doutros materiais. Só conta con rede separativa unha pequena parte do centro da capital no contorno da Praza de España e que percorre ao longo da maior parte da

Avenida do Val cara o río. Recentemente trasladouse a EDAR existente en Ermelo a Riofrío para dar servizo tanto a parte da capital como a varios núcleos da contorna da mesma.

Ademais de todo o anterior, téñense instalado dúas novas EDAR grazas ao programa DEPUTRANS financiado mediante fondos europeos:

Unha EDAR para 500 hab/eq nas inmediacións de Ermelo (Sabaxáns) para servizo ós núcleos de Ermelo, O Coto e O Costal, onde aínda non se executou a rede. Neste caso como xa se comentou procedeuse ao traslado da mesma ás inmediacións da praia de Riofrío.

Unha EDAR para 500 hab/eq nas inmediacións de San Xoán (Mouriscados) que dará proximamente servizo ós núcleos das Ventas, San Xoán, Crespos, Rozas e Fontán, dado que xa se construíu a rede na maioría deles.

Unha EDAR para 500 hab/eq nas inmediacións da praia de Riofrío que dá servizo ós núcleos de Cernadela, Bouzabán, Os Muíños, parte de San Miguel e parte de Mondariz dado que xa se construíu a rede correspondente neles.



A modo de resumo, incluímos unha táboa elaborada cos datos de campo recollidos polo equipo redactor do PXOM, onde aparecen os datos das diferentes instalacións de depuración existentes dentro do termo municipal:

EDAR de Mondariz Balneario.				
Clave	**Coordenadas UTM**		**Características:**	EDAR deseñada para os seguintes tratamentos: primario de tipo desbaste e desareador-desengrasador aireado, tanque anaeróbio, biolóxico do tipo de lodos activados con aireación estendida, e de lodos en exceso tratados en predeshidratador e filtro banda. Está dimensionada para uns 7200 hab/eq
	X	542.581		
	Y	4.675.318	**Núcleos servidos:**	Na actualidade trata os efluentes duns 700 entre Mondariz (Barrio da Pedreira) e Mondariz Balneario.
	Huso	29		
EDAR da Poeira.				
Clave	**Coordenadas UTM**		**Características:**	Instalación depuradora que consta de by-pass xeral, desbaste de materiais grosos con reixa de limpeza manual e separación de 50 mm, tratamento biolóxico con sistema de lodos activados de aireación prolongada, decantación secundaria, recirculación de lodos e esterilización.Os lodos pasan un proceso de espesamento, acondicionamento químico e deshidratación, mediante sacos filtrantes, e serán retirados periodicamente. Está dimensionada para uns 300 hab/eq.
E-056	**X**	544.454		
	Y	4.676.335	**Núcleos servidos:**	Parte de Mondariz e A Cela.
	Huso	29		
EDAR de Merouces.				
Clave	**Coordenadas UTM**		**Características:**	Instalación depuradora que consta de arqueta de chegada con aliviadoiro e by-pass, desarenador, reactor biolóxico por lodos activos, decantador secundario, desinfección por cloración e arqueta de control de vertido. Está dimensionada para uns 1000 hab/eq.
E-095	**X**	545.213		
	Y	4.676.447	**Núcleos servidos:**	Parte de Mondariz
	Huso	29		
EDAR da Chaleira.				
Clave	**Coordenadas UTM**		**Características:**	Instalación depuradora que consta de arqueta con reixa de desbaste para materiais grosos, arqueta de descarga e reparto, dous decantadores-dixestores, pozo de bombeo, leito bacteriano, canal de cloración, arqueta de control de vertido e gabia filtrante para a inxección parcial ao terreo. Está dimensionada para uns 300 hab/eq.
E-117	**X**	544.043		
	Y	4.676.568	**Núcleos servidos:**	A Chaleira, Asnela, San Miguel, Igrexa e Portellas.
	Huso	29		

EDAR de Pe do Muiño.				
Clave	**Coordenadas UTM**		**Características:**	Instalación depuradora que consta de arqueta con reixa de desbaste para materiais grosos, arqueta de descarga e reparto, dous decantadores-dixestores, pozo de bombeo, leito bacteriano, canal de cloración, arqueta de control de vertido e gabia filtrante para a inxección parcial ao terreo. Está dimensionada para uns 300 hab/eq..
E-155	**X**	543.974		
	Y	4.675.928	**Núcleos servidos:**	Pe do Muiño, Carballal, Vilar e Bouzada
	Huso	29		
EDAR de Frades.				
Clave	**Coordenadas UTM**		**Características:**	Planta depuradora de augas residuais para 300 hab/eq con arqueta con reixa de desbaste, decantador- dixestor, cámara de descarga, leito bacteriano con dobre fondo, tubo de ventilación e tapa de entrada con entramado metálico galvanizado, 21 m³ de recheo sintético Biofill, distribuidor rotativo, e arqueta de inspección de 60 x 60 cm.
E-073	**X**	543.907		
	Y	4.677.513	**Núcleos servidos:**	Quintáns
	Huso	29		
EDAR de Sabaxáns.				
Clave	**Coordenadas UTM**		**Características:**	Planta depuradora consistente en tanque decantador-dixestor VIT de formigón armado de Ø 2.41 m e 3.68 m de altura con filtro biolóxico das mesmas dimensións, recheo plástico en soporte de masa biolóxica cunha superficie específica de 240 m²/ m³, dimensionada para 600 hab/eq.
E-031	**X**	549.137		
	Y	4.677.707	**Núcleos servidos:**	A Igrexa, Filgueira e A Chan.
	Huso	29		
EDAR de Vilasobroso.				
Clave	**Coordenadas UTM**		**Características:**	EDAR formada por tanque decantador-dixestor VIT e filtro biolóxico.
E-001	**X**	544.894		
	Y	4.672.159	**Núcleos servidos:**	Parte de Vilasobroso.
	Huso	29		
EDAR do Couto.				
Clave	**Coordenadas UTM**		**Características:**	Planta depuradora consistente nun tanque decantador-dixestor de formigón armado de Ø 2.41 m e 3.58 m de altura con filtro biolóxico e circulación vertical e recheo plástico en soporte de masa biolóxica de 240m²/ m³.
E-149	**X**	549.146		
	Y	4.675.597	**Núcleos servidos:**	O Couto.
	Huso	29		

EDAR da praia de Rofrío.				
Clave	**Coordenadas UTM**		**Características:**	EDAR baseada nun proceso biolóxico, aeróbio, de aireación prolongada e recirculación de lodos activos, seguido dun proceso terciario de desinfección por ozonización que permite unha capacidade de tratamento de 125 m³/d e está dimensionada para uns 500 hab/eq.
E-056	**X**	547.074		
	Y	4.677.516	**Núcleos servidos:**	Recolle os efluentes de parte do solo urbano así como de Cernadela e no futuro tamén os de Fraga da Barcia, O Ceo e Paredes.
	Huso	29		
EDAR de Crespos.				
Clave	**Coordenadas UTM**		**Características:**	EDAR baseada nun proceso biolóxico, aeróbio, de aireación prolongada e recirculación de lodos activos seguido dun proceso terciario de desinfección por ozonización que permite unha capacidade de tratamento de 125 m³/d e está dimensionada para uns 500 hab/eq.
E-128	**X**	549.459		
	Y	4.671.740	**Núcleos servidos:**	Recollerá os efluentes As Ventas, Crespos, San Xoan, Rozas e Fontán
	Huso	29		
EDAR de Riofrío.				
Clave	**Coordenadas UTM**		**Características:**	EDAR baseada nun proceso biolóxico, aeróbio, de aireación prolongada e recirculación de lodos activos seguido dun proceso terciario de desinfección por ozonización que permite unha capacidade de tratamento de 125 m³/d e está dimensionada para uns 500 hab/eq.
E-174	**X**	544.432		
	Y	4.676.535	**Núcleos servidos:**	Recollerá os efluentes de Cernadela, Bouzabán, Os Muíños, parte de San Miguel e parte de Mondariz.
	Huso	29		

1.3.3. . PLUVIAIS.

Non existe rede de pluviais en ningún núcleo, agás en parte do solo urbano de Mondariz, sendo o vertido das mesmas de forma conxunta, xunto coas fecais nas depuradoras da Poeira, Merouces e Mondariz Balneario, cos conseguintes problemas de tratamento que isto ocasiona.

1.3.4. TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS.

Dentro da clasificación recollida no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2004-2010 o concello de Mondariz, debido ao valor do seu indicador de referencia Ic =0.14 (sostido nunha serie de parámetros poboacionais, xeográficos e socioeconómicos) e polo tanto encadrado no grupo co valor entre 0-0.2, é considerado, co fin de facer corresponder a cada concello o custo real da recollida en función das súas características definitorias e particulares, como **Rústico**.

En canto ao sistema de recollida selectiva que se dá no concello poderíamos dicir, en xeral, que se trata dun modelo de instalación na beirarrúa de colectores para a recollida de envases xunto ós colectores tradicionais para a fracción xenérica, apoiado nalgúns núcleos, de cara a resolver os problemas que presenta a recollida selectiva no ámbito rural, por colectores de cartón e/ou vidro e mesmo en varias parroquias de puntos de contribución múltiple.

As características da recollida son as seguintes:

Existe servizo de recollida de lixo orgánico en tódolos núcleos, este é prestado por parte do concello, para o que conta con dous vehículos de distinta capacidade e tres operarios para a realización do mesmo, en horario de 6.00 a 12.00 horas de luns a venres. A frecuencia da

recollida é de tres días á semana para a capital municipal e de dous para o resto de poboacións do concello, segundo se recolle na seguinte táboa:

Rutas de Recollida de Contedores de Lixo Orgánico.
Luns
Mondariz (incluído Escobeiro), Queimadelos, Meirol, Vilasobroso, Mouriscados e Lougares.
Martes
Cernadela, Sabaxáns, Riofrío,Vilar,Toutón, Festín, Lordelo, Gargamala e Frades.
Mércores
Todo Mondariz (incluido Escobeiro), 3 contedores en Vilasobroso, 2 en Aboal e 6 en Riofrío.
Xoves
Queimadelos, Meirol, Vilasobroso, Mouriscados, Lougares e Sabaxáns.
Venres
Mondariz,Cernadela, Riofrío,Vilar,Toutón, Festín, Lordelo, Gargamala e Frades.

Actualmente non se está a levar a cabo a limpeza dos colectores.

Os residuos recollidos son trasladados á planta de transferencia situada no Porriño (As Gándaras) dende onde SOGAMA (Sociedade Galega do Medio Ambiente S.A.) que é unha das entidades encargadas das operacións do proceso de xestión dos residuos sólidos urbanos de Galicia, se fai cargo deles.



En SOGAMA e as súas instalacións procédese á recollida e separación previa dos residuos reciclables, e facilítase a entrega aos recicladores dos materiais que cada cidadán separou no seu domicilio, para posteriormente proceder á valorización enerxética dos non aproveitables.

En canto á recollida de materiais plásticos, é realizada pola empresa INIMA cunha periodicidade aproximada de unha vez por semana.

Da recollida do vidro encárgase a empresa CATELO, que pasa polo menos unha vez ao mes a baleirar os colectores, ou antes -se lles é demandado por atopárense cheos.

No tocante á recollida monomaterial de papel-cartón, está a cargo da empresa COREGAL que a efectúa, polo menos unha vez cada 15 días.

Segundo datos de campo recollidos no ano 2007 polo equipo redactor do PXOM, o rateo de colectores amosa os seguintes datos: o número total deles existentes nos núcleos de poboación é de 585, dos cales 356 corresponderían a lixo orgánico/fracción xenérica, 134 a envases, 42 a cartón e 53 a vidro, para atender a unha poboación de 5354 habitantes (INE 2006), o que se traduce nuns valores medios de 15 habitantes/colector no primeiro caso e 39, 124 e 101 respectivamente nos seguintes. Na seguinte táboa amósase o grao de colectores de cada parroquia, en función do número de habitantes (INE 2006):

COLECTORES DE LIXO EN NÚCLEOS	ORGANICO	ENVASES	CARTON	VIDRO	Poboación 2006
PARROQUIA DE FRADES	**30**	**14**	**5**	**6**	**348**
Nº de habitantes/colector	11,60	24,86	69,60	58,00	
PARROQUIA DE GARGAMALA	**24**	**9**	**3**	**5**	**439**
Nº de habitantes/colector	18,29	48,78	146,33	87,80	
PARROQUIA DE LOUGARES	**30**	**9**	**2**	**4**	**430**
Nº de habitantes/colector	14,33	47,78	215,00	107,50	
PARROQUIA DE LOUGARES	**18**	**6**	**2**	**2**	**228**
Nº de habitantes/colector	12,67	38,00	114,00	114,00	
PARROQUIA DE MONDARIZ	**89**	**28**	**15**	**16**	**1431**
Nº de habitantes/colector	16,08	51,11	95,40	89,44	
PARROQUIA DE MOURISCADOS	**19**	**12**	**2**	**4**	**311**
Nº de habitantes/colector	16,37	25,92	155,50	77,75	
PARROQUIA DE QUEIMADELOS	**8**	**6**	**1**	**1**	**115**
Nº de habitantes/colector	14,38	19,17	115,00	115,00	
PARROQUIA DE RIOFRIO	**40**	**17**	**3**	**5**	**603**
Nº de habitantes/colector	15,08	35,47	201,00	120,60	
PARROQUIA DE SABAXÁNS	**32**	**8**	**3**	**3**	**392**
Nº de habitantes/colector	12,25	49,00	130,67	130,67	
PARROQUIA DE TOUTÓN	**21**	**8**	**1**	**2**	**371**
Nº de habitantes/colector	17,67	46,38	371,00	185,50	
PARROQUIA DE VILAR	**21**	**10**	**2**	**3**	**298**
Nº de habitantes/colector	14,19	29,80	149,00	99,33	
PARROQUIA DE VILASOBROSO	**24**	**7**	**3**	**2**	**388**
Nº de habitantes/colector	16,17	55,43	129,33	194,00	
VALORES MEDIOS/HAB	**15**	**39**	**124**	**101**	

Dos datos recollidos podemos salientar que a recollida da fracción xenérica/lixo orgánico atópase moi próxima ós valores medios na totalidade das parroquias, o que con pequenas variacións tamén sucede para a recollida de envases, o que nos fai pensar que o número de contedores está, polo menos, repartido de forma equitativa. Non sucede o mesmo coa recollida tanto do cartón como do vidro, cunha gran disparidade de valores que nos amosan que existe unha certa falta de cobertura dos mesmos, xa que, como se observa, a maioría concéntranse na parroquia de Mondariz, por ser onde se sitúa a capitalidade municipal, que conta con 12 colectores para cartón e outros tantos para o vidro o que supón o 27.9 % e o 22.64 % do total respectivamente para atender ao 18.90 % da poboación. Tamén podemos constatar este desequilibrio se observamos, por exemplo, os datos da parroquia de Frades que, contando con catro entidades de poboación, ten un colector de cartón para cada 69 hab. e un de vidro para cada 58 hab. mentres que parroquias como Toutón, máis ou menos cos mesmos habitantes (371) que viven en cinco lugares, acada respectivamente uns valores de 371 hab/colector para

o cartón e 185 hab/colector para o vidro, e Riofrío que con algo menos do dobre de poboación (603 hab.) e formada por 16 entidades, acada uns valores de 201 hab/col. e 120 hab/col respectivamente.

No que respecta á existencia dos puntos de contribución múltiple, sitúanse principalmente dentro de Mondariz capital (6 puntos), mentres que no resto das parroquias hai polo menos un en cada unha delas, agás nas de Lougares, Queimadelos e Vilar.

En canto ao volume de residuos recollidos, segundo datos facilitados polo concello relativos ós primeiros 8 meses de 2008 por tipos, temos o seguinte:

Material	Meses (2008)	Kg	Valor medio (kg/mes)	Habitantes (2007)	Valor medio (Kg)/Hab.
Colector amarelo (plásticos, etc.)	Xaneiro	4.540	4.297,50	5.320	0,81
	Febreiro	3.150			
	Marzo	3.890			
	Abril	4.550			
	Maio	3.870			
	Xuño	3.560			
	Xullo	5.420			
	Agosto	5.400			
Material	Meses (2008)	Kg	Valor medio (kg/mes)	Habitantes (2007)	Valor medio (Kg)/Hab.
Colector azul (papel e cartón)	Xaneiro	3.680	1.966,25	5.320	0,37
	Febreiro	2.440			
	Marzo	270			
	Abril	460			
	Maio	540			
	Xuño	660			
	Xullo	3.420			
	Agosto	4.260			
Material	Meses (2008)	Kg	Valor medio (kg/mes)	Habitantes (2007)	Valor medio (Kg)/Hab.
Vidro (colector verde)	Xaneiro	7.180	7.345,00	5.320	1,38
	Febreiro	4.560			
	Marzo	0			
	Abril	5.660			
	Maio	8.300			
	Xuño	9.420			
	Xullo	5.360			
	Agosto	18.280			
Material	Meses (2008)	Kg	Valor medio (kg/mes)	Habitantes (2007)	Valor medio (Kg)/Hab.
Fracción xenérica (colector verde)	Xaneiro	101.980	107.257,50	5.320	20,16
	Febreiro	91.220			
	Marzo	95.180			
	Abril	100.580			
	Maio	102.530			
	Xuño	105.360			
	Xullo	125.300			
	Agosto	135.910			

Pódense observar nos ratios por habitante os efectos da non existencia en todo o territorio de puntos de recollida para materiais distintos da fracción xenérica, así como importantes

variacións no volume de recollida de residuos que se incrementan notablemente cara aos meses do verán.

Para a recollida doutro tipo de materiais construíuse un punto limpo en Mondariz Balneario, coa previsión de que servise para a xestión dos residuos que non se depositan na recollida domiciliaria, tanto deste concello como no de Mondariz, ambos participan no financiamento, aínda que a xestión recae exclusivamente no primeiro deles.Trátase dunha central especializada no tratamento de residuos perigosos e/ou voluminosos. Está orientado para que o público en xeral teña libre acceso a el co fin de evacuar eses materiais difíciles de descartarse polas vías normais: elementos da liña marrón, como mobles, mesas ou colchóns, outros de liña branca como frigoríficos ou lavadoras e un último apartado que inclúe materiais como ordenadores, entre outros. O obxectivo principal é facilitar ao cidadán e ás empresas unha alternativa que evite os vertedoiros a ceo aberto, os vertidos de desperdicios tóxicos en ríos, mares, etc, prácticas, por suposto, totalmente ilegais. O servizo está aberto aos veciños os xoves de 9.00 a 14.30. O concello de Mondariz Balneario realiza unha recollida domiciliaria, previa solicitude, o primeiro e terceiro xoves de cada mes.

1.3.5. SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA.

Todos os núcleos do concello dispoñen de subministración de enerxía eléctrica, sendo tres as empresas subministradoras (Iberdrola S.A., Elect. Moscoso, e C.E.Sestelo e CIA S.A.) O servizo é en xeral de boa calidade. Os datos de subministración realizados no termo municipal, nos primeiros oito meses do ano 2008 son os seguintes:

Empresa	Kw/h (8 meses)	Valor medio (Kw/h)/mes
IBERDROLA S.A.	5.298.825	662.353,13
ELECTRICA DE MOSCOSO	Consumo público (9 meses)	
	52.360	5.817,78
	Consumo doméstico (9 meses)	
	281.078	31.230,89
CENTRAL ELECTRICA SESTELO Y CIA	11.704.969	1.463.121,13

1.3.6. ALUMEADO PÚBLICO.

Existe este servizo en tódolos núcleos de poboación, servíndose a unha tensión de 220 voltios, sendo as características da rede bastante axeitadas por regra xeral con liñas aéreas. A totalidade da rede está composta por uns 1361 puntos de luz instalados tanto sobre postes de formigón en núcleos rurais e vías de comunicación como sobre este e outros soportes no solo urbano. Existe sistema de acendido e apagado automático en todas as poboacións, nuns casos mediante reloxo e noutros por medio de células fotoeléctricas.

1.3.7. TELECOMUNICACIÓNS.

A. Teléfono.

Existe no Termo Municipal unha rede telefónica básica que dá servizo a todo o concello con, aproximadamente 1518 liñas, esparexidas por tódolos núcleos do mesmo. Xa non hai teléfonos públicos nas poboacións, agás dúas cabinas telefónicas en Mondariz, unha fronte á Casa Consistorial e outra na praza de España. A cobertura de telefonía móbil das distintas operadoras aínda non é de todo acaída na totalidade do territorio de Mondariz. Tampouco hai posibilidade de conexión a internet con banda ancha, agás en certos puntos como a Biblioteca Municipal de Mondariz, o Concello, etc.

B. Correos e Telégrafos.

Hai unha dependencia na planta baixa do concello con horario de atención ao público de 9.00 a 14.30 horas, dende a que centraliza tanto o reparto como a recollida do correo, así como o envío/recepción de telegramas, fax, etc. Varios funcionarios están encargados do reparto postal e percorren todo o concello coas seguintes rutas:

- Lougares, Queimadelos, Meirol e parte da parroquia de Mondariz.
- Mondariz capital.
- Cernadela, Gargamala, Frades e Toutón.
- Sabaxáns seguindo cara O Covelo.
- Mondariz Balneario, Riofrío e Vilar.
- Escobeiro, Vilasobroso e Mouriscados.

1.3.8. SERVIZOS DE EMERXENCIA.

A. Policía Local.

O concello de Mondariz dispón dun local na planta baixa da casa consistorial para a policía local, onde prestan o seu servizo dous axentes locais, aínda que está previsto que se lles sume outro, en breve prazo de tempo. Contan como apoio co posto da garda civil de Ponteareas.

B. Servizo de Extinción de Incendios.

Non existe brigada de bombeiros no concello polo que para este tipo de emerxencias solicítase axuda ao parque de Ponteraeas ou ao do Porriño. De tódolos xeitos existe na parroquia de Queimadelos unha base de helicopteros e de cuadrillas de prevención e extinción de incendios forestais (E-167) dependente do Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais da Xunta de Galicia.

Imaxe da base (E-167).

1.4. O SISTEMA DE DOTACIONS.

1.4.1. INTRODUCIÓN.

A análise da situación actual dos sistemas de dotacionais de moitos concellos de Galicia mostra que o seu número e situación tratan principalmente de dar unha resposta cuantitativa, simplificando as necesidades existentes, como se de encher unha serie de recipientes (sanidade, educación, etc.) se tratase, fronte a unha problemática moito máis complexa, e que ten que ver coa esencia e os valores propios de cada territorio, así como da percepción individual e por extensión colectiva que do mesmo teñen os seus habitantes. Por iso o estudo dos espazos pensados para o uso e goce da comunidade non pode quedarse só no aspecto numérico, xa que a satisfacción das necesidades existentes non se poderá acadar sen un certo grao de empatía entre as propostas e aqueles a quen van destinadas, intentar impor criterios abstractos está condenado ao fracaso dende un comezo, xa que a ratificación dunha boa proposta está en acadar un alto grao de consenso con aqueles para os que se pensou, de maneira que eles participen das decisións dende o xerme ata a súa materialización. Trátase pois de superar a idea de benestar, é dicir, dalgún modo repartir socialmente a riqueza paliando as desigualdades existentes, segundo a visión dos problemas como cuestións simples e independentes que precisan dunha certa cota ou cantidade en cada caso para ser resoltos. Este modelo de actuación, que non ten en conta a especificidade da realidade do noso país; a dispersión poboacional, os valores do contorno e do patrimonio existentes, etc. tense confirmado como inadecuado, e produce tanto unha certa descoordinación como escasa eficiencia económica e social. Neste sentido o PXOM de Mondariz ao tempo que avalía o estado e dimensión das dotacións existentes, como dato obxectivo previo, pretende a formulación de propostas logo dunha pescuda, e posterior reflexión, sobre moitos ámbitos da realidade do concello e as súas interrelacións, de xeito que a análise desta sexa o punto de partida para dar unha resposta onde o importante sexa a satisfacción dos veciños superando os aspectos cuantitativos para primar os cualitativos, é dicir, substituír a lóxica do benestar pola da calidade de vida, isto é, cautelar o dano que unha formulación exclusivamente considerada en termos cuantitativos poida ocasionar no medio ambiente ou na identidade cultural, incluíndo como elemento autoregulador os parámetros da sustentabilidade. Así pois, o desenvolvemento territorial debe de ir acompañado inevitablemente de medidas que permitan a accesibilidade ós servizos e espazos existentes, o desenvolvemento social e económico homoxéneo, a cohesión social e a protección dos valores do patrimonio e medio ambiente, entre outros. Todas estas cuestións teñen un marco normativo de referencia na Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas modificacións derivadas da Lei 15/2004 do 29 de decembro, en diante LOUG, recollidas nos artigos 47.1*O plan xeral deberá preve-las reservas de solo necesarias para a implantación dos sistemas xerais ou conxunto de dotacións urbanísticas ao servizo predominante do conxunto da poboación, do seu asentamento, mobilidade e emprego, en proporción adecuada ás necesidades da poboación, e tendo en conta a capacidade máxima residencial derivada do plan (...)*, 47.3 *O planeamento efectuará as reservas de solo para dotacións urbanísticas nos lugares máis adecuados para satisface-las necesidades da poboación, co fin de asegura-la súa accesibilidade, funcionalidade e integración na estrutura urbanística, de modo que non se localicen en zonas marxinais ou residuais (...)*, e 49.1 *A totalidade do solo urbano dividirase polo plan xeral en distritos, atendendo a racionalidade e calidade da ordenación urbanística e a accesibilidade da poboación ás dotacións, utilizando preferentemente como límites os sistemas xerais e os elementos estruturantes da ordenación urbanística, e coincidindo na maior parte da súa extensión cos barrios, parroquias ou unidades territoriais con características homoxéneas.*

En función do carácter informativo deste documento procurouse unha aproximación dende a división en parroquias. Esta división territorial é a que mellor se axusta á realidade existente a día de hoxe no concello de Mondariz, xa que incluso a zona urbana non está aínda o suficientemente desenvolvida, nin ten a complexidade suficiente para acoller un estudo dende a división en distritos.

1.4.2. DEFINICIÓN E CLASIFICACIÓN DAS DOTACIÓNS

Conceptos como o de dotación, equipamento e servizo empréganse indistintamente para definir as estruturas espaciais e sociais que serven á comunidade; entendidas, de modo xeral, como complementos das grandes funcións de residencia transporte e actividade produtiva.

Lonxe de afondar nestas disquisicións, a significación concreta destes termos vai indefectiblemente vinculada ao mundo da planificación física, e en concreto á ciencia urbanística. Cunha vocación netamente xurídica, o concepto de *dotación* acada a súa plenitude na propia lexislación urbanística, particularmente no TR da Lei 9/2002, no artigo 47 inclúese a definición de sistema xeral de dotacións urbanísticas como (...) *conxunto de dotacións urbanísticas ao servizo predominante do conxunto da poboación, do seu asentamento, mobilidade e emprego, en proporción adecuada ás necesidades da poboación* (...), establecéndose por unha banda, precisións conceptuais importantes acerca da natureza das dotacións e por outra, a súa categorización en función do rango de servizo. O sistema xeral de dotacións urbanísticas, encadrado na "tradicional" división sistémica establecida no Regulamento de Planeamento (RD 2159/1978), englobaría nun rango de servizo estendido á totalidade do territorio municipal, ós espazos libres ou construídos que constitúen o soporte físico para acubillar os servizos de consumo colectivo. Neste punto, a lexislación urbanística estende a mesma consideración dotacional ás escalas propias dos ámbitos territoriais subsidiarios nos que se articula o territorio municipal, falamos da escala do local, definitoria do *Sistema de Dotacións Locais* complementario. Xenericamente falaremos de sistema de dotacións urbanísticas, englobando tanto os espazos libres e zonas verdes de uso e dominio público como os equipamentos comunitarios, deste modo o concepto equipamento comunitario quedaría incluído no de dotación, na medida en que así vén recollido na lexislación urbanística e sectorial.

1.4.3. METODOLOXÍA. ELECCIÓN E XUSTIFICACIÓN DE ESTÁNDARES

O obxecto fundamental desta análise céntrase na estruturación e cuantificación das necesidades cidadás de cara á correcta ordenación do sistema de dotacións urbanísticas inserido no novo modelo territorial definido polo Plan Xeral. Para isto, serviuse da metodoloxía empregada no estudo *"La ciudad y los ciudadanos"* realizado polo *Seminario de Planeamento e Ordenación do Territorio* do *Instituto Juan de Herrera (Escuela Técnica Superior de Arquitectura de Madrid)* e publicada baixo o mesmo título polo Ministerio de Fomento.

O traballo partiu da definición dos *chanzos urbanos* como ámbitos recoñecibles, determinados por límites de tamaño e densidade, de tal modo que fose posible o establecemento das dotacións correspondentes e o umbrais de aparición destas.

Doutra banda, a definición e clasificación das dotacións realizouse segundo o establecido no apartado anterior, baseada principalmente en criterios normativos. Unha vez obtida a relación entre os ámbitos territoriais de servizo e as dotacións en cuestión, procedeuse á comparativa cos parámetros de referencia desexables extraídos do estudo *"La ciudad y los ciudadanos"* e convenientemente adaptados á realidade sociodemográfica do concello de Mondariz, mediante esta operación avaliarase o déficit ou superávit en extensión de solo, requirido para cada dotación.

Brevemente, o procedemento resúmese na realización das seguintes fases.

Definición e clasificación das dotacións

Definición dos chanzos urbanos (división territorial).

Definición dos parámetro dotacionais acaídos á estrutura demográfica do concello de Mondariz.

Dotacións existentes e a súa distribución espacial.

1.4.3.1. Establecemento dos chanzos urbanos e rangos de servizo.

Servíndonos de parte do traballo desenvolvido no ámbito da xeografía social durante a segunda metade do século pasado, a identificación de umbrais cidadáns tentou acadar o seu correlato espacial na delimitación de unidades *urbanas*, cuestión esta última que supuxo unha asunción imprecisa do feito urbano, mais indisolublemente ligado á esencia cidadá. En función das diversas autorías, inseridas en contextos culturais determinados, procedeuse á xerarquización e definición dos umbrais urbanos, entre os que sempre sobresaíu como umbral básico para o desenvolvemento da convivencia cidadá o barrio, comunidade, unidade de barrio,..., que partindo duns niveis de poboación comprendidos entre 5.000 e 20.000 habitantes distribuídos nun ámbito territorial preciso, constituíuse como esencia natural da cidade, integrando liberdade individual, organización social e identificación territorial.

A aplicación de categorías semellantes atópase moitas veces co carácter inaprehensible (inclasificable) do real, mais cabe salientar que, en termos cuantitativos, o dato de poboación en Mondariz supera escasamente ese umbral mínimo, acadando un número de 5.081 habitantes para o conxunto municipal (INE 2011); se ben este dato non é en si mesmo salientable, xa que para a súa distribución espacial resulta un mapa de asentamentos sensiblemente afectado polas calidades xeomorfolóxicas do soporte territorial. No que corresponde ao concello de Mondariz, cun relevo bastante accidentado por mor das fracturas existentes no territorio, atopamos unha estrutura de asentamentos eminentemente rurais, moi dispersa ao longo dos vales do río Tea e os seus afluentes, e con menor presenza de población nas zonas altas onde a forma de ocupación cambia para pasar a entidades illadas agrupadas, formando tramas de casarío denso. Sobre todos eles destaca sensiblemente Mondariz, capital (tanto polo maior tamaño conseguido, aglutinando varias entidades existentes, e un certo carácter urbano aínda que non totalmente desenvolvido, como polo maior grao de desenvolvemento e agrupación de actividades e servizos), favorecido pola súa estratéxica situación, principalmente con respecto ás vías de comunicación existentes, varias das cales se cruzan no medio da vila.

Deste xeito, podemos concluír que para cada un dos sistemas de asentamentos de Mondariz mantense a **parroquia** como referente territorial que segue mesmo a condicionar os patróns de asociacionismo e de aproveitamento do medio rural.

Dentro dos niveis de relación, accesibilidade e xestión do sistema dotacional no concello temos:

- **Nivel veciñal, barrio ou núcleo referido a unha parroquia**, que vén definido como a unidade mínima recoñecible como asentamento territorial e que garante a homoxeneidade morfolóxica e social. Ese carácter de unidade elemental fai que constitúa o umbral mínimo para a existencia de dotacións intimamente relacionadas co doméstico. Serían áreas de aproximadamente 50 vivendas, cunha poboación comprendida entre os 20 e 500 habitantes. Os desprazamentos a pé non debería superar os 5 minutos (75 m) e o ámbito territorial de influencia medio estímase en 200 metros. Permite relacións de veciñanza frecuentes mesmo cotiás; precisan duns servizos básicos e espazos de carácter intermedio e comunitario (espazos públicos de estancia, xogos de nenos, escola infantil, comercio básico, locais sociais).
- Nivel **municipal,** e que vén circunscrito a un rango de servizo municipal e polo tanto estendido á totalidade do termo de Mondariz; é o umbral dos denominados *sistemas xerais* na lexislación urbanística, e en función do establecido nela (artigo 47 do LOUG) a súa extensión virá determinada pola avaliación do teito residencial prevista no desenvolvemento do instrumento de ordenación municipal (o Plan Xeral). Como se pode apreciar a introdución do criterio de ordenación superponse aos propios das ciencias socias e que proveñen da consideración da cidade como fenómeno sociopolítico nun senso amplo. En termos de accesibilidade peonil, considerouse como máximo un radio de movemento non maior que 1.000 metros e cuxas distancias non superasen un tempo máis alá dos 30 minutos, lonxe destas distancias xa é preciso considerar a utilización de medios de transporte motorizados.
- Nivel **supramunicipal**, que é o propio dos *sistemas territoriais* e cuxo rango de servizo supera amplamente a extensión municipal. Se no marco normativo regulado polo plan xeral acadan igualmente a consideración e réxime de *sistemas xerais*, a súa aparición vén determinada por decisións políticas de administracións supramunicipais encadradas moitas veces no eido dos instrumentos de ordenación territorial (*Directrices Territoriais*, plans sectoriais,...). En termos de accesibilidade peonil considerouse a mesma hipótese que no caso anterior.

Os dous últimos veñen de ser referidos exclusivamente á división administrativa territorial e polo tanto supeditados á acción política.

Estes son os rangos de servizo para os diferentes chanzos poboacionais:

Rango	Distancia peonil (metros)
Núcleo	75
Parroquia	1000
Municipal	1000

1.4.3.2. Os parámetros dotacionais de referencia.

En conxunto, e en base ás características analizadas, cabe afirmar que Mondariz axústase a un modelo de poboación avellentada (fronte a poboacións novas ou sostibles), aínda qua este nivel de avellentamento deba relativizarse en función de lenes signos de recuperación poboacional que se comezan a albiscar nos últimos tempos. Estamos a falar dunha poboación cuxa estrutura demográfica manteríase relativamente estacionaria ao longo tempo, mercé ao movemento natural e á recepción de fluxos migratorios (positivos) en resposta a melloras, tanto na oferta de emprego autóctono como ante unha oferta diferenciada e de calidade nos ámbitos turístico e residencial, apoiadas na potenciación das posibilidades e recursos xa existentes actualmente no concello.

Parámetros para unha distribución óptima de solo dotacional para un tecido avellentado en transición.

Tipo	Parámetro (m²/hab)
ADMINISTRATIVO	0,05
ASISTENCIAL	1,135
COMERCIAL	0,04
DEPORTIVO	1,550
EDUCATIVO	4,460
SANITARIO	0,430
SOCIOCULTURAL	0,486
Total	8,15
ESPAZOS LIBRES	20

Coa utilización destes parámetros, o propósito último é o de establecer unha avaliación óptima da calidade urbana na cidade a través do seu compoñente senlleiro: a dotación urbanística. Con todo, e como se comentou con anterioridade estes tan só son uns datos de partida, xa que haberá que matizar os resultados numéricos en función doutros parámetros obxectivamente avaliables como son a accesibilidade, o nivel de servizo, ou as áreas de influencia das respectivas dotacións.

1.4.3.3. As áreas de referencia. A división territorial.

A base espacial de referencia que permite relacionar a estrutura da poboación co sistema de dotacións existentes, é a que vimos de denominar como parroquia.

A utilización da actual demarcación parroquial, que en número ascenden a doce, non produce un efecto distorsionante na percepción real da distribución poboacional no territorio de Mondariz. Dado que a estrutura parroquial é clara e sigue vixente na actualidade consideramos que é o referente acaído sobre o que realizar as nosas análises, en detrimento dos distritos que pola súa configuración poden inducir a erros nos resultados. A seguinte táboa amosa a distribución da poboación (INE 2011) no termo municipal de Mondariz.

Parroquia	Superficie (m²)	Poboación (Habitantes)	Densidade (hab/km²)
3603001 San Martín de Frades	2.466.066	356	144.71
3603002 Santa María de Gargamala	14.531.865	406	27,94
3603003 San Félix de Lougares	6.938.106	386	55,45
3603004 San Andrés de Meirol	4.839.483	212	43,89
3603005 Santa Eulalia de Mondariz	5.588.803	1.488	266,66
3603006 San Ciprián de Mouriscados	7.015.548	285	40,62
3603007 Santa María de Queimadelos	2.657.248	97	36,60
3603008 San Miguel de Riofrío	3.865.522	575	148,96
3603009 San Mamed de Sabaxáns	13.045.797	374	28,66
3603010 San Mateo de Toutón	10.266.795	352	34,30
3603011 San Mamed de Vilar	4.860.472	296	60,90
3603012 San Martín de Vilasobroso	5.741.938	373	64,98
Total:	81.817.643[1]	5.200	63,56

A continuación defínense as características dos sistemas e subsistemas dotacionais e procédese á comparación co parámetro superficial para unha poboación avellentada en transición.

1.5. SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES DE DOMINIO E USO PÚBLICO.

Vén definido como a sucesión de espazos libres e abertos, directamente vinculada ao sistema viario co que comparten uso e domino. Recoñécese polo seu carácter público e pola realización de actividades relacionadas coa estancia, comunicación, lecer, práctica de deportes e fomento dos aspectos naturais tendentes a garantir a salubridade, repouso e esparexemento, potenciación da variedade urbana e optimización das condicións ambientais, paisaxísticas e estéticas da cidade. Cunha vocación claramente urbana e ordenadora, o sistema de espazos libres acada un importante rol como mecanismo de amortecemento e/ou preservación das dinámicas naturais preexistentes, encadrado no mosaico ecolóxico de illas e corredores como base do proxecto ambiental do Plan Xeral.

1.5.1. ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES DE ÁMBITO MUNICIPAL (SISTEMA XERAL).

Espazos libres de sistema xeral e áreas recreativas.- Correspóndense co sistema de espazos libres e dotacións con vocación de servir ao conxunto dos veciños do concello e que se atopan, tanto dispersos ao longo do territorio coma situados no contorno da capital municipal e dos diversos núcleos. Neste nivel de clasificación atópanse entre outras as seguintes áreas de esparexemento:

- Parroquia de Mondariz:

- **(L-016,L-018,L-020):** Diversos espazos acondicionados sobre o antigo trazado da PO-262 entre Vilasobroso e Mondariz e unidos mediante unha senda peonil.
- **(L-019):** Área recreativa acondicionada sobre terreos comunais nas inmediacións da Lagoa.
- **(L-022):** Praia no núcleo de Ceo.
- **(L-023):** Espazo Libre en Foxaco, sobre o que antigamente era un vertedoiro, hoxe selado definitivamente.

[1] A superficie do termo municipal é menor á que figura en moita información logo do acordo de modificación de límites realizado pola Xunta de Galicia e publicado no DOG 202 do 18 de outubro de 2000.

- **(L-030):** Praza Domingo Blanco Lage, situada no centro da capital municipal.
- **(L-038):** Espazo libre nas inmediacións da Pedreira.
- **(L-045):** espazo libre situado nas inmediacións do cemiterio de Mondariz.
- **(L-043):** Espazo libre situado nas inmediacións da ponte que une Mondariz con Mondariz Balneario.
- **(L-039):** Praza de Merouces, situada na zona nordeste da vila de Mondariz.
- **(L-040):** Espazo libre nas inmediacións da Casa Consistorial e a Biblioteca.
- **(L-041):** Praza de España, situada na zona central da vila de Mondariz.
- **(L-042):** Espazo libre contiguo á Praza de Abastos.
- **(L-048):** Praia nas proximidades do núcleo de Foxaco.
- **(L-049):** Pequeno espazo libre situado a carón da Cela.

- Parroquia de Queimadelos:

- **(L-017)** Área recreativa acondicionada sobre terreos comunais.

- Parroquia de Riofrío:

- **(L-028):** Praia no río Tea dentro da parroquia de Riofrío.

- Parroquia de Vilasobroso:

- **(L-029, L-036)** Área recreativa acondicionada sobre terreos comunais moi próximos no extremo leste de Vilasobroso.

1.5.2. ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES DE ÁMBITO LOCAL.

Espazos libres de ámbito local: Veñen constituídos por áreas (axardinadas ou non) que serven de encontro e repouso ós habitantes dos distintos núcleos, atópanse tanto dentro dos mesmos como nas súas inmediacións. Posúen, polo xeral, superficies modestas e non adoitan dispor de mobiliario e acabados acaídos.

- Parroquia de Frades:

- **(L-014)** Espazo libre a carón da igrexa parroquial na Cambra.
- **(L-015)** Pequena área recreativa situada ao sur de Quintáns.

- Parroquia de Gargamala:

- **(L-007)** Espazo libre a carón da igrexa parroquial no Barro.
- **(L-046)** Espazo libre no contorno da capela de Mourelle.
- **(L-047)** Espazo libre no interior do núcleo de Boente.

- Parroquia de Lougares:

- **(L-002)** Espazo libre no interior do núcleo do Couto.

- Parroquia de Meirol:

- **(L-037)** Espazo libre nas proximidades da igrexa parroquial e a Capela.

- Parroquia de Mondariz:

- **(L-035)** Espazo libre no contorno da igrexa parroquial.
- **(L-044)** Pequeno espazo libre na Avenida do Val.

- **(L-025)** Espazo libre no interior do núcleo de Escobeiro.
- **(L-021)** Pequeno espazo libre no interior do Sesteiro.
- **(L-038)** Espazo libre nas inmediacións da ponte con Mondariz Balneario.

- Parroquia de Mouriscados:

- **(L-011)** Espazo libre en Campo de Mouro.
- **(L-033)** Campo da festa en Campo de Mouro.
- **(L-034)** Pequeno espazo libre en Poñe.
- **(L-050)** Pequeno espazo libre en Campo de Mouro.

- Parroquia de Queimadelos:

- **(L-010)** Campo da festa en Queimadelos.

- Parroquia de Riofrío:

- **(L-024)** Área recreativa en Pé do Muíño.
- **(L-026)** Campo da festa no Carballal.
- **(L-027)** Pequeno espazo libre en Cernadela.
- **(L-031)** Espazo libre no contorno da igrexa parroquial de San Miguel.

- Parroquia de Sabaxáns:

- **(L-005)** Pequeno espazo libre no Coto.
- **(L-006)** Pequeno espazo libre no Coto.
- **(L-008)** Espazo libre a carón da igrexa parroquial.
- **(L-012)** Espazo libre a carón da capela en Filgueira.
- **(L-013)** Espazo libre do local social en Filgueira.

- Parroquia de Toutón:

- **(L-001)** Campo da festa en Festín.
- **(L-003)** Campo da festa en Casco
- **(L-004)** Área recreativa a carón da igrexa parroquial en Casco.

- Parroquia de Vilar:

- **(L-009)** Espazo libre nas inmediacións da igrexa parroquial.

- Parroquia de Vilasobroso:

- **(L-32)** Espazo libre a carón da igrexa parroquial.

1.5.2.1. PARÁMETRO COMPARATIVO

Para a adopción do parámetro comparativo de espazos libres que permita avaliar o estado da oferta, contemplouse o dato referido no TR da Lei 9/2002 para o cumprimento do estándar de sistemas xerais de espazos libres (15 m² por cada 100 m² edif de uso residencial.) e que para un concello como o de Mondariz, requiriría dun parámetro comparativo de polo menos 20 m²/hab.

Parámetros Actuais de Espazos Libres por clase.

Tipo	Superficie (m²)	Poboación (Hab)	Parámetro (m²/hab)
Espazos libres de sistema xeral	89.015	5.081	17,51
Espazos libres de sistema local	45.882	5.081	9,03
Total	134.897	5.081	26,54

Diferenza Paramétrica de Espazos Libres (total).

	Superficie (m²)	Poboación (Hab)	Parámetro (m²/hab)	Parámetro Sostible (m²)	Diferenza (m²/hab)	Superávit (m²)
Total	134.897	5.081	26,54	20	6,54	+33.229

A táboa amosa que a media da concello está lixeiramente por riba do parámetro estimado como desexable, mais, este dato xeral non reflicte a problemática existente no sistema de espazos libres do concello de Mondariz, e as súas notorias carencias na maioría das parroquias. Pola contra é a presenza de varias áreas recreativas e espazos libres de certa importancia, basicamente no contorno da parroquia de Mondariz a que fai que se eleve deste modo a media municipal, non sendo en absoluto representativo do que acontece en moitos núcleos que non dispoñen de ningún tipo de espazo libre nas súas inmediacións nin a distancias razoablemente próximas para o seu deleite.

1.6. SISTEMA DE ESPAZOS EQUIPAMENTOS COMUNITARIOS.

Constituído por espazos ou edificacións destinadas a prover aos cidadáns servizos de prestacións sociais de carácter formativo, cultural, sanitario, deportivo ou de benestar social. En relación ao procedemento de análise cómpre indicar que unicamente veñen de ser considerados aqueles equipamentos **imprescindibles para o funcionamento da estrutura social** distinguíndoos dos que chamaremos propiamente servizos que son as dotacións de consumo universal necesarias para a organización funcional, trátase das dotacións administrativas, da seguridade pública ou os espazos necesarios para a provisión de auga, electricidade, transporte,...

Dentro da categoría de equipamentos imprescindibles para o funcionamento da estrutura social procedeuse á subdivisión en sete tipos: administrativo, asistencial, comercial, deportivo, educativo, sanitario e sociocultural (todos eles con algunha representación no territorio de Mondariz).

Parámetros Actuais de Equipamentos por clase.

Tipo	Superficie (m²)	Poboación (Hab)	Parámetro (m²/hab)
Equipamentos de sistema xeral	89.467	5.081	17,60
Equipamentos de sistema local	248.338	5.081	48,87
Total	337.806	5.081	66,47

EQUIPAMENTO ADMINISTRATIVO.

Considéranse como elementos integrantes do Sistema Xeral da Administración Pública, todas aquelas dotacións onde se presten servizos das Administracións Públicas ao conxunto da poboación municipal e/ou de maior alcance, incluíndo tanto os que presta a administración municipal como outras administracións (Xunta, Estado). Serían, pois elementos do S.X. Administrativo: as dependencias centrais do Concello, así como calquera outra das previstas que se sitúe fóra, cando teñan ese carácter xeral; os parques de maquinaria, o Servizo de Correos e calquera outra de semellante natureza.

Equipamentos Administrativos de ámbito municipal:

- **Casa do Concello (E-046)** situada no centro de Mondariz capital, nun edificio que acubilla os seguintes usos:

  - Planta Soto: garaxe e arquivo.

  - Planta Baixa: oficina Postal, oficina policía local, xulgado.

  - Planta Primeira: oficinas de atención ao público e dos técnicos municipais, salón de plenos, alcaldía e secretaría.

Equipamentos administrativos de ámbito local:

- **Entidade Local Menor de Queimadelos (E-135)** dentro na parroquia homónima, nun edificio que acubilla os seguintes usos: .

  - Planta baixa: local polivalente.

  - Planta primeira: dous locais dedicados a sala de reunión e arquivo respectivamente.

Parámetro comparativo.

Para o cálculo dos déficits de solo, en relación ao equipamento administrativo tívose en conta o parámetro para unha distribución óptima do solo dotacional para unha poboación avellentada en transición e que require de 0.05 m²/Hab. O parámetro actual encóntrase por riba do sostible, acadando un valor de 0.11 m²/Hab.

Parámetro actual de Equipamentos Administrativos.

Tipo	Superficie (m²)	Poboación (Hab)	Parámetro Dotacional (m²/hab)
Administrativo	565	5.081	0,11

O cadro amosa que a media do concello dobra os valores do parámetro estimado como desexable.

Se entramos a valorar en detalle obsérvase que só existen equipamentos deste tipo en dúas parroquias (Mondariz e Queimadelos), con todo é evidente que será preciso acondicionar algún novo espazo para as oficinas de atención ao público na medida en que aumente a poboación e se precise ir respondendo a novos servizos cada vez máis especializados.

EQUIPAMENTO ASISTENCIAL.

Inclúe as dotacións destinadas a promover e posibilitar o desenvolvemento do benestar social de tódolos cidadáns, mediante actividades entre as que se inclúen a información, orientación e prestación de servizos ou axudas a colectivos específicos como familia e infancia, terceira idade, xente con minusvalía, minorías étnicas ou outros grupos marxinais.

Equipamentos Asistenciais de ámbito municipal:

- **Centro Social (E-041)** situado no centro de Mondariz capital, nun edificio que acubilla os seguintes usos:

  - Planta soto: ludoteca e camerinos.

  - Planta baixa: auditorio, conserxería e cafetería.

  - Planta primeira: oficinas de xuventude e servizos sociais, sala de exposición e aula de manualidades.

  - Planta alta: roupeiro municipal.

- **Centro de día (E-158)** situado a carón da casa consistorial e do Centro de Saúde.

Parámetro comparativo.

Para o cálculo dos déficits de solo, en relación ao equipamento asistencial tívose en conta o parámetro para unha distribución óptima do solo dotacional para unha poboación avellentada en transición e que require de 1.135 m²/Hab. O parámetro actual encóntrase moi por baixo do sostible, acadando un valor de 0.14 m²/Hab.

Parámetro actual de Equipamentos Asistenciais.

Tipo	Superficie (m²)	Poboación (Hab)	Parámetro Dotacional (m²/hab)
Asistencial	727	5.081	0,14

A táboa mostra que a media do concello está moi afastada dos valores do parámetro estimado como desexable, máxime tendo en conta que se trata dunha poboación avellentada que precisa moito deste tipo de servizos.

Os equipamentos asistenciais existentes son claramente insuficientes e por iso será preciso prever a implantación doutra serie de servizos complementarios como xeriátricos ou novos centros de día que permitan dar unha resposta acaída á crecente demanda que destas dotacións se está a producir, principalmente polo alto índice de avellentamento da poboación que cada vez precisa unha atención máis especializada e da que se incrementará notablemente o número de usuarios non próximos anos .

EQUIPAMENTO COMERCIAL:

Agrupa tódalas instalacións públicas dedicadas ao comercio e inclúe dende pequenas dotacións como os centros comerciais de barrio, os mercados municipais ou os pequenos locais para a información e defensa do consumidor ata implantacións de grandes dimensións como os matadoiros ou os mercados centrais, dende os que se garanta o abastecemento alimentario da poboación.

Equipamentos Comerciais de ámbito municipal:

- **Praza de Abastos en Mondariz (E-044)** atópase situada nas inmediacións da Praza de España en Mondariz.

Equipamentos Comerciais de ámbito local:

- **Mercado en Vilasobroso (E-021)** atópase na estrada de Vilasobroso a Mondariz, aínda que presenta unha escasa actividade.

Parámetro comparativo.

Para o cálculo dos déficits de solo, en relación ao equipamento comercial tívose en conta o parámetro para unha distribución óptima do solo dotacional para unha poboación avellentada en transición e que require de 0.04 m²/Hab. O parámetro actual supera amplamente ao sostible, acadando un valor medio de 0.14 m²/Hab.

Parámetro actual de Equipamentos Comerciais.

Tipo	Superficie (m²)	Poboación (Hab)	Parámetro dotacional (m²/hab)
Comercial	716	5.081	0,14

A táboa mostra que a media do concello supera a dos valores do parámetro estimado como desexable.

Como podemos observar, se ben a nivel de cada parroquia existirán carencias neste tipo de dotacións, o dato medio de conxunto é satisfactorio no sentido de que estas actividades non pretenden cubrir por si mesmas a totalidade da demanda existente destes servizos, senón que coexisten coa iniciativa privada á que serven moitas veces de apoio. Por iso entendemos que actualmente non precisa incrementarse o número das mesmas.

EQUIPAMENTO DEPORTIVO:

Como integrantes do sistema de equipamentos deportivos no PXOM figuran os recintos concibidos nomeadamente para a práctica xeneralizada do deporte, sexa cal sexa a súa dimensión (sistemas, xerais, locais, etc.) independentemente de que tamén se poidan dar nelas acontecementos deportivos que constitúan espectáculo-, sempre que neles concorra a esixencia de que, ben polo tamaño, pola escaseza de oferta, etc., atendan as necesidades do conxunto ou unha ampla representación da sociedade.

Equipamentos Deportivos de ámbito municipal:

- **Campo de fútbol municipal da Lagoa (E-018)** atópase ás aforas de Mondariz e conta con dous campos de fútbol, un deles de terra, e as súas instalacións de servizo.
- **Pista Polideportiva en Vilasobroso (E-019)** está situada a carón do campo de fútbol, o seu estado é bo.
- **Campo de fútbol de Vilasobroso (E-024)** atópase ao leste do núcleo na beira da N-120, está en bo estado e conta coas pertinentes instalacións de servizo.
- **Campo de fútbol do Costal (E-040)** situado ao norte da parroquia de Sabaxáns. Só conta cun firme de terra e escaso mobiliario.
- **Pavillón polideportivo de Mondariz (E-042)** situado no centro de Mondariz permite a práctica de varios deportes a cuberto, sendo o seu estado bo.
- **Campo de fútbol de Casco (E-055)** situado ao norte da parroquia de Toutón. Só conta cun firme de terra e escaso mobiliario.
- **Campo de fútbol de Campo de Mouro (E-084)** situado ao sur da parroquia de Mouriscados. Só conta cun firme de terra e escaso mobiliario.
- **Pista polideportiva descuberta en Poñe (E-165)** situada ao oeste da parroquia. Estase a rematar a súa construción e equipamento.
- **Pistas polideportivas en Riofrío (E-120)** están situadas próximas a San Miguel, dentro dunha área recreativa nas beiras do Tea.
- **Campo de fútbol de Campo de Mouro (E-084)** situado ao sur da parroquia de Mouriscados. Só conta cun firme de terra e escaso mobiliario.
- **Campo de fútbol en Mondariz (E-164)** localízase no centro da capital municipal ao carón da Casa do Concello.

Equipamentos Deportivos de ámbito local:

- **Pista Deportiva en Vilar (E-013)** de pequenas dimensións e escasamente equipada, tamén se emprega como campo da festa.
- **Pista Deportiva en Casco (E-061)** de pequenas dimensións e escasamente equipada, situada a carón da igrexa parroquial de Casco en Toutón.
- **Pista Deportiva na Costa (E-072)** de pequenas dimensións e escasamente equipada. Está situada no núcleo da Costa, na Parroquia de Frades.
- **Pista Deportiva en Filgueira (E-096)** de recente instalación, trátase dunha pista compacta polivalente para futbito e minibasket, situada a carón do cemiterio de Sabaxáns.

- **Pista Deportiva en Barro (E-110)** de pequenas dimensións e escasamente equipada. Está situada no núcleo da Barro na Parroquia de Gargamala.
- **Pista Deportiva en As Vendas (E-130)** de pequenas dimensións e escasamente equipada, está situada no núcleo das Vendas, na Parroquia de Mouriscados.
- **Pista Deportiva en Lougares (E-159)** de pequenas dimensións e escasamente equipada, situada a carón da igrexa parroquial de Lougares, empregándose tamén como campo de festa. Atópase en malas condicións.
- **Circuito de Motocross en Foxaco (E-168)** tratase dunha pista de terra sen maior acondicionamento.

Parámetro comparativo.

Para o cálculo dos déficits de solo, en relación ao equipamento deportivo, tívose en conta o parámetro para unha distribución óptima do solo dotacional para unha poboación avellentada en transición e que require de 1,55 m²/Hab. O parámetro actual supera amplamente ao sostible, acadando un valor medio de 46,31 m²/Hab.

Parámetro actual de Equipamentos Deportivos.

Tipo	Superficie (m²)	Poboación (Hab)	Parámetro Dotacional (m²/hab)
Deportivo	235.346	5.081	46,31[2]

A táboa amosa que a media do concello supera a dos valores do parámetro estimado como desexable, sendo consecuencia neste caso, como veremos non só da existencia dunha concentración dun pequeno número de grandes sistemas xerais, senón máis ben dunha distribución bastante homoxénea deste tipo de dotacións.

Como mencionabamos con anterioridade, vemos que existe un gran número de equipamentos deportivos ao longo do concello de Mondariz, dispondo dalgún deles tódalas parroquias, agás Queimadelos, Frades e Meirol. O alto grao de superación do parámetro sostible proposto, vén dado unhas veces pola gran dimensión dos espazos existentes, e outras polo reducido número de habitantes cos que conta a parroquia, o que produce certas disfuncións, con todo quizá a febleza do sistema radica por unha banda en que a gran extensión das parroquias supón un atranco para a accesibilidade ás dotacións, facéndose imprescindible o emprego dalgún medio de transporte, e por outra a heteroxeneidade do estado e mantemento de cada un dos equipamentos, peor mantidos e equipados canto máis nos afastamos do solo urbano da capital. É por isto que entendemos que é preciso, tanto a construción dalgún novo equipamento naquelas parroquias que aínda carezan deles, ou contan cuns de reducidas dimensións, como a mellora e a dotación de mobiliario, firmes, servizos á maioría do que xa existen.

EQUIPAMENTO EDUCATIVO:

Neste tipo intégranse as dotacións destinadas á formación humana e intelectual das persoas, á preparación dos cidadáns para a súa plena inserción na sociedade e para a súa capacitación para o desempeño de actividades produtivas.

Centros de ensino secundario.

O ensino secundario comprende a educación secundaria obrigatoria e un segundo ciclo constituído, ben polo bacharelato ou, pola formación profesional de grao medio. No concello de Mondariz existen unicamente dous centros educativos; o **CEIP** (Centro de Ensino Infantil e

[2] Este valor acádase ao contabilizar o circuíto de MotoCross de Foxaco (E-168) que conta con moita superficie, senón contabilizamos este espazo o parámetro para os equipamentos deportivos acadaría un valor de 14,14 m²/hab.

Primario) **de Vilasobroso,** e o **Centro de Público Integrado de Mondariz (CPI)** que imparte o primeiro e segundo ciclo da *ESO*, sendo obrigado o desprazamento cara Ponteareas para a realización dos cursos de *Bacharelato* ou *Ciclos Formativos.*

Centros de Ensino.

- **CPI de Mondariz (E-053):** situado en Mondariz capital, conta con 393 alumnos e 47 docentes, e impártense as seguintes ensinanzas:

Ensino Infantil: en catro unidades con 68 alumnos en total.

Primaria: en 11 unidades que acollen a 158 alumnos.

Secundaria: en 10 unidades para 167 alumnos.

Para este centro existe transporte escolar dende tódalas parroquias do concello aínda que non dispón do servizo de comedor. As distintas rutas, paradas e número de usuarios do transporte son as seguintes:

TRANSPORTE ESCOLAR.

Liña:	Couto-Piñeiro		**Liña:**	Qintáns-Boente	
Empresa:	Estévez Avión		**Empresa:**	Estévez Avión	
Paradas	**Número de usuarios**		**Paradas**	**Número de usuarios**	
Couto		10	Quintáns		25
Costa-Casteláns		3	Mourelle 1		2
Barciademera		3	Mourelle 2		1
Corcubeira		1	Capilla		0
Caxil		0	Alucenza		0
Alén		0	Barro		1
Piñeiro-Areas		0	Barral		2
Piñeiro-Igrexa		1	Boente		0
Total:		**18**	**Total:**		**31**
Liña:	Castromao-Vilasobroso II		**Liña:**	Balneario-Rúa	
Empresa:	Alvárez Vázquez		**Empresa:**	Barros	
Paradas	**Número de usuarios**		**Paradas**	**Número de usuarios**	
Castromao		1	Balneario		17
Escobeiro 1		7	Riofrío		2
Escobeiro 2		4	Cachadiña		0
Vilasobroso 1		17	Empalme		4
Vilasobroso 2		4	Rúa		1
Total:		**33**	**Total:**		**24**

Liña:	Sesteiro-Crespos
Empresa:	Raul
Paradas	**Número de usuarios**
Sesteiro	3
Paredes	5
Queimadelos	8
Aqueleido	1
Meirol 1	2
Meirol 2	7
Filgueiras	1
Poñe	10
Fontán	4
Campo de Mouro	6
Fontebalán	0
Crespos	9
Total:	**56**

Liña:	Ervillal-Agua Levada
Empresa:	Alvarez Vázquez
Paradas	**Número de usuarios**
Ervillal	8
Chanciña	4
Eido de Antón	10
Regadas	1
Ermelo	0
Coto	2
Filgueira	3
Queimadelos	6
Igrexa	2
Costal	1
Seixedos	3
Chan de Fornos	2
Cemiterio	0
Auga Levada	0
Total:	**42**

Liña:	Souto-Lougares
Empresa:	Raul
Paradas	**Número de usuarios**
Souto	4
Fontemaría	10
Sifón-Ceo	8
Fragadabarcia	0
Foxaco	0
Outerelo	1
Lougares	4
Total:	**27**

Liña:	Riofrío-Aboal
Empresa:	José Barros
Paradas	**Número de usuarios**
Riofrío	9
Aboal	10
Total:	**19**

Liña:	Vilar-Breque
Empresa:	Barros
Paradas	**Número de usuarios**
Vilar-Pe do Muíño	8
Vilar-Igrexa	13
Caeiro-subida Torrados	4
Torrados	3
Milloqueimado (Carrascal)	5
Capela	5
Costa	5
Urxeiral	0
Toutón	4
Regueiro (Toutón)	0
Camporreal (Toutón)	0
Castiñeiro (Lordelo)	2
Fraga (Lordelo)	1
Breque (Lordelo)	1
Total:	**51**

Número total de usuarios do transporte escolar en Mondariz:	**301**

- **CEIP de Vilasobroso (E-004):** Trátase dunha antiga escola unitaria que acolle alumnos entre os tres e doce anos mais tan só a un grupo reducido, xa que o seu rango de servizo esténdese a pouco máis da veciñanza. Atópase situada dentro do edificio da Entidade Local Menor de Vilasobroso, onde ocupa dúas aulas, unha dedicada a psicomotricidade e outra a aula convencional na planta baixa. Na planta superior localízase a vivenda da mestra.

- **Escola de música de Pé do Muíño (E-154):** no que foi un colexio ata hai pouco impártense durante o período académico cursos de música (vento/madeira, vento/metal e percusión), conta con 115 alumnos e tres profesores. Tamén dentro do mesmo edificio ten acubillo un telecentro que dispón de 11 equipos informáticos e onde se imparten cursos de dinamización.

Xa fóra do concello de Mondariz, no veciño de Mondariz Balneario existe unha gardería consorciada e financiada entre ambos con 40 prazas, aínda que a xestión corre por conta exclusivamente da man de Mondariz Balneario.

Parámetro comparativo.

Para o cálculo dos déficits de solo, en relación ao equipamento educativo tívose en conta o parámetro para unha distribución óptima do solo dotacional para unha poboación avellentada en transición e que require de 4.46 m²/Hab. O parámetro actual supera ao sostible, acadando un valor medio de 4,75 m²/Hab.

Parámetro actual de Equipamentos Educativos.

Tipo	Superficie (m²)	Poboación (Hab)	Parámetro Dotacional (m²/hab)
Educativo	24.160	5.081	4,75

Neste caso o dato realmente representativo non está tanto a nivel parroquial como no medio de conxunto, xa que o actual modelo educativo baséase na concentración deste tipo de equipamentos para aproveitar a economía de escala, ser máis eficientes e ofrecer un servizo de calidade. Entendemos que a oferta actual é acaída e quizais o que sexa preciso é a mellora do transporte público para facer máis accesibles, tanto a gardería como a escola de música que actualmente carecen do mesmo.

Como acabamos de comentar o importante é que a poboación do concello consegue uns estándares de dotacións educativas aceptables máis de que en que parroquia se localizan os equipamentos, que neste caso deben concentrase o máis posible.

EQUIPAMENTO SANITARIO:

Inclúe ás dotacións destinadas á prestación de servizos médicos ou cirúrxicos en réxime ambulatorio ou con hospitalización, dividíndose en centros de saúde extrahospitalarios e centros hospitalarios. Esta tipoloxía asignada ós distintos ámbitos temporais clasifícase en:

Centros de saúde de barrio: onde se dá o nivel máis local de atención e está composto polos centros de saúde e centros de urxencia e monográficos.

Centros de saúde de barrio-cidade: os cales representan a escala intermedia entre os centros de asistencia primaria e os grandes centros hospitalarios.

Centros de saúde de cidade: é dicir os centros hospitalarios.

No que respecta a Mondariz só nos atopamos cun equipamento correspondente ao primeiro tipo.

Equipamentos Sanitarios de ámbito municipal:

- **Centro de Saúde de Mondariz (E-045)** situado a carón do Centro de Día e da Casa do Concello, está aberto en horario de 8.00 a15.00 horas, e conta co seguinte persoal:

  - 3 facultativos.

  - 1 pediatra.

  - 1 matrona.

- 3 enfermeiras.
- 2 administrativos.

As gardas e os servizos de urxencias son prestados en Ponteareas.

Parámetro comparativo.

Para o cálculo dos déficits de solo, en relación ao equipamento sanitario, tívose en conta o parámetro para unha distribución óptima do solo dotacional para unha poboación avellentada en transición e que require de 0.43 m²/Hab. O parámetro actual é moi inferior ao sostible, acadando un valor medio de 0,06 m²/Hab.

Parámetro actual de Equipamentos Sanitarios.

Tipo	Superficie (m²)	Poboación (Hab)	Parámetro Dotacional (m²/hab)
Sanitario	336	5.081	0,06

A táboa amosa que a media do concello é sumamente inferior á dos valores do parámetro estimado como desexable, neste caso como no do comercial, o do administrativo ou o do educativo é máis representativo o valor medio que a presenza nas parroquias, aínda que sería positiva unha certa descentralización do servizo, dada a extensión do concello e as carencias de transporte público existentes.

EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL:

Agrupa as dotacións soporte de actividades culturais máis tradicionais, dedicadas á custodia, transmisión e conservación do coñecemento, fomento e difusión da cultura e exhibición das artes, así como as actividades de relación social, tendentes ao fomento da vida asociativa. En función dos ámbitos territoriais ós que dan servizo, son:

Equipamentos socioculturais de ámbito municipal:

- **Biblioteca Municipal (E-047):** está situada nun edificio de dúas plantas, a carón do Concello, o seu estado de conservación non é bo.

Equipamentos socioculturais de ámbito veciñal:

- **Local Social no Redo (E-006) :** ocupa o edificio da antiga escola.
- **Local Social en Escobeiro (E-010) :** ocupa o edificio da antiga escola.
- **Palco de música en Vilasobroso (E-015) .**
- **Casino en Vilasobroso (E-017) :** é de titularidade privada.
- **Palco de música en Vilar (E-028) .**
- **Local Social da Comunidade de Montes en Filgueiras (E-033) :** encóntrase en construción.
- **Local Social en Filgueiras (E-036) .**
- **Local Social en Festín (E-050) .**
- **Local Social en Casco (E-058) .**
- **Local Social no Aboal (E-064) :** ocupa o edificio da antiga escola.
- **Palco de música en Casco (E-068) .**
- **Local Social na Cambra (E-074) .**

- **Palco de música antigo en Campo de Mouro (E-081) .**
- **Palco de música en Campo de Mouro (E-082) .**
- **Local no campo da festa en Campo de Mouro (E-083) .**
- **Local Social da Comunidade de Montes de Meirol na Luguesa (E-085).**
- **Local Social da Comunidade de Montes de Meirol (E-086).**
- **Local Social en Queimadelos (E-089) :** ocupa o edificio da antiga escola.
- **Local para usos varios en Mourelle (E-091) :** en construción.
- **Palco de música antigo en Vilasobroso (E-100) .**
- **Local Social en Mourelle (E-104):** local de nova construción nas inmediacións da capela.
- **Palco de música no Barro (E-111) .**
- **Palco de música antigo no Carballal (E-125) .**
- **Palco de música antigo en Lougares (E-139) .**
- **Local Social en Lougares(E-140) :** ocupa o edificio da antiga escola.
- **Teleclub en Riofrío (E-145) .**
- **Palco de música no Carballal (E-147) .**
- **Local Social en Santa Baia (E-148).**
- **Casa da Obra en Lougares (E-160).**

Parámetro comparativo.

Para o cálculo dos déficits de solo, en relación ao equipamento sociocultural tívose en conta o parámetro para unha distribución óptima do solo dotacional para unha poboación avellentada en transición e que require de 0.486 m²/Hab. O parámetro case duplica ao sostible, acadando un valor medio de 0,86 m²/Hab.

Parámetro actual de Equipamentos Socioculturais.

Tipo	Superficie (m²)	Poboación (Hab)	Parámetro Dotacional (m²/hab)
Sociocultural	4.378	5.081	0,86

Vemos que o valor medio por habitante municipal supera amplamente ao valor de referencia.

Como acabamos de ver, agás tres parroquias (Mondariz, Riofrío e Mouriscados), o conxunto municipal conta cunha rede bastante extensa e homoxénea de dotacións de tipo sociocultural, varias de nova construción pero as máis con orixe nas antigas escolas unitarias, agora reconvertidas en locais sociais. Entendemos que aínda sería preciso acondicionar máis espazos para estes usos, principalmente se fose posible mediante a rehabilitación de edificacións tradicionais hoxe en mal estado ou ruína fronte á nova construción, de maneira que cada núcleo puidese contar cun local para o desenvolvemento das actividades dos seus veciños, encontro, reunión, cursiños, etc. No que respecta ao ámbito municipal o Centro Social acubilla algúns espazos de carácter sociocultural como o auditorio ou a ludoteca que xa referimos no apartado correspondente. Sería interesante a creación dun espazo enfocado á interpretación das augas , que tanto caracterizan a este concello.

1.6.1. LISTAXE DE DOTACIÓNS EXISTENTES.

Sistema de Espazos Libres e Zonas Verdes:

Clave	Nome	Tipo	Titularidade	Clase	Superficie
L-001	EL_Festín	EL-ZV	Veciñal	SL	1.748,36
L-002	EL_O Couto (Lougares)	EL-ZV	Pública	SL	412,32
L-003	EL_Casco 2	EL-ZV	Veciñal	SL	1.169,25
L-004	EL_Casco 1	EL-ZV	Veciñal	SL	557,25
L-005	EL_Coto 1 (Sabaxáns)	EL-ZV	Pública	SL	38,49
L-006	EL_Coto 2 (Sabaxáns)	EL-ZV	Pública	SL	154,47
L-007	EL_Barro	EL-ZV	Pública	SL	638,93
L-008	EL_Igrexa (Sabaxáns)	EL-ZV	Pública	SL	1.322,42
L-009	EL_Igrexa (Vilar)	EL-ZV	Veciñal	SL	565,48
L-010	EL_Campo da festa Queimadelos	EL-ZV	Pública (ELM)	SL	799,44
L-011	EL_Campo do Mouro	EL-ZV	Veciñal	SL	442,14
L-012	EL_Capela de Filgueira	EL-ZV	Pública	SL	963,46
L-013	EL_Filgueira 2	EL-ZV	Pública	SL	104,59
L-014	EL_Cambra	EL-ZV	Pública	SL	1.301,92
L-015	EL_Quintáns	EL-ZV	Veciñal	SL	806,36
L-016	EL_PO262_2	EL-ZV	Pública	SX	1.133,71
L-017	EL_do Carballo da Armada (Queimadelos)	EL-ZV	Pública (ELM)	SX	6.813,55
L-018	EL_PO262_3	EL-ZV	Pública	SX	583,56
L-019	EL_Parque Forestal en A Lagoa	EL-ZV	Pública (Cesión temporall)	SX	11.991,53
L-020	EL_PO262_1	EL-ZV	Pública	SX	1.348,19
L-021	EL_O Sesteiro	EL-ZV	Pública	SL	141,71
L-022	EL_Praia do Ceo	EL-ZV	Pública	SL	3.500,31
L-023	EL_Foxaco	EL-ZV	Público	SX	11.773,99
L-024	EL_Pe do Muiño	EL-ZV	Veciñal	SL	731,46
L-025	EL_Escobeiro	EL-ZV	Veciñal	SL	4.140,09
L-026	EL_Carballal	EL-ZV	Pública	SL	601,84
L-027	EL_Cernadela	EL-ZV	Municipal	SL	232,04
L-028	EL_ Praia de Riofrío	EL-ZV	Pública	SX	37.329,91
L-029	Pública (ELM)	EL-ZV	Entidade Local Menor	SX	6.471,57
L-030	Praza Domingo Blanco Lage	EL-ZV	Pública	SX	196,31
L-031	EL_San Miguel	EL-ZV	Pública	SL	377,46
L-032	EL_Vilasobroso 3	EL-ZV	Pública	SL	1.155,18
L-033	EL_Campo da festa_Campo do Mouro	EL-ZV	Veciñal	SL	552,21
L-034	EL_Poñe	EL-ZV	Pública	SL	46,13
L-035	EL_Igrexa Mondariz	EL-ZV	Pública	SL	812,18
L-036	EL_Vilasobroso Entidade Local Menor	EL-ZV	Pública (ELM)	SX	3.325,26
L-037	EL_Meirol	EL-ZV	Comunal	SL	5.646,43
L-038	EL_A Pedreira	EL-ZV	Pública (Cesión temporal)	SL	3.928,82
L-039	EL_Plaza de Merouces	EL-ZV	Pública	SX	146,27
L-040	EL_Plaza do Concello	EL-ZV	Pública	SX	4.493,57
L-041	EL_Plaza de España	EL-ZV	Pública	SX	1.482,79
L-042	EL_Mercado	EL-ZV	Pública	SX	684,28
L-043	EL_A Pedreira 2	EL-ZV	Pública	SL	2.090,95
L-044	EL_Rúa Estromil	EL-ZV	Pública	SL	79,85
L-045	EL_Cemiterio Mondariz 1	EL-ZV	Pública	SX	1.241,06
L-046	EL_Mourelle	EL-ZV	Pública	SL	1.109,24

Clave	Nome	Tipo	Titularidade	Clase	Superficie
L-047	EL_Boente	EL-ZV	Pública	SL	319,96
L-048	EL_Praia de Foxaco	EL-ZV	Pública	SL	8.191,48
L-050	EL_Campo do Mouro 2	EL-ZV	Público	SL	277,70
L-063	EL_Escola de Queimadelos	EL-ZV	Pública (ELM)	SL	922,32
					134.897,79
SL:	Sistema local	**SX:**	Sistema xeral	**EL-ZV:**	Espazos libres –Zonas verdes

Sistema de Equipamentos Comunitarios:

Clave	Nome	Tipo	Uso	Titularidade	Clase	Superficie
E-001	EDAR Vilasobroso	IN-SU	IN	Privada	SL	1.489,31
E-002	Depósito en Vilar	IN-SU	IN	Pública (Cesión temporal)	SL	104,84
E-003	Depósito O Granxal	IN-SU	IN	Veciñal	SL	30,25
E-004	CEIP Vilasobroso	EQ-DC	eED	Pública (ELM)	SX	418,24
E-005	Depósito en Paredes	IN-SU	IN	Veciñal	SL	46,70
E-006	Local Social en Vilar	EQ-DC	eSC	Pública	SL	270,11
E-007	Depósito de Escobeiro	IN-SU	IN	Veciñal	SL	90,26
E-008	Igrexa de San Mamede	EQ-DC	eRE	Relixiosa	SL	228,09
E-009	Depósito 3 Mondariz	IN-SU	IN	Pública (Cesión temporal)	SL	107,66
E-010	Local Social en Escobeiro	EQ-DC	eSC	Pública	SL	242,40
E-011	Cemiterio de Vilar	EQ-DC	eFU	Relixiosa	SL	1.170,33
E-012	Depósito 2 Mondariz	IN-SU	IN	Pública	SL	710,58
E-013	Pista Deportiva en Vilar	EQ-DC	eDP	Veciñal	SL	1.941,17
E-014	Depósitos 1 e 2 Vilasobroso	IN-SU	IN	Pública (ELM)	SL	579,67
E-015	Palco en Vilasobroso	EQ-DC	eSC	Pública (ELM)	SL	54,84
E-016	Depósito 1 Mondariz	IN-SU	IN	Pública	SL	223,42
E-017	Casino en Vilasobroso	EQ-DC	eSC	Privada	SL	244,00
E-018	Campo de fútbol de A Lagoa	EQ-DC	eDP	Pública (Cesión temporal)	SX	28.100,70
E-019	Pista Deportiva en Vilasobroso	EQ-DC	eDP	Pública (ELM)	SX	1.528,99
E-020	Capela en Vilasobroso	EQ-DC	eRE	Pública (ELM)	SL	83,33
E-021	Mercado en Vilasobroso	EQ-DC	eCO	Pública (ELM)	SL	152,42
E-022	Capela en Vilasobroso	EQ-DC	eRE	Relixiosa	SL	34,62
E-023	Igrexa de San Martiño	EQ-DC	eRE	Relixiosa	SL	852,54
E-024	Campo de Fútbol de Vilasobroso	EQ-DC	eDP	Pública (ELM)	SX	7.198,82
E-025	Cemiterio de Vilasobroso	EQ-DC	eFU	Relixiosa	SL	1.153,81
E-026	Capela de San Xoan	IN-SU	IN	Relixiosa	SL	46,99
E-027	Depósito 3 Vilasobroso	IN-SU	IN	Pública (ELM)	SL	97,88
E-028	Palco en Ríofrío	EQ-DC	eSC	Veciñal	SL	107,22
E-029	Deposito no Coto	IN-SU	IN	Veciñal	SL	24,86
E-030	Depósito 2 Festín	IN-SU	IN	Veciñal	SL	42,12
E-031	EDAR de Sabaxáns	IN-SU	IN	Descoñecida	SL	902,04
E-032	Igrexa de Mondariz	EQ-DC	eRE	Relixiosa	SL	396,74
E-033	Local Social en Filgueira 2	EQ-DC	eSC	Relixiosa	SL	194,35
E-034	Cemiterio de Sabaxáns 2	EQ-DC	eFU	Relixiosa	SL	1.752,80
E-035	Capela de San Mamede	EQ-DC	eRE	Relixiosa	SL	165,42
E-036	Local Social en Filgueira	EQ-DC	eSC	Pública	SL	164,66
E-037	Depósito 2 Sabaxáns	IN-SU	IN	Veciñal	SL	22,29
E-038	Deposito de Ermelo	IN-SU	IN	Veciñal	SL	32,24
E-039	Depósito en Filgueira	IN-SU	IN	Veciñal	SL	17,02
E-040	Campo de fútbol en O Costal	EQ-DC	eDP	Comunal	SL	3.474,19
E-041	Centro Social en Mondariz	EQ-DC	eAS	Pública	SX	469,85
E-042	Polideportivo Mondariz.	EQ-DC	eDP	Pública	SX	1.540,12
E-043	Cemiterio de Mondariz	EQ-DC	eFU	Relixiosa	SL	3.042,24
E-044	Mercado Municipal	EQ-DC	eCO	Pública	SX	563,69
E-045	Centro de Saude	EQ-DC	eSA	Pública	SX	335,94

Clave	Nome	Tipo	Uso	Titularidade	Clase	Superficie
E-046	Casa do Concello	EQ-DC	eAD	Pública	SX	473,75
E-047	Biblioteca Municipal	EQ-DC	eSC	Pública	SX	304,66
E-049	Cemiterio de Toutón	EQ-DC	eFU	Relixiosa	SL	1.798,48
E-050	Local Social en Festín	EQ-DC	eSC	Veciñal	SL	140,17
E-051	Lavadoiro	IN-SU	IN	Veciñal	SL	61,02
E-052	Depósito 1 Festín	IN-SU	IN	Veciñal	SL	25,22
E-053	CEIP	EQ-DC	eED	Pública	SX	12.543,73
E-054	Deposito en Lordelo	IN-SU	IN	Veciñal	SL	45,50
E-055	Campo de fútbol en Toutón	EQ-DC	eDP	Veciñal	SL	6.447,06
E-056	EDAR (EP) de A Poeira	IN-SU	IN	Pública	SL	529,91
E-057	Depósito 1 Sabaxáns	IN-SU	IN	Veciñal	SL	65,32
E-058	Local Social en Casco	EQ-DC	eSC	Relixiosa	SL	114,80
E-059	Depósito en Os Torrados	IN-SU	IN	Veciñal	SL	34,05
E-060	Igrexa de San Mateo	EQ-DC	eRE	Relixiosa	SL	288,56
E-061	Pista Deportiva en Casco	EQ-DC	eDP	Veciñal	SL	954,89
E-062	Deposito en Casco	IN-SU	IN	Veciñal	SL	89,32
E-063	Deposito en A Lucía	IN-SU	IN	Veciñal	SL	7,48
E-064	Local Social en Aboal	EQ-DC	eSC	Pública	SL	95,51
E-065	Depósito en A Toxeira	IN-SU	IN	Pública (Cesión temporal)	SL	49,95
E-066	Cemiterio de Sabaxáns 1	EQ-DC	eFU	Relixiosa	SL	880,70
E-067	Igrexa de S. Mamede (Sabaxáns)	EQ-DC	eRE	Relixiosa	SL	235,53
E-068	Palco	EQ-DC	eSC	Veciñal	SL	64,27
E-069	Igrexa de S. Cibrao (Mouriscados)	EQ-DC	eRE	Relixiosa	SL	264,50
E-070	Deposito de A Costa	IN-SU	IN	Veciñal	SL	70,98
E-071	Deposito de A Bouzada	IN-SU	IN	Veciñal	SL	15,12
E-072	Pista deportiva en A Bouzada	EQ-DC	eDP	Veciñal	SL	1.079,39
E-073	EDAR Quintáns	IN-SU	IN	Privada	SL	973,30
E-074	Local Social en A Cambra	EQ-DC	eSC	Veciñal	SL	148,07
E-075	Cemiterio de Frades	EQ-DC	eFU	Relixiosa	SL	1.955,75
E-076	Igrexa de San Martiño	EQ-DC	eRE	Relixiosa	SL	167,78
E-077	Capela en Frades	EQ-DC	eRE	Relixiosa	SL	41,67
E-078	Igrexa de Santo Andre	EQ-DC	eRE	Relixiosa	SL	172,96
E-079	Cemiterio de Mouriscados	EQ-DC	eFU	Relixiosa	SL	1.478,94
E-080	Cemiterio de Gargamala	EQ-DC	eFU	Relixiosa	SL	1.091,27
E-081	Palco en Campo de Mouro	EQ-DC	eSC	Veciñal	SL	11,12
E-082	Palco en Campo de Mouro 2	EQ-DC	eSC	Veciñal	SL	52,87
E-083	Local de servizos en Campo de Mouro	EQ-DC	eSC	Veciñal	SL	58,93
E-084	Campo de fúlbol en campo de Mouro.	EQ-DC	eDP	Comunal	SL	8.107,93
E-085	Local Social en A Luguesa	EQ-DC	eSC	Comunal	SL	109,02
E-086	Local Social en Meirol	EQ-DC	eSC	Comunal	SL	310,57
E-087	Cemiterio 2 Meirol	EQ-DC	eFU	Relixiosa	SL	1.378,04
E-088	Cemiterio 1 Meirol	EQ-DC	eFU	Relixiosa	SL	804,23
E-089	Local Social	EQ-DC	eSC	Pública (ELM)	SL	171,03
E-090	Deposito de A Cambra	IN-SU	IN	Veciñal	SL	30,57
E-091	Local usos varios	EQ-DC	eSC	Veciñal	SL	717,56
E-092	Depósito de O Cabritallo	IN-SU	IN	Veciñal	SL	6,25
E-093	Depósito de Fraga da Barcia	IN-SU	IN	Veciñal	SL	23,04
E-094	Depósito de Foxaco	IN-SU	IN	Veciñal	SL	21,88
E-095	EDAR (EP) de Merouces	IN-SU	IN	Privada	SL	225,00
E-096	Pista deportiva en Filgueira	EQ-DC	eDP	Veciñal	SL	292,64
E-097	Zona Dotacional	EQ-DC	eSP	Descoñecida	SL	11.305,68
E-098	Lavadoiro en Mondariz 1	EQ-DC	eSP	Pública (Cesión temporal)	SL	21,12
E-099	Depósito de Boente e Barral	IN-SU	IN	Veciñal	SL	63,91
E-100	Palco en Vilasobroso	EQ-DC	eSC	Público (ELM)	SL	11,11

Clave	Nome	Tipo	Uso	Titularidade	Clase	Superficie
E-101	Deposito de Aboal	IN-SU	IN	Veciñal	SL	16,40
E-102	Antigo depósito Mourelle	IN-SU	IN	Veciñal	SL	50,31
E-103	Igrexa de Santa Maria	EQ-DC	eRE	Relixiosa	SL	934,90
E-104	Local Social	EQ-DC	eSC	Veciñal	SL	242,31
E-105	Ermita do Doce Nome de Xesus	EQ-DC	eRE	Relixiosa	SL	29,42
E-106	Depósito de Boente II	IN-SU	IN	Veciñal	SL	22,94
E-107	Depósito de Boente	IN-SU	IN	Veciñal	SL	22,32
E-108	Depósito de Barral	IN-SU	IN	Veciñal	SL	25,40
E-109	Depósito de Barro	IN-SU	IN	Veciñal	SL	122,61
E-110	Pista deportiva Gargamala	EQ-DC	eDP	Veciñal	SL	1.167,41
E-111	Palco de música	EQ-DC	eSC	Veciñal	SL	49,77
E-112	Depósito 3 Meirol	IN-SU	IN	Veciñal	SL	101,07
E-113	Capela en Vedrelos	EQ-DC	eRE	Privada	SL	6,84
E-114	Igrexa de Santa María	EQ-DC	eRE	Relixiosa	SL	102,39
E-115	Capela no Carballal	EQ-DC	eRE	Relixiosa	SL	77,66
E-116	Capela	EQ-DC	eRE	Relixioso	SL	33,47
E-117	EDAR A Chaleira	IN-SU	IN	Privada	SL	2.436,42
E-118	Cemiterio de Riofrío	EQ-DC	eFU	Relixiosa	SL	1.591,24
E-119	Igrexa de San Miguel	EQ-DC	eRE	Relixiosa	SL	271,01
E-120	Pistas Deportivas	EQ-DC	eDP	Pública	SX	1.648,95
E-121	Depósito de Cernadela	IN-SU	IN	Veciñal	SL	153,65
E-122	Depósito de Queimadelos	IN-SU	IN	Pública (ELM)	SL	38,76
E-123	Lavadoiro en Mondariz 2	EQ-DC	eSP	Pública	SL	84,85
E-124	Cemiterio de Queimadelos	EQ-DC	eFU	Relixiosa	SL	973,81
E-125	Palco en O Carballal	EQ-DC	eSC	Veciñal	SL	11,12
E-126	Depósito de Poñe	IN-SU	IN	Veciñal	SL	110,38
E-127	Depósito de Fontán e A Porteliña	IN-SU	IN	Veciñal	SL	42,25
E-128	EDAR de Crespos	IN-SU	IN	Descoñecida	SL	1.038,59
E-129	Capela de San Xoan (Mouriscados)	EQ-DC	eRE	Relixiosa	SL	32,44
E-130	Pista deportiva As Vendas	EQ-DC	eDP	Veciñal	SL	908,15
E-131	Deposito de As Vendas	IN-SU	IN	Veciñal	SL	26,53
E-132	Deposito de Fontebalán e Rozas	IN-SU	IN	Veciñal	SL	15,75
E-133	Deposito de Campo de Mouro e Zamorelle	IN-SU	IN	Veciñal	SL	31,05
E-134	Lavadoiro en Campo de Mouro	IN-SU	IN	Veciñal	SL	23,43
E-135	Edificio da Entidade Local Menor	EQ-DC	eAD	Pública (ELM)	SL	91,46
E-136	Depósito Coto e O Outeiro	IN-SU	IN	Pública (Cesión temporal)	SL	63,71
E-137	Depósito 2 Meirol	IN-SU	IN	Veciñal	SL	33,15
E-138	Depósito 1 Meirol	IN-SU	IN	Veciñal	SL	18,75
E-139	Palco en Lougares	EQ-DC	eSC	Veciñal	SL	18,08
E-140	Local Social en Lougares	EQ-DC	eSC	Pública	SL	115,01
E-141	Cemiterio de Lougares	EQ-DC	eFU	Relixiosa	SL	2.955,43
E-142	Igrexa de San Fiz	EQ-DC	eRE	Relixiosa	SL	357,72
E-143	Depósito Municipal de A Chouteira	IN-SU	IN	Pública	SL	109,43
E-144	Depósito Veciñal de Santa Baia	IN-SU	IN	Veciñal	SL	8,00
E-145	Teleclub en O Carballal	EQ-DC	eSC	Veciñal	SL	154,46
E-146	Depósito de Outerelo	IN-SU	IN	Veciñal	SL	54,23
E-147	Palco en O Carballal	EQ-DC	eSC	Veciñal	SL	58,58
E-148	Local Social en Santa Baia	EQ-DC	eSC	Veciñal	SL	97,58
E-149	EDAR de O Couto	IN-SU	IN	Privada	SL	1.381,48
E-150	Depósito de Vedrelos	IN-SU	IN	Veciñal	SL	61,93

Clave	Nome	Tipo	Uso	Titularidade	Clase	Superficie
E-151	Depósito de O Soutiño	IN-SU	IN	Veciñal	SL	15,73
E-152	Depósito de A Rúa	IN-SU	IN	Veciñal	SL	28,80
E-153	Novo depósito Mourelle	IN-SU	IN	Veciñal	SL	66,66
E-154	Escola de Musica	EQ-DC	eED	Pública (Xunta de Galicia)	SX	11.198,21
E-155	EDAR de Pe do Muiño	IN-SU	IN	Privada	SL	1.377,30
E-156	Deposito de Riofrío	IN-SU	IN	Pública	SL	70,54
E-157	Depósito Municipal de Santa Baia	IN-SU	IN	Pública	SL	91,52
E-158	Centro de Día	EQ-DC	eAS	Pública	SX	257,26
E-159	Pista deportiva de Lougares	EQ-DC	eDP	Veciñal	SL	1.028,31
E-160	Casa da Obra	EQ-DC	eSC	Relixiosa	SL	43,84
E-161	Depósito en Quintáns	IN-SU	IN	Veciñal	SL	39,69
E-162	Casa da Obra Sabaxáns	EQ-DC	eFU	Relixiosa	SL	59,75
E-163	Transformador Electrico en Mourelle	IN-SU	IN	Privada	SL	33,23
E-164	Campo de Fúbol de Mondariz	EQ-DC	eDP	Pública	SX	5.517,58
E-165	Pista polideportiva descuberta en Poñe.	EQ-DC	eDP	Comunal	SL	931,81
E-166	Transformador en Mondariz	IN-SU	IN	Privada	SL	106,00
E-167	Base do Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais.	IN-SU	IN	Pública (Cesión temporal)	SX	17.367,11
E-168	Circuito de Motocross en Foxaco.	EQ-DC	eDP	Comunal	SL	163.477,89
E-169	Transformador en A Chan	IN-SU	IN	Privada	SL	35,06
E-170	Transformador en Quintáns	IN-SU	IN	Privada	SL	8,25
E-171	Lavadoiro en Queimadelos	EQ-DC	eSP	Pública (ELM)	SL	25,87
E-172	Depósito de Bouzabán	IN-SU	IN	Veciñal	SL	22,63
E-173	Lavadoiro en Escobeiro	EQ-DC	eSP	Veciñal	SL	68,01
E-174	EDAR en Riofrío	IN-SU	IN	Pública	SL	792,75
E-175	Depósito en Pontedormes	IN-SU	IN	Pública	SL	238,10
						337.806,36

SL:	Sistema local	**SX:**	Sistema xeral	**EQ-DC:**	Equipamentos.	**IN-SU:**	Instalacións e Servizos urbanísticos.
eAD	Administrativo	**eAS**	Asistencial	**eCO**	Comercial	**eFU**	Funerario
IN	Instalación	**eDP**	Deportivo	**eRE**	Relixioso	**eSC**	Sociocultural
eSP	Servizo Público	**eED**	Educativo				

2. AS AFECCIÓNS.

2.1. PLANEAMENTO EXISTENTE.

Mondariz conta na actualidade como planeamento municipal en vigor cun Proxecto de Ordenación do Medio Rural (POMR) aprobado en data 26/02/1999 e modificado puntualmente o 30/08/2001, en ambos casos ao abeiro da Lei 1/1997 do 24 de marzo do Solo de Galicia.



Clasificación do solo de Mondariz segundo o POMR.

Como podemos observar na imaxe anterior a maior parte do solo do concello clasifícase como solo rústico protexido (84,67%) correspondéndose coas categorías de solo rústico especialmente protexido de Montes (49,16%), de Cultivos (5,96%) e de Ríos (5,69%), existindo ao mesmo tempo unha importante superficie de solo rústico común (29,82%). No que respecta ao solo dos distintos asentamentos de poboación, Mondariz acubilla a totalidade do solo urbano existente (0,58% da superficie total do concello), mentres que o solo de núcleo rural das distintas entidades de poboación pertencentes ás 12 parroquias que forman o termo municipal, dúas das cales (Queimadelos e Vilasobroso) son entidades locais menores, acada unha superficie en conxunto do 8,79 %. En todo caso é preciso destacar que existen 22 pequenas entidades de poboación con topónimos diferenciados nos antigos censos de poboación e actualmente habitadas que non foron recollidas na categoría de solo de núcleo rural.

2.1.1. PLANEAMENTO NOS CONCELLOS LIMÍTROFES.

Dos sete concellos que lindan con Mondariz tres (A Cañiza, O Covelo e Fornelos de Montes) contan con Plan Xeral de Ordenación Municipal, dos cales só dous o da Cañiza e Fornelos de Montes foron aprobados logo da entrada en vigor da Lei 9/2002, mentres que dos catro restantes Mondariz-Balneario dispón dun POMR en tanto que Pazos de Borbén, Salvaterra de Miño como en Ponteareas se rexen mediante Normas Subsidiarias de Planeamento (N.S.P).

A situación actual deste planeamento é a seguinte:

- O Plan Xeral de Ordenación de Municipal da Cañiza foi aprobado definitivamente o 27/06/2003.
- O Plan Xeral de Ordenación de Municipal de Covelo foi aprobado definitivamente o 19/05/1999.
- O Plan Xeral de Ordenación de Municipal de Fornelos de Montes foi aprobado definitivamente o 27/06/2003, aínda que actualmente está a tramitar unha revisión do mesmo.
- Mondariz-Balneario conta cun POMR aprobado definitivamente o 17/01/2001, e modificado puntualmente con posterioridade o 14/03/2002 e o 18/05/2005.
- Pazos de Borbén réxese a día de hoxe mediante N.S.P. aprobadas o 12/03/1993 e posteriormente modificadas o 10/03/1995 e o 30/08/1999, aínda que está a tramitar un Plan Xeral de Ordenación Municipal ao abeiro da Lei 9/2002.
- Salvaterra de Miño conta cunhas N.S.P. aprobadas o 12/07/1993 aínda que está a tramitar un Plan Xeral de Ordenación Municipal ao abeiro da Lei 9/2002.
- Ponteareas tamén se rexe a día de hoxe mediante N.S.P. (logo de que as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal aprobadas o 11/05/1995 fosen suspendidas pola Xunta de Galicia mediante o decreto 207/2002 de 20 de xuño), aínda que como nos casos anteriores, está a tramitar un Plan Xeral de Ordenación Municipal ao abeiro da Lei 9/2002.



A continuación procédese a unha pequena análise do planeamento limítrofe co concello de Mondariz, no que respecta ós ámbitos de bordo entre municipios.

- **Concello da Cañiza:** como se pode observar no plano que reproducimos a continuación, correspondente ao PXOM da Cañiza, a zona de contacto entre este e o de Mondariz é moi pequena, correspondéndose na súa totalidade á parroquia de Mouriscados. As categorías de solo presentes son principalmente a de solo rústico de protección forestal (cor marrón), e algunhas bolsas de solo urbanizable non delimitado no contorno de diversos núcleos (cor branca).


Concello de
Mondariz.

- **Concello do Covelo:** no que atinxe á zona de contacto entre este concello e o de Mondariz, correspondente ás parroquias de Lougares Mouriscados e Sabaxáns a principal categoría de solo limítrofe é a de solo rústico de especial conservación e protección de parques forestais, zonas agrestes e de potencialidade agrícola (sombreado escuro), con pequenos ámbitos de solo rústico común, así como de solo rústico de especial protección de canles e ribeiras no contorno dos principais cursos de auga existentes.



- **Concello de Fornelos de Montes:** á zona de contacto entre este concello e o de Mondariz, percorre todo o norte das parroquias de Gargamala, Sabaxáns e Toutón, e tal e como se pode observar na imaxe seguinte a práctica totalidade do terreo lindeiro correspóndese coa categoría de solo rústico de protección forestal (cor verde) agás unha pequena zona ao leste (cor azul) recollida como solo rústico de protección de espazos naturais.



- **Concello de Pazos de Borbén:** neste caso a zona de contacto entre Pazos de Borbén e Mondariz, toda ela correspondente á parroquia de Toutón tan só presenta dúas categorías de solo, un ámbito á altura do núcleo de Festín no solo rústico de protección de zonas forestais e outros dous ao norte e sur deste que se corresponden con solo rústico sen especial protección.



- **Concello de Salvaterra de Miño:** neste caso a zona de contacto entre Salvaterra de Miño e Mondariz é moi pequena, toda ela correspondente pola beira de Salvaterra á parroquia de Uma e pola de Mondariz á parroquia de Mouriscados, onde tan só existen no límite dúas categorías de solo, un ámbito menor de solo rústico común ao oeste e outro máis grande ao leste de solo rústico especialmente protexido de montes .



- **Concello de Mondariz Balneario:** este pequeno concello que ata os anos 20 do século pasado formaba parte como unha parroquia máis do concello de Mondariz presenta no límite con este diversas categorías de solo rústico (solo rústico común ao norte e ao leste e solo rústico de protección forestal ao sueste) así como un importante ámbito de solo urbano e de núcleo rural (neste caso en contacto coa zona de Escobeiro). Curiosamente e pese a estar limitado tanto ao norte como ao leste por dous ríos (Tea e Xabriña) hoxe integrantes da Rede Natura, non se establece ningunha categoría de solo rústico de protección de augas nas súas inmediacións.



No caso do concello de Ponteareas, dado que polo momento non conta con ningunha figura de planeamento xeral aprobado, non se vai proceder á súa avaliación.

2.2. DESLINDES.

Segundo se recolle no DOG nº 202 do mércores 18 de outubro de 2000 modifícanse os límites entre os concellos de Mondariz e o Covelo, no sentido de *"considerar válida e vixente a liña límite xurisdicional que se describe na acta de deslinde de 1890 e na de deslinde e encalamento de 1954 tal e como se representa no plano topográfico a escala 1:25.000 do Instituto Xeográfico Nacional..."* segundo figura no anexo do decreto.



A causa desta resolución a parroquia de Mouriscados e polo tanto o concello de Mondariz perden parte da súa superficie en favor do concello do Covelo, quedando unha pequena porción de Mondariz illada e rodeada por terreo correspondente a Covelo (ao norte) e A Cañiza (ao sur).

2.3. LEXISLACIÓN SECTORIAL.

Ademais da lexislación urbanística é preciso ter en conta a lexislación sectorial que no caso de Mondariz afectaría aos ámbitos seguintes:

- Protección do Patrimonio.
- Espazos naturais.
- Estradas.
- Augas.
- Liñas eléctricas de alta tensión.
- Enerxía Eólica.
- Instalacións de telecomunicacións.
- Montes.

Non lle afecta a lexislación de Ferrocarrís, Gasolineiras, Portos, Costas, Gasodutos, Instalacións Aeronáuticas e Instalacións Militares, por non existir usos ou ámbitos deste tipo ou xurisdición.

2.3.1. PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO.

Os bens de cuxa existencia no concello de Mondariz informa a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural son os seguintes:

Parroquia de Frades (San Martiño)

Igrexa parroquial.

Casa reitoral.

Capela do adro de San Martiño.

Cruceiro de Frades.

Viacrucis do adro parroquial.

Cruceiro xunto á casa parroquial.

Muíños de Frades.

Parroquia de Gargamala (San Martiño)

Igrexa parroquial.

Casa reitoral.

Capela do Santo Nome de Xesús. Mourelle.

Casa con escudo. O Barro.

Cruceiro de Torneiros. Mourelle.

Peto de ánimas de Vedrelos.

Muíños de Gargamala e Mourelle.

Parroquia de Lougares (San Fiz)

Igrexa parroquial.

Casa reitoral.

Cruceiro e peto de ánimas de Lougares.

Cruceiro e peto de ánimas do Couto.

Cruz da reitoral.

Viacrucis do adro parroquial.

Cruceiro da burra. Santa Baia do Mato.

Peto de ánimas do Cabirtallo.

Palco de música.

Muíños de Lougares, Couto, Porrón...

Parroquia de Meirol (Santo André)

Igrexa parroquial.

Cruceiro-peto de ánimas de Meirol.

Peto de ánimas de San Xosé. Meirol.

Cruceiro do adro parroquial.

Cruz dos Campados.

Peto de ánimas nun cruzamento de camiños. Os Campados.

Peto de ánimas de San Antón. Filgueiras.

Muíños de Meirol.

Parroquia de Mondariz (Santa Baia)

Igrexa parroquial.

Casa reitoral.

Centro Mondariz-Capital.

Cruceiro do Escobeiro. Mondariz.

Peto de ánimas do Ceo.

Peto de ánimas de Mondariz.

Cruceiro do cemiterio.

Cruceiro da Pedreira.

Cruceiro da Bouza. A Pedreira.

Ponte do Val sobre o río Tea.

Muíño de Sesteiro.

Muíño Novo. Sesteiro.

Muíño de Luís. A Pedreira.

Muíños do río Tea.

Parroquia de Mouriscados (San Cibrán)

Igrexa parroquial.

Ermida de San Xoán.

Cruceiro-peto de ánimas do campo da festa.

Cruceiros (2) do Campo do Mouro.

Palco de música.

Muíños de Mouriscados e do río Xabriña.

Parroquia de Queimadelos (Santa María)

Igrexa parroquial.

Cruz do eido do Quinteiro.

Cruz con altar, preto da igrexa.

Viacrucis do adro parroquial.

Muíños de Queimadelos.

Parroquia de Riofrío (San Miguel)

Igrexa parroquial.

Casa reitoral.

Ermida do Carballal.

Cruceiro de Riofrío.

Cruceiro do Ervellal.

Cruceiro de San Roque. O Carballal.

Peto de ánimas dos Muíños.

Ponte Cernadela.

Ponte do Val sobre o río Tea.

Palco de música.

Muíño das Eiras. O Carballal.

Muíño de Carracedo. A Chaleira.

Muíño-casa da Cuadra. A Chaleira.

Conxunto etnográfico de As Pontellas.

Parroquia de Sabaxáns (San Mamede)

Igrexa parroquial.

Casa reitoral.

Cruceiro de San Mamede.

Cruceiro do campo da festa.

Cruceiro da capela de Chan de Fornos.

Peto de ánimas do cemiterio novo.

Cruceiro de Chan- Cruceiro.

Hórreo-bodega. Costal-Igrexa.

Muíños de Sabaxáns.

Parroquia de Toutón (San Mateo)

Igrexa parroquial.

Casa reitoral.

Casa Grande en Festín.

Casa Grande (en ruínas).

Cruceiro de Toutón.

Cruceiro da Fonte. A Xesteira.

Cruz na estrada Toutón-Festín. Casco.

Cruceiro e peto de ánimas de Casco.

Cruz na rocha. Casco.

Cruceiro de San Xoán. Festín.

Cruceiro no Monte. Festín. (Límite concello).

Palco de música.

Muíños de Toutón e de Festín.

Parroquia de Vilar (San Mamede)

Igrexa parroquial.

Casa reitoral.

Cruceiro de Vilar.

Cruceiro do Conce. O Caeiro.

Cruceiro da Portela Vella (substituído varal e cruz)

Peto de ánimas dos Pasos de Porta Vilar.

Muíños dos ríos Tea e Xabriña.

Parroquia de Vilasobroso (San Martiño)

Igrexa parroquial.

Casa reitoral.

Castelo de Sobroso.

Cruceiro_peto de ánimas de Vilasobroso.

Palco de música.

Cruces (2) do Cruceiro.

No que respecta aos elementos arqueolóxicos referenciados do concello de Mondariz e xacementos limítrofes dos que se dispón de datos ata o de agora son estes:

Código xacemento	Nome	Parroquia.	Elementos	Tipoloxía.
GA36030001	Mámoa do Monte de Mourelle	Gargamala	Mámoa	Neolítico
GA36030002	Petróglifos do Monte	Gargamala	3	Bronce
GA36030003	Petróglifo de Sabaxáns	Sabaxáns	4	Medieval-Bronce
GA36030004	Petróglifo de Gargamala 1	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030005	Castro de Teutixón/Coto	Mondariz	Castro	Ferro
GA36030006	Castro de Toutón/O Castro	Toutón	Castro	Ferro
GA36030007	Castro do Coto do Castro	Gargamala	Castro	Ferro
GA36030008	Castro do Coto da Moura	Meirol	Castro	Ferro
GA36030009	Castro de Vilar	Vilar	Castro	Ferro
GA36030010	Castro do Coto do Santo	Mouriscados	Castro	Ferro
GA36030011	Castro de Lougares/A Croa.	Lougares	Castro	Ferro
GA36030012	Castro das Chans	Vilasobroso	Castro	Ferro
GA36030013	Xacemento Calcolítico	Mouriscados		Calcolítico
GA36030014	Castro de Sabaxáns	Sabaxáns	Castro	Ferro
GA36030015	Castro e Castelo de Vilasobroso	Vilasobroso	Castro	Ferro-Romano-Bronce
GA36030016	Monte do Picoto 1	Mouriscados		Bronce
GA36030017	Monte do Picoto 2	Mouriscados		Calcolítico
GA36030018	A Rochiña/Coto Sobreiro	Mouriscados		Bronce
GA36030019	A Regueira Pequena	Mouriscados		Calcolítico
GA36030020	A Regueira do Couto	Mouriscados		Indeterminado
GA36030021	Ferral	Mouriscados		Indeterminado
GA36030022	O Sobral	Lougares		Calcolítico
GA36030023	Chan de Zudes/os	Mondariz		Calcolítico
GA36030024	Os Ulleiros	Mondariz		Calcolítico

Código xacemento	Nome	Parroquia.	Elementos	Tipoloxía.
GA36030025	Monte de Rañadoiro	Lougares		Calcolítico
GA36030026	Picoto 4/Fonteiriñas	Mouriscados		Indeterminado
GA36030027	Monte do Picoto 5/Presa	Mouriscados		Indeterminado
GA36030028	Os Campos	Mouriscados		Romano
GA36030029	Mouriz	Lougares		Indeterminado
GA36030030	Puza dos Boleiros/Mouriz	Lougares		Indeterminado
GA36030031	Coto de Eirol	Vilasobroso		Calcolítico
GA36030032	Mámoa do Monte Mourelle	Gargamala	Mámoa	Neolítico
GA36030033	Petróglifo de Gargamala 2	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030034	Petróglifo de Gargamala 7	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030035	Petróglifo de Gargamala	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030036	Petróglifo de Gargamala 3	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030037	Petróglifo de Gargamala 4	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030038	Petróglifo de Gargamala 5	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030039	Petróglifo de Gargamala 6	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030040	Petróglifo de Gargamala 9	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030041	Petróglifo de Gargamala 8	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030042	Petróglifo de Gargamala	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030043	Petróglifo de Gargamala	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030044	Petróglifo de Gargamala	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030045	Petróglifo de Gargamala	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030046	Petróglifo de Gargamala	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030047	Petróglifo de Gargamala	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030048	Petróglifo de Gargamala	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030049	Petróglifo de Gargamala	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030050	Petróglifo de Esperón	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030051	Petróglifo de Coto	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030052	Petróglifo do Campado 5	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030053	Petróglifo do Campado 6	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030054	Petróglifo do Campado 7	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030055	Petróglifo do Campado 8	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030056	Petróglifo do Campado 9	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030057	Coto Sobreiro	Mouriscados		Indeterminado
GA36030058	O Cruceiro	Mouriscados		Bronce
GA36030059	Coto Chapeu 1	Mouriscados		Bronce
GA36030060	Coto Chapeu 2	Mouriscados		Medieval
GA36030061	Petróglifos	Mouriscados		Calcolítico
GA36030062	Mámoa do Campo de Mouro	Mouriscados	Mámoa	Neolítico
GA36030063	Mámoa do Campo de Mouro	Mouriscados	Mámoa	Neolítico
GA36030064	Mámoa do Campo de Mouro	Mouriscados	Mámoa	Neolítico
GA36030065	Mámoa de Campo Delgado	Mouriscados	Mámoa	Neolítico
GA36030066	Mámoa de Campo Delgado	Mouriscados	Mámoa	Neolítico
GA36030067	Campo de Mouro	Mouriscados		Calcolítico
GA36030068	Cavada do Cura	Mouriscados		Calcolítico
GA36030069	Petróglifo da Cavada	Mouriscados	Petróglifo	Bronce
GA36030070	Mámoa do Picoto	Meirol	Mámoa	Neolítico
GA36030071	Petróglifo de Picoto	Meirol	Petróglifo	Bronce
GA36030072	Chan de Brete	Mouriscados		Calcolítico
GA36030073	Coto do Barro	Vilasobroso		Bronce/Ferro
GA36030074	Petróglifo dos Pasales	Mouriscados	Petróglifo	Bronce
GA36030075	Pontella dos Pasales	Mouriscados		Medieval
GA36030076	Picoto 6	Mouriscados		Indeterminado
GA36030077	Coto da Laxa	Mouriscados		Paleolítico
GA36030078	Penalta	Meirol		Calcolítico
GA36030079	Mámoa de Penalta	Meirol	Mámoa	Neolítico
GA36030080	Eido do Quinteiro	Queimadelos		Indeterminado

Código xacemento	Nome	Parroquia.	Elementos	Tipoloxía.
GA36030081	Mámoa do Carballo da Armada	Queimadelos	Mámoa	Neolítico
GA36030082	Mámoa do Carballo da Armada	Queimadelos	Mámoa	Neolítico
GA36030083	O Carballo da Armada	Queimadelos		Calcolítico
GA36030084	Fosa da Mazán	Queimadelos		Indeterminado
GA36030085	O Ervellal	Riofrío		Romano
GA36030086	Petróglifo de Torreiros	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030087	Chan das Veigas	Frades		Bronce
GA36030088	Petróglifo de Chan da Veigas	Frades		Calcolítico
GA36030089	Chan da Veiga	Gargamala		Indeterminado
GA36030090	Petróglifo da Cavada	Garagamala	Petróglifo	Bronce
GA36030091	Petróglifo da Cavada	Garagamala	Petróglifo	Bronce
GA36030092	Petróglifo do Barral	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030093	Petróglifo de Monte	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030094	Petróglifo de Coto	Gargamala	Petróglifo	Bronce
GA36030095	A Chan 1	Sabaxáns		Romano
GA36030096	A Chan 2	Sabaxáns		Romano
GA36030097	O Costal	Sabaxáns		Calcolítico
GA36030098	Fosa de Coto Grande 1	Sabaxáns		Indeterminado
GA36030099	Fosa de Coto Grande 2	Sabaxáns		Indeterminado
GA36030100	Igrexa Vella	Gargamala		Medieval
GA36030101	Picoto 7	Meirol		Calcolítico
GA36030102	As Chans	Toutón		Calcolítico
GA36030103	Ponte Cernadela	Riofrío		Medieval
GA36030A01	Os Monteiros	Lougares	Achado	Indeterminado
GA36030A02	Chan de Zudes	Lougares	Achado	Indeterminado
GA36030A03	O Sobral 2	Lougares	Achado	Calcolítico
GA36030A04	Monte de Picoto	Mouriscados	Achado	Indeterminado
GA36030A05	Campo de Mouro	Mouriscados	Achado	Indeterminado
GA36030A06	A Lomba	Mouriscados	Achado	Paleolítico
GA36030A07	Campo Delgado	Mouriscados	Achado	Medieval
GA36030A08	Fonte Santa	Mouriscados	Achado	Indeterminado
GA36030A09	A Corredoura/Río Xabriña	Meirol	Achado	Paleolítico
GA36030A10	Bouzas	Lougares	Achado	Calcolítico
GA36030A11	Campo Delgado (Lítico)	Mouriscados	Achado	Indeterminado
GA36030A12	Campo Delgado (Cerámico)	Mouriscados	Achado	Bronce
GA36030A13	A Portela	Queimadelos	Achado	Medieval
GA36030A14	Lougariños	Lougares	Achado	Paleolítico
GA36030A15	A Lagoa 1	Mondariz	Achado	Calcolítico
GA36030A16	A Lagoa 2	Mondariz	Achado	Paleolítico

Coma se pode observar, a listaxe aínda que moi ampla é incompleta, xa que coidamos que faltan elementos de grande significación, como moitas das edificacións de interese repartidas por todo o concello, rueiros, fontes, etc.

2.3.2. ESTRADAS.

Nas estradas de titularidade estatal N-120 e N-559 así (corredor que une a anterior coa A-52) será de aplicación o disposto na Lei 25/1988 de 29 de xullo de Estradas.

Nas estradas de titularidade autonómica PO-254, PO-261, PO-402, PO-262, PO-252, PO-431 será de aplicación o disposto na Lei de Estradas de Galicia (Lei 4/94 de 14 de setembro).

Nas estradas provinciais EP-2803, EP-4301, EP-4302, EP-4303, EP-4304, EP-4305, EP-4306, EP-4401, EP-4402 será de aplicación a ordenanza 4/94, reguladora do uso e defensa das estradas provinciais (BOP 16/1/1996).

O resto das estradas son locais.

2.3.3. AUGAS.

É de aplicación aos cursos de auga e regatos do concello o disposto sobre o réxime de augas de superficie na vixente Lei de Augas (Lei 29/1985 de 2 de agosto) e a Lei de ribeiras de Ríos e Regatos (Lei de 18 de outubro de 1991).

2.3.4. INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DE ALTA E MEDIA TENSIÓN.

Existen no concello varias liñas de alta e media tensión, séndolle de aplicación o disposto no R:D: 1995/2000 do 27 de decembro (B.O.E. 27/12/2000 arts.157 a 162).

2.3.5. ENERXÍA EÓLICA.

Debido á existencia de tres Areas de Desenvolvemento Eólico (ADE), denominadas Montouto, Chan do Eixo e Coto de Eira, que abranguen boa parte da zona leste de Mondariz, estendéndose tamén polos concellos limítrofes ao norte e leste, segundo se recolle na modificación do Plan Sectorial Eólico de Galicia aprobado pola Xunta en data 5 de decembro de 2002, e con motivo de dar cumprimento tanto ós procedementos de adaptación do planeamento nel recollidas así como ás determinacións que establece o decreto 80/2000 do 23 de marzo no referente á obriga dos concellos onde se asenten infraestruturas, dotacións ou instalacións obxecto dun plan sectorial de adaptar o seu planeamento ao contido do devandito plan sectorial (artigo 11.2) o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Mondariz, deberá clasificar os terreos situados dentro da delimitación do ámbito de investigación como Sistema Xeral de Infraestruturas Eólicas, en tanto non se leve a cabo o proxecto sectorial que desenvolva a devandita área.

2.3.6. INSTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIÓNS.

Posto que están instaladas no concello antenas de telefonía móbil é de aplicación a Lei 32/2003, de 3 de novembro da Xefatura do Estado Xeral de Telecomunicacións (B.O.E. 04/11/2003).

2.3.7. MONTES.

Regulados pola Lei 43/2003 de Xefatura do Estado de Montes de 21 de novembro (B.O.E. 21/11/2003).

MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

MEMORIA INFORMATIVA
MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

ÍNDICE **Pax**

1. ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL 2
1.1. A ESTRUTURA TERRITORIAL E PARROQUIAL. 3
1.1.1. A ESTRUTURA COMARCAL. 3
1.1.2. A ESTRUTURA E A XERARQUIZACIÓN PARROQUIAL. 5
1.1.3. CARACTERIZACIÓN DAS PARROQUIAS. 10
1.1.3.1. Parroquia de San Martiño de Frades. 10
1.1.3.2. Parroquia de Santa María de Gargamala. 11
1.1.3.3. Parroquia de San Fiz de Lougares. 12
1.1.3.4. Parroquia de Santo André de Meirol. 13
1.1.3.5. Parroquia de Santa Baia de Mondariz. 14
1.1.3.6. Parroquia de San Cibrán de Mouriscados. 15
1.1.3.7. Parroquia de Santa María de Queimádelos. 16
1.1.3.8. Parroquia de San Miguel de Riofrío. 17
1.1.3.9. Parroquia de San Mamede de Sabaxáns. 18
1.1.3.10. Parroquia de San Mateo de Toutón. 19
1.1.3.11. Parroquia de San Mamede de Vilar. 20
1.1.3.12. Parroquia de San Martiño de Vilasobroso. 21
1.2. ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN. 22
1.2.1. TIPOLOXÍA E MORFOLOXÍA DOS ASENTAMENTOS. 23
1.2.2. EVOLUCIÓN E XERARQUÍA DOS ASENTAMENTOS. 23
1.3. ANÁLISE PORMENORIZADA DOS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN. 26
1.3.1. CARACTERIZACIÓN URBANÍSTICA DOS ASENTAMENTOS. 26
1.3.1.1. Os núcleos urbanos. 26
1.3.1.2. Os núcleos rurais. 26
1.3.2. OS USOS DO SOLO E A EDIFICACIÓN NOS NÚCLEOS. 28
1.3.2.1. O uso residencial. 28
1.3.2.2. Os usos comerciais. 29
1.3.2.3. Os usos industriais. 29
1.3.2.4. Os usos hostaleiros. 29
1.3.2.5. Os usos equipamentais. 29
1.3.2.6. Os espazos libres. 29
1.3.3. TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS. 30
1.3.3.1. As tipoloxías urbanas. 30
1.3.3.2. As tipoloxías rurais. 30
1.3.3.3. As construcións adxectivas. 31

1. ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

1.1. A ESTRUTURA TERRITORIAL E PARROQUIAL.

1.1.1. A ESTRUTURA COMARCAL.

A Comarca de Condado corresponde a unha clara unidade natural, o val do Tea, que desde a súa cabeceira no Faro de Avión ten un percorrido leste-oeste, para cambiar de dirección a partir de Mondariz, tomando un trazado meridiano e formando un amplo val rectilíneo, de fondo plano, ata confluír co Miño.

A comarca do Condado está situada no sur da provincia de Pontevedra e limita ao norte coa comarca metropolitana de Vigo, ao sur con Portugal, ao leste coa comarca da Paradanta, e ao oeste coa comarca metropolitana de Vigo.

Mapa 1. Situación do Condado no mapa comarcal de Galicia



Fonte: elaboración propia.

No mapa comarcal de Galicia, aprobado pola Xunta de Galicia en febreiro de 1997, Mondariz forma parte da comarca do Condado, xunto cos concellos de Mondariz-Balneario, As Neves, Ponteareas e Salvaterra de Miño. O concello de Mondariz limita ao norte cos concellos de Pazos de Borbén e Fornelos de Montes, ao sur cos concellos de Salvaterra de Miño e da Cañiza, ao leste co concello do Covelo, e ao oeste cos concellos de Ponteareas e Mondariz-Balneario.

Mapa 2. Mapa dos concellos da comarca do Condado



Fonte: elaboración propia.

No caso da administración xudicial, Mondariz pertence ao partido xudicial de Pontearéas, no que tamén se inclúen os outros concellos do Condado e tamén os da comarca da Paradanta.

A Mancomunidade do Condado está composta por catro concellos, Mondariz, Pontearéas, Salceda de Caselas, e Salvaterra de Miño. Esta mancomunidade ten como obxectivo o aproveitamento de servizos xerais comúns, que son os seguintes:

- Recollida e destrución de lixo.
- Servizo contra incendios.
- Planeamento urbanístico.
- Abastecemento de augas.
- Servizos técnicos de arquitectura, enxeñería e urbanismo.
- Servizos técnicos de vías e obras.
- Servizos técnicos de asesoramento e defensa xurídica.
- Prestación de asistencia sanitaria.
- Radiodifusión
- Servizo forestal
- Ensino
- Promoción turística

Os datos de poboación indican que o concello de Mondariz ten unha poboación de 5.354 habitantes (datos de 2006), o que supón un 13% do total comarcal, e os outros catro concellos suman o 87% (35.711 habitantes) da poboación da comarca.

O conxunto da comarca presenta un crecemento demográfico positivo, segundo os datos dos censos de 1960 a 2001, producíndose o aumento máis acusado no intervalo 1991-2001, e no período 1970-1980, o máis baixo. É significativo destacar que no ano 2006 a poboación total da comarca aumentara un 8,2% con respecto á poboación total do ano 1960 e un 21,1% se consideramos o ano de 1900, o que indica un incremento maior para a primeira metade do século XX.

Por concellos, evidéncianse dúas tendencias de crecemento demográfico: unha positiva, con Ponteareas e Mondariz, e outra negativa, coas Neves, Salvaterra de Miño, e Mondariz-Balneario, ordenados de maior a menor por crecemento. A partir de 1981 prodúcese un aumento do contraste entre tendencias.

Os datos de poboación son aínda máis esclarecedores cando se analiza a densidade de poboación municipal de Mondariz, que en habitantes por km^2 para o ano 2006 é de 62,9, case a metade da media comarcal (120,5), máis da terceira parte da media provincial (209,8) e máis das dúas terceiras partes da media galega (93,6).

Táboa 1. Evolución da poboación dos concellos da comarca do Condado (1900 – 2006)

Poboación	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	2001	2006
Mondariz	5.213	5.952	6.764	6.687	7.001	7.093	6.978	6.641	6.443	6.260	5.480	5.354
Mondariz-Balneario	-	-	-	774	785	629	573	646	650	662	659	740
Neves (As)	6.008	6.387	6.126	6.435	6.861	6.852	6.573	6.224	6.026	5.150	4.695	4.473
Ponteareas	13.452	13.953	13.785	13.894	14.634	14.987	14.552	14.497	15.013	15.630	18.844	21.993
Salvaterra de Miño	9.242	9.493	9.514	9.197	9.871	9.791	9.266	8.093	8.675	8.252	8.320	8.505
O Condado	33.915	35.785	36.189	36.987	39.152	39.352	37.942	36.101	36.807	35.954	37.998	41.065

Fonte: Instituto Nacional de Estatística .Elaboración propia.

1.1.2. A ESTRUTURA E A XERARQUIZACIÓN PARROQUIAL.

A estrutura parroquial de Mondariz está composta actualmente por doce parroquias: Frades, Gargamala, Lougares, Meirol, Mondariz, Mouriscados, Queimadelos, Riofrío, Sabaxáns, Toutón, Vilar e Vilasobroso.

O concello de Mondariz ten, xa que logo, doce parroquias, sendo a media comarcal de 13,4, a provincial de 10,8 e a galega de 12,1.

Mapa 3. Mapa de parroquias do concello de Mondariz



Fonte: elaboración propia.

Os elementos básicos que regulan a estrutura territorial do concello de Mondariz son dous:

a) A forte influencia da vila de Ponteareas como centro comarcal.

b) A topografía do territorio, definida polo val do río Tea e a súa bacía hidrográfica, con fortes pendentes nas vertentes.

Outro aspecto destacable da estrutura territorial é o sistema de asentamentos, no que as parroquias están formadas por varios núcleos de poboación, que están dispersos no territorio.

Cabe resaltar a concentración da poboación nas cinco parroquias nororientais (Mondariz, Riofrío, Lougares, Gargamala e Sabaxáns), que suman o 61 % da poboación do concello, fronte ao 39 % das outras sete parroquias, que se localizan no oeste e no sur do concello. A proporción en superficie é de 52 % a 48 %, producíndose unha situación máis equilibrada.

Mapa 4. Distribución dos habitantes por parroquias do concello de Mondariz (2005)



Fonte: elaboración propia.

Mapa 5. Distribución da porcentaxe de habitantes por parroquias respecto ao total do concello (2005)



Fonte: elaboración propia.

Parroquias	Poboación (2005)	Superficie (Km^2)	Densidade ($Hab./Km^2$)
Frades	351	2,47	142,11
Gargamala	422	14,64	28,83
Lougares	431	6,95	62,01
Meirol	231	4,84	47,73
Mondariz	1.406	5,57	252,42
Mouriscados	307	10,09	30,43
Queimadelos	118	2,68	44,03
Riofrío	598	3,86	154,92
Sabaxáns	414	13,07	31,68
Toutón	384	10,30	37,28
Vilar	299	4,85	61,65
Vilasobroso	382	5,76	66,32
Total	5.343	85,08	62,80

Fonte: Nomenclátor INE 2005. Mapa de parroquias de Galicia da Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Mapa 6. Distribución da superficie das parroquias do concello de Mondariz (2005)



Fonte: elaboración propia.

A evolución da densidade de poboación do concello de Mondariz ao longo do século XX foi de 61,26 hab./Km^2 en 1900 a 62,91 hab./Km^2 en 2006. A densidade máis alta produciuse en 1950 (83,35) e a máis baixa no ano 1900.

Con estas cifras pódense diferenciar tres niveis de ocupación:

- O da parroquia onde se atopa a capital do concello, Mondariz, e de dúas parroquias ao noroeste desta (Riofrío e Frades), coas densidades máis elevadas do concello, superiores aos valores comarcal (117,90), galego (93,40), e municipal (62,80), e inferiores ao provincial (208,76), agás Mondariz, que é superior.
- O das outras dúas parroquias centrais (Vilar e Lougares) e Vilasobroso, cunhas densidades menores, pero que son moi inferiores ás medias comarcal, provincial e galega, e moi próximas á municipal.
- O das parroquias setentrionais e meridionais, coas densidades máis baixas do concello, moi inferiores aos valores provincial, comarcal, e galego, e máis próximos ao comarcal.

Mapa 7. Distribución da densidade de poboación das parroquias do concello de Mondariz (2005)



Fonte: elaboración propia.

1.1.3. CARACTERIZACIÓN DAS PARROQUIAS.

1.1.3.1. Parroquia de San Martiño de Frades.

Está situada no noroeste do concello e limita ao norte coas parroquias de Santa María de Gargamala e de San Mateo de Toutón, ao sur coa parroquia de San Miguel de Riofrío, ao leste coa parroquia de Santa María de Gargamala, e ao oeste coa parroquia de San Mamede de Vilar.

Núcleos no INE 2001 (tamén aparecen desde 1960), na toponimia oficial da Xunta, e no MTN 1:25.000: Aboal, Cambra (A), Costa (A), e Quintáns. Aparecen só no MTN 1:25.000 A Portela da Bouza (asociado a Quintáns), Piñoi (asociado a Quintáns), e Urxeira (asociado á Costa).

Mapa 8. Situación da parroquia de Frades



Fonte: elaboración propia.

A súa delimitación e a morfoloxía do territorio vén dada polo val do regato de Aboal.

No referente á hidroloxía, hai que destacar o regato de Aboal, que atravesa meridianamente esta parroquia polo seu centro, como un elemento vertebrador do territorio. O regato de Boente, afluente pola esquerda do anterior, pasa polo sueste da parroquia, cunha dirección NE-SO. A orografía da parroquia indica o contraste entre a chaira fluvial do regato de Aboal e as superficies montuosas do oeste e leste da parroquia.

No modelo de asentamento da poboación, os núcleos de poboación sitúanse nas ladeiras ao pé do regato de Aboal.

En canto a vías de comunicación, a estrada PO-252 (Mondariz- Moscoso) percorre polo leste da parroquia.

Hai que salientar a vexetación ripícola no regato de Aboal, así como superficies forestais mixtas no oeste e leste da parroquia.

1.1.3.2. Parroquia de Santa María de Gargamala.

Está situada no norte do concello. Limita ao norte co concello de Fornelos de Montes, ao sur coa parroquias de San Martiño de Frades e de San Miguel de Riofrío, ao leste coa parroquia de San Mamede de Sabaxáns, e ao oeste coas parroquias de San Mateo de Toutón e de San Martiño de Frades.

Núcleos no INE 2001, na toponimia oficial da Xunta, e no MTN 1:25.000: Barro (O), Boente, Mourelle, Rúa (A), Soutiño (O), e Vedrelos. Aparecen só no 1:25.000 Os Rochos e O Barral (asociado a Boente), e Portela (asociado a Mourelle).

Mapa 9. Situación da parroquia de Gargamala



Fonte: elaboración propia.

A súa delimitación, así como a morfoloxía do seu territorio, está definida pola topografía, caracterizada polas extensións montuosas que predominan na parroquia, sobre todo na súa parte norte, e polos vales do regato de Aboal, polo oeste da parroquia, do seu afluente, o rego de Boente, polo centro da parroquia con dirección meridiana, e do río Pequeno, polo leste da parroquia.

No modelo de asentamento poboacional, os núcleos están situados no espazo máis chairego, no sur da parroquia.

En canto a infraestruturas, a estrada PO-252 (Mondariz-Moscoso) percorre polo oeste da parroquia.

1.1.3.3. Parroquia de San Fiz de Lougares.

Está situada no leste do concello. Limita ao norte coa parroquia de San Mamede de Sabaxáns, ao sur coa parroquia de Santo André de Meirol, ao leste co concello do Covelo e ao oeste coa parroquia de Santa Baia de Mondariz.

Núcleos no INE 2001, na toponimia oficial da Xunta, e no MTN 1:25.000: Cabirtallo, Couto (O), Lougares, Outerelo, e Santa Baia do Mato. Ata o censo de 1981 tamén figuran como núcleos Casares, Cruceiro, e Chouteira.

Núcleos no MTN 1:25.000 e tamén na toponimia da Xunta: Casares (Os), Chouteira (A), Cruceiro (O), e Porrón (agrupados no INE 2001 no núcleo de Lougares). Núcleos só no MTN 1:25.000: A Coroa (asociado a Santa Baia do Mato) e a Rúa (ao de Lougares)

Mapa 10. Situación da parroquia de Lougares



Fonte: elaboración propia.

A súa delimitación vén dada polo val do río Tea ao norte e polos montes do sur da parroquia. A rede hidrográfica vén definida polo río Tea, polo norte, e o seu afluente pola esquerda, o regato de Lougariños, que atravesan meridianamente esta parroquia polo seu centro. A orografía vén marcada pola transición desde o val cara aos montes meridionais.

No modelo de asentamento da poboación, os núcleos espállanse no espazo comprendido entre o val do Tea e os montes meridionais. A estrada PO-261, que percorre meridianamente polo norte da parroquia, é un elemento vertebrador deste modelo, xa que comunica entre si e dá servizo á maioría dos asentamentos desta parroquia.

Uso agrícola no norte, ligado ao val do Tea ao regato de Lougariños.

Uso forestal no oeste e no sur da parroquia, nas superficies montuosas, nas áreas máis altas. Vexetación ripícola no río Tea e no regato de Lougariños.

1.1.3.4. Parroquia de Santo André de Meirol.

Limita ao norte coas parroquias de Fiz de Lougares, ao sur coa parroquia de San Cibrán de Mouriscados, ao leste co concello do Covelo, e ao oeste coas parroquias de Santa Baia de Mondariz e de Santa María de Queimadelos.

Núcleos no INE 2001 e na toponimia da Xunta: Meirol. Ata o censo de 1981 figuraban como núcleos Campados, Filgueiras, Goleta, e Penalonga.

Núcleos no MTN 1:25.000 e na toponimia da Xunta: Campados (Os), Filgueiras, Goleta (A), Outeiro, Penalonga. Núcleos só no 1:25.000: O Cruceiro, As Cavadas, Montecelo, O Coto, A Fichoca, A Vermella, e A Luguesa.

Mapa 11. Situación da parroquia de Meirol



Fonte: elaboración propia.

A súa delimitación vén dada polos montes setentrionais e norocccidentais (A Pena Alta), polas elevacións do Picoto e do Coto Ferreiro polo leste, e polo val do río Xabriña polo sur.

No referente á hidroloxía, hai que destacar o río Xabriña, pola sur da parroquia, e o regato de Lougariños, cara o leste da parroquia en dirección sur-norte.

En canto a infraestruturas viarias, a estrada N-120 (Vigo-Logroño) percorre aproximadamente polo centro da parroquia, mais con tendencia cara á parte sur.

No modelo de asentamento poboacional, hai que salientar a situación dos núcleos arredor do trazado da estrada local que comunica esta parroquia coa de San Fiz de Lougares, limítrofe polo norte.

Nos usos agroforestais, hai que subliñar os prados e cultivos de *secaño* ao oeste dos núcleos e superficie forestal no leste.

1.1.3.5. Parroquia de Santa Baia de Mondariz.

Está situada no centro do concello e limita ao norte coas parroquias de San Miguel de Riofrío e de San Mamede de Sabaxáns, ao sur co concello de Mondariz-Balneario e coas parroquias de San Martiño de Vilasobroso e de Santa María de Queimadelos, ao leste coas parroquias de San Fiz de Lougares e de Santo André de Meirol, e ao oeste coa parroquia de San Miguel de Riofrío e co concello de Mondariz-Balneario.

Núcleos no INE 2001, na toponimia da Xunta, e no MTN 1:25.000: Ceo (O), Escobeiro (O), Foxaco, Fraga da Barcia (A), Meuroces, Mondariz, Paredes (As), Pedreira (A), Sesteiro (O). Núcleos que aparecen só no MTN 1:25.000: A Poeira, A Cela, Barro Alto, A Lagoa, O Souto, e Fonte María.

Mapa 12. Situación da parroquia de Mondariz



Fonte: elaboración propia.

A súa delimitación vén dada polo val do río Tea ao norte e ao oeste, polas elevacións do Niño do Corvo e o Eido do Quinteiro ao sur, o río Xabriña ao oeste, e polo Monte de Tatín, Monte Valdecerros, e Monte Paradela, ao leste. A morfoloxía do territorio indica unha pendente progresiva desde o curso do Tea cara ao sur, ata a divisoria de augas que forman os montes no norte da parroquia.

A rede hidrográfica está definida polo río Tea, e o seu afluente pola esquerda, o río Xabriña. A confluencia de ambos é o punto máis occidental da parroquia, e límite coa de Vilar e co concello de Mondariz-Balneario.

O modelo de asentamento da poboación está determinado pola topografía, situándose os núcleos nunha vertente de umbría, limitados polo curso do río Tea e polos montes orientais e setentrionais.

En canto a infraestruturas viarias, percorren por esta parroquia as seguintes estradas: PO-252 (Mondariz-Moscoso) polo NO; PO-254 (Ponteareas-Mondariz) polo SO; PO-261 (Mondariz-Petán) polo N cara ao NE; e PO-262 (Vilasobroso- Mondariz) polo SO da parroquia.

En canto a usos agroforestais, a área agrícola (cultivos de secaño e prados) sitúase ao norte e ao oeste e o uso forestal nos montes orientais e meridionais.

1.1.3.6. Parroquia de San Cibrán de Mouriscados.

É a parroquia máis sudoriental do concello e limita ao norte coas parroquias de Santa María de Queimadelos e Santo André de Meirol e co concello do Covelo, ao sur cos concellos de Ponteareas, Salvaterra de Miño e da Cañiza, ao leste co concello do Covelo, e ao oeste co concello de Ponteareas.

Núcleos no INE 2001, na toponimia oficial da Xunta, e no MTN 1:25.000: Campo do Mouro, Crespos, Fontán, Fontebalán, e Poñe. Núcleos no 1:25.000 e na toponimia da Xunta: Zamorelle. Núcleos só no 1:25.000: Fruxilde, Rozas, San Xoán, As Vendas de Baixo, e As Vendas de Riba (asociados no INE a Crespos). Só na toponimia oficial da Xunta: A Lamela e A Porteliña.

Mapa 13. Situación da parroquia de Mouriscados



Fonte: elaboración propia.

A súa delimitación vén dada polo río Xabriña ao norte e ao oeste, pola divisoria de augas (A Cavada Nova, A Chan do Couto, Couto dos Mouchos, Coto da Xesta) ao sur, polo rego de Brete ao oeste, e polo río Azal ao leste. A morfoloxía do territorio indica unha topografía montuosa, especialmente no leste.

A rede hidrográfica está definida polo río Xabriña, e os seus afluentes pola esquerda, o río Azal e o rego de Brete.

O modelo de asentamento da poboación está determinado pola topografía, situándose os núcleos no occidente da parroquia, limitados polos montes orientais.

En canto a infraestruturas viarias, a estrada N-120 (Vigo-Logroño) percorre polo NO da parroquia con dirección NO-SE. A N-559 tamén percorre parte da zona leste da parroquia en sentido N-S.

Nos usos agroforestais, as terras de cultivo sitúanse nas agras dos núcleos e as masas forestais nos montes occidentais, meridionais, e orientais.

Con respecto á superficie da parroquia que figura na planimetría base, compre dicir que segundo o publicado no DOG nº:202 de 18 de outubro de 2000 modifícanse os límites entre os concellos de

Mondariz e O Covelo, resultando que a superficie actual é menor que a que aparece no planeamento vixente (POMR), así como nas cartografías oficiais.

1.1.3.7. Parroquia de Santa María de Queimádelos.

Está situada no SO do concello e limita ao norte coa parroquia de Santa Baia de Mondariz, ao sur coa parroquia de San Cibrán de Mouriscados, ao leste coa parroquia de Santo André de Meirol, e ao oeste coa parroquia de San Martiño de Vilasobroso e co concello de Ponteareas.

Núcleos no INE 2001 (aparecen desde 1960), na toponimia oficial da Xunta, e no MTN 1:25000: Aqueleido, e Armada (A). Núcleos só no 1:25.000: Outeiro da Cruz, A Portela, e Os Tourales.

Mapa 14. Situación da parroquia de Queimadelos



Fonte: elaboración propia.

A súa delimitación vén dada polas elevacións do Niño do Corvo e do Eido do Quinteiro polo norte, polo Porto da Barcia ao sur, polas elevacións da Pena Alta, Couto da Moura, e o Coto do Castro ao leste, e polo rego de Brete e o río Xabriña ao oeste. A morfoloxía do territorio indica unha topografía montuosa, cun acusado desnivel desde o curso do río Xabriña cara os montes orientais.

A rede hidrográfica está definida polo río Xabriña, e o seu afluente pola esquerda, o rego de Brete.

O modelo de asentamento da poboación está determinado pola topografía, situándose os núcleos no nacente da parroquia, ao longo do trazado da estrada que vai de Mondariz á Luguesa.

En canto a usos agroforestais, os cultivos de secaño e os prados sitúanse nas agras dos núcleos da Armada, Aqueleido, e A Portela, e o uso forestal nos montes orientais e setentrionais.

1.1.3.8. Parroquia de San Miguel de Riofrío.

Está situada no O do concello e limita ao norte coa parroquias de San Martiño de Frades e de Santa María de Gargamala, ao sur co concello de Mondariz-Balneario e coa parroquia de Santa Baia de Mondariz, ao leste coa parroquia de San Mamede de Sabaxáns, e ao oeste coa parroquia de San Mamede de Vilar.

Núcleos no Censo do INE do 2001 (aparecen desde 1960), na toponimia oficial da Xunta e no MTN 1:25.000: Arnela, Carballal (O), Cernadela, Chaleira, Pé do Muíño, e San Miguel. Núcleos que aparecen na toponimia oficial de Xunta e no MTN 1:25.000: Carrascal (O). Núcleos só na toponimia oficial da Xunta: Outeiro da Moa. Núcleos só no MTN 1:25.000: Bouzada (A), Ervellal (O), Muíños (Os), Perrazo, Ponte (A), e Pontellas (As).

Mapa 15. Situación da parroquia de Riofrío



Fonte: Elaboración propia.

A súa delimitación vén dada polos cursos do regato de Aboal e do río Tea. A morfoloxía do territorio indica unha topografía chairega nos vales fluviais e escarpada nas divisorias destes cursos.

A rede hidrográfica está definida polo río Tea, e o seu afluente pola dereita, o regato de Aboal.

O modelo de asentamento da poboación está determinado pola topografía, situándose os núcleos no pé de monte ou nas ladeiras das divisorias de augas.

En canto aos usos agroforestais, hai cultivos de secaño nos vales fluviais e masas forestais nos montes occidentais e nororientais.

1.1.3.9. Parroquia de San Mamede de Sabaxáns.

É a máis nororiental do concello e limita ao norte co concello de Fornelos de Montes, ao sur coas parroquias de Santa Baia de Mondariz e de San Fiz de Lougares, ao leste co concello do Covelo, e ao oeste coas parroquias de Santa María de Gargamala e de San Miguel de Riofrío.

Núcleos no Censo do INE do 2001 (aparecen desde 1960), na toponimia oficial da Xunta e no MTN 1:25.000: Costal, Coto (O), Cruceiro (O), Emelo, Grela (A), Igrexa (A), e Portela (A). Núcleos que só aparecen no censo do INE e no MTN 1:25.000: A Chan. Núcleos que aparecen só na toponimia oficial de Xunta e no MTN 1:25.000: Chan de Fornos. Núcleos só no MTN 1:25.000: Agolevada, Queimadelos (Os), Soutelo, Talaveira (probablemente englobados en Igrexa (A)).

Mapa 16. Situación da parroquia de Sabaxáns



Fonte: Elaboración propia.

A súa delimitación vén dada ao norte polos cumios do Coto da Eira ou dos Corvos e polos cursos do río Tea ao sur, do río Alén ao leste e do río Pequeno ao oeste. A morfoloxía do territorio está dominada por unha topografía esgrevia, máis atenuada ao sur.

A rede hidrográfica está definida polo río Tea, e dous afluentes seus pola dereita, o río Alén e o río Pequeno.

O modelo de asentamento da poboación está determinado pola topografía, concentrándose os núcleos no sueste da parroquia.

En canto a usos agroforestais, os cultivos, predominantemente de secaño, sitúanse no sueste, na área de distribución dos núcleos, e as masas forestais nos montes occidentais e setentrionais.

1.1.3.10. Parroquia de San Mateo de Toutón.

É a máis noroccidental do concello e limita ao norte cos concellos de Pazos de Borbén e Fornelos de Montes, ao sur co concello de Ponteareas e coa parroquia de San Mamede de Vilar, ao leste coas parroquias de Santa María de Gargamala e San Martiño de Frades, e ao oeste cos concellos de Pazos de Borbén.

Núcleos no Censo do INE do 2001 (aparecen desde 1960), na toponimia oficial da Xunta e no MTN 1:25.000: Aboal, Casco, Festín, Lordelo, e Portacurbo.

Mapa 17. Situación da parroquia de Toutón



Fonte: Elaboración propia.

A súa delimitación vén dada ao norte polo río Freaza, ao sur polo regato de Catapeixe, regato de Aboal ao leste, e as elevacións de Coto Teixeiro, Cavada dos Burros e O Circo ao oeste. A morfoloxía do territorio está dominada por unha topografía esgrevia.

A rede hidrográfica está definida polo río Freaza, o regato de Catapeixe, o regato de Aboal e o regato da Lobagueira.

O modelo de asentamento da poboación está determinado pola topografía, situándose os núcleos nas áreas de menor pendente.

En canto a usos agroforestais, as terras de cultivo, de secaño e os prados localízanse nas agras dos núcleos, e as masas forestais nas superficies montuosas da parroquia.

1.1.3.11. Parroquia de San Mamede de Vilar.

Está situada no noroeste do concello e limita ao norte coa parroquia de San Mateo de Toutón, ao sur cos concellos de Ponteareas e de Mondariz-Balneario, ao leste coas parroquias de San Martiño de Frades e Santa Baia de Mondariz, e ao oeste coa parroquia de San Mateo de Toutón e co concello de Ponteareas.

Núcleos no Censo do INE do 2001 (aparecen desde 1960), na toponimia oficial da Xunta e no MTN 1:25.000: Bouza (A), Caeiro (O), Cavadas (As), Costeira (A), Garcías, Granxal (O), Igrexa (A), Laxas (As), Portela da Vella, Redo, Torrados, Xeixo (O). Núcleos no Censo do INE do 2001 e no MTN 1:25.000: Souto.

Mapa 18. Situación da parroquia de Vilar



Fonte: Elaboración propia.

A súa delimitación vén dada ao norte polas elevacións do Outeiriño dos Casinos e da Laxe do Castro, ao sur polo río Tea, ao leste pola divisoria de augas do río Tea, e ao oeste polo regato de Catapeixe. A morfoloxía do territorio está dominada por unha topografía esgrevia.

A rede hidrográfica está definida polo río Tea, e o seu afluente pola dereita, o regato de Catapeixe.

O modelo de asentamento da poboación está determinado pola topografía, concentrándose os núcleos no sueste da parroquia, na área de menor pendente.

En canto a usos agroforestais, as terras de cultivo sitúanse nas agras dos núcleos e as masas forestais nos montes setentrionais da parroquia.

1.1.3.12. Parroquia de San Martiño de Vilasobroso.

É a parroquia máis sudoccidental do concello e limita ao norte coas parroquias de Santa Baia de Mondariz e de Santa María de Queimadelos e co concello de Mondariz-Balneario, ao sur co concello de Ponteareas, ao leste coa parroquias de Santa María de Queimadelos e co concello de Ponteareas, e ao oeste cos concellos de Mondariz-Balneario e de Ponteareas.

Núcleos na toponimia oficial da Xunta, no censo do INE ata 1981 e no MTN 1:25.000: Cruceiro (O), Pena (A), Saniñáns, e Veigadraga. A partir do Censo de 1991 e na toponimia oficial da Xunta: Vilasobroso. Núcelos só no MTN 1:25.000: Calvario (O), Corredoura (A), Chans (As), Chouselas (As), Prado (O).

Mapa 19. Situación da parroquia de Vilasobroso



Fonte: Elaboración propia.

A súa delimitación vén dada ao norte polo río Xabriña, ao sur polas cabeceiras dos afluentes do río Fragón, ao leste polo río Xabriña, e ao oeste polas elevacións do monte das Pías, do monte Landín, e da Ermidiña Vella. A morfoloxía do territorio está dominada por unha topografía esgrevia.

A rede hidrográfica está definida polo río Xabriña.

O modelo de asentamento da poboación está determinado pola topografía, concentrándose os núcleos no extremo meridional da parroquia, na área de menor pendente, que tamén foi aproveitada para o trazado da N-120.

Terras de cultivo nas agras dos núcleos. Uso forestal nos montes.

1.2. ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN.

O medio rural de Mondariz presenta diferentes variedades en canto á morfoloxía e tipoloxía dos asentamentos. Esta diversidade é o resultado da interacción das variables que determinan a cada asentamento, establecendo a xerarquía das parroquias e a súa configuración.

Estes asentamentos están ligados a un tipo de vida tradicional que está fortemente baseado nun sistema de agricultura de autoabascemento e teñen unha dinámica demográfica regresiva.

Segundo o Nomenclátor do INE no ano 2005 o número de entidades singulares de poboación, por parroquia, no concello de Mondariz eran 65.

Parroquias	Entidades
Frades	4
Gargamala	6
Lougares	5
Meirol	1
Mondariz	9
Mouriscados	5
Queimadelos	2
Riofrío	6
Sabaxáns	8
Toutón	5
Vilar	13
Vilasobroso	1

Por outra banda, no Nomenclátor de Galicia aparecen reflectidos diversos núcleos aínda recoñecibles e habitados que non figuran na relación anterior do INE, co cal a distribución por parroquias sería a seguinte, cun total de 79 asentamentos logo de descontar os que conforman o núcleo urbano de Mondariz:

Parroquias	Entidades
Frades	4
Gargamala	6
Lougares	9
Meirol	6
Mondariz	6
Mouriscados	8
Queimadelos	2
Riofrío	8
Sabaxáns	8
Toutón	5
Vilar	13
Vilasobroso	4

En terceiro lugar durante o traballo de campo levado a cabo ao longo de todo o termo municipal púxose de manifesto a existencia dun número aínda maior de entidades de poboación que pola súa pequena dimensión non aparecen como elementos independentes senón integradas en poboacións de maior tamaño pero que para os efectos dunha análise máis pormenorizada é preciso desagregar, foi preciso recorrer aos censos oficiais do INE desde principios do século XX e á cartografía do Instituto Xeográfico Nacional, a escala 1/25000, para poder delimitalos axeitadamente, xa que logo a distribución parroquial acadaría os 95 núcleos, logo de descontar os que conforman a capital municipal distribuídos da seguinte forma:

Parroquias	Entidades
Frades	5
Gargamala	7
Lougares	9
Meirol	4
Mondariz	11
Mouriscados	10
Queimadelos	2
Riofrío	15
Sabaxáns	11
Toutón	6
Vilar	14
Vilasobroso	1

1.2.1. TIPOLOXÍA E MORFOLOXÍA DOS ASENTAMENTOS.

As diferentes morfoloxías que se aprecian para os asentamentos de Mondariz están condicionadas por unha cadea de variables de distinta natureza, mais a topografía revela unha evidencia nidia: a maioría dos núcleos sitúanse nos montes ou nas súas abas, presentan un grao alto de dispersión e contan cun centro tradicional pouco definido.

A tipoloxía tradicional dos núcleos de Mondariz responde ao modo de vida rural, baseado na agricultura de autoabastecemento ou de subsistencia. Son núcleos con viario interno estreito e irregular, condicionado pola topografía do terreo. As casas típicas do interior da provincia de Pontevedra tiñan dúas plantas e normalmente acaroadas a outras inmediatas, construídas con perpiaños, con cuberta de tella do país a dúas augas, e posúe escaleira exterior con chanzos de pedra e corredor, con petril de pedra. O curral e as cortes sitúanse na planta inferior, namentres a superior se dedica a vivenda, atopando tamén estas construcións adxectivas illadas da vivenda.

Ata a década dos sesenta do século vinte non se produciu unha modificación significativa no modelo de casarío. O comezo da corrente emigratoria cara a Europa e cara as rexións máis desenvolvidas de España, que nese período eran Cataluña, Euskadi e Madrid, marcou un cambio do modelo: ten lugar unha perda de valor da actividade agraria e experiméntase un maior interese en novos usos, que propiciaron numerosas actuacións onde non se preservou a tipoloxía tradicional, empregando materiais alóctonos, alterando escalas e introducindo novos elementos distorsionadores dos elementos tradicionais.

1.2.2. EVOLUCIÓN E XERARQUÍA DOS ASENTAMENTOS.

A evolución e xerarquía funcional que se manifesta en cada parroquia vai a condicionar os modos de vida e orixinar dinámicas que merecen unha análise máis detallada. A evolución demográfica de cada asentamento está determinada por varios elementos, sendo a accesibilidade ás vías de comunicación máis importantes, a orografía e a topografía os máis influentes: no caso do concello de Mondariz, os asentamentos tradicionais sitúanse nas abas dos montes, reservando as zonas máis baixas para aproveitamento agrario, sendo zonas de altitude media.

Na seguinte táboa pódese visualizar a evolución da poboación das parroquias nos últimos vinte anos.

Poboación parroquias	1981	1991	2001	2005
Frades	437	446	369	351
Gargamala	609	573	477	422
Lougares	527	564	456	431
Meirol	281	244	246	231
Mondariz	1.463	1.556	1.391	1.406
Mouriscados	349	350	303	307
Queimadelos	119	135	127	118
Riofrío	730	645	599	598
Sabaxáns	507	473	404	414
Toutón	523	472	414	384
Vilar	434	350	296	299
Vilasobroso	464	452	398	382
Total	6.443	6.260	5.480	5.343

No correspondente ás dimensións de poboación, os 65 núcleos do concello agrúpanse do seguinte modo, segundo datos do 2005[1]:

Parroquias	Entidades	< de 200	De 201 a 500	De 501 a 1000	> 1000
Frades	4	4	0	0	0
Gargamala	6	6	0	0	0
Lougares	5	5	0	0	0
Meirol	1	0	1	0	0
Mondariz	9	8	0	1	0
Mouriscados	5	5	0	0	0
Queimadelos	2	2	0	0	0
Riofrío	6	5	1	0	0
Sabaxáns	8	8	0	0	0
Toutón	5	5	0	0	0
Vilar	13	13	0	0	0
Vilasobroso	1	0	1	0	0
TOTAL	65	61	3	1	0

A porcentaxe de núcleos con menos de 200 habitantes é maioritaria (93,85 %), de 201 a 500 están o 4,62% dos núcleos, e de 501 a 1000 tan só o 1,53%, non habendo ningún núcleo de máis de 1.000 habitantes.

En función disto, ponse de manifesto que as parroquias situadas no sueste da parroquia, que son Mouriscados, Meirol, e Queimadelos, teñen un tamaño medio menor.

As achegas de poboación de cada un dos estratos dos anos 1996 e 2005 son os seguintes:

	1996	2005	1996%	2005%
< 200 hab.	4.348	3.558	68,7%	66,6%
De 201 a 500	990	863	15,6%	16,2%
De 501 a 1000	990	922	15,6%	17,3%
> 1000 hab.	0	0	0%	0%
Total	6.328	5.343	100%	100%

[1] Mantense o dato do INE pois é que permite a comparativa con outros concellos para o mesmo período aínda que como vimos o número de entidades é moito maior, e será esta última a que se teña en consideración á hora da clasificación do solo.

Neste cadro obsérvanse claramente os núcleos de menos habitación son os que concentran a maior parte da poboación, tanto en 1996 como no 2005, aínda que vai en descenso, ligado a unha tendencia xeral do concello á regresión demográfica: dun 68,7% pasa a un 66,6% respectivamente, rexistrando unha diminución do 2,1 %. Son a maioría dos núcleos de poboación do concello.

Os núcleos de tamaño intermedio (entre 201 e 500 habitantes) supoñen a mesma porcentaxe que os de máis de 500, un 15,6% en 1996 e un 16,2 en 2005, o que supón un aumento do 0,6%. Son os núcleos de Vilasobroso, Cernadela (Riofrío) e Vilasobroso.

Mondariz, que é o núcleo máis poboado, é o que ten unha porcentaxe menor no total da poboación, representando a un 15,6% da poboación en 1996 e un 17,3% en 2005, dando lugar a un crecemento do 1,7%.

Isto reflectido por parroquias, amosa parroquias noroccidentais (Gargamala, Toutón, Frades, Vilar) e Lougares son as que perden máis poboación, seguidas de Queimadelos, Meirol, Vilasobroso, Riofrío e Sabaxáns, que perden unha porcentaxe relativa de poboación menor. As parroquias de Mondariz e Mouriscados son as que perden menos poboación.

Mapa 20. Incremento porcentual demográfico por parroquias (1996-2005)



Fonte: elaboración propia.

1.3. ANÁLISE PORMENORIZADA DOS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN.

1.3.1. CARACTERIZACIÓN URBANÍSTICA DOS ASENTAMENTOS.

A efectos da consideración e tratamento desde o punto de vista do urbanismo, faise necesaria a diferenza entre asentamentos urbanos e rurais xa que os réximes lexislativos e de planeamento son moi diferentes para cada tipo. Esta distribución tamén inflúe na distribución dos servizos e dos equipamentos, onde hai un nidio predominio da concentración nos núcleos urbanos, aínda que nos núcleos rurais de maior funcionalidade teñen certa importancia.

1.3.1.1. Os núcleos urbanos.

No Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente delimítase como núcleo urbano o núcleo de poboación de Mondariz.

1.3.1.2. Os núcleos rurais.

Os núcleos rurais tradicionais máis afastados das principais vías de comunicación mantiveron os usos tradicionais e mantiveron unha dinámica constante, tendendo cara o despoboamento. A expansión destes núcleos rurais sobre os viarios de acceso ás principais vías de comunicación e sobre estas levou á formación de núcleos continuos, aínda con certo matiz no grao de urbanización[2].

PARROQUIA	TIPO DE NÚCLEO	Nº DE VIVENDAS	POBOACIÓN DE FEITO
FRADES (San Martiño)			
Aboal	Lugar	19	55
Cambra (A)	Lugar	49	114
Costa (A)	Lugar	23	62
Quintáns	Lugar	42	120
TOTAL PARROQUIA		**133**	**351**
GARGAMALA (Santa María)			
Barro (O)	Lugar	58	107
Boente	Lugar	45	116
Mourelle	Lugar	60	109
Rúa (A)	Lugar	26	46
Soutiño (O)	Lugar	7	17
Vedrelos	Lugar	7	27
TOTAL PARROQUIA		**203**	**422**
LOUGARES (San Fiz)			
Cabirtallo	Lugar	11	36
Couto (O)	Lugar	44	123
Lougares	Lugar	43	110
Outerelo	Lugar	16	41
Santa Baia do Mato	Lugar	35	121
TOTAL PARROQUIA		**149**	**431**

[2] Tal e como se sinalou con anterioridade esta distribución de núcleos aínda que oficial non reflicte correctamente a relación dos asentamentos existentes e mantense pola necesidade de ter unha certa homoxeneidade nos datos de cara á comparación con outros concellos, aínda que na realidade tanto o número de poboacións existentes como o número de vivendas obtidas mediante o traballo de campo e superior.

MEIROL (Santo André)			
Meirol	Lugar	95	231
TOTAL PARROQUIA		**95**	**231**
MONDARIZ (Santa Baia)			
Ceo (O)	Lugar	38	121
Escobeiro (O)	Lugar	53	123
Foxaco	Lugar	4	10
Fraga da Barcia (A)	Lugar	15	36
Merouces	Lugar	20	47
Mondariz	Lugar	439	922
Paredes (As)	Lugar	45	101
Pedreira (A)	Lugar	0	3
Sesteiro (O)	Lugar	19	43
TOTAL PARROQUIA		**633**	**1.406**
MOURISCADOS (San Cibrán)			
Campo do Mouro (O)	Lugar	27	62
Crespos	Lugar	26	94
Fontán	Lugar	37	74
Fontebalán	Lugar	8	11
Poñe	Lugar	28	66
TOTAL PARROQUIA		**126**	**307**
QUEIMADELOS (Santa María)			
Aqueleido	Lugar	23	61
Armada, A	Lugar	23	57
TOTAL PARROQUIA		**46**	**118**
RIOFRÍO (San Miguel)			
Arnela	Lugar	19	66
Carballal (O)	Lugar	50	137
Cernadela	Lugar	90	250
Chaleira (A)	Lugar	11	32
Pé do Muíño	Lugar	25	81
San Miguel	Lugar	12	32
TOTAL PARROQUIA		**207**	**598**
SABAXÁNS (San Mamede)			
Chan de Fornos (A)	Lugar	46	106
Costal (O)	Lugar	10	31
Coto (O)	Lugar	18	48
Cruceiro (O)	Lugar	13	29
Ermelo	Lugar	11	30
Grela (A)	Lugar	2	1
Igrexa (A)	Lugar	36	119
Portela (A)	Lugar	28	50
TOTAL PARROQUIA		**164**	**414**
TOUTÓN (San Mateo)			
Aboal	Lugar	22	80
Casco	Lugar	54	133
Festín	Lugar	28	70
Lordelo	Lugar	28	93
Portacurbo	Lugar	3	8
TOTAL PARROQUIA		**135**	**384**

VILAR (San Mamede)			
Bouza (A)	Lugar	6	17
Caeiro (O)	Lugar	13	45
Cavadas (As)	Lugar	22	57
Costeira (A)	Lugar	10	22
Garcías	Lugar	3	4
Granxal (O)	Lugar	20	44
Igrexa (A)	Lugar	0	0
Laxas (As)	Lugar	4	10
Portela da Vella	Lugar	3	13
Redo	Lugar	11	12
Souto	Lugar	2	3
Torrados	Lugar	15	40
Xeixo (O)	Lugar	10	32
TOTAL PARROQUIA		**119**	**299**
VILASOBROSO (San Mamede)			
Vilasobroso	Lugar	199	382
TOTAL PARROQUIA		**199**	**382**
TOTAIS		**2.209**	**5.480**

Fonte: Censo de Poboación e Vivendas do INE. Ano 2001. Elaboración propia.

1.3.2. OS USOS DO SOLO E A EDIFICACIÓN NOS NÚCLEOS.

A información sobre os distintos usos que podemos atopar no sistema de asentamentos de Mondariz reflíctese nos planos de información que serven de cartografía base do presente PXOM, que no que atinxe aos núcleos urbanos grafítanse a escala 1: 2.000 e para os rurais a unha escala máis xenérica de 1:5.000.

Falando con rigor, só **existen usos urbanos** -ou sexa usos diversos distintos aos de vivenda e agropecuarios que decote xorden nos núcleos rurais- no núcleo urbano de Mondariz.

En Mondariz pódense detectar **usos residenciais** diversificados (vivenda individual, vivenda colectiva), usos **comerciais** (oferta comercial tamén diversa), **hostaleiros** (cafés, bares, tabernas, restaurantes, pensións, etc.), usos **equipamentais** (ensino, deporte, cultura, sanitarios, administrativos, etc). Ademais no núcleo urbano pódese atopar, un **uso agropecuario mesturado cos citados denantes**, uso que se materializa na existencia de hortas e veigas distribuídas por todo o núcleo.

1.3.2.1. O uso residencial.

É o uso maioritario no núcleo de Mondariz, seguido de lonxe por un uso comercial terciario.

O uso residencial, concrétase principalmente nas vivendas unifamiliares, xunto con edificios en altura. Estes constitúen a maioría do espazo ocupado do solo urbano de Mondariz.

Fóra dos núcleos propiamente urbanos predominan as vivendas unifamiliares, illadas ou acaroadas de unha ou dúas plantas, e que poden ser moi variables desde casas tradicionais de pedra e pequenas, ata grandes edificacións de materias nobres e cunhas dimensións volumétricas moi considerables.

Os únicos edificios que non conteñen uso residencial no interior dos núcleos son aqueles que acubillan usos equipamentais públicos ou privados (administrativos, sanitarios, docentes, relixiosos, etc.). Un caso excepcional son os edificios en estado ruinoso que non permiten a habitabilidade neles, podendo ter un carácter transitorio ou xa de unha certa perdurabilidade.

1.3.2.2. Os usos comerciais.

Estes usos concéntranse maioritariamente no núcleo urbano de Mondariz. A localización dos usos comerciais centralízase no contorno da praza da España e da Avenida de Portugal, preto de fitos como a igrexa parroquial, o mercado de abastos, a propia praza de España, ou a casa do Concello. Os baixos nos que se instalan estes usos comerciais son de pequenas dimensións, o que dificulta a presenza de negocios que requiran moitos metros cadrados, así pois, o que predomina son comercios de dimensións pequenas (ocupadas maioritariamente por autónomos), ou tamén a presenza moi reducida de usos en plantas altas.

1.3.2.3. Os usos industriais.

O concello de Mondariz está situado no sudoeste da Galiza. Por este termo municipal transcorre unha estrada nacional (N-120) e preto dos seus límites percorre a Autovía das Rías Baixas (A-52), con saídas en Ponteareas e Casteláns. A orografía de Mondariz con amplos espazos de zona montuosa é un factor máis de non consolidación do uso industrial – empresarial, aínda que hai unha previsión da creación dun novo parque empresarial na parroquia de Meirol, próximo á estrada N-120.

Se tivésemos que falar con propiedade dun sector industrial predominante en Mondariz, ese debería de ser o vinculado á explotación das augas minerais. No concello hai en funcionamento unha planta embotelladora (Augas de Mondariz) de recoñecido nome no sector.

Neste punto hai que facer tamén unha anotación sobre eses usos comerciais industriais que se espallan polo concello dunha forma un tanto difusa pero que seguen na práctica as principais vías de comunicación para a súa localización, fundamentalmente na N-120 e á altura de Vilasobroso, na saída do núcleo en dirección A Cañiza. Este tipo de actividades industriais non están moi definidas e ás veces se mesturan e confunden cos usos comerciais que se citan no apartado anterior.

1.3.2.4. Os usos hostaleiros.

Hai que destacar a escasa oferta hostaleira deste concello, especialmente nos establecementos de maior calidade.

No núcleo urbano de Mondariz hai, segundo os datos da CRTVG do 2007, un hotel de dúas estrelas.

As casas de turismo rural localízanse no SO do concello, nas parroquias de Vilar e Vilasobroso (unha por parroquia), segundo datos de TurGalicia do 2007, sendo ámbolos dous establecementos do grupo B.

1.3.2.5. Os usos equipamentais.

Os usos equipamentais nos núcleos céntranse case que por completo en pequenos sistemas de equipamentos de carácter local. Na súa meirande parte estes equipamentos locais están constituídos por equipamentos de carácter deportivo e locais sociais en diferentes estado de conservación, segundo o núcleo. Dentro desta mesma serie de equipamentos están todos os de carácter relixioso mais os que dan servizo funerario, é dicir os cemiterios parroquiais.

Xa dentro do entramado urbano, aos equipamentos característicos de carácter local hai que engadir outros de ámbito máis xeral e que teñen un ámbito de afectación moito maior que os puramente considerados de sistema local. O radio de acción para estes equipamentos xerais sitúase no contorno do concello: equipamentos desta tipoloxía son o colexio, centro de saúde, centro cultural, pavillón polideportivo, ...

1.3.2.6. Os espazos libres.

Os núcleos rurais acadan diferentes niveis de dotación neste sentido, sendo maior nos cabeceiros parroquiais e menor no resto, concentrándose a maior superficie destas dotacións no solo urbano de Mondariz e o seu contorno.

Será motivo do PXOM ou do planeamento posterior rectificar e/ou revisar o cumprimento das necesidades que haxa neste sentido.

1.3.3. TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS.

No concello de Mondariz, podemos observar unha presenza importante de variedades tipolóxicas, reflectindo o pasado histórico deste concello.

1.3.3.1. As tipoloxías urbanas.

No entramado urbano de Mondariz atópanse mesturadas diferentes tipoloxías que ofrecen unha lectura consistente á interpretación histórica dos estilos arquitectónicos

No ámbito urbano de Mondariz, as tipoloxías que existen adquiren diversos matices. Os volumes das edificacións residenciais son variados, así como o número das alturas e ás veces pódese ver algún que outro edificio que sobresae do resto das edificacións.

1.3.3.2. As tipoloxías rurais.

No medio rural mondaricense a edificación rural tradicional correspóndese coas características propias dunha *"fábrica agrícola"*.

No que atinxe á súa tipoloxía, hai que falar dunha arquitectura tradicional de planta rectangular pechada por catro muros de pouco máis de 5 metros de altura (baixo máis un piso); dous lonxitudinais cunhas dimensións de entre 7 e 10 metros e dous transversais de entre 4 e 7 metros de lonxitude.

Nestes muros emprégase o perpiaño para a súa construción, sendo o seu tamaño homoxéneo. Como revestimento destes muros pódense atopar neste núcleo diferentes solucións, desde a pedra vista ata o cintado, pasando polo recebado total e pintado, usando cores claras.

Nos muros atopamos varios tipos de ocos, todos coas súas diferentes funcións. As fiestras feitas de pequenas dimensións redúcense a un bastidor e o vidro, aínda que moitas veces substituídas por fiestras máis modernas e de materiais máis novos como o aluminio, as portas tamén de reducidas dimensións e realizadas en madeira, ou en aluminio nos cambios máis recentes, dunha folla.

Ademais disto, hai vivendas que teñen como elementos singulares a presenza de escaleiras de pedra como acceso, patíns, corredores, balcóns,.... Tamén hai que resaltar a importancia das entradas monumentais ao *eido*, que é a denominación que recibe a parcela onde se sitúa a vivenda e as edificacións adxectivas, que consiste nun portal de ferro pintado de cor rechamante, que se divide en panos, nos que hai figuras xeométricas en relevo coas iniciais dos propietarios do *eido*, tamén en cores rechamantes: este portal está enmarcado por muros de perpiaño, rematados por unha lumieira, que xeralmente ten gravada na súa fronte unha data, coroada normalmente por cruces e pináculos de pedra.

As cubertas son, polo xeral, de dúas augas, aínda que tamén hai outros tipos, como en mansarda. Van montadas en tódolos casos sobre unha armazón de madeira. Nas cubertas emprégase a tella do país como elemento de cubrición.

As edificacións de tipo relixioso teñen unha riqueza e unha diversidade importantes, tanto en igrexas parroquiais como en capelas.

Exemplos de edificacións relixiosas de Mondariz

As edificacións complementarias (alpendres, cortes...) tamén teñen representación importante nas edificacións do medio rural mondaricense.

A partir da década dos sesenta do pasado século apareceu tamén no rural unha edificación que se descontextualiza do medio, e que responde a novos usos, que esquecen os tradicionais e incorporan tipoloxías urbanas debido a que se destinan na maioría dos casos á función residencial. Localízanse fundamentalmente no trazado das vías de comunicación, dando lugar a un poboamento lineal, e tamén no contorno dos núcleos primitivos, alterando a harmonía da paisaxe rural tradicional e marcando unha incipiente dispersión no modelo de asentamento poboacional.

Exemplo das novas edificacións

1.3.3.3. As construcións adxectivas.

Son as construcións relacionadas coa actividade agropecuaria, e cunha presenza moi importante no medio rural tradicional de Mondariz. A situación destas construcións pode variar segundo os casos e a función da construción: principalmente tiveron e teñen como fin almacenar e transformar os produtos agrícolas, nos que efectuar o proceso final para obter alimentos, de habitáculo para os animais..., e actualmente engadíronse outros usos derivados dos novos modos de vida e das novas necesidades das xentes do rural.

Ás veces, no medio rural, estes espazos dispóñense con criterio de verticalidade; é dicir, lagares, adegas, fornos... atópanse baixo o teito da casa. Pero tamén ocorre que se presenten cun criterio de horizontalidade e é entón, cando se crea a necesidade de agregar espazos individualizados ao corpo central da vivenda, aínda que moi próximos a ela. As características construtivas son as mesmas que na casa-vivenda, aínda que na maioría dos casos se caracterizan pola rusticidade dos seus acabados.

Dada a importancia das construcións adxectivas nas tipoloxías da vivenda tradicional e a presenza delas en gran número, vamos a dar un breve repaso polo concello en canto ás súas funcións e características principais. A seguir dáse unha descrición sucinta das edificacións que se recolleron en Mondariz.

Construcións de almacenamento ou coa función de secado e conservación dos produtos

Hórreos: constitúen un elemento definitorio da paisaxe galega e empréganse para secar, conservar, e almacenar os cereais que se recollen, fundamentalmente millo e centeo, e tamén para protexelos de animais, como ratos ou aves.

É de planta rectangular e a altura á que se atopa a "cámara" non excede a dunha persoa.

Necesitan dunha boa cimentación sobre a que se asentan uns piares de pedra con forma cilíndrica ou prismática, denominados pés. O seu número depende da lonxitude que teña o hórreo: pártese dun mínimo de catro (un por esquina). Sobre cada piar colócase unha pedra cilíndrica ou cadrada ("tornarratos" ou "moas") para evitar o acceso de roedores.

As paredes dos hórreos son de madeira e pedra, só de pedra, ou só de madeira, con aberturas entre elas para unha boa ventilación.

A cuberta a dúas augas, igual que o piso, é de madeira. Sobre ela colócase tella do país ou uralita. Na cuberta aparece case sempre algún tipo de adorno: pináculos con forma piramidal ou de cruz, e tamén outros elementos decorativos como reloxos de sol.



Esquema e exemplo dun hórreo

Alpendres ou alboios: é a dependencia de almacenamento máis usual, de produtos como a palla, a leña... Encóntranse en todo tipo de formas e materias, xa que a maioría deles sufriron diversas modificacións, mais orixinariamente son cadrados ou rectangulares con cuberta a unha auga, os muros están feitos de cachotería (compostos por pedras graníticas de diferentes volumes) e abertos normalmente por un ou dous dos seus lados. A maioría das veces están acaroados ao corpo central da edificación residencial.

Exemplo de alboio

Adegas: xunto coa gandería e a agricultura en menor nivel, outros dos piares básicos nos que se fundamenta o sistema de explotación económica tradicional de Mondariz consiste na vitivinicultura. Na práctica totalidade das vivendas consideradas tradicionais ou con orixe nunha, teñen unha adega, que sitúase na planta baixa da casa, con chan de terra ou pedra (laxe) moi apropiado para conservar o viño: esta dependencia soe estar dividida en dous compartimentos, dun lado a zona dos barrís, nos que descansa o viño, e doutro o compartimento dedicado aos apeiros de elaboración do viño, xeralmente o lagar, que é a peza onde se prensan as uvas, que pode presentar distintas formas (redonda, cadrada) e tamaños dependendo da produción de viño, e tamén pode situarse nunha construción aparte feita con grosos muros de cachotería.



Esquema e exemplo dun lagar

Construcións de transformación

Muíños hidráulicos de río:

Os muíños de auga son testemuño dun pasado no que a subsistencia dependía da agricultura, que co paso dos anos converteuse en parte esencial da arquitectura popular galega, onde se moía o gran de cereais, como millo ou centeo para obter fariña.

Os muíños tiñan tamén unha importante función social, era un lugar onde se relacionaban os veciños, contábanse contos e algunha que outra troula, onde a picaresca amorosa xurdía tamén o seu arredor. Infinidade de cantigas, lendas, refráns, poemas de amor e de berce, eran inspirados nos muíños mentres se moía o grao.

Co avance da sociedade, os muíños de auga foron caendo en desuso, algúns desfeitos e comidos polas silvas nun abandono total, outros xa desapareceron, son moi poucos os que aínda traballan

aguantando o empuxe da modernidade. As novas tecnoloxías e enerxías industriais favoreceron o desenvolvemento da economía, ao mesmo tempo que provocaron o abandono dos costumes tradicionais, así pouco a pouco os campos comezaron a quedar abandonados, como adoita dicirse “a monte”, dese xeito foise unha parte do noso patrimonio. Subliñar tamén que coa chegada da electricidade foron moitos os campesiños que compraron muíños eléctricos, instalándonos nas bodegas das casas moendo alí mesmo o grao, moita xente que ten este aparello recoñece que a fariña, nin por asomo, ten a mesma calidade da que se obtén no muíño de auga tradicional.



Esquema e exemplo dun muíño hidráulico de río

Construcións de cría e habitación de animais

Cortes, cortellos, e galiñeiros: aparecen en grande número no concello de Mondariz, xa que son as dependencias máis directamente ligadas á casa no mundo rural.

As cortes e os cortellos xeralmente sitúanse na planta terreña da vivenda, mais poden estar formando parte do alboio en construcións dunha soa planta, con muros feitos de cachotería. As cortes aloxan ao gando vacún, equino e caprino ou ovino, e os cortellos son similares, mais de menores dimensións e específicos para porcos.

O galiñeiro, como o seu nome indica é lugar de galiñas, compartido con pavos e patos.

Exemplo de galiñeiro

Construcións de aproveitamento doméstico de auga

Minas de auga, fontes e lavadoiros: son construcións dedicadas ao aproveitamento doméstico de auga e son de carácter comunal ou veciñal. Estas construcións poden aparecer xuntas ou separadas. No medio rural mondaricense, aparecen en grande número.

As minas de auga constan dun depósito e dun pequeno muro de contención de pedra ou terróns destinado a canalizar e almacenar a auga dun manancial.

As fontes consisten nunha mina pechada cun simple muro de pedra, no que se incrusta un cano por onde sae a auga.

Os lavadoiros construíronse para aproveitar a auga sobrante das fontes e consisten nun gran pío de forma rectangular, que orixinariamente non tiña tellado, levando na parte superior do depósito lousas inclinadas e ben pulidas, máis longas que as outras. Teñen como finalidade lavar a roupa.

Exemplos de fonte e de fonte-lavadoiro